



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 41

Sesión plenaria
22 de xuño de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-Mde8VRmo-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos legislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (doc. núm. 16419, 11/PPL-000007)

Publicación do acordo, BOPG nº 144, do 26.05.2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 145, do 27.05.2021

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, orgánica para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia á Xunta de Galicia (doc. núm. 2021, 11/PPLC-000002)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 24.09.2020

Punto 2. Comparecencia

17295 (11/CPP-000059)

Do Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, por petición propia, para informar sobre a situación do sector turístico galego e o apoio da Xunta no bienio Xacobeo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

Punto 3. Mocións

3.1 17223 (11/MOC-000049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector eólico (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 15774, publicada no BOPG núm. 148, do 3.06.2021, e debatida na sesión plenaria do 8 de xuño)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

3.2 17244 (11/MOC-000050)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da xestión dos recursos humanos no Servizo Galego de Saúde (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 16363, publicada no BOPG núm. 148, do 3.06.2021, e debatida na sesión plenaria do 8 de xuño)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021



3.3 17245 (11/MOC-000051)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón**

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector da automoción (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 14348, publicada no BOPG núm. 148, do 3.06.2021, e debatida na sesión plenaria do 8 de xuño)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

Punto 4. Proposicións non de lei**4.1 15949 (11/PNP-001543)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia relativas á creación dunha unidade de muller e saúde dependente da Consellería de Sanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 19.05.2021

4.2 16525 (11/PNP-001610)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa contratación de servizos aéreos para a defensa contra os incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2021

4.3 16547 (11/PNP-001613)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre o mantemento por parte da Xunta de Galicia, para o curso 2021/2022, do mesmo número de docentes que no curso actual, con independencia do incremento que se poida derivar da ampliación de oferta educativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2021

4.4 16709 (11/PNP-001629)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Murillo Solís, María Guadalupe e cinco deputados/as máis**

Sobre a defensa por parte da Xunta de Galicia da autonomía financeira e capacidade normativa en materia tributaria e a demanda ao Goberno de España da reversión da modificación do artigo 36 da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas que prevé o Proxecto de lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 152, do 09.06.2021

4.5 16840 (11/PNP-001639)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia**

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co mantemento do emprego nas fábricas Xallas Electricidad y Aleaciones S.A. de Cee e Dumbría

Publicación da iniciativa, BOPG nº 152, do 09.06.2021



4.6 16968 (11/PNP-001658)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e trece deputados/as máis**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España de modificar a tramitación e autorización de proxectos eólicos en Galicia

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 152, do 09.06.2021

Punto 5. Interpelacións**5.1 8822 (11/INT-000522)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa perda de actividade industrial e de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 03.02.2021

5.2 16147 (11/INT-000923)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da incompatibilidade da renda de inclusión social de Galicia coa percepción do ingreso mínimo vital

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 140, do 19.05.2021

5.3 16780 (11/INT-000972)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a política da Consellería de Política Social respecto dos recursos destinados á dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 152, do 09.06.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 17287 (11/POPX-000035)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre o papel que atribúe aos concellos a Xunta de Galicia para afrontar a reactivación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

6.2 17288 (11/POPX-000036)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as previsións para abaratar a factura da luz

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 17101 E C.E. 17311 (11/PUP-000192)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e sete deputados/as máis

Sobre os pasos previstos pola Xunta de Galicia para seguir impulsando a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

7.2 17284 (11/PUP-000189)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

7.3 12884 (11/POP-001775)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e tres deputados/as máis

Sobre a situación de temporalidade de persoal ao servizo da Administración pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 24.03.2021

7.4 16924 (11/POP-002197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis

Sobre o funcionamento do complexo de Sogama en Cerceda

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 152, do 09.06.2021

7.5 10372 (11/POP-001515)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución, no primeiro semestre de 2021, das obras de renovación das beirarrúas da estrada PO-552, ao seu paso por Priegue e A Ramallosa, no concello de Nigrán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

7.6 13679 (11/POP-001857)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e sete deputados/as máis

Sobre a dotación orzamentaria do Programa Aprod-Economía social para o ano 2021, así como respecto do número de cooperativas beneficiarias previsto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 121, do 07.04.2021

7.7 16554 (11/POP-002160)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis

Sobre a implementación de medidas que garantan a protección e o acceso á xustiza das vítimas da violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2021



7.8 17281 (11/PUP-000187)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do cumprimento da Lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

7.9 16692 (11/POP-002223)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do distinto trato que o Goberno de España dá á reforma da Lei de saúde pública de Baleares e á reforma da Lei de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2021



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Prestación de promesa ou xuramento de acatamento e fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia por parte dunha nova deputada. (Punto preliminar.)

Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do artigo 7 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o señor presidente procede a solicitar a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada D^a Noelia Otero Lago. (Páx. 11.)

A señora Otero Lago presta a súa promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. (Páx. 11.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 12.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Díaz Varela (S) (Páx. 15.) e Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 18.)

Rolda de réplica: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 22.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, orgánica para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia á Xunta de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 24.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Arangüena Fernández (S) (Páx. 28.) e Sra. Díaz Mouteira (P). (Páx. 31.)

Rolda de réplica: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 35.)

Votación da toma en consideración das proposicións de lei

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e o tratamento integral da violencia de xénero: aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 36.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, orgánica para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia á Xunta de Galicia: rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 36.)



Alteración da orde do día

O señor presidente comunica unha alteración na orde do día, que consiste na tramitación das mocións e, posteriormente, das interpelacións. (Páx. 37.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector da automoción. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Fernández Alfonzo (BNG). (Páx. 37.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Gallego Sanromán (S) (Páx. 40.) e Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 43.)

Nova intervención do señor Fernández Alfonzo (BNG). (Páx. 47.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da xestión dos recursos humanos no Servizo Galego de Saúde. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente, Calvo Pouso, comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 49.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 50.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 54.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 57.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 60.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector eólico. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica que non se presentaron emendas á moción. (Páx. 63.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 63.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Seco García (S) (Páx. 66.) e Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 70.)

Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 73.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector eólico: *rexeitada por 18 votos a favor, 37 en contra e 14 abstencións. (Páx. 77.)*



Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da xestión dos recursos humanos no Servizo Galego de Saúde: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector da automoción: *rexeitada por 18 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica unha alteración na orde do día, que consiste na tramitación das interpelacións. (Páx. 78.)

Interpelación G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da incompatibilidade da renda de inclusión social de Galicia coa percepción do ingreso mínimo vital. (punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 78.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez).* (Páx. 81.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez).* (Páx. 85.)

Interpelación de D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Consellería de Política Social respecto dos recursos destinados á dependencia. (punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 87.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez).* (Páx. 91.)

Réplica da autora: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 94.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez).* (Páx. 96.)

Comparecencia do señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, por petición propia, para informar sobre a situación do sector turístico galego e o apoio da Xunta no bienio Xacobeo. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 97.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Gallego Sanromán (S)* (Páx. 110.), *Sr. Pérez López (BNG)* (Páx. 114.) e *Sr. Vereza Fraiz (P).* (Páx. 118.)

Réplica do Goberno: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 120.)



O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx.) Nesta rolda interveñen a señora Gallego Sanromán (S) (Páx. 127.), o señor Sr. Pérez López (BNG) (Páx. 129.), o señor Vereza Fraiz (P) (Páx. 131.) e o señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela). (Páx. 132.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia relativas á creación dunha unidade de muller e saúde dependente da Consellería de Sanidade. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 135.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 136.)*
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 140.)*
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P). (Páx. 143.)*

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 146.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa contratación de servizos aéreos para a defensa contra os incendios forestais. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 148.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. González Albert (BNG). (Páx. 149.)*
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 152.)*
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Armada Pérez (P). (Páx. 155.)*

A señora González Albert (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 158.)

Suspéndese a sesión ás oito e tres minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias nin delegacións de voto.

Como punto preliminar, procedemos á prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada dona Noelia Otero Lago.

O procedemento: todo iso farémolo de acordo co establecido no artigo 71.3 do Regulamento. E procedo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada.

A fórmula consiste en contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta que lle imos formular desde esta presidencia.

Prégolle que responda desde o escano á pregunta que lle vou formular.

Dona Noelia Otero Lago, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia?

A señora OTERO LAGO: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pois, unha vez prestada a promesa, adquire vostede a condición plena de deputada.

Benvida a esta Cámara. (*Aplausos.*)

Recuperamos quórum. Xa saben, vamos ao establecido.

(*Pausa.*)

Comezamos cos textos lexislativos.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado del Río.



A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

«Pásame unha foto *nut*, pásame un *pack*...». A maioría dos que estamos aquí sentados non sabemos o significado destas expresións. Eu teño un fillo e unha filla adolescentes e recoñezo que, aínda que algunhas expresións que utilizan acabo deducindo o que significan, outras moitas descoñezo o seu significado. Estamos na era das palabras *refacheras*, de soñar co noso *crush*, de *stalkear*, de xogar ao *Fornite chetado*, parécelles mal que os deixen *en visto* e é un drama que os deixen *en chat*. *Tilo* ou así son expresións das que, se non entendemos o significado, somos uns auténticos *boomers*.

Os *boomers* non entendemos o significado de moitas destas palabras e de moitas destas expresións, pero, se nos din que «pásame unha foto *nut*» significa «pásame unha foto desnuda» ou «pásame un *pack*» significa «pásame unha foto en roupa interior», si somos capaces de ver o perigoso destas accións, o perigo que entraña pedir esa foto, e moito máis os riscos que entraña enviala, xa que quen envía esa foto acaba perdendo o control sobre a mesma e nunca sabe onde vai acabar; e, o que é máis perigoso, se esa foto vai servir de instrumento de chantaxe por parte do receptor da mesma.

As novas formas de comunicación dixitais e os dispositivos móbiles fan posible a interacción inmediata entre as persoas e poden mellorar moito as nosas vidas, pero tamén poden converterse nun instrumento para gañar, prexudicar ou delinquir e, o que é moito peor, destrozando a vida dunha persoa. E dentro dos cibercrimes destacan aqueles que provocan violencia de xénero, xa que, co amparo do anonimato, da accesibilidade, da inmediatez e da viralidade, tamén hai un falso entendemento do que é a liberdade de expresión. E todo isto favorece as condutas daqueles que pretenden exercer o control, o dominio, o abuso ou o maltrato sobre a muller. Delitos como o *cyberbullying*, a sextorsión, o *grooming*, a usurpación de identidade, usurpación de claves ou contrasinais, sexting, *revenge porn* ou pornovinganza, son algunhas das accións máis frecuentes entre as persoas máis novas, onde maioritariamente as vítimas son mulleres e, fundamentalmente, adolescentes, o que incrementa a súa vulnerabilidade.

E o que resulta máis preocupante é que en moitos casos teñen normalizadas estas condutas. Moitas rapazas non perciben como violencia contra as mulleres, como violencia contra elas mesmas. Internet, as redes sociais, as aplicacións móbiles son espazos onde aparecen numerosas formas de violencia: o envío de contidos sexuais humillando, a difusión de rumores e bulos, o acoso ou o control teñen neste espazos unha grande amplitude, sendo as adolescentes as protagonistas en innumerables ocasións.

Pois ben, esta proposición de lei ten un triplo obxectivo: primeiro, resulta fundamental describir as condutas delituosas; en segundo lugar, sensibilizar a xente máis nova dos perigos destas prácticas; e, en terceiro lugar, poñer en marcha políticas públicas e medidas de prevención para evitar que estas se produzan.

As condutas das que falamos teñen unha base social que inflúe na violencia que sofren as nosas mulleres máis novas, a presión social que viven sobre os seus corpos, os estereotipos e crenzas sexistas sobre a sexualidade, que as culpabiliza do que ocorra nas relacións sexuais,



e a normalización do control nas súas relacións. A isto hai que sumarlle que as redes son espazos públicos e viralizadores que multiplican os efectos adversos da violencia exercida sobre as mulleres. A permanencia: todo o que se publica queda rexistrado e pode reproducirse en multitude de ocasións, e pode compartirse un número infinito de veces. A intimidación: as redes non permiten privacidade para segredos ou situacións íntimas, todo o que se comparte queda en mans doutras persoas, pérdese o control.

¿E por que digo que as rapazas adolescentes son máis vulnerables á violencia dixital? Pois porque a adolescencia é unha etapa de crise, de cambio, de busca de identidade, de referentes, onde a necesidade de pertenza e recoñecemento do grupo é vital. E nas redes atopan o seu espazo cómodo, atopan a xente da súa idade coa que relacionarse e por iso lles resulta fundamental estar aí. Están nunha etapa da súa vida na que precisan experimentar novas situacións, novas sensacións, arriscar, probar... e iso pode levalas a expoñer sentimentos de forma impulsiva e mesmo a vivir situacións de conflito ou diferenzas con outras persoas dun xeito explosivo.

A necesidade de valoración social pode levar a que as máis xoves se expoñan en moitas fotos co obxectivo de conseguir o maior número de «me gusta» co fin de sentir valor e autoestima, e iso provoca certo enganche. Pero iso non nos pode levar a prexulgalos nin a culpabilizalos, temos que entender que as redes conectan coa súa necesidade de estar no mundo. Pero aínda ese mundo é moi sexista. Porque hai crenzas e estereotipos que identifican comportamentos e roles diferenciados para rapaces e para rapazas. E a presión social cara ás mulleres segue moi presente nos medios de socialización: nos medios audiovisuais, na televisión, no cine, nas series, nos videoxogos, na música, na moda, na publicidade. Seguen enviando mensaxes ás rapazas de que «vales máis se es máis sexi», e as idealizacións do amor, as relacións de parella tamén poden provocar relacións dependentes nas que o control estea normalizado e xustificado como unha forma do amor.

Existe unha confluencia de modelos de referencia tradicionais xunto con prácticas modernas e diferentes que fan que as rapazas non teñan clara ou perciban a violencia como tal. Somos conscientes de que as administracións están traballando neste sentido, e voules poñer un exemplo: a Xunta de Galicia está traballando no ámbito da prevención e da concienciación, un programa que se chama *Cybermanagers para a igualdade*, que ten como obxectivo principal capacitar o alumnado da ESO para que se convertan en axentes activos para a concienciación e promoción da igualdade de xénero no contexto dixital e das TIC a través da acción didáctica cara ao alumnado de menor idade. É dicir, o alumnado da ESO convértese en axentes educadores de alumnado de quinto ou sexto de primaria.

Hai diversos estudos que nos dan datos e información sobre o que está ocorrendo. Por exemplo, hai un estudo que se titula *Las motivaciones hacia el sexting de los y las adolescentes gallegos*, de Patricia Rubia, Yolanda Castro, María Fernández e Rosana Román, da Universidade de Vigo, no que se evidencian uns datos alarmantes en canto a este asunto. Por exemplo, tanto rapaces como rapazas consideran que son as rapazas as que máis *sextean*: por conseguir manter a atención ou o interese doutra persoa, un 46,1 %; porque alguén as presionou para envalos, un 67 %; por conseguir manter a atención ou o interese doutra persoa, un 46,1 %; como un regalo sexi para un noivo, un 54,3 %; para sentirse sexis, un 54,4 %; para conseguir



gustarlle a alguén, un 38,2 %; por diversión ou coqueteo, un 37,9 %; como resposta a un contido deste tipo que recibiran con anterioridade, un 37,3 %. Os motivos dos rapaces son diferentes: cren que a presión de amigos, un 49,9 %; conseguir o mesmo da outra persoa, un 58,6 %; ou para facerse denotar, un 46,2 %. Estes son os motivos que teñen en maior medida os rapaces e as rapazas para o que se denomina *sextear*.

Pois son cuestións que nos teñen que levar a reflexionar se estamos facendo algo mal porque, nun mundo megaconectado, onde a xuventude pode atopar información a golpe dun clic, ¿que pode estar fallando para que a información dos riscos destas condutas non chegue axeitadamente a toda a xuventude e nos atopemos con respostas deste tipo? E, o que é máis grave, que en moitos casos non sexan conscientes de que están a sufrir un tipo de violencia ou un abuso.

Tamén hai outro estudo, un traballo de investigación da Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, que é *O ciberacoso como forma de exercer a violencia de xénero na xuventude. Un risco na sociedade da información e o coñecemento*. Ten un amplo estudo de investigación que fai un percorrido polas diferentes condutas que abranguen o ciberacoso, a definición, as cifras de incidencia... Un traballo magnífico de campo e chega a conclusións que nos deben axudar a dar forma a esta proposición de lei que hoxe presentamos.

O pacto de Estado. O informe da subcomisión creada para a elaboración dun pacto de Estado en materia de violencia de xénero do ano 2017 xa incluía na súa diagnose que os avances tecnolóxicos permiten que os agresores poidan acceder a novos modos e formas de control que deben ser combatidos a través das oportunas reformas legais. Citaba, o pacto de Estado, o Informe da Fiscalía Xeral do Estado do ano 2016 en canto á necesidade de atención ao referido á violencia de xénero dixital, especialmente entre adolescentes e mozos, pois as redes sociais constitúen o principal medio de comunicación entre eles e este instrumento ten demostrado que é moi útil para controlar, vixiar, presionar ou desprestixiar unha persoa, aproveitando ademais o anonimato e a gran repercusión que ten en rede.

Así, tamén temos comparecencias como a do director xeral de Relacións coa Administración de Xustiza, que se referiu aos delitos contra a violencia de xénero que se cometen nas redes sociais, amosando a súa preocupación pola inxente cantidade de contidos que debuxan un escenario no que en lugar de avanzar parece que retrocedemos. E consideraba fundamental e imprescindible formar sobre estes temas os mozos e as mozas menores, os pais, nais e educadores; e con especial atención aos grupos máis vulnerables. E con relación ao ámbito dixital, estimaba necesario perfeccionar a tipificación dos delitos. É certo que a normativa aprobada en 2015 ten avanzado neste terreo —o *sexting*, o acoso—, pero aínda quedaba moito por facer.

Fixo referencia concreta ao tema da suplantación da identidade da vítima polo maltratador, incluso para ofrecer os seus servizos sexuais na rede, igual que consideraba imprescindible sensibilizar sobre este asunto as persoas profesionais, para que sexan capaces de probar estes delitos e sexan conscientes do seu efecto sobre a vítima.

Tamén o director da entidade de Pantallas Amigas falaba de dous tipos de violencia de xénero no ámbito dixital: a violencia psicolóxica, que utiliza estratexias de control e illamento, e a



violencia sexual, que adoita concretarse en sextorsión ou na publicación non consentida de imaxes íntimas, a denominada pornovenganza.

E concluían, estes traballos da subcomisión, nun relatorio de propostas de actuación. E a número 91, concretamente, era perfeccionar a tipificación dos delitos no ámbito dixital. Pasaron xa catro anos dende a aprobación do pacto de Estado e aínda non se ten lexislado neste sentido. A pesar de que cada día observamos en prensa como crecen estas condutas, o Goberno de España non ten feito nada para impulsar un cambio lexislativo.

Recentemente, o 16 de marzo deste ano, na súa comparecencia na Comisión de seguimento e avaliación dos acordos do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, a presidenta do Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, Ángeles Carmona, pediu que se realicen cambios no Código penal para tipificar a ciberdelincuencia de forma máis específica, ante a cantidade de denuncias de mulleres que sofren violencia no ámbito dixital.

Carmona falou das dificultades para encaixar nun tipo penal as denuncias que chegan aos xulgados sobre a violencia da muller: violencia de control, ameazas ou violencia psicolóxica a través de móbiles e outros dispositivos dixitais..., E considera Carmona que as redes sociais son caldo de cultivo para o control da vítima.

Señorías, con estes antecedentes, o Grupo Parlamentario Popular considera oportuno traballar neste ámbito, lexislar e poñer en marcha políticas públicas para evitar estas condutas delictuosas. E por iso consideramos oportuno e fundamental comezar a describir na Lei integral de violencia de xénero unha nova forma de violencia contra as mulleres: a violencia dixital. Defínala e combatela, previla e sensibilizar a toda a sociedade sobre as condutas que supoñen violencia contra as mulleres, xa que en moitos casos e, sobre todo, nas persoas máis novas nin sequera son conscientes moitas veces de que son vítimas de violencia de xénero.

Agardo que, unha vez máis, o consenso desta Cámara favoreza que deamos un paso máis para acabar coa violencia contra as mulleres.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios. Grupo Parlamentario Socialista, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Hoxe, como estamos falando de violencia machista, eu quero comezar a miña intervención mostrando toda a nosa solidariedade e respecto para coas familias e amizades das xa 21 mu-



lles asasinadas no Estado no que vai de ano, vítimas da violencia machista (*Aplausos*). Tamén a nosa solidariedade cos dous menores tamén asasinados, con esa menor que aínda está secuestrada —por non dicir outra cousa—, e para cos sete menores que quedaron orfos e orfas tamén vítimas desta violencia. A nosa solidariedade e, por suposto, todo o noso rexeitamento cara a esas actitudes machistas, coas que desgraciadamente temos que convivir, e tamén cara a eses discursos negacionistas que axudan a perpetuar o machismo que, lamentablemente, aínda existe na nosa sociedade.

E precisamente ese machismo, que é a fonte de toda esta violencia, dáse tamén, é certo, na contorna dixital. E iso é do que hoxe tratamos aquí nesta proposición de lei, que busca recoñecer como outra forma de violencia de xénero —de tantas, desgraciadamente— a violencia dixital. Unha violencia dixital entendida como todos aqueles actos que se realizan a través do uso e do abuso das TIC, plataformas de internet e das redes sociais, do correo electrónico, mensaxería e moitas outras que lesionan e atentan contra a integridade, a liberdade ou a vida privada das mulleres co fin de exhibir, denigrar, ameazar, intimidar e agredilas, transgredindo os seus dereitos e impedindo, dende logo, o seu normal desenvolvemento en todos os ámbitos da súa vida.

Teño que manifestar, iso si, non obstante, que ao Grupo Parlamentario Socialista nos sorprende a proposta desta proposición de lei, toda vez que a presentación se producía cando estabamos tramitando outra sobre a violencia vicaria que afecta o mesmo articulado da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. De telo presentado como emenda nesa proposta lexislativa sobre a violencia vicaria teríamos abreviado no procedemento, dado que xa estarían as dúas violencias contempladas, incorporadas estas dúas, a vicaria e a dixital, antes do verán. Deste xeito —pensamos nós— é perder un tempo valioso nunha cuestión si certamente urxente, sobre todo necesaria. Pero, en fin, como grupo proponente, saberán tamén vostedes a razón de non facelo así.

Por suposto, co obxecto de erradicar a violencia de xénero en todas as súas formas estamos de acordo, por suposto, e en incorporar a violencia dixital como outra forma de violencia de xénero, consecuencia da aparición e desenvolvemento das novas tecnoloxías. O cibercoso —ímolo chamar así— ou violencia dixital en todas as súas variantes é unha forma, como xa se dixo aquí, de limitar a liberdade, que xera dominación e relacións desiguais entre homes e mulleres. A desigualdade sempre cae no mesmo... nese 50 % que teñen ou tiveron unha relación afectiva. É unha dominación sobre a muller vítima mediante estratexias humillantes que afectan a privacidade e a intimidade, ademais do dano que produce a súa imaxe pública.

O preocupante é que a violencia machista, lonxe de desaparecer, vai mudando, vai mudando cos tempos e ten unha terrible capacidade de adaptarse a estes novos tempos para perpetuar o control sobre as persoas, neste caso sobre as mulleres, e por iso é necesario avanzar en novas formas de protección. As tecnoloxías da información e a comunicación e os novos modos de comunicarnos foron invadindo todo, absolutamente todo, e temos que ser moi conscientes de como permiten exercer unha violencia que ten unha enorme proxección e a difusión, ademais —e non é pouco—, dun discurso de odio sexista que continúa facendo moito dano ás mulleres.



Xa se dixo aquí, e esa comisión que traballa no seguimento do Pacto de Estado, esas persoas expertas que compareceron falaban de que no ámbito dixital —xa o dixo a señora Prado— existen dous tipos de violencia de xénero dixital: a psicolóxica e a sexual. E aínda que o ciberacoso, ou esta violencia dixital, se fundamenta sobre todo nunha forma de violencia de índole simbólica ou psicolóxica, se se quere entender así, cada vez son máis os estudos que falan do paso desa violencia dixital á física, de maneira que algúns suxeitos —digo suxeito en masculino—, algúns homes, pasan á acción porque senten lexitimadas as súas agresións físicas ás mulleres ou aos seus bens, ás súas pertenzas. Esa validación a través do mundo virtual dálles o empurrón necesario a certos homes que se consideran representativos dun certo tipo de masculinidade e traspasan o virtual pasando ao ataque físico. Eses mesmos estudos apuntan, ademais, a que as mulleres socialmente estamos moito máis preparadas para previr o impacto e o agravio nas violencias —se se quere dicir así— analóxicas ou non dixitais, onde existen códigos implícitos de supervivencia e mesmo de solidariedade que xa están arraigados culturalmente. En cambio, nas violencias dixitais as mulleres aínda non temos claros eses códigos nin quen é —e isto é moi importante tamén— a nosa comunidade de apoio.

Dito isto, nós congratulámonos de que a deputada propoñente basease a súa intervención nunha cuestión que a nós tamén nos preocupa, e é que a violencia de xénero dixital é cada vez maior e cada vez se está manifestando en idades máis temperás. Afortunadamente, a resposta está a ser rápida, e aquí temos un exemplo, pero tamén a Lei da infancia, que se aprobou recentemente no Congreso, co apoio ademais dos grupos presentes nesta Cámara, xa incorpora toda esta casuística, ademais con moito peso na lei, dedicándolle boa parte do seu articulado.

Dese aumento exponencial da violencia dixital entre a mocidade falan os estudos que tamén mencionaron aquí, da Universidade de Vigo, tamén da Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, e que ademais este último atopa unha das causas —e iso tamén será cuestión... é unha cuestión a reflexionar, pensamos nós—, unha das súas causas nun repunte das condutas machistas entre a mocidade, e iso é algo que debemos ter moi en conta.

Para elas, para estas persoas novas, para a mocidade, as redes sociais constitúen o principal medio de comunicación entre eles e entre elas. E ese instrumento demostrouse moi útil, demasiado útil para controlar, vixiar, presionar ou desprestixiar unha persoa, aproveitando, ademais, o anonimato que ofrecen estas redes e a gran repercusión que teñen.

Por iso, aínda que nós consideramos moi necesario recoñecer a violencia dixital como unha forma máis de violencia machista, por suposto que si —e xa adianto que, por suposto, imos aprobar esta proposición de lei—, o que si que nos gustaría é que a vontade do Partido Popular nesta materia, da que non dubidamos en absoluto, se manifestase tamén na reivindicación de medidas que acompañen este novo marco normativo, porque está ben legislar, pero de igual modo hai que educar e sensibilizar. A señora Paula Prado falaba de tres obxectivos que se pretendían con esta lei. O único que se contempla —polo menos polo que se presentou— é legislar e recoñecer esta forma como nova forma de violencia, recoñecela. Pero hai que facer moito máis. Hai que, como digo, educar e sensibilizar. E teño que dicir que en Galicia queda moito por facer nesta materia, a pesar dos tímidos pasos dados, cremos



que fai falla moita máis vontade. Botamos de menos un maior compromiso do Goberno galego por sensibilizar e dar a coñecer estas novas formas de violencia machista —e isto é o máis importante—, ademais, por certo, moi incrementadas, xa que despois dos meses pasados de todo o confinamento estamos agora vendo as súas consecuencias. Botamos de menos, digo, unha maior contundencia con esta problemática.

Ademais, acompañando esta lei deberían poñerse en marcha plans ambiciosos de sensibilización e de información para identificar estas novas figuras de ciberacoso e prever a súa aparición, así como para ofrecer recomendacións e recursos para obter a axuda precisa no caso de que algunha muller, de que algunha rapaza, o precisase.

Moitas veces vulnéranse dereitos básicos, pero non somos conscientes, xa o dixo tamén aquí a señora Prado; non somos conscientes de que tamén son formas de violencia cara á muller, só que están trasladadas ao mundo virtual.

É tamén imprescindible e indispensable dispor de profesionais de todos os ámbitos —e estou pensando, sobre todo, no ámbito educativo— capaces de intervir de maneira máis axeitada ante este tipo de casos e pautas de intervención con protocolos rigorosos. Non podemos deixar esta materia, como se está deixando en moitas das ocasións, en mans das ANPA, que bastante están facendo neste senso. Porque cada vez son máis os casos graves de violencia machista no ámbito virtual que se prolongan no tempo e que a vítima soporta e tolera sen denunciar os feitos moitas das veces por descoñecemento, e iso é o que non podemos consentir.

En definitiva e remato xa, si a esta modificación legislativa, por suposto, pero acompañémola dunha clara vontade por parte do Goberno galego por traballar na información, na prevención e na sensibilización nesta materia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día e benvida, aínda que non está agora, á señora Otero, que ademais é compañeira de profesión.

Nós vaia por diante que imos, desde o Grupo Parlamentario do BNG, votar a favor da toma en consideración desta proposta que se debate hoxe e que trae ao Pleno o Grupo Parlamentario Popular. Parécenos acaída, parécenos necesaria e que mellora, sobre todo, e actualiza a Lei galega de violencia machista, adaptándoa á realidade actual, xa na segunda década do século XXI, nun aspecto que é chave como é a rede, a internet, as novas tecnoloxías —cada



vez son menos novas, tamén hai que dicilo— e a violencia, polo tanto, machista que se exerce sobre elas.

En liña, ademais, coas recomendacións tanto do Consello de Europa, do GREVIO, que é o grupo de traballo que fai seguimento do grao de cumprimento do Convenio de Istambul, como tamén o camiño que xa están camiñando, valla a redundancia, que xa están percorrendo outros territorios máis ou menos próximos a nós como é o caso de Cataluña, que reformou tamén a súa lexislación neste sentido, e noutros como a violencia vicaria, en decembro de 2020.

Facendo un pouco de memoria, cando se aprobou a Lei de prevención e tratamento integral de violencia machista, a galega, no ano 2007, hai xa 14 anos, non existían os smartphones, os teléfonos intelixentes, as principais redes sociais eran Tuenti e o Fotolog, e o maior conflito que existía ou parecía eran as suplantacións de identidade en chats que hoxe non existen nin sequera.

Máis dunha década despois, palabras como Whatsapp, Telegram, Instagram, Facebook, Snapcha, Tinder, Grinder, pero tamén outros máis polémicos, como OnlyFans ou DeepNew, son nomes comúns de aplicacións móbiles, de plataformas, que milleiros de persoas utilizan, en moitos casos utilizamos todas as persoas que estamos aquí, cada día en todo o planeta, e que se converteron, ademais, en axentes de socialización tan importantes ou máis que a escola, a familia ou os bares. Esa é unha realidade. Temos que partir desa base, esa é unha realidade e non vai cambiar nin vai desaparecer, e con isto collo algo que dicía a señora Prado na súa intervención. Por exemplo, facía referencia a determinadas expresións que son moi comúns e moi habituais, algunhas mesmo as usamos algunhas das persoas que estamos aquí como o de pensar no teu *crush*. Realmente, pensar no teu *crush* é pensar nese amor platónico que todas as xeracións teñen na súa mente, porque hai séculos que se fala del, iso si, con tintes eróticos que quizais esa visión do amor platónico Platón non a tiña.

Quero dicir con isto que moitas veces falamos do mesmo, aínda que o código sexa diferente. Por iso creo que é importante que teñamos, como Parlamento, tamén unha visión para abordar esta realidade sen paternalismos, sen paternalismos, poñendo ademais moito o foco en quen comete o delito, en quen é agresor, en quen vulnera a privacidade, a intimidade, en quen acosa, en quen extorsiona, quen coacciona, e non só en quen temos que identificar esa extorsión, esa coacción e esa violencia. Non teñamos unha visión coxa que quizais levamos demasiado tempo mantendo, poñendo moito o foco na vítima, na necesidade de que as mulleres identifiquemos, detectemos, teñamos mecanismos de autodefensa, e non tanto en quen exerce esa violencia, que son os homes, e necesitamos tamén interpelalos, interpelávos a vós como parte desta realidade. (*Aplausos.*)

Hai 14 anos que se aprobou a Lei galega de prevención e tratamento integral da violencia machista, e ao longo desta xa máis dunha década a democratización do acceso á internet, os avances tecnolóxicos a un ritmo frenético que case nos converte en *boomers* —xa á miña xeración, non só á súa, señora Prado—, ese ritmo frenético, sobre todo nos últimos anos, as mudanzas que isto xerou na nosa vida diaria, especialmente entre as xeracións máis novas, que son consideradas xa nativas dixitais, ten implicacións en todos os planos, desde a cons-



trución das identidades, individuais e colectivas, ata a configuración de hábitos de consumo, modelos de conduta ou de comportamento.

Hoxe persoas anónimas, xente do común, normal e corrente, que non é unha actriz, ou que non é unha cantante, ou que non é un deportista famoso, exerce máis influencia sobre as súas fillas e os seus fillos que vostedes mesmos, ou que o seu profesorado. A rede foi desde o comezo —e aínda o é— unha arma —tamén temos que ter isto claro— de dobre gume, porque, ao mesmo tempo que nos permitiu —e pode resultar un pouco contraditorio—, ao mesmo que nos permitiu visibilizar, empoderar, proxectar discursos e referentes que ata o momento eran minoritarios ou minorizados, e que estaban absolutamente situados nas marxes, permitindo que moitas voces emerxesen facéndonos ver que a realidade, que a opinión pública, que os estados de opinión son máis diversos, que son múltiples, e estou pensando nesa sensibilidade enorme que hai, nesa conciencia de xénero tan forte —porque hai que dicilo e hai que reivindicalo— que teñen as mozas hoxe, que non ten precedentes a respecto dunha xeración anterior de mulleres, e iso tamén hai que poñelo en valor, aínda que, obviamente, non acabamos nin de lonxe coa violencia machista, nin o sistema que a xera, pero ao mesmo tempo que a rede permitiu visibilizar, empoderar e proxectar eses discursos, tamén ao respecto da diversidade sexual, por exemplo, para sentirnos máis seguras na nosa diversidade, ao mesmo tempo tamén contribuíu a reproducir roles, a reproducir estereotipos e a reproducir tamén formas de violencia como a machista, pero non só, tamén o *bullying*, que sempre estiveron aí. Que é no que se centra esta proposición de lei —dicíao a señora Prado—: definir a violencia dixital como forma de violencia machista para que o control, o acoso ou a extorsión, por poñer algúns exemplos, exercida contra as mulleres polo simple feito de sermos mulleres, utilizando ferramentas e tecnoloxías dixitais, sexa considerado como o que é, unha forma máis de violencia machista. Esta é unha recomendación, e recóllese tamén na exposición de motivos do Consello de Europea, do GREVIO, e doutras institucións, doutros organismos, tamén do movemento feminista e de expertas en materia de prevención e loita contra a violencia machista, que advertiron e advirten da xeneralización da violencia dixital, especialmente entre as franxas de idade máis novas, porque é quen máis usa, aínda que non só, unha parte importante desas ferramentas e desas plataformas.

Tamén aquí poñamos en valor o traballo que levamos feito, sobre todo da anterior lexislatura, na Comisión de Igualdade da Cámara, durante os traballos que viñan xa da anterior lexislatura, e no que as mulleres que participaron —moitas delas mulleres, non só— advertían aquí tamén na Cámara da necesidade de analizar e traballar sobre esta realidade, que non é nova.

E digo que non é nova porque eu creo que hai dous elementos, pois temos a mesma violencia de sempre pero exercida desde outro espazo, e ao mesmo tempo afloran ou emerxen novas formas de violencia. Hai unha violencia que xa existía pero que agora está a golpe de clip, a tecnoloxía especialmente utilizada como ferramenta de control. Antes acosar, perseguir ou controlar a alguén exixía un esforzo, para empezar, físico, porque se ti querías saber a onde ía, con quen estaba, cando saía da casa, con quen quedaba, tiñas que desprazarte, tiñas que ir detrás desa persoa para vixiala. Hoxe non, hoxe pódese exercer esa violencia de control desde o sofá da túa casa, con ferramentas ou aplicacións de xeolocalización, que tampouco hai que descargar ningunha cousa, moitas téñenas vostedes agora no seu teléfono inteli-



xente, como pode ser *Google maps*, ou simplemente facer *scroll*, facer ese control, ese acoso, ese seguimento a través das redes sociais nas que nós mesmas contamos unha parte importantísima das nosas vidas. E vímolo, ademais, sen ir moito máis lonxe, durante esta pandemia. Agora estamos vivindo un proceso de vacinación en directo, onde todas e todos contamos cando nos chama o Sergas, ou cando imos vacinarnos,... bueno, a algunhas aínda nos queda bastante tempo, pero cando nos toca vacinar. Ou tamén a través doutros sistemas de xeolocalización, ou aplicacións que cada vez son máis habituais, cada vez teñen máis persoas usuarias, como son esas aplicacións de relacións afectivo-sexuais como poden ser o Grinder ou o Tinder.

Pero tamén —insisto— novas formas de violencia a través do uso de novas tecnoloxías, di-cíao a señora Prado, o caso do *grooming*, é dicir, do acoso ou abuso sexual a través da rede. As vítimas son xeralmente menores de idade, non só nenas, tamén nenos, e os agresores son homes adultos que ás veces se fan pasar por outras persoas de igual idade, ou directamente tentan, como persoas adultas, gañar a confianza das vítimas para conseguir contidos sexuais, ou mesmo abusar e agredir delas sexualmente de maneira física. Ou o *sexting*, ou sextorsión, que é a coacción ou chantaxe dunha persoa, as máis das veces mulleres e mesmo menores de idade, a través de aplicacións móbiles de todo tipo, ameazando coa difusión ou distribución de imaxes de contido sexual. Violencias que se poden producir nas relacións de parella, pero non só, fóra delas tamén, en liña co que dispón a nosa lei desde hai máis de dez anos.

E eu traía —simplemente con isto remato— dous exemplos tamén máis ou menos recentes para refrescarnos a todas a memoria. Unha delas foi a violencia sufrida por moitas mulleres da comarca da Mariña na Maruxaina do 2019, que foi motivo dunha declaración institucional aprobada neste mesmo Pleno no Parlamento de Galiza, en referencia a mulleres que foron gravadas durante esta festa a través de cámaras ocultas nunha rúa, que foron e aínda son penduradas, distribuídas e difundidas a través das webs de contido pornográfico, grupos de whatsapp, ou outras plataformas e redes sociais.

Pero tamén quería traer un exemplo de acoso sexual e do uso da tecnoloxía para ese acoso sexual, ese abuso absoluto de poder patriarcal e machista, dentro dos centros de traballo, que é o caso da traballadora Verónica, de 32 anos, en Iveco, en Cataluña. Lembrarán: traballadora desta empresa que acabou suicidándose despois de que un vídeo de contido sexual fose compartido até viralizarse entre o cadro de persoal da empresa. A empresa sabíao, e, por certo, Inspección de Traballo, no seu informe, decidiu que non era responsable, a pesar de que non aplicou en ningún momento o protocolo de prevención e de intervención fronte ás situacións de acoso sexual. Neste caso, imaxínense, unha grande, grandísima factoría onde acaba exposta a túa intimidade, a túa sexualidade, a túa privacidade a través das redes.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...remato.

En definitiva, imos apoiar —insisto— a proposta, votaremos a favor e no proceso de tramitación, que cremos importante, intentaremos, coma sempre, enriquecer e mellorar o texto.



Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Réplica do grupo autor da proposición de lei, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señorías, en primeiro lugar quero agradecer o apoio dos grupos parlamentarios a esta admisión a trámite desta proposición de lei, quero agradecer tamén o ton. Sen embargo, señora Díaz, eu, a ver, eu creo que a liberdade dos grupos para presentar proposicións de lei é soberana. Igual ca vostedes, eu tamén podería preguntarlle por que o Grupo Socialista presentou recentemente unha proposición de lei para modificar o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, cando estabamos tamén tramitando nesta Cámara unha modificación dese mesmo decreto legislativo cunha proposta legislativa dunha proposición de lei do Bloque Nacionalista Galego. Pois eu creo que todos os grupos temos dereito a presentar as nosas proposicións de lei, e, igual que o fai o Partido Socialista, tamén o fai o Grupo Parlamentario Popular.

Fala vostede de que tamén lle gustaría que tivésedes vontade para traballar neste eido. Eu púxenlle un exemplo, púxenlle un exemplo, e podería poñerlle moitos máis, nos que a Xunta está a traballar para previr a violencia de xénero e para previr estas situacións e traballando no ámbito da igualdade, no ámbito da educación pola igualdade, e sobre todo cos mozos e mozas da nosa comunidade autónoma, que é con quen hai que traballar fundamentalmente estas cuestións.

Creemos que legislar esta cuestión e incluír a violencia dixital como unha forma de violencia vai permitir que se introduza en todos os itinerarios, nos itinerarios formativos, non só da xente nova senón tamén dos profesionais que traballan neste ámbito, vaise introducir en todas as campañas de sensibilización, en todos os proxectos, plans e demais que haxa de violencia de xénero, pois a violencia dixital, unha vez que está recoñecida como unha forma de violencia de xénero, a partir de aí non vai ser a vontade do Goberno, que xa é, senón que tamén se vai a introducir, loxicamente, así.

E a min gustaríame tamén ver a vontade do Partido Socialista legislando en Madrid, señora Díaz. A verdade é que, mire, esta noticia é do 1 de xuño. «Obtener vídeos sexuales de una menor bajo intimidación es una agresión, según el Supremo.» Isto xa tiña que estar no Código penal. Hai catro anos que no Pacto de Estado se dixo que hai que tipificar estes delitos. A presidenta do Observatorio da violencia doméstica, a señora Ángeles Carmona, díxoo recentemente, os informes continuos da Fiscalía Xeral do Estado dino constantemente. Así que eu tamén apelo a que a vontade do Grupo Socialista non quede só en darlle ao botón de si a admitir a trámite esta proposición de lei, e que tamén en Madrid modifiquen o Código penal e tipifiquen este delito, polas dificultades que entraña, porque esta lei non vai resolver todos os problemas. Por desgraza, nos xulgados esta lei non se pode aplicar no Código penal, non podemos modificar o Código penal, por desgraza. Por tanto, nos xulgados van seguir



existindo dificultades para estas denuncias que di tanto a fiscalía como a presidenta do observatorio, van seguir tendo estas dificultades.

En Galicia, loxicamente, unha vez que estea aprobada esta modificación lexislativa, as mulleres que sufran este tipo de violencia van ter acceso a recursos, a instrumentos e a ferramentas aos que antes non tiñan acceso porque non estaba recoñecida por lei.

E, señora Rodil, cando vostede fala de poñer o foco no maltratador e non na protección da vítima, eu estou de acordo con vostede parcialmente. Eu creo que hai que poñer o foco nas dúas, hai que poñer o foco no maltratador, evidentemente, pero tamén na protección á vítima. Eu non creo que sexa parternalista axudar as mulleres que teñen normalizadas determinadas condutas, axudalas a identificalas como unha forma de violencia de xénero. Eu non creo que sexa paternalista, eu creo que temos que axudalas a identificar esas condutas que teñen normalizadas, temos que axudalas a saír do círculo da violencia, temos que dotalas de recursos e ferramentas para que poidan saír tanto con axuda psicolóxica como con axuda xurídica, como o estamos facendo con outras vítimas de violencia de xénero. Eu non creo que sexa incompatible unha cousa coa outra, e tampouco —insisto— creo que sexa parternalista. Creo que temos que poñer o foco no maltratador e creo que temos tamén que visibilizar os efectos devastadores deste tipo de violencia que poden facer imposible a vida a moitas rapazas, sobre todo novas. Eu puña o foco na vulnerabilidade das adolescentes porque é a peor idade na que se pode facer unha cousa destas. Psicoloxicamente destróizante e despois é moi difícil levantar cabeza.

Eu agradezo o apoio dos dous grupos e quero trasladar a nosa satisfacción por que este Parlamento sexa capaz de traballar baixo o paraugas do consenso nesta materia e sexamos capaces de poñer a un lado os intereses partidistas en aras dos intereses das mulleres.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Seguinte texto lexislativo.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, orgánica para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia á Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra o señor Bará.

Explícoche. Non está funcionando o sistema e entón son 15 minutos. Eu contróloos desde aquí, se queres, aviso cando falten 2 minutos. ¿Aviso? *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Eu xa o poño pero, bueno, pono tamén.

Perfecto, eu cando falten 2 minutos xa te aviso.



O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Grazas, señor presidente.

O BNG trae a debate neste Pleno unha proposición de lei de transferencia dos servizos meteorolóxicos, e traémolo fundamentalmente por tres razóns. A primeira, para superar a parálise do autogoberno, que xa dura demasiado. A segunda, para que cada grupo se retrate a respecto deste debate, se retrate e tamén —se quere— se retracte, porque tamén a respecto desta cuestión todos temos o noso pasado. E, en terceiro lugar, para poñer a atención nunha cuestión, que é a da meteoroloxía e a do clima, que é de máxima actualidade e máximo interese, cada vez de maior interese.

A primeira razón é superar os 12 anos de parálise do autogoberno, os 12 anos de cero transferencias a Galiza, os 12 anos, as catro lexislaturas de Feixóo como presidente, cero competencias; o señor Feixóo non pasaría o Informe PISA das transferencias. E ten o mérito de ter o peor balance da historia da autonomía, de ser un exemplo de falta de peso político e de submisión ás decisións que veñen dadas desde Madrid. Aquí non hai axenda galega, a única axenda é a teledirixida por Rajoy e tamén por Pablo Casado, e isto só se pode chamar dunha maneira: traizón a Galiza. O PPdG —vostedes— e o señor Feixóo son os inimigos públicos número un do autogoberno galego. *(Aplausos.)*

E hai que dicilo alto e claro neste Parlamento: vostedes, o PPdG, son unha fraude e unha estafa. ¿Por que digo que son unha fraude e unha estafa? Porque teño argumentos e razóns para dicilo. Porque empezaron o primeiro mandato, no ano 2009, anunciando o período de maior autogoberno da historia de Galiza, díxoo o señor Feixóo no mes de outubro de 2009; e estamos onde estamos, non conseguiron nin unha soa transferencia. Iniciaron o primeiro mandato, en 2009, coa demanda solemne de 17 novas transferencias, ¿e saben o que fixeron nestes 12 anos?, o que fixeron foi achantar, baixar a cabeza e obedecer as ordes de Madrid. Quedou claro, ademais, por se había algunha dúbida, na campaña das xerais do ano 2019, dixérono perfectamente claro o señor Casado e o señor Feixóo. Fíxense, Casado: «aprobarémos unha moratoria que paralizará a cesión de competencias ás comunidades autónomas»; e a continuación, cumprindo o guión, o señor Feixóo dixo aquilo de que «España no está para hacer transferencias a las comunidades autónomas». Este é o guión, esta é a axenda do Partido Popular, non transferencias.

O BNG, pola contra, vai seguir dando este debate, por moito que lles pese imos traelo unha e outra vez tamén para que se retraten, *(Aplausos.)* para que se vexa claro cal é a axenda centralista, hipercentralista e hiperreaccionaria do Partido Popular.

A segunda razón que dicía é porque este é un debate moi clarificador. O debate das transferencias é un debate necesario, é un debate oportuno porque deixa perfectamente claro o lugar e o papel de cadaquén. Deixa claro quen levamos todos estes anos defendendo o mesmo, quen actuamos con perfecta coherencia, e quen cambia de posición segundo as circunstancias, segundo como sopra o vento.

E temos nestes 12 anos moitos exemplos dos que xa falamos noutras ocasións: o máis escandaloso, posiblemente, sexa o da AP-9. Neste tema só nós últimos cinco anos o PP trai-



zouu ata tres veces os acordos deste Parlamento vetando no trámite do Congreso dos Deputados a admisión desta demanda unánime do Parlamento galego. E debía caerlles a cara de vergoña ao Partido Popular, pero a verdade é que non lles cae a cara de vergoña, ¿e saben por que? Porque teñen a cara de cemento armado, por iso non lles cae a cara de vergoña, señores e señoras do Partido Popular.

E, claro, sempre hai competidores nesta cuestión de traizoar os acordos deste Parlamento, e agora encontrámonos con que o Partido Socialista está nunha especie de «y yo más». E a última que fixeron este «y yo más» é esta vergoñenta emenda que acaban de presentar no trámite do Congreso dos deputados pedindo, fíxense, non que se faga a transferencia da titularidade da AP-9 senón a transferencia da xestión. Isto é absolutamente inadmisíbel, (*Aplausos.*) non o imos admitir, (*Aplausos.*) queremos a competencia con todas as consecuencias, (*Aplausos.*) tal como reclamou este Parlamento nun acordo unánime. ¡E que é un acordo deste Parlamento!, ¿como poden traizoalo desta maneira tan descarada? É un insulto a este Parlamento e ao pobo galego. Mais, por desgraza, este non é o único caso, chove sobre mollado e ás veces non chove só auga.

E temos outro exemplo ben recente que é o das transferencias de tráfico e seguridade viaria. Claro, ¿que pasou aquí?, que intercambian perfectamente os papeis, son como dúas pingueiras de auga. No ano 2010 foi o Partido Socialista quen boicoteou no Congreso dos Deputados esta transferencia a Galiza, que xa podía estar hai 10 anos efectivizada e non o está por ese voto en contra do que aprobou o Parlamento galego. E agora quen protagoniza o boicot é o Partido Popular, que primeiro admitiu a trámite ese debate e agora di que non vai admitir, que non vai votar a favor da aprobación desta proposición de lei de transferencia de tráfico. ¿E por que? Pois porque o Partido Popular actúa con absoluta submisión aos sectores máis reaccionarios do Estado, con excusas de mal pagador. E non fai falta que o disimulen declarándolle amor eterno á Garda Civil, como fan cada vez que teñen oportunidade; a realidade é moito máis sinxela, a realidade é que vostedes non queren autogoberno, non queren asumir a competencia de tráfico, non queren que teñamos unha policía galega. Esa é a realidade, déixense de historias, déixense de lería. Vostedes queren que Galiza sexa unha comunidade de segunda, de terceira división, non queren que Galiza sexa unha nación —iso xa o temos claro—. Pero é que nin sequera queren que Galiza sexa recoñecida de facto, mediante esas transferencias, como nacionalidade histórica, que está recoñecida na mesma Constitución. O programa do Partido Popular está perfectamente claro: ao servizo do centralismo e ao servizo das grandes empresas do IBEX. E nin sequera son capaces de defender ese Estatuto que tanto celebran.

E a terceira razón que dicía ao principio é que esta proposición de lei de transferencia de meteoroloxía é máis necesaria que nunca. Se este debate foi necesario no pasado, agora é máis necesario que nunca. E non é, por certo, a primeira vez que nós o traemos aquí, vai ser un tema central nesta lexislatura, vai ser un tema absolutamente central o da meteoroloxía e o do clima na próxima década e hai que falar deste tema e falar das competencias.

E cando se fala deste tema hai que facer historia tamén, porque a memoria é fráxil e a coherencia tamén é fráxil, sobre todo a dalgúns, que a perden moi facilmente. Perden a memoria, perden a coherencia e tamén perden facilmente a vergoña, como se pode ver na historia deste debate.



Imos por partes: 8 de outubro de 2009, ese famoso Consello da Xunta cando Feixóo anunciou a bombo e prato que empezabamos a etapa de maior autogoberno da nosa historia. Titular dese día: «A Xunta reclama ao Estado o traspaso de 17 competencias prioritarias para Galiza. O Goberno galego demandará a competencia sobre meteoroloxía, ordenación do litoral e ordenación do sector pesqueiro». ¿De que lles soa isto? ¿De que lles soa? Hai 12 anos que dixeron isto e estamos agardando. Para ser prioritarias como dicían, xa pasaron 12 anos e non conseguiron absolutamente nada. Cero transferencias, ese é o seu balance.

Pero avancemos no tempo: 25 de xaneiro de 2010, «a Xunta exige a transferencia de meteoroloxía despois dos últimos fallos», ¡2010! Di a noticia: «Galicia é a única comunidade, ademais de Ceuta e Melilla...» —aí é onde nos colocan vostedes— «...que carece de capacidade decisoria en meteoroloxía ao non recoller o Estatuto competencias nesta materia». «Galicia aspira...» —di a Consellería de Presidencia— «...a seguir os pasos de Cataluña...» —anatema, a seguir os pasos de Cataluña, dixeron vostedes— «...que dá os seus propios avisos de tempo e reforzou a cooperación entre organismos». Perfecto, ¿onde hai que asinar? Pero é que xa tiña que estar feito no 2010.

Sigamos: 23 de marzo de 2010, «O conselleiro de Medio Ambiente reitera a súa petición ao Estado do traspaso das competencias en meteoroloxía». O señor Hernandez, daquela conselleiro, di: «Vivimos nun país onde fai falta ter un servizo no que poida predicirse e observarse o noso tempo, tendo en conta as singularidades climáticas do noso territorio». ¿Onde hai que asinar tamén? É dicir, estannos dando permanentemente a razón, tamén no debate de hoxe, está aquí a hemeroteca.

Sigamos: 11 de decembro de 2010, fíxense, titular: «O Parlamento pedirá ao Estado a transferencia do Servizo de Meteoroloxía», o mesmo que estamos pedindo hoxe no BNG. ¿E saben quen o pediu daquela? O Partido Popular. ¿Que pasa?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ¿Como?

O señor PRESIDENTE: ¡Ah! Perdón.

O señor BARÁ TORRES: Xa me estaba alarmando.

O señor PRESIDENTE: Son 15. Perdón.

O señor BARÁ TORRES: Vale. Vale.

O señor PRESIDENTE: Desculpe.

O señor BARÁ TORRES: Pois, 2010, o Parlamento pide a transferencia de meteoroloxía a proposta do Partido Popular: «O Parlamento aprobou onte, a iniciativa do Partido Popular, pedir ao Goberno central o traspaso á Comunidade Autónoma da competencia sobre o servizo meteorolóxico». O deputado Antonio Rodríguez Miranda, que despois emigrou do Parlamento,



defendeu —fíxense— «que a xestión que podería facer o Goberno galego sería máis eficaz e adaptada ás peculiaridades climatolóxicas e xeográficas de Galicia». ¡Pero se nos están dando permanentemente a razón! ¡Estannos dando permanentemente a razón! ¿Que pasa? Que vostedes traizoaron estes acordos, abandonaron estes acordos, abandonaron este consenso. Éncheselles a boca a falar de consenso pero son vostedes os que se saen do consenso.

E fíxense, ao fío desta demanda o PP denuncia en sede parlamentaria —dixo o portavoz do Partido Popular— «que existe un certo parón no avance do autogoberno galego». ¡É que é de risa! ¿Dicía no 2010 que existía un certo parón? É que non foi parón, foi unha absoluta parálise que leva xa 12 anos e que é responsabilidade do Partido Popular do señor Feixóo. (Aplausos.) Non hai outra explicación, é así.

E claro, temos que soportar paradoxos, como o que se creou no seu día, no 2010, o Meteogalicia, mediante un convenio, mediante unha fórmula así un tanto estraña, un convenio entre a Xunta e a Universidade de Santiago, que, a pesar de toda a precariedade de medios, a pesar de todos os recortes que vostedes levan aplicados, ten menos integrantes que un equipo de fútbol. Meteogalicia, a pesar de todo iso, resulta que é un servizo útil, consultado por todo o mundo, recoñecido, e que demostra que é necesario ter este tipo de servizos e telos con plena capacidade, con plenas competencias e con pleno valor xurídico. Porque os avisos de Meteogalicia, como non temos competencias na materia recoñecidas, non teñen esa plena validez xurídica, están subordinados aos avisos que dá a Aemet, que ás veces non teñen tanto acerto como os de Meteogalicia porque están, loxicamente, máis cerca do territorio e teñen máis seguimento, máis información a pé de territorio, a pé de terreo.

En fin, que se trata dun servizo esencial por esa función predictiva que é tan importante para adiantar eses fenómenos, como acabamos de vivir, ademais, estes días, con eses fenómenos meteorolóxicos extremos, que son cada vez, ademais, máis habituais; como sufriron a pasada semana en Chantada, na Ribeira Sacra e en Ourense. Porque ten unha incidencia constante e continua e decisiva na vida da xente, na seguridade, tamén nas actividades económicas, por exemplo no turismo. ¡Cantas veces estamos xa fartos de escoitar as críticas, as queixas do sector turístico galego por esas informacións xenéricas que se dan desde Madrid do noso clima, da nosa meteoroloxía, e a cantidade de anulacións de reservas que se fan por esa razón! Porque se dá unha foto de todo o Estado a través dos medios de comunicación públicos e privados que non se corresponde coa realidade, non se dá esa información en detalle.

Tamén, ademais da función predictiva, pola función prospectiva, porque hai que adiantarse ao futuro. Sabemos que veñen tempos complicados en materia de clima e meteoroloxía, que van ser cada vez máis habituais eses fenómenos meteorolóxicos extremos, que van descender as precipitacións, que está aumentando a temperatura, que isto ten graves consecuencias nos sectores económicos galegos, sobre todo no sector primario, no sector agrogandeiro e tamén no sector pesqueiro. Tamén na seguridade pública, na seguridade cidadá.

En fin, que hai moitísimas razóns para abordar en serio esta cuestión e por iso a traemos aquí, porque queremos contar con todos os medios e con todas as competencias, con todas as garantías e validez xurídica, e facelo por racionalidade, por racionalidade tamén para evitar duplicidades, por utilidade, a utilidade que dá esa maior proximidade e coñecemento da



realidade; e tamén pola singularidade que ten o noso país en materia climática, en materia meteorolóxica.

Por iso presentamos esta proposición de lei para a súa admisión a trámite, para seguir dando pasos dunha vez por todas no autogoberno e para contar con instrumentos que a fin de contas son para mellorar a vida das persoas que viven neste país, dos galegos e galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Desculpe, pero foi así un desaxuste... *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Un desaxuste de tal...

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Dicíame que funciona...

O señor PRESIDENTE: Si, si, funciona.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ¡Ah, funciona! Pois grazas, señor presidente.

O PSdeG sempre defendeu que a historia do Estado das autonomías é en conxunto unha historia de éxito: éxito económico, político e social. Porque economicamente abriu catro décadas de prosperidade que non teñen precedentes na nosa historia. Porque politicamente permitiu articular, con todas as tensións e a dialéctica inherentes á democracia, as demandas territoriais dun Estado plural. Porque socialmente facilitou a articulación multinivel dun Estado de benestar que atravesa por momentos difíciles pero que permite hoxe a moita xente manterse a flote en medio da crise actual.

Cando comezou o proceso constitucional non existía unha folla de ruta prefixada e predefinida para desenvolver o Estado das autonomías, senón que unha arquitectura feita deliberadamente flexible abriu un abano de posibilidades que foron desenvolvéndose a medida que avanzaba a nosa democracia, pero que poderían telo sido dun xeito diferente. E o Estado das autonomías segue hoxe a ser un proceso aberto que oscila entre o perigo da tentación centralizadora e o do independentismo, separatismo.

E o independentismo está encarnado no problema catalán, o dun país que pouco a pouco decidiu botarse ao monte por moitos motivos, entre eles —non menor— a frustración derivada dun proceso estatutario no que o PP xogou á contra, inflamando paixóns primeiro e



sendo incapaz despois de conseguir rebaixar esas paixóns durante os gobernos de Rajoy. Ata que no ano 2017 pasou o que pasou, unha situación que está tratando de encauzar o Goberno progresista de España, utilizando para iso medios perfectamente legais que forman parte do noso Estado de dereito e soportando que a dereita, en troques de estar á altura como debería e dar un voto de confianza nun momento delicado ante un problema moi grave, segue xogando a incendiar, cando a actitude do Partido Socialista, cando se lle pediu que apoiara a aplicación do artigo 155, foi xusto a contraria.

Por certo, os indultos que se aproban hoxe non son unha mostra de debilidade senón de grandeza democrática, unha aposta pola concordia na mellor liña daquel fermoso discurso que Manuel Azaña pronunciou, precisamente en Barcelona, en 1938 baixo o título de *Paz, piedad, perdón*. Paz, piedade e perdón tamén hoxe para uns políticos que cometeron delitos polos que levan presos 3 anos e 7 meses.

En todo caso, seguimos e seguiremos apostando por avanzar no modelo autonómico, un modelo que reivindicamos á vez que cremos na súa perfectibilidade, porque o federalismo non é algo estático senón dinámico, e nós cremos no federalismo e cremos que non ten por que haber problemas porque se avance na transferencia de competencias. Creemos en afondar no Estado das autonomías, defendendo o carácter de nacionalidade histórica de Galicia cando o Goberno de Feijóo abdicou da reivindicación desa nacionalidade histórica por partida dobre. En primeiro lugar, renunciando a ampliar o noso autogoberno na medida en que en 12 anos non é que non fose capaz, senón que nin sequera tivo a intención de obter nin unha nova competencia, nin unha nova competencia en 12 anos. Ese é o balance en canto á aplicación e á ampliación do autogoberno de Galicia.

Pero en canto ao exercicio do noso autogoberno, o Goberno do PP de Galicia tamén abdicou na práctica de parte das súas competencias desde que descubriu que todos os nosos males son culpa do Goberno central, xustamente o día que entrou en Moncloa Pedro Sánchez. E xa antes abdicando tamén durante unha década de competencias como a política industrial ou forestal, a ordenación do territorio, o medio ambiente, a política de vivenda e un longo etcétera.

Nós cremos que Galicia pode e debe autogobernarse dentro da lealdade constitucional, e por iso propuxemos en anteriores sesións deste Parlamento ampliar competencias en materias como o tráfico ou a inspección de traballo, ou a xestión do litoral, pero tamén o dominio público marítimo-terrestre, ou a política forestal, ou a demarcación xudicial, ata un total de 30 competencias. Todas e cada unha desas competencias, razoables, razoadas e perfectamente viables. Non estamos para facer brindes ao sol sobre máis autogoberno ou sobre ficticias e impostadas aldraxes ou sobre a igualación mimética con outras comunidades, senón por definir un camiño sensato de avance e estímulo do noso autogoberno, porque estamos na liña dun federalismo eficiente que non entende aprioristicamente que sexa mellor que as cousas as faga o Estado ou que as faga Galicia, senón que entende que hai que analizar que pode facer mellor o Estado e que pode facer mellor Galicia. E pretendemos, ademais, adaptando o marco competencial vixente no sentido de melloralo, facer máis forte o modelo autonómico, que é a nosa forma de federalismo e a nosa forma de pensar en federal. E, nesa liña de federalismo eficiente, seguramente haberá que ponderar no debate sobre este tema



argumentos, máis argumentos que os esgrimidos na exposición de motivos desta proposición de lei e ampliados polo señor Bará. Como cando se di que Meteogalicia ten unha fiabilidade moi superior á doutros servizos estatais, cousa que non sabemos francamente se é certa, ou a existencia dunha suposta demanda social, como din vostedes, de contar cun servizo propio. Teño para min que, se facemos unha enquisa a pé da rúa do Hórreo sobre esa suposta demanda social, 9 de cada 10 cidadáns dirán que o que lles importa é que o servizo funcione, non que sexa propio de Galicia ou propio do estado. Pero igual teñen vostedes enquisas propias que desmintan esta prospección que estou facendo eu, esta adiviñanza que estou facendo eu. Evidentemente, non ten carácter científico.

En canto ás peculiaridades do clima de Galicia, é obvio que o clima presenta peculiaridades en calquera lugar: en Galicia, entre as diferentes as diferentes zonas climáticas de Galicia ou incluso entre os microclimas das diferentes comarcas. O clima é un todo, un sistema que non se detén en ningunha fronteira, dito doutra forma: o clima é un dos fenómenos menos independentistas e máis interdependentistas e internacionalistas que existen. Pero si cremos que a transferencia do servizo meteorolóxico a Galicia pode redundar nun mellor servizo á cidadanía sen que por iso perda eficacia a rede estatal, na medida en que poden establecerse todo tipo de mecanismos de colaboración.

Por outra banda, a maioría das comunidades autónomas teñen estatutariamente contemplada e asumida esa competencia, a diferenza de Galicia, e poden, por tanto, ter os seus propios servizos meteorolóxicos con independencia do Estado.

Por tanto, non hai motivo a priori para que Galicia non teña esa competencia, que pode redundar, como digo, nun mellor servizo. E por iso imos votar a favor, tamén por coherencia coa nosa posición no pasado e para posibilitar que unha competencia que non se incluíu no seu momento por un erro na redacción do Estatuto de autonomía poida ser exercida desde Galicia, máxime nun tempo en que o clima merece un estudo máis atento, se cabe, que no pasado, porque se está revirando contra nós, cando vivimos nunha situación de emerxencia climática, por certo, que se nega a declarar o Goberno de Galicia en contra de todo o mundo, en contra das tendencias —non sabemos por que—, incluso en contra do acordo expreso deste Parlamento de Galicia. Vivimos, como digo, nunha situación de emerxencia climática que pon en risco o noso modo de vida e que pode ter consecuencias especialmente inquietantes en zonas de transición climática como son España e Galicia.

E se o clima condicionou sempre na nosa historia as nosas vidas, as vidas dunha comunidade tradicionalmente agrícola e pesqueira como a nosa, unha comunidade pegada á terra e ao mar e, por tanto, dependente sempre do ceo, xusto cando criamos que podiamos independizarnos da natureza da que forma parte o clima, descubrimos que non é así. Descubrimos polas bravas que formamos parte da natureza e que estamos poñendo en risco sistemas que nos serven de soporte vital, entre eles, sinaladamente, o clima, que afecta todos e cada un dos aspectos das nosas vidas. Porque determina o que comemos, como traballamos, como nos vestimos, como nos protexemos do frío ou da calor e todos e cada un dos elementos que configuran as nosas vidas. Un argumento máis para estar a favor de ter un servizo de meteoroloxía propio, que, de feito, xa existe con Meteogalicia, pero que seguro que pode facerse máis eficaz e eficiente e atender mellor os retos da predición meteorolóxica e do estudo do



clima se está no ámbito do noso autogoberno. O autogoberno dun país onde, certamente, a chuvia é arte.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Bos días, señorías, bos días a todos e a todas.

A verdade é que a proposta, despois de escoitar as intervencións do señor Bará e do señor Arangüena, pois pouco ou xusto son os argumentos centrados no obxecto da materia, obxecto da proposición de lei orgánica, co que eu vou centrarme nese marco competencial e no desenrolo ou no contido que eu entendo relacionado con esta proposición de lei orgánica relativa á meteoroloxía.

No marco da Constitución, o Estatuto de autonomía sinala que Galicia constitúese como esa comunidade histórica, como esa nacionalidade histórica que é para acceder ao seu autogoberno. Nese ámbito, este Estatuto permitiu, dende a súa aprobación, que o noso país asentase esas bases do que hoxe é esa consolidada comunidade autónoma. Ese mesmo Estatuto permitiu que se acadaran unha serie de competencias, asumidas ao longo do tempo dende o ano 1981 ata hoxe, con independencia da cor política dos gobernos de Galicia e de España.

A Constitución, no seu artigo 149, fala desa competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación básica do medio ambiente, pero tamén fala desas normas adicionais de protección por parte das comunidades autónomas. Como tamén ese artigo 149 se refire a esa competencia exclusiva do Estado en materia de servizo meteorolóxico.

Pola súa parte, o Estatuto de autonomía non recolle expresamente esa competencia, pero si prevé que a nosa comunidade poida solicitar a transferencia ou delegación de competencias non asumidas neste Estatuto.

E é a esta Cámara, é a este Parlamento, ao que lle corresponde a competencia para formular as anteriores solicitudes, así como determinar o organismo a quen se lle atribuiría esa competencia transferida ou delegada.

A realidade é que os principais traspasos do Estado autonómico, de acordo coa Constitución, están en certa medida esgotados, e, tal como vimos defendendo, a política de traspasos é unha política que, en liñas xerais, xa hai anos que vai por un camiño diferente, na procura dun autogoberno que ten como prioridade a mellor defensa dos intereses de Galicia.



Non obstante, señorías, quixera recordar e reiterar o apoio que este Grupo Parlamentario Popular nesta Cámara sempre fixo á transferencia do servizo de meteoroloxía. Gustaríame recordar que esta foi unha petición constante dende Galicia, e por iso dende o ano 2000 existe Meteogalicia. Inicialmente, este servizo constitúese, como dicía o señor Bará, con ese convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Universidade de Santiago, pero incorporando paulativamente novas funcións, e prestando colaboración a moi diversos usuarios: á propia administración, á universidade, á compañía de Radio e Televisión de Galicia, á prensa ou mesmamente aos cidadáns.

Demostrada a viabilidade deste servizo desde todos os puntos de vista, técnicos, humanos e económicos, Meteogalicia pasou á súa fase plenamente operativa dende o ano 2006, integrándose no organigrama da Xunta de Galicia, e no ano 2019, co decreto, atribúeselle a súa xestión á Dirección de Calidade Ambiental, converténdose nese servizo meteorolóxico propio do que goza Galicia, converténdose nun referente tanto en materia de meteoroloxía, climatoloxía, como a nivel científico.

Señorías, volvendo ao ámbito competencial, quero recordar que no ano 2005 houbo unha reunión na que se lle pediu o traspaso desta competencia ao novo Goberno, daquelas socialista, ao que se lle dixo a Galicia que había que agardar.

Disto tamén se informou no seu momento ao Goberno bipartito, nun informe sobre as transferencias pendentes, un Goberno bipartito que tampouco conseguiu esta transferencia. Polo tanto, a petición da transferencia da competencia en materia de servizos meteorolóxicos a Galicia non é nova, e o que presenta agora o BNG é unha proposición de lei orgánica de transferencia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia á Xunta de Galicia. Exactamente a mesma que foi rexeitada na súa toma de consideración no Pleno do 6 de maio de 2014, exactamente a mesma iniciativa rexistrada na lexislatura pasada o 29 de agosto de 2019, iniciativa que non se chegou a debater, e as resposta por escrito por parte do Goberno da Xunta ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego en abril e en agosto de 2015.

¿Cal é a proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará? Pois a súa proposta é unha transferencia total, incluíndo, como di no seu artigo 3, os medios persoais, materiais e orzamentarios necesarios. ¿E cal é o contido da demanda da Xunta de Galicia e deste Goberno? Pois a transferencia dos servizos meteorolóxicos pero consonte o acordo que se pediu no 2018, o traspaso de competencia en meteoroloxía para os servizos de competencia autonómica, por exemplo emerxencias. Este grupo parlamentario apoia a postura do Goberno galego, que é, en definitiva, a transferencia de funcións no ámbito meteorolóxico necesarias para o axeitado exercicio das súas competencias estatutarias, con independencia das funcións que a Axencia Estatal de Meteoroloxía exerce a nivel do Estado, e explícome.

A meteoroloxía e a climatoloxía teñen unha aplicación práctica de interese público tanto a curto prazo como na recompilación e sistematización de datos que permitan modelos climatolóxicos que dean soporte a predicións a medio e longo prazo. E dende o punto de vista administrativo e institucional, a implantación dun servizo meteorolóxico público non responde



ao exercicio dunha competencia que se esgote en si mesma, senón que reviste un evidente carácter conxuntural e instrumental con respecto a outras competencias ou funcións públicas.

Partindo do dito, o Estatuto de autonomía atribúe á nosa comunidade as seguintes competencias sobre cuxo exercicio inciden en maior ou menor medida a meteoroloxía e a climatoloxía, por mencionar algunha das competencias exclusivas do artigo 27: refírome a obras públicas, vías férreas e estradas non incorporadas ao Estado, portos, aeroportos, heliportos, e en materia de aproveitamentos hidráulicos, pesca, marisqueo, acuicultura, normas adicionais sobre a protección do medio ambiente, fomento da investigación. Tamén no referido á execución da lexislación estatal, que recolle o artigo 29 que, por exemplo, o salvamento marítimo ou verteduras industriais e contaminantes, nas augas territoriais do Estado, correspondentes ao litoral galego. E tamén, en relación ao artigo 30, sobre as competencias exclusivas de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica no tocante a algo tan importante na nosa comunidade como é a agricultura e a gandería.

Sen prexuízo do anterior, e como estou dicindo na miña intervención hai uns minutos, a necesidade de contar cun servizo público meteorolóxico en Galicia adquire especial relevancia en materia de declaración e xestión de emerxencias e protección civil, sobre todo cando falamos da activación dun plan público de protección civil. Neste contexto, requírese o soporte de servizos meteorolóxicos de calidade, que actúen en estreita coordinación cos servizos de emerxencia autonómicos.

Concluíndo, señorías, ¿a onde quero chegar? Pois a insistir en que o que pretende este Goberno, o que pretende a Xunta de Galicia é a transmisión de facultades correspondentes á competencia estatal en materia meteorolóxica, vinculadas a este exercicio destas competencias que acabo de mencionar.

E tal como establece o artigo 150.2, o Estado poderá transferir ou delegar nas comunidades autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal. Aí é onde está a Xunta de Galicia, aí é onde está o Goberno galego, e aí é onde está o apoio deste Grupo Parlamentario Popular.

Así pois, esta alternativa non supón unha transferencia en bloque, como propón o Bloque, da competencia en materia meteorolóxica, nin da infraestrutura da Aemet, senón, tal e como veño de indicar, a transferencia de facultades concretas vinculadas ás competencias autonómicas.

¿E por que todo isto? Porque, por exemplo, con respecto á transferencia de medios, é necesario ter en conta que a Comunidade xa se dotou dun servizo público de información meteorolóxica. A día de hoxe só hai tres comunidades que contan con el, que é Galicia, País Vasco e Cataluña. Os servizos ofrecidos e os resultados xerados por Meteogalicia poñen de manifesto que ten capacidade suficiente para exercer competencias en materia de meteoroloxía, con independencia, por suposto, da Aemet.

Meteogalicia leva no seu ADN o exercicio dun servizo meteorolóxico de proximidade, un bo exemplo dos seus prognósticos, que están e son tan importantes para sectores concretos



como o pesqueiro, o turístico, o gandeiro, o audiovisual, a colaboración con outros departamentos da Xunta, como Educación, cando se trata de alertas meteorolóxicas, o Servizo Galego de Saúde, cando falamos de vagas de calor, de Augas de Galicia, na predición e xestión de inundación ou secas e en materia de emerxencias.

Queda claro, polo tanto, que dende o Goberno galego, dende a Xunta de Galicia, falamos de facultades vinculadas a esas competencias autonómicas. Por iso resulta necesario solicitar ao Estado a transferencia á nosa comunidade de funcións correspondentes ao servizo meteorolóxico. Así, terán oficialidade, que é o que busca este Goberno, os avisos e alertas que emita Meteogalicia, pois a día de hoxe non teñen validez oficial, e os que se empregan para as emerxencias meteorolóxicas ou para suspender as clases escolares son os que indica a Aemet. E tamén se podería solucionar a falla de valor xurídico das predicións de Meteogalicia, por exemplo no caso das aseguradoras, dos efectos que ten en relación ás aseguradoras.

Concluíndo, señorías, e sobre todo referíndome ao grupo propoñente, Galicia conta xa cun servizo meteorolóxico propio, que é un referente indispensable tanto a nivel nacional como a nivel europeo, grazas, sobre todo, ao seu método de traballo, e sobre todo ao gran equipo de profesionais que o conforman.

Galicia hoxe ten outras prioridades, como as que refería vostede, señor Bará, como é a transferencia da AP-9, como é a transferencia do dominio público marítimo-terrestre. En definitiva, estas son as prioridades, estas son as demandas do Goberno galego, e isto é o que apoia este Grupo Parlamentario Popular.

Así é que creo que, polo exposto nesta intervención, entendemos que este Grupo Parlamentario Popular non vai apoiar a súa iniciativa, señor Bará, porque entendemos que Galicia xa conta cun servizo, como é Meteogalicia, con plena capacidade e simplemente ten que ter esa validez xurídica das súa predicións, e simplemente falar de que temos outras prioridades, como, insisto, en algo que o señor Arangüena que lle pido que creo que teñen que buscar nesa transferencia da AP-9 cambiar ese punto de vista...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: ...non centrarse nesa xestión, nese dominio público marítimo-terrestre do que xa falamos, e aquí é onde imos estar, nas nosas prioridades, nas prioridades deste Goberno, nesas prioridades que este Grupo Parlamentario Popular vai apoiar.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición de lei. Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.



O señor BARÁ TORRES: ¡Pois que papelón, señor Díaz Mouteira! Vostede non só se contradiciu con todo o que dixeron nesta tribuna parlamentario nos anos 2009, 2010, senón que se... (*Murmurios.*) vostede contradiciuse consigo mesma na súa intervención, porque dixo unha cousa e a contraria. E veu darnos a razón ao final, veu darnos a razón.

Vostede dixo que había Meteogalicia, que facía unha gran función, pero que non tiña validez xurídica. Entón, tomemos as medidas necesarias para que teña plena validez xurídica mediante a transferencia desa competencia. ¿Cal é o problema? É que vostedes son unha pura incoherencia, a pura contradición e non teñen palabra, non teñen credibilidade. E estannos dando a razón, dixérono, déronos a razón con todo o que lle dixen eu, que lle lin aquí todos estes anos, e volven dárnola hoxe.

¿Saben cal é o problema? O problema é que vostedes non cren no autogoberno, non cren. Vostedes queren unha Galiza pequena, unha Galiza en miniatura, unha Galiza bonsai, unha Galiza submisa, sometida, servil. Esa é a súa axenda, a axenda da submisión a Madrid, da submisión aos intereses das grandes empresas, e entón, cando aparece algún debate coma este ,pois escápanlle como se fose o lume. É así. Porque non queren incomodar, non queren molestar os seus xefes de Madrid, esta é a realidade, non hai outra.

E miren, estes debates, se veñen aquí a este Parlamento, veñen porque o BNG os impulsa, e vostedes o que fan é poñerlles o freo coa AP-9, coa transferencia de tráfico e seguridade viaria, agora tamén coa transferencia de meteoroloxía. E é un absoluto sensentido o que viñeron vostedes dicir aquí. Primeiro, se miramos este mapa da Aemet (*O señor Bará amosa unha folla cun mapa.*), que é habitualmente o mapa que se lle presenta nos medios de comunicación á cidadanía, dá unha información totalmente deturpada. Sabémolo, a xente non vai, a maioría, a non ser por unha necesidade concreta, non vai mirar a páxina da Aemet para ver por provincias a información meteorolóxica, fíase da información que se dá a nivel de Estado.

Pero, claro, fíxense o sensentido, que aquí aparece un espazo en branco que é, por exemplo, Portugal, o norte de Portugal. É dicir, a nós dános a información meteorolóxica das Canarias ou das Baleares, ás que imos todos os días —como se sabe—, pero non nos dan a información do que pasa no norte de Portugal. Esa debería de ser unha das primeiras medidas que debería tomar o Goberno galego, ter unha cooperación directa en materia meteorolóxica con Portugal, (*Aplausos.*) porque é a nosa outra parte, á que imos todos os días. (*Aplausos.*) Isto non se pode admitir.

E, claro, vostede dixo que non temos as competencias pero non dixo que as demais comunidades, as do artigo 143, si que as teñen porque se aprobou no seu día unha lei orgánica pola que se dicía literalmente «transferencia de competencias exclusivas do Estado. Tránsito ás comunidades de Asturias, Cantabria, A Rioxa, Murcia, Aragón, Castela-A Mancha, Extremadura, Illas Baleares, Madrid e Castela-León a competencia exclusiva das seguintes materias: k) servizo meteorolóxico da comunidade autónoma». Con todas as consecuencias xurídicas, que é o que nós non temos e que vostede veu aquí recoñecer.

E vostede dixo que tiñan diferenzas a respecto da redacción que ten o texto que presenta o BNG. Ningún problema, isto é unha admisión a trámite. No trámite parlamentario poden



introducir todos os cambios que queiran para poder levar a cabo esta transferencia. Pero ¿por que non o fan? Porque están en contra de que Galiza teña estas competencias. Teñen que deixalo claro, porque teñen outras prioridades, porque as prioridades de vostedes son a axenda madrileña, son a axenda que lle ditan en Madrid, esa axenda reaccionaria, esa axenda hipercen-tralista. Porque vostedes están nesta materia botados ao monte en competencia coa ultradereita e entón non se pode falar deste tema. Esta é a verdadeira razón por que vostedes non traen aquí este debate. Polo tanto, teñan valentía, teñan coraxe, pensen e decidan por si mesmos — non o que lles mandan en Madrid—, abandonen esa submisión, non actúen como teleñecos de Madrid, como teledirixidos por Madrid, que son os que lles din que botón teñen que apertar.

E parafraseando ademais —remato— a señora Paula Prado, na súa intervención anterior: deixen de lado os intereses partidistas e defendan de verdade os intereses de Galiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Rematado o debate dos textos legislativos procedemos á votación dos mesmos.

Votación da toma en consideración das proposicións de lei

Comezamos votando de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamen-tario Popular de Galicia.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, tómase en consideración esta proposición de lei, que continuará a súa tramitación parlamentaria.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacio-nalista Galego, orgánica para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia dos ser-vizos meteorolóxicos radicados en Galicia á Xunta de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta toma en consideración.



O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Alteración da orde do día

Continuamos coa orde do día, neste caso hai unhas alteracións e agora tramitaremos mocións. E, dentro delas, comezaremos tramitando, en primeiro lugar, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e, posteriormente, debateranse as interpelacións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonso, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector da automoción

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Trece millóns de postos de traballo en risco. Xusto un ano antes da pandemia da covid, en marzo de 2019, o conselleiro delegado do grupo PSA, Carlos Tabares, clamaba enfurecido contra a decisión da Comisión da Unión Europea de reducir as emisións contaminantes nun 40 % para o ano 2030. E acusaba de poñer en risco 13 millóns de postos de traballo en Europa, 13 millóns de postos de traballo.

No Pleno deste Parlamento celebrado o pasado día 8 o BNG presentou unha iniciativa interpelando a Xunta sobre a situación do sector da automoción na Galiza. Un sector estratéxico para a nosa economía que representaba entre o 12 e o 14 % do noso PIB antes da pandemia, o 34 % das exportacións galegas, e que ocupou no ano 2020 unhas 25.000 persoas. Preguntámoslle ao vicepresidente Conde polos plans da Xunta para este sector, facendo fincapé en tres cuestións: ¿cal é a posición da Xunta sobre a posible instalación dunha planta de baterías?, ¿cal é a posición da Xunta sobre a excesiva dependencia do noso sector da automoción dun único gran fabricante?, e, por último, ¿cal é a posición da Xunta sobre a galopante precarización das condicións de traballo no sector?

Comezando polo final, sobre a precarización das condicións de traballo, o vicepresidente non dixo absolutamente nada, nada de nada, como quen escoita chover. E iso que fixemos varias mencións concretas: abuso dos contratos parciais, falta de preaviso nos ERTE, prácticas empresariais para evitar a aplicación do convenio do metal, posible uso fraudulento de centros especiais de emprego, e outras problemáticas. Ningunha destas cuestións mereceu o máis mínimo comentario.

Sobre o segundo aspecto, a excesiva dependencia dun único gran fabricante, o mesmo, silencio absoluto, nada que comentar.



Sobre a planta de baterías si que falou o vicepresidente Conde, concretamente, dixo dúas cousas: unha, que grazas á Xunta de Galiza, corrixiuse unha inxustiza e haberá un proceso competitivo para decidir a ubicación final da planta de baterías que o Goberno do Estado anunciou para Barcelona. E que a Xunta de Galiza apoiará calquera iniciativa para instalar unha planta deste tipo. Sinceramente, case era mellor que non dixera nada porque iso de que grazas á Xunta se corrixiu unha inxustiza e que vai haber un proceso competitivo para decidir a instalación da planta non llo cre ninguén. O resto de España dá por feito que a planta vai para Barcelona e procuran outras alternativas, algunhas son coñecidas e teñen moitos visos de chegar a concretarse: Estremadura, Euskadi, Valencia teñen os seus propios plans xa en marcha. E mentres tanto a Xunta segue a velas vir, apoiará o que veña, sen máis; ou, dito doutro xeito, o que diga Citroën, como toda a vida, como se aquí non pasara nada.

Miren, nós estamos moi preocupados, pois a falta de política industrial da Xunta, de iniciativa e de previsión, xa era coñecida; de feito, viña sendo unha constante nos últimos 12 anos de Goberno de Feixóo, pero hoxe en día xa é un clamor social mesmo en círculos empresariais. E vivimos momentos en que esa falta de política industrial é kamikaze, son moitas cousas, moitos cambios, moitas alteracións e moi importantes as que se están producindo na economía en xeral e no sector da automoción en particular. Unhas son novas e outras, aínda que xa veñen de atrás, están acelerándose, sobre todo en tres ámbitos: o coche eléctrico é un gran cambio, e o primeiro que debería facer o Goberno galego é saber como vai afectar este cambio o sector, como vai afectar o emprego, que compoñentes dos que hoxe se fabrican na Galiza desaparecen do motor eléctrico, cantas empresas e cantas persoas se van ver afectadas polo cambio. Por exemplo, ¿que pasa coas fábricas de escapes?, ¿coas que fabrican transmisións?, ¿ou coas que fabrican *coolers* para motores de combustión?, ¿ou coas que fabrican illantes térmicos? ¿Ten a Xunta algún informe, algunha previsión, algún mapa, algo sobre como pode afectar o emprego o cambio de motores de combustión a motores eléctricos?

Segundo, as novas formas de mobilidade. ¿Como van afectar o volume de produción as novas formas de mobilidade? A aposta polo transporte público, o coche compartido. Sobre todo, tendo en conta que o noso principal mercado son os países da Unión Europea que van estar á vangarda destes cambios. ¿Algunha previsión sobre isto?

E, por último, unha cuestión da máxima importancia e cando menos a nivel mediático, que pasou ultimamente a un segundo plano pero que preocupa especialmente no sector: a robotización. O sector da automoción é un dos sectores de actividade máis robotizados; é, por dicilo dalgún xeito, a súa marca distintiva e o modelo a imitar por outros sectores. De feito, xa antes da pandemia o 50 % de todos os robots da Unión Europea estaban instalados neste sector industrial. Pero isto non quere dicir que o nivel de robotización non siga aumentando. Nos últimos cinco anos o volume de emprego dalgunhas das fábricas máis grandes e coñecidas do sector, como DKN ou BorgWarner, diminuíu notablemente mentres aumentaba a produción. E estas tendencias de perda de emprego poden verse agravadas e aceleradas co aumento da dixitalización e intelixencia artificial nos sistemas e nas cadeas de produción.

¿Ten a Xunta de Galiza estimacións ou algunha previsión de como van afectar estes cambios que veñen denominándose Industria 4.0 e Industria intelixente o volume de emprego no sector?



Lonxe dos 13 millóns de postos de traballo que Tabares afirmaba que podían estar en risco na Unión Europea en función de como se enfrontara a descarbonización da mobilidade, o certo é que países como Francia ou Alemaña teñen a súa diagnose feita sobre os postos de traballo que van perder, e oscila entre os 15.000 e os 100.000 postos de traballo, respectivamente. E teñen plans para dirixir man de obra, instalacións e infraestruturas excedentes cara á produción dos novos compoñentes que os novos modelos de vehículos van demandar. E, o máis importante, teñen previstos investimentos.

Algúns países como Francia ou Alemaña —e mesmo, dentro do estado español, Euskadi ou Cataluña— queren estar á cabeza desta transición. E saben que conseguir a instalación, por exemplo, de plantas de baterías desas capacidades industriais e tecnolóxicas destinadas a satisfacer esa demanda futura de novos servizos e compoñentes que vai xerar o novo modelo industrial pode converterse nun polo de atracción para moitas outras fábricas. É dicir, é posible que aparezan novos polos industriais á calor da instalación desas novas plantas, destas novas capacidades. E nun sector onde a produción se traslada dun territorio para outro, onde as deslocalizacións son moeda de cambio corrente, contar con esas novas capacidades non só é fundamental para atraer novas fábricas senón tamén para consolidar as existentes. De aí que países cunha tradición e unha política industrial contrastada, que saben até que punto a industria é fundamental para unha economía, tomen a iniciativa e non agarden a que ningún lles diga o que poden ou non poden facer.

Esta é a razón de ser da moción que o BNG trae hoxe a debate. Unha moción que, basicamente, ten dúas partes: a primeira, constituír unha mesa galega da automoción na que estean presentes a propia Xunta, o clúster, as universidades e os sindicatos. Unha mesa na que teñan voz todos aqueles que teñan algo que dicir, algo que achegar, ou lexítimos intereses que representar. Un foro que sirva para tecer consensos dun xeito transparente, que sirva para democratizar o sector e que sirva para marcar estratexias de país. E, a segunda, poñer en marcha un plan galego pola automoción con tres eixos principais:

Promover a instalación na Galiza de novos actores e actividades industriais relacionadas co sector que rachen coa excesiva dependencia actual dun único gran fabricante, e que garantan a produción na Galiza daqueles compoñentes críticos e de máis valor engadido en función dos novos sistemas de mobilidade, fábricas de celas de baterías eléctricas, fábricas de semicondutores, fábricas de pilas de hidróxeno, motores de tracción, cargadores de a bordo, novos sistemas de tracción, inversores, controladores, portos de carga, etc.

Segundo: impulsar unha tarifa eléctrica galega competitiva que reverta no sector industrial do país os beneficios de sermos produtores de electricidade.

E, terceiro, impulsar un pacto polo emprego no sector que garanta a protección da saúde, o rexuvenecemento dos cadros de persoal, a contratación por xornadas completas e a aplicación do convenio provincial do metal para empresas sen convenio propio como chan salarial.

En definitiva, señorías, o BNG presenta unha iniciativa para o debate cunha serie de propostas que parten dunha profunda preocupación pola situación e o futuro dun sector im-



portantísimo para a nosa economía e, sobre todo, parte da convicción de que debemos ter, como país, unha posición, unha política e unhas actuacións moito máis decididas para conseguir consolidar a actividade industrial e o emprego. Unha convicción, que nós consideramos contrastada, de que os gobernos non poden deixar ao desingnio das grandes empresas o deseño e planificación dos sectores estratéxicos dunha economía.

Exemplos témolos de actualidade no sector eléctrico ou no bancario. Hoxe todos e todas podemos comprobar, por exemplo, no sector bancario como a dixitalización de servizos provoca enormes recortes de emprego. Non se cambian empregos menos cualificados por outros máis cualificados, hai un saldo negativo de postos de traballo no sector. Hoxe o persoal de CaixaBank anuncia unha folga en protesta polos máis de 7.000 despidos. Hai unhas semanas era o BBVA.

Non é a nosa intención demonizar as innovacións tecnolóxicas, todo o contrario,...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: ...pero se de verdade queremos que a tecnoloxía... —remato, señor presidente— ...esteá ao servizo das persoas e non ao revés, debemos preocuparnos de que os gobernos, que son os que representan os intereses colectivos das persoas na sociedade, se impliquen nesa planificación e deseño dos sectores estratéxicos. Precisamos unha diagnose do sector nas repercusións que van ter os cambios que estamos a vivir, e un plan decidido para consolidar actividade e emprego.

Máis nada polo de agora e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a señora Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Bo día, deputados e deputadas.

A fábrica Stellantis en Vigo ten unha produción superior a 500.000 vehículos. Isto fai que o sector da automoción estea moi arraigado na nosa terra e que teña unha forte presenza de centros tecnolóxicos. A planta do Grupo Stellantis converteuse na que máis vehículos fabricou en España durante o ano pasado e tamén foi o único centro nacional que conseguiu mellorar os seus rexistros de produción con respecto ao 2019.

Vigo é un enclave perfecto para proxectar unha fábrica de baterías eléctricas, unha fábrica de circuitos fotónicos, é dicir, os chips, e un proxecto de automóbil autónomo, debido á súa proximidade aos fabricantes do vehículo.



O pasado mes de marzo o Consorcio da Zona Franca presentou ao Goberno de España o proxecto dunha fábrica de baterías eléctricas para optar aos fondos Next Generation. A fábrica de baterías tería unha capacidade de produción inicial de 2 xigavatios/hora para alcanzar os 16 xigavatios/hora na fase final, cunha produción de 300.000 baterías eléctricas. O investimento alcanza os 151 millóns para os 2 xigavatios iniciais. Así, estímase que o investimento total pode superar os 1.000 millóns.

A creación de emprego tería dúas fases. Na primeira habería 100 empregos directos e 1.000 empregos indirectos. E na segunda, coa fábrica a pleno rendemento, máis de 800 empregos directos e 8.000 empregos indirectos. Porque o que realmente importan son os empregos que se van crear en Galicia. Aos galegos e ás galegas o que lles importa é ter emprego, o problema que ten a cidadanía galega é o emprego, é o emprego, e esta fábrica de baterías (*Aplausos.*) daría miles de empregos na comarca de Vigo.

Un dos puntos fortes do proxecto son os laboratorios de tecnoloxía de propulsión limpa asociados, un deles integrado no proxecto e outros catro de apoio liderado polo Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia, o chamado CTAG.

Os laboratorios diferencian este proxecto, que ten como obxectivo fixar a industria do automóbil, mellorar a súa competitividade, abastecer a demanda de baterías das fábricas de automoción da península, abastecer a demanda doutros participantes no proxecto, así como crear un centro de competencias e investigación e desenvolvemento do vehículo eléctrico. Xunto a isto, manter a posición de Vigo como referente europeo na produción de vehículos.

Trátase dun proxecto estratéxico que está liderando o Concello de Vigo e a Zona Franca. Da Xunta de Galicia non se sabe nada, parece que a industria non vai con ela, parece que as competencias de industria non son da Xunta de Galicia. E o que dixo o outro día o vicepresidente primeiro sobre a planta de baterías pareceu unha broma, unha broma macabra.

O impacto positivo do proxecto na sociedade e na economía é evidente porque con el a economía poténciase a través dunha necesidade de mercado, xérase emprego cualificado e investimentos, promóvese a mobilidade sostible, a industria da automoción queda suxeita ao territorio e a competitividade mellora e contribúe tanto á transformación dixital como á transición ecolóxica. España fabrica 2 millóns de automóviles, o 25 % en Vigo, necesitamos fábricas de baterías no noso país.

Outro proxecto presentado pola Zona Franca de Vigo no mes de maio relacionado co automóbil é o Programa tractor vehículo conectado V2X, tecnoloxía que permite a comunicación entre o vehículo e o seu entorno, que ten como obxectivo principal converter España nun referente internacional en mobilidade conectada e promover a I+D+i necesaria mediante a creación dunha rede de polos de experimentación de mobilidade para diversos entornos: o urbano, estradas, rede de alta capacidade, rural ou circuitos. E centros de homologación de produtos en catro autonomías: Galicia, Cataluña, Castela-León e Aragón.

Este proxecto, no que colaboran todos os actores con coñecementos do automóbil, preséntase para os fondos Next Generation. E podemos dicir xa que este proxecto é unha realidade,



como se confirmou esta pasada fin de semana, e que fai que sexa Vigo un pioneiro no auto-móbil conectado e autónomo.

Este proxecto xa pasou a ser un proxecto estratéxico para a recuperación e transformación económica da automoción, que será aprobado polo Goberno de Pedro Sánchez. Esta é unha moi boa noticia para Vigo e para Galicia, e é unha moi boa noticia porque creará 1.540 empregos nos primeiros tres anos. Volvemos falar de emprego, emprego e emprego e máis emprego, que é o que importa nestes momentos.

É unha oportunidade estratéxica para Galicia e para España que reflicte a forza do norte peninsular a través da unión espacial e xeográfica da Zona Franca de Barcelona e da Zona Franca de Vigo e que atraerá actividades de alto valor engadido necesarias para a industria. ¿Onde está a Xunta de Galicia? ¿Onde está a política industrial deste goberno do señor Feijóo? A Zona Franca de Vigo conseguiu xa que se faga realidade un proxecto para a industria da automoción. ¿Que conseguiu a Xunta de Galicia? ¿Que conseguiu o Goberno do señor Feijóo? Nada de nada. *(Aplausos.)*

Hai uns meses tamén a Zona Franca e a Universidade de Vigo presentaron un proxecto para instalar na cidade unha fábrica de circuítos fotónicos, é dicir, de chips, e un laboratorio de I+D que concorrerá á captación dos fondos europeos Next Generation. O orzamento previsto para desenvolver esta fábrica ascende aos 50 millóns de euros e a previsión é que en 3 anos entre en funcionamento xerando 150 empregos directos de alto valor técnico e 700 empregos indirectos. Outra vez empregos, que é o que queren os galegos e as galegas.

O profesor da Universidade de Vigo Francisco Díaz explicou que a fotónica é unha tecnoloxía clave para a Unión Europea, pero neste momento só hai dúas fábricas de chips en Europa, cuxa fabricación foi para Asia, como todos xa sabemos.

En 5 anos a fábrica absorbería ata o 10 % do mercado de fabricación e o 20 % do mercado de dispositivos. Un fito para Vigo e para Galicia que nos situaría no mapa europeo da alta tecnoloxía e semicondutores. Para España significaría a creación dun novo ecosistema nacional con capacidade para ter un impacto transversal en diferentes sectores da economía.

Non esquezamos que grazas á industria da automoción Galicia está no primeiro posto nacional en exportacións, pero non grazas, dende logo, á Xunta de Galicia, e iso a pesar da crise dos chips. A falta de semicondutores deixou de montar só na planta de Stellantis en Vigo máis de 50.000 vehículos desde principios de ano, obrigando a fábrica de Balaídos a recorrer a expedientes de regulación de emprego temporal, afectando o emprego de miles de traballadores, e volvemos falar de emprego. O que ten que facer un goberno é poñer solucións para que a xente non quede sen emprego, cousa que non fixo nin fai o Goberno do señor Feijóo, impórtalle ben pouco o emprego na automoción.

¿Ante esta crise dos semicondutores a Xunta de Galicia que fixo? Pois, outra vez, nada de nada. E o que si fixo é Zona Franca foi presentar un proxecto para os fondos Next Generation para non depender de ningún na subministración dos chips. ¿Onde está a Xunta? A Xunta



nin está nin se lle espera en política industrial, nin está nin se lle espera en política industrial. *(Aplausos.)*

Estes proxectos poderíanse ter presentado por parte do Goberno do señor Feijóo aos fondos Next Generation e así darlle ese pulo que tanto necesita a industria da automoción e a industria en xeral, pero non, prefiren estar desaparecidos, estar *missing* —se me permiten a expresión—. Culpar os demais e non facer nada, culpar os demais e dicir que a culpa é doutros. Pero o que si está facendo cousas pola automoción é o Goberno de España.

E, por certo, na Mesa galega de automoción que propoñen na moción estaría ben —é unha suxestión—, meter a Zona Franca e os concellos da área de Vigo. É unha suxestión.

E, por outra banda, dicir que non estamos de acordo con impulsar unha tarifa eléctrica galega, xa que o mercado da electricidade no noso país é ibérico, é de España e Portugal e vai en contra de toda lóxica económica. Pero ben, imaxino que isto xa se debaterá noutro momento, noutra ocasión, neste Parlamento.

E remato anunciando que nuns días o Goberno de España poñerá en contacto co Goberno autonómico para ver se quere cooperar e sumar ou seguir sen facer absolutamente nada. Veremos que fai, despois con dicir que a culpa é do Goberno de Pedro Sánchez arranxamos todo.

Únanse, cooperen, señoras e señores do Partido Popular, falen coa Xunta de Galicia e díganlle que se poñan a traballar, que se poñan a traballar, porque estamos diante dunha das maiores crises económicas dos últimos tempos e temos que estar todas as administracións xuntas e unidas para sacar este país adiante. A xente necesita traballar, están fartos de que lle digan que a culpa é do outro, a xente necesita traballar. Si, si, a xente necesita traballar. Deixen de estar na confrontación constante co Goberno...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...de España e póñanse a traballar dunha vez dende o Goberno galego.

Moitas grazas e nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Gallego.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días.

Grazas, presidente.



Ben, hai un teletipo de última hora que acaba de dicir que «Galicia lidera el aumento de la facturación de la industria en abril, al disparase 110,5 %...» (*Aplausos.*) e digo eu que algo terá que ver tamén a política industrial de Galicia para que se disparen esas cifras.

Ben, señora Gallego, vén vostede aquí falar do seu libro, vén vostede falar aquí dos seus compañeiros de partido, do delegado da Zona Franca, do propio alcalde de Vigo. ¿Onde están eses proxectos dos que fala? Porque moito anuncio e realidade cero. ¿Onde están eses proxectos dos que fala vostede? (*Murmurios.*)

Di vostede que lideran soamente aquí a Zona Franca e o Concello de Vigo a automoción. Iso é de verdade faltar ao respecto, moito, ao respecto ao propio sector, aos propios traballadores do sector, e ao propio Goberno galego, que traballa sempre, ademais, da man co cluster, sabe vostede que traballa da man co cluster, sabe vostede que traballa da man co cluster, co sector da automoción.

¿Onde están? Dígame vostede onde están eses proxectos, e onde está o investimento, e que vai facer. Hoxe mesmo na prensa tamén liamos unha noticia que di que a terceira fábrica de baterías de Stellantis pasa de largo por Galicia, (*Murmurios.*) porque o ministerio, non sei cal xa, non sei que ministerio, non sei a quen apelar senón a Sánchez, que está soamente pendente de Cataluña, tamén para a industria, soamente pendente de Cataluña e non mira para Galicia, e deixa pasar calquera proxecto que teña que ver con Galicia. Porque, ademais, non está á iso e non está á industria.

Polo tanto, señora Gallego, bueno, tiñamos un debate, aquí o Bloque expuxo o seu posicionamento, que nós discrepamos con el tamén, pero non veu aquí, coma vostede, facer unha propaganda e unha publicidade, que é á que estamos completamente acostumbrados en Vigo, de proxectos que saen en páxinas de xornais pero que nunca son realidade, que nunca son unha realidade.

Ben, o primeiro que teño que dicir neste caso é que xa existe un plan estratéxico. (*Murmurios.*) Existe un plan estratéxico, nin o primeiro nin o segundo, o cuarto plan estratéxico de automoción de Galicia. Que xa existe un interlocutor, un interlocutor entre o sector e a Xunta, que é o cluster, que é o propio CEAGA, e na web de CEAGA poden ver vostedes tamén como se está desenvolvendo e en que consiste ese plan estratéxico.

Polo tanto, dicía o señor Fernández que falamos de falta de previsión. Falta de previsión cando, desde o ano 2009, en que chegou, ademais, Feijóo á Xunta cun proxecto, cunha crise no 2012, con moitos problemas tamén na industria, si que se fixeron plans estratéxicos e se apostou por un sector, que, como digo, hoxe están disparando as súas cifras, están liderando exportacións, e os dous aquí, ademais, corroboraron ese dato.

Levan anos dicindo que a Xunta non colabora, non coopera, non aposta polo sector da automoción, e a Xunta leva anos apostando, colaborando e cooperando co sector. Falan e volven falar da tarifa eléctrica galega, como se esa fora a solución de todos os males, pero non no-mean o importante, o que se pode facer agora mesmo.



Vostedes falan da tarifa eléctrica galega para agochar varias cousas. A primeira, que España hoxe ten o prezo da luz máis caro de Europa, neste momento. Iso é restar competitividade absoluta —á parte de afectar as familias—, restar competitividade á industria. A desorganización na política enerxética do Goberno, con consecuencias cada vez máis graves na economía das familias, na economía das empresas, coa perda de competitividade, que un día din unha cousa e outro día din outra. Despois, a retirada por parte de Sánchez, por parte do Partido Socialista, da subestación eléctrica de Vigo, que xa era unha realidade e estaba no plan de rede eléctrica para o 2026, cun Goberno do Partido Popular, e chegou un partido ao Goberno Socialista a Madrid e retirouna. Polo tanto, iso si que se pode facer agora e vostedes falan da tarifa eléctrica galega, pero non falan desta realidade que se podería levar a cabo agora mesmo.

Con respecto ao punto 4, fala vostede do persoal, do emprego, e eu creo que habería que matizar, porque mete na mesma frase varios conceptos. Fala de convenios, o convenio provincial, un convenio propio que tamén tería que seguir e levarse a cabo por parte dos axentes sociais e seguir os seus cauces a través do Consello Galego de Relacións Laborais, e non a Xunta, que a Xunta non é quen de impoñer aquí os convenios ou os criterios que teñen que debater os propios axentes sociais e chegar aos seus acordos.

Se falamos dos cadros de persoal, hai que dicir que xa se pensa niso e xa se traballa niso. Vostede falou tamén da importancia da tecnoloxía e da importancia da robótica neste tipo de industria. A Axenda galega das capacidades levará a cabo un estudo exhaustivo das demandas de formación para o emprego por parte do tecido industrial e produtivo de Galicia, con total previsión, o que vostede dixo, xa está enriba da mesa, e estamos de acordo en que tanto as persoas desempregadas como as persoas empregadas que teñan unha formación máis antiga teñan que reciclarse, por suposto, que estean en activo e que teñan aínda moitos anos de traballo por diante. Deberán adaptarse ás novas necesidades da empresa, claro que a Xunta o ten en conta. E despois, estudos sobre tecnoloxías emerxentes, que se detectan tamén a través de traballos da Xunta de Galicia para detectar as necesidades no sector do automóbil, e para poder adaptar a formación.

Vostede vén aquí vender a súa mensaxe falsa, falsa, de que a Xunta fixo todo mal, e non apoiou a automoción. Igual que a propia voceira do Partido Socialista. Pero, mire, é que Citroën chegou a Vigo no ano 1958 e estamos no 2021, e dende entón, con todas as novidades, todos os avances que tiveron que pasar, todas as crises que tivemos que pasar, segue aí. E vostede tamén, ás veces, na súa exposición de motivos, nalgunhas PNL de automoción, dá a entender como que habería que diversificar, como que Stellantis neste caso, ou a antiga Citroën é un xigante... Imos ver, isto é o motor, é o tractor, que dende que chegou a Vigo o que está pelexando sempre esta Xunta de Galicia neste momento, é que permaneza aí, e que tire por suposto de todas as empresas auxiliares que ten ao seu arredor, e polo tanto tamén de todo o que son as exportacións e os tráxicos no porto de Vigo.

Porque, mire, volve dar tamén un dato do porto de Vigo. O último Consello de Administración: «A pesca conxelada, os automóviles e o cemento son as mercadorías máis significativas no pasado mes.» E dígolle que as mercadorías como a pesca conxelada subiron un 20,72 % e os automóviles un 17,11 % con respecto ao 2019, que puido ser un ano de pandemia



e poderíamos contabilizalo, pero é que no caso acumulado de maio do 2021 destacan nos automóviles cunha subida dun 23,5 %.

Polo tanto, é falso —xa se vemos os datos— que as cousas vaian mal, ou que haxa que cambiar o plan e as políticas de automoción da Xunta de Galicia. Stellantis segue sendo a segunda factoría máis importante de España, a mellor produtividade do grupo. ¿É un éxito de todos? Pode ser un éxito de todos, pero votedes non intenten eludir aquí que a Xunta de Galicia dende o primeiro momento, sempre, dende o Partido Popular, apostou pola automoción coma un sector estratéxico, e que o está demostrando día a día.

A crise dos microchips preocupa, efectivamente preocupa, pero o pasado venres liamos o seguinte titular: «O automóbil aupa a Galicia ao número un nacional en exportacións, pese aos chips.» E, como dixen antes, o porto de Vigo vai coma un tiro, grazas a esa produción, a esa factoría e ás políticas —insisto— industriais da Xunta de Galicia, que en ningún momento elude a súa responsabilidade.

Son boas noticias polo apoio que se está dando, e xa pensando no futuro. Pensando no futuro porque o CETAC, CEAGA e a Xunta de Galicia traballan tamén no proxecto, que vostedes coñecerán, que é o proxecto AutoAncora, que inclúe innovación, inclúe formación, inclúe un ciclo de valor máis verde, máis dixital, e todo fiado a uns fondos europeos para poder aportar todas as necesidades que teña a empresa.

Hoxe lía tamén que un estudo avanza que posiblemente a crise dos microchips, que afecta toda Europa, vai ser unha crise mundial. Habería tamén que solventala con varias axudas. Pois poderíamos tirar tamén aquí destes fondos dos que no Goberno non temos moita confianza.

Todos os pasos, todas as accións que expuxo o vicepresidente segundo e conselleiro de Industria na interpelación aquí teñen un obxectivo dentro do plan galego para a automoción, e é que Vigo e a súa área metropolitana sexan o punto de referencia onde se deseñe e acade a mobilidade do futuro.

Pero, señora Gallego, teño que dicirlle que todo este traballo xa se ten feito e está enriba da mesa, e o que vostede dixo aquí é fume, puro fume, anuncios, anuncios, fotografías, fotografías, pero nada, nada, nada pechado. É que non hai ningún proxecto enriba da mesa por parte do Goberno de España. Vén vostede aquí e anuncia que o Goberno de España vai poñerse en contacto co Goberno galego. Moi ben, pois se dá vostede aquí esa exclusiva, veremos se é verdade ou non.

Non axuda, non axuda á actividade do Goberno galego, e as decisión que, realmente, se ven non axudan, como foi retirar, por exemplo, a subestación do plan de rede eléctrica para o 2026. A subestación de 220 quilovoltios, que é o que realmente é prioritario e é fundamental para a competitividade do sector da automoción e a competitividade da área metropolitana de Vigo e da industria de Vigo e da súa contorna, señora Gallego. Esa si que é unha decisión política e é un feito, ese si que é un feito e é totalmente negativo.



Canto ao Bloque Nacionalista Galego, teño que dicir que tamén as súas decisións e as accións non axudaron, pois vostedes non apoiaron o cambio da Lei do solo para ampliar a propia Stellantis no seu día. Vostedes non apoiaron o acordo de non demonizar o diésel e impulsar a axenda da industria da automoción. Vostedes tampouco aprobaron unha proposta de incentivar a substitución de vehículos de máis de 10 anos por outros novos de baixas emisións nunha PNL neste Parlamento. Polo tanto, vostedes tampouco axudan, non apoian as axudas. Vostedes cambiarían radicalmente a política de automoción, pero é que resulta que vai ben, que as exportacións son moi elevadas. Resulta que hai emprego, que hai posibilidades e expectativas de futuro para o emprego, para as auxiliares e para a propia Stellantis Vigo. E, polo tanto, se vostedes queren cambiar radicalmente todo, probablemente iría mal, e, polo tanto, nós non estamos de acordo en apoiar esta moción, e xa sabe vostede que discrepamos en moitos temas, pero é que aquí os datos avalan realmente a política da Xunta de Galicia.

Hai moi poucos territorios en Europa que poidan acreditar unhas cifras deste nivel, e non vou repetir o que dixó aquí tamén o vicepresidente primeiro e conselleiro de Industria, pero Galicia fabricou case 1 de cada 4 vehículos que se producen en España, e máis do 30 % das nosas exportacións proceden do sector da automoción.

Polo tanto, a Xunta de Galicia seguirá traballando nesta liña, porque os datos son positivos e o avalan. E das mentiras da señora Gallego e do Partido Socialista non nos fiamos en absoluto. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción, ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado.

Son tal para cal. A verdade é que nin PSOE nin Partido Popular presentaron nada para o sector da automoción galego antes do anuncio da planta de baterías para Barcelona. As súas manifestacións ou proxectos posteriores non son máis que vans intentos de non quedar en evidencia. *(Aplausos.)* Pero insisto, o certo é que hai proxectos noutros territorios, noutros países, que non esperan a que ninguén lles diga o que poden ou non poden facer. Fala de boas expectativas e de datos, pero non contesta aos requirimentos que lle facemos de ver informes e previsións sobre o impacto no emprego de todas estas transformacións.

Voulle mencionar de novo algúns dos que mencionei durante a interpelación. O proxecto Basquevolt, por exemplo. É un exemplo interesante porque implica a colaboración de diferentes administracións, impulsado polo Goberno vasco, pero tamén coa colaboración do Goberno de Estremadura, e mesmo de Nafarroa. En Barcelona, ademais dos proxectos que van impulsar desde o Goberno do Estado, hai un proxecto impulsado polo centro tecnolóxico Eurecat e polo Instituto de Investigación de Enerxía de Cataluña para un centro tecnolóxico de baterías.



Mentres, a ministra de Industria anuncia hai un par de días que, ademais da fábrica de Barcelona —que menos o señor Conde todo o mundo xa dá por feito—, existe a posibilidade de impulsar a instalación doutra, e manifesta que Asturias é a favorita para albergar esa segunda fábrica.

O peso do sector na Galiza é evidente, e o peso relativo do sector galego respecto do conxunto do Estado tamén é coñecido. Sen embargo, non estamos nas quinielas, unha contradición coa importancia do sector. O que deixa en evidencia, entre outras cousas, o nulo peso político da Galiza de Feixóo.

A falta de iniciativa da Xunta é un feito, pois non existía e non existe por parte da Xunta de Galiza ningunha iniciativa para instalar no noso país fábricas como as que sinalamos na nosa moción. Decenas de baterías eléctricas, de semicondutores, de pilas de hidróxeno, motores de tracción, cargadores de a bordo, novos sistemas de tracción, inversores, controladores, portos de carga... En definitiva, os novos compoñentes, e fundamentais, dos novos modelos de vehículos.

Non imos negar que a Xunta subvenciona o sector, é de dominio público, pero isto non significa que teña un plan. Subvencionar, por exemplo, proxectos como os de Busynes Factory, moi orientados á industria 4.0 e á fábrica intelixente, non debera estar en contradición coa instalación de novas actividades e novos actores no sector da automoción do noso país. Nin tampouco debera de estar en contradición, senón todo o contrario, con saber cal é o impacto no emprego da aplicación desas innovacións nos procesos produtivos.

Falaba o vicepresidente Conde da colaboración público-privada e de achegas ao sector por valor de 200 millóns de euros nos últimos anos. Sen embargo, non fixo mención ningunha —nin vostede tampouco— á precarización das condicións de traballo no sector, tal como lle requirimos. A sensación que transmite a política da Xunta respecto do sector da automoción é, precisamente, que a súa política remata na concesión de subvencións. Que a colaboración público-privada da que tanto fachendea o Partido Popular vén sendo subvencionar sen pedir explicacións, sen preocuparse de garantir un retorno para a sociedade que fai esa achega económica. Do mesmo xeito que agora vai subvencionar ao sector bancario a instalación de caixeiros no rural.

A nosa moción vai dirixida a crear, primeiro, un foro do sector onde todas as partes interesadas e afectadas poidan contribuír a fixar obxectivos a longo prazo. E a facer seguimento do resultado e do impacto, non só das transformacións do sector a nivel tecnolóxico senón tamén das políticas públicas, do gasto público. E, en segundo lugar, a poñer en marcha un plan non só de captación de novas actividades e actores, que é fundamental, senón tamén un plan que teña moi presentes as condicións de traballo no sector, as condicións de saúde laboral, a estabilidade no emprego, a parcialidade, a conciliación da vida laboral e familiar. Xa lle dixemos ao vicepresidente Conde —e fixo como se non escoitara— que hoxe todo o mundo ten claro no sector que as condicións de traballo empeoraron moito nos últimos anos e que seguen a empeorar, é unha tendencia consolidada. E a Xunta simplemente fai como se fose un mal necesario ou inevitable, e non se trata dun fenómeno reducido aos talleres e ao persoal menos cualificado, é un fenómeno transversal que chega a todas as capas do sector.



E o Goberno debe facer algo ao respecto, non é de recibo o pasotismo ou, peor aínda, o silencio cómplice da Xunta de Galiza con esta tendencia, con esta precarización galopante das condicións de traballo nun sector que —non o esquezamos— non só ten beneficios milmillonarios ano tras ano senón que conta co apoio incondicional de todos os ámbitos políticos, desde a Unión Europea á propia Xunta de Galiza.

E, para rematar, Galiza é un país con abundantes recursos de enerxía renovábel, unha fonte de riqueza que debemos aproveitar, entre outras cousas, para industrializar o país.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Calquera tipo de industria —remato— é fortemente dependente dos prezos da enerxía, mais na actualidade non é o prezo o único que importa senón tamén a orixe da enerxía. Non se entende que o noso Goberno, que a Xunta de Galiza, non estea facendo o imposible por poñer en valor os nosos recursos enerxéticos, por facer destes recursos unha vantaxe competitiva, que pode ser radical para colocarnos á vangarda da transformación do sector e dos modelos de mobilidade en xeral.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Precisamos un plan para o sector, precisamos visión global do sector industrial e do contexto dos mercados onde esta actividade se desenvolve. E baixo ningún concepto podemos perder de vista as condicións de traballo no sector e as expectativas de vida das persoas que representamos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: É a nosa obriga. É a súa obriga.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos á seguinte moción.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da xestión dos recursos humanos no Servizo Galego de Saúde

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción:



Emenda de substitución

Substituír o texto do punto 3 polo seguinte:

«3. Realizar de inmediato un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de estabilidade de emprego, para negociar de inmediato na mesa sectorial, que permita establecer un cadro de persoal coas ratios axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación, e a convocar a totalidade das prazas vacantes.»»

Emenda de adición

Engadir un novo punto 4 co seguinte texto:

«4. Demandar do Goberno español o cumprimento do acordo aprobado por unanimidade que di:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a instar ao Goberno español á eliminación como norma básica da taxa de reposición de efectivos na Lei estatal de orzamentos, correspondendo a cada comunidade autónoma a competencia de determinar o número de prazas a incluír na oferta anual de emprego público.”»

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

É un debate case eterno falar de condicións laborais dos profesionais do sistema sanitario de saúde de Galicia, e ten que ver con algunhas cuestións. Pero, dende o noso punto de vista e vendo, sobre todo, as interpretacións que se fan do sistema nas últimas semanas, nos últimos meses, pero sobre todo, ademais, case nos últimos debates parlamentarios, ten que ver con algo bastante claro e é que non vemos o mesmo sistema. O Goberno da Xunta de Galicia e o Partido Popular e os socialistas non vemos o sistema no mesmo punto; correspóndelle ao Goberno de Galicia dirixir todo o sistema pero mira para el só nalgúns puntos, soamente ve unha parte do sistema. Correspóndelle dirixir un sistema para o que non mira. E este é basicamente o problema, porque nós cremos que, ademais, hai certos debates que se están provocando, particularmente, de maneira moi recente, que demostran que a mirada ou o ollar que ten o Goberno do Partido Popular sobre o sistema sanitario e os profesionais sanitarios en Galicia está certamente desviada.

Para poñer o exemplo máis claro, existiron aquí —no que eu poido contar— tres ocasións —pode ser algunha máis pero creo que foron tres polo menos— neste Parlamento en que recentemente se apelou a que o problema de recursos humanos —que, por certo, xa non se nega, xa é unha evidencia que hai un problema de recursos humanos no Sergas, polo menos algo avanzamos— e deuse unha explicación un tanto preocupante. E centrouse nunha afir-



mación que fixo algunha deputada do Partido Popular nalgún debate e que reafirmou o conselleiro para darlle máis solemnidade. O problema está en que non hai médicos que queiran 60.000 euros ao ano por tres anos de traballo de 8 a 3 da tarde. Teño a intención de discutir varias cousas que teñen que ver co entorno desa frase, co entorno. Pero sobre esa frase hai tres conceptos: 60.000 euros, 3 anos, de 8 a 3 da tarde. E eu quero trasladarlle ao Partido Popular algo do que igual non se está enterando, e é que ningunha das tres cousas é verdade, ningunha. Ningunha das tres cousas que se afirman nesa frase é certa, ningunha, e non hai maneira de ofrecer un contrato porque non existe esa oferta no actual sistema do Sergas en Galicia, non existe.

Este contrato que aquí se expuxo como argumento, como xustificación, para dicir que ao final —que é o que se quixo dicir— os profesionais teñen a culpa porque non queren aceptar eses contratos, a realidade é que é mentira. E ademais de ser mentira e de ser erróneo, é maquiavélico e é perigoso, e isto é o que nos motiva a reforzar esta iniciativa hoxe: é erróneo, é maquiavélico e é perigoso. É erróneo porque non é certo, e ademais quen o dixo no último Pleno, o conselleiro, sabe que é mentira e, se non sabe que é mentira, ten un problema; non existe esa oferta de contrato, nunca existiu, nunca. Segundo, é maquiavélico porque supón poñer o problema enriba dos profesionais, que a cidadanía poida mirar para os profesionais e dicir sodes os culpables de que non haxa un médico ou unha médica no meu centro de saúde, porque iso é o que traslada esa afirmación. E ademais é perigoso, é perigoso porque interpretar en termos de cartos deixa ás claras que a intención do Partido Popular é entender a sanidade como un ben de mercado. Pero non é un ben de mercado, porque o problema sanitario que temos de recursos humanos non é un problema de cartos, non é unicamente un problema de cartos. Ten que ver, claro, o recoñecemento a un traballo, pero non é unicamente un problema de cartos porque, entón, entenderíamos que todos os traballos teñen unicamente a interpretación en termos de cartos. E, dende logo, moralmente algúns —moitos, unha gran maioría, unha inmensísima maioría da poboación— entendemos que iso non é interpretable, e especialmente ademais no sistema sanitario tampouco. Non é un problema de cartos, o traballo non se fai unicamente por un problema de cartos; a cuestión de recursos humanos ten que ver con moitas outras cousas. Por tanto, é perigoso e é maquiavélico, ademais de ser mentira, e ser mentira ten o problema, ademais, de que quen a afirma, quenes a afirmaron, saben que é mentira. Non existen eses contratos e, por tanto, non se lles pode botar a culpa aos profesionais.

E ademais trasladamos que é mentira porque vén aliñado cun prisma absolutamente erróneo de como está o sistema. Porque o problema de facer publicidade é que quen a fai crea que é certa, e a publicidade que fai o Partido Popular sobre os recursos humanos do sistema leva a crer que é certa.

Repasemos algúns grandes fitos —que diría Les Luthiers— sobre este asunto. A eventualidade está ao 8 % e camiñamos cara ao 5 %, díxoo aquí o conselleiro, o señor Almuíña, hai dous anos aproximadamente, debatendo sobre a eventualidade. Nada máis falaz.

Xa non collan as afirmacións que facemos os socialistas, non collan nin sequera as que fan os colectivos profesionais —debe ser que neste caso non os queren escoitar—, os sindicatos... Non collan ningunha desas. Xa que nos gustou a Comisión de reconstrucción, vaíamos



á Comisión de reconstrución: o doutor Tato Vázquez Lima, que compareceu e que falou de moitas cousas, puxo o foco nun dos graves problemas: a eventualidade no sistema, que el cifrou por riba dun 20 %. Poñamos o foco en profesionais de enfermaría. Nesa mesma Comisión de reconstrución —olvidense doutras cuestións— falaron de máis do 30 % en enfermaría, incluso superando o 35 % nalgúns áreas sanitarias en especial, como por exemplo en Vigo. E aí está o problema, que temos 1 de cada 5, ou 1 de cada 4 en función da categoría laboral, profesionais do sistema de saúde nunha situación de eventualidade, de inestabilidade permanente. Dicir, como se dixo aquí, que estamos no 8 % e imos camiñando cara ao 5 % é mentira e, ademais, é dunha falacia que hai que ter pouca vergoña para afirmar. E este é o problema.

Segunda cuestión: «Recoñecemos moito o traballo e as competencias profesionais», ¡falaz!, porque os feitos falan, porque os profesionais hoxe en día —os profesionais de primaria, por poñer un exemplo claro— non teñen unha capacidade de solicitar probas diagnósticas tanto como desexen e como a súa formación lles permite. Estanlles dicindo aos profesionais de primaria que todo o que eles saben está moi ben pero que teñen que pedir permiso para facer algunhas probas, o cal é denigrante para a súa profesión. Pero estanlles dicindo ás enfermeiras que hai un real decreto en España que lles permite prescribir, o Partido Popular quitoulles a capacidade de prescribir ás enfermeiras e este Goberno actual devolveuna hai dous anos e medio. E Galicia —que lles gusta moito facer rankings— é unha das últimas tres comunidades en recoñecelo, aínda non o fixo; hai máis dun ano, máis de dous anos, que hai comunidades autónomas nas que as enfermeiras poden contribuír a desatascar o sistema facendo prescricións. En Galicia non teñen esa capacidade recoñecida, ¿por que? Porque vostedes denigran os profesionais; por tanto, non falen de recoñecer, écheselles a boca falando de profesionais pero non llelos recoñecen.

Non hai profesionais, din moitas veces: 150 prazas MIR en Galicia dende que está o señor Feijóo de presidente e que se puideron ter pedido para a atención primaria e non existen, ¿por que? Porque é unha decisión política non pedilas. Non hai profesionais de enfermaría. Hai dous anos tivemos unha oposición masiva en Silleda, 800 prazas, presentáronse 8.000 profesionais; quedaron máis de 7.000, por tanto, sen praza. Desapareceron, ou non existen, tragounos a terra, ¡hai profesionais!

A estabilidade dos contratos: temos contratos de 3 anos, ¡mentira!. Os contratos de substitución nunca son de 3 anos. Dixémolo ao principio, se vostedes poñen o rango de 1 a 3 anos, ¿que van acabar facendo?, contratar por 1 ano. ¿Que acabaron facendo? Contratando por 1 ano. ¿Resultado dos contratos de continuidade? Fracaso absoluto da política da Xunta.

«Contratamos conforme a lei», que se presumiu isto. ¡Que un chega a ter que presumir de contratar conforme a lei!, nin sequera. Sentenzas xudiciais que obrigan a volver contratar profesionais porque se despediron en malas condicións, que acusan en sentenzas xudiciais de contratos torticeiros, fraudulentos, de saturación de profesionais, nos xulgados, e a ningún se lle cae a cara de vergoña. Todo é falaz.

Esta semana tiven a oportunidade de estar con varios colectivos profesionais e visitar nun centro de saúde os profesionais dun centro en Galicia, en Baiona concretamente, que, ade-



mais, me pediron que o citara aquí porque eles consideran que son paradigmáticos da situación que se vive. Sabemos que hai case 400 centros de saúde ou puntos de atención en Galicia, son un só, pero eles, polo que eles saben, polo que nós sabemos, polo que todo o mundo sabe, son certamente paradigmáticos. Enfermeiras que deixaron de poder acudir a colaborar coa vacinación porque estaban sendo ninguneadas e desprestixiadas. Enfermeiras que veñen rebotadas de facer nunha mesma semana catro contratos, un nun centro de saúde, outro en urxencias dun hospital, outro en neonatos, outro en planta; que non saben nin a que hora lles vai tocar; persoas que teñen dous contratos ao día algunhas veces. Unha plantilla de profesionais que non está completa dende hai anos porque non se cobren as baixas. Baiona, un lugar —por se alguén non o sabe— que, normalmente, en verán, e por sorte para a economía local e da comarca, échese de persoas que a visitan —e agardemos que sexa así—, este verán —vostedes poderían pensar que hai que aumentar e poderemos debater se hai que aumentar moito ou pouco a plantilla— nin sequera está previsto que lle substitúan os profesionais de baixa. Vostedes están desprezando os profesionais, e ademais é que están desprezando o maior talento que temos no sistema, que son os profesionais. Ninguén pode dirixir nada desprezando o maior talento que ten, —¡miren como lle vai a Luis Enrique sen Aspas; pois esta é a mesma historia—; non poden vostedes desprezar o mellor que temos, que son os profesionais. Soben aquí, falan moi ben deles, pero despois bótanlles a culpa e poñen diante da cidadanía: é que os médicos son egoístas porque non queren 60.000 euros por 3 anos de contrato de 8 a 3 da tarde. E iso é mentira, ningunha das tres cousas. E para dicir iso hai que ter moito estómago, hai que ter moita capacidade de mentir e, ademais, hai que ter moi pouco ollar para o sistema. Están vostedes dirixindo todo o sistema, gústalles mirar para algunhas cousiñas que funcionan moi ben, si, porque hai cousas no sistema que funcionan moi ben, pero o sistema non se fai para catro puntos concretos, para catro persoas concretas ou para catro investimentos concretos. Faise para todo un país, no que agora mesmo os seus profesionais sanitarios, que son o mellor que temos, senten que están absolutamente abandonados.

E nós propoñemos nesta iniciativa, como en moitas outras, tomar decisións que son posibles, que se poden tomar inmediatamente e que poden mellorar en parte todo o sistema de recursos humanos do Sergas, que é mellorar ao fin a atención e a calidade sanitaria da cidadanía galega. Se é que iso é o que queren, que ao final...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...un empeza a dubidar de que sexa o que vostedes queren.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Co de Aspas estou de acordo totalmente. *(Risos.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.



A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Dicía o señor Torrado, o autor desta iniciativa que estamos a debater, que o problema do Partido Popular é que non miraba. É que ver é o que ocorre cando ten éxito a acción de mirar, e pódese mirar e non ver. O Partido Popular mira pero non ve o sistema sanitario porque, entre outras cousas, non quere velo.

Na anterior sesión plenaria, o BNG traía tamén aquí a este pleno por enésima vez unha iniciativa demandando mellorar as condicións laborais e salariais do persoal da sanidade pública galega. Unha iniciativa na que demandabamos, na que pedíamos, rematar coa política de precariedade e explotación na contratación ofertando contratos dignos para evitar que sigan marchando profesionais de cara á privada ou ao estranxeiro. Teño que volver repetirlle que, de 70 profesionais que remataron o MIR de familia comunitaria, só quedaron na atención primaria 30.

Era unha iniciativa na que demandabamos realizar os contratos pola causalidade que se orixina e por todo o tempo da mesma, é dicir, contratar unha persoa para substituír a cuestión que orixinaba esa contratación e non por horas nin por días nin unhas horas si e outras horas non. Solicitabamos a equiparación salarial, tamén merecida polo persoal, e poñer en marcha unha identificación das prazas, a ver cal é a situación do persoal no Sergas, canto persoal hai e cal é a súa situación. E o Partido Popular votou en contra porque considera que todo está ben, que non hai absolutamente ningún problema.

Trouxemos tamén a aquela sesión plenaria unha pregunta feita polo meu compañeiro Manuel Lourenzo a respecto do Centro de Saúde da Guarda, un claro exemplo de como están os centros de saúde do noso país. Alí, na situación deste centro de saúde, vense con claridade problemas estruturais, problemas de falta de profesionais. E tivo o conselleiro, á parte de dicir que si, que hai un problema pero que non sabe como vai solucionalo, tivo incluso a desfachatez de asegurar que as persoas desprazadas non van aos centros de saúde, que só van aos PAC. Supoño que nunca pasou por un centro de saúde e non ve como persoas desprazadas, crónicas, que teñen que poñer inxectables, que teñen que facer curas, que se encontran mal, que van aos centros de saúde. E, en todo caso, aínda que só foran aos PAC, suponse que terá que haber profesionais para atendelos neses PAC.

Ben, en todo caso, o BNG, como dixen, ten traído a esta tribuna en múltiples ocasións a situación laboral do persoal do Sergas: non causalidade, senón unha situación de precariedade, de temporalidade, froito de 12 anos de políticas de recortes, de oídos xordos, de prepotencia, de ordeno e mando co persoal. Un sistema sanitario totalmente infradotado de profesionais, nalgunhas especialidades, como o caso de enfermería, moi por debaixo das ratios do Estado español ou da Unión Europea; profesionais que levan en situación de eventualidade 10, 14 anos, é dicir, unha situación, dende logo, non aceptable.

Pero eu hoxe quero traer aquí o testemuño,... dous, dous testemuños que nos... un publicado e outro que se nos fixo chegar. Digo para que a ver se se dan conta de que non é un problema de que nos inventemos unha realidade, senón que é unha situación padecida polos profesionais.



E o primeiro que lles vou ler é unha carta que nos manda Amelia, que di: «Bo día, son a nai dunha enfermeira. Durante este ano e pico, a miña filla estivo loitando contra esta pandemia que nos atacou tan gravemente. O tempo foi pasando e tras sucesivas olas a cousa parece que quere mellorar, aínda que hai que darlle tempo e veremos o que acontece. Como nai, síntome orgullosa da miña filla, pero tamén de todos os seus compañeiros e compañeiras e de todo o persoal que loitou e segue loitando contra a covid. Cando parece que todo vai mellor, a miña filla vai peor, tocou fondo. Todo este tempo estivo evitando visitarnos, vémonos moi pouco e con moitas precaucións porque tiña medo, moito medo a contaxiar a súa familia. Un bo día dixo: xa non podo máis, teño que volver á casa, estou triste todo o día e non fago máis que chorar. Non podo ir ao hospital porque me dá tanta pena toda a xente que só choro e necesito axuda. Volveu á casa pero cando recordo o que me dixo sinto que me falta a respiración. Un día, chorando, díxome: mamita, que soa estiven este ano. E así, sos, é como se senten a maioría dos que estiveron e están inmersos... (Aplausos.)

Continúa a carta dicindo: «Así, sos, é como se senten a maioría dos que estiveron e están inmersos nesta batalla. Pero eu quixera saber como se senten os nosos gobernantes, os que tiñan que poñer as persoas antes que os seus intereses políticos.

O premio Princesa de Asturias está moi ben, supoño que xa sabedes que moitos enfermeiros e enfermeiras din que no currículo vai quedar sensacional. E agora eu pregunto —di esta nai—: ¿Podedes explicarlles por que, se a enfermería é un grao universitario e ten 4 anos de estudos, como case todos os graos, seguen sendo un nivel 2 e non poden optar ao nivel A1 aínda que teñan un máster? ¿Podedes explicarlles por que o Sergas os segue a tratar como as últimas monas e chamando a esta xente que loitou tanto ás tres e cuarto para ir a traballar ás tres? ¿Ou cando unhas vacacións, 2 días ou un, antes, cando o persoal tivo que pedilas 2 ou 3 meses antes? ¿Podedes explicarlles por que hoxe lles dan un turno en urxencias, por poñer un exemplo, e mañá mándanos á planta ou aos de planta mándanos para urxencias? ¿Podedes explicarlles por que non se intenta darlles unha estabilidade para poder organizar a súa vida? ¿Podedes explicarlles por que se necesitan enfermeiras e as prazas que se convocan non se corresponden coas necesidades? ¿Podedes explicarlles por que nestes momentos sacan a oferta de emprego para o Sergas cando todos sabemos que o persoal non tivo un respiro dende hai anos, desde hai máis dun ano, para preparar unha oposición xa que a maioría dobraron turnos, non se lle deron días libres nin vacacións e o seu desgaste psicolóxico foi enorme? ¿Podedes explicarlles por que teñen que pagar do seu peto as consultas de psicoloxía? ¿Podedes explicarlles por que, se non poden pagar a consulta de psicoloxía, teñen que esperar tanto tempo para unha consulta no servizo público e esta é tan curta e separada no tempo que de pouco vale? ¿Podedes explicarlles por que se, nestes momentos son tan necesarios, non se contratan máis especialistas neste campo, psicólogos clínicos? ¿Podedes explicarme a min, como nai, todo isto?>>

¿Poden, señores deputados e deputadas do Partido Popular, explicarlles a Amelia algunha das preguntas que fai aquí en nome da súa filla? Eu agardo que teñan algunha explicación, porque as preguntas que se fai Amelia e que se fan moitos profesionais do sistema sanitario do noso país merecen algunha explicación.



E tamén vou ler brevemente a contestación que fai nun medio de comunicación un médico dese centro de saúde da Guarda contestando ao que dixo aquí o conselleiro a respecto dos contratos. Como é longa só vou ler un par de parágrafos. E di este médico, Álvaro Lamas, a respecto do tema dese contrato que desgranou aquí o señor Torrado, di: «Non son de carácter económico as nosas queixas. Preocúpanos a calidade asistencial, preocúpanos non poder atender en condicións as persoas usuarias, preocúpanos a nosa saúde física e mental e, por suposto, a dos nosos pacientes. Tememos polo futuro da atención primaria. Por exemplo, podían ofrecernos maior estabilidade contractual e continuidade nunha mesma praza, ou mellorando o trato, ata humano, que a gran empresa que é o Sergas dá ás súas propias empregadas, poucas atencións e, por encima, moitas veces difamadas en prensa e en sesión parlamentaria.»

E fai tamén unha pregunta: «¿Quen quere, tendo outras opcións, traballar onde só reciben desprezos?».

Estas cuestións non as di o BNG, dinas nais, dino profesionais a respecto da situación na que traballan, a respecto de cal é a situación dos profesionais e das profesionais na sanidade pública. Porque o persoal, señoras e señores do Partido Popular, leva realizando moitos esforzos e sacrificios para que a situación de deterioración da sanidade pública de Galiza non sexa máis evidente; lévanse afanando para que esta situación non se teña trasladado con máis intensidade aos doentes e por parte do Sergas, do Partido Popular, na vez de terlles compensado ese esforzo, non fixo máis que maltratalos, ningunealos e desprezalos. Esa é a realidade.

O BNG vai votar a favor desta iniciativa que trae hoxe aquí o Partido Socialista, e presentámoslle unha emenda, que é realizar de inmediato un plan de ordenación de recursos humanos a partir do cal presentar un plan de estabilidade no emprego para negociar nas mesas sectoriais cos representantes dos traballadores e traballadoras que permita establecer un cadro de persoal con ratios axeitadas, ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación e convocar a totalidade das prazas vacantes. Porque rematar coa precariedade e temporalidade é convocar prazas e estabilidade.

E outro punto da emenda é demandar que, dunha vez por todas, o Goberno español leve a cabo o acordo unánime deste Parlamento onde demandabamos que o Parlamento de Galiza instaba a Xunta a instar do Goberno español a eliminación, como norma básica, da taxa de reposición de efectivos na Lei de orzamentos, correspondéndolle a cada comunidade autónoma a competencia de determinar o número de prazas a incluír na oferta anual de emprego público. Cremos que debe ser Galiza quen determine cantas prazas se necesitan e, evidentemente, convocalas absolutamente todas, todas as eliminadas con esa taxa de reposición, que foron varios miles e que son tan necesarias para que o noso sistema sanitario teña un número de profesionais acaídos para prestar esa atención que necesita a nosa poboación. Porque o sistema sanitario público de Galiza ten falta de profesionais e ten falta dunha política con eses profesionais, dende logo, moi outra e moi diferente, na dirección de respectar o seu traballo e de respectalos a eles e a elas como profesionais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días.

Moitas grazas, presidente.

Señorías, estamos debatendo unha moción consecuencia dunha interpelación que tivo lugar no último pleno, fai quince días, ao señor conselleiro de Sanidade. E todos os que estamos aquí presentes escoitamos que o Servizo Galego de Saúde é o maior empregador de toda Galicia. Nel traballan entre 40.000 e 44.000 persoas dependendo da época do ano. Señor Torrado, 6.000 traballadores máis que cando gobernaba o seu partido nesta comunidade autónoma. *(Aplausos.)*

Desde o ano 2012 convocáronse 8.112 prazas e no período 2008–2021 cerca de 4.000 profesionais de persoal diplomado sanitario incorporáronse a persoal fixo do Sergas. Se miramos a enfermería, 1.000 máis que cando o seu partido gobernaba. Señor Torrado, pregúntelle ao ministro Castells o que pensa do persoal de enfermería, que o considera unha disciplina menor. Non sei se o leu.

E tamén quero recordar aquí, porque non é malo volver insistir no compromiso que ten o Goberno do Partido Popular coa sanidade galega, que neste ano de pandemia contamos cos orzamentos máis elevados de toda a historia da Comunidade. En sanidade, concretamente, 4.587 millóns de euros, 473 millóns máis que o ano anterior. E se falamos de recursos para persoal sanitario, incrementáronse en 154 millóns, un 8,5 % respecto do ano anterior. Creación de prazas, plan de atención primaria, 161 novas no orzamento do 2021, 15 prazas no plan de atención de hospitalización a domicilio, 120 no plan de saúde mental, 296 persoas que se incorporaron a postos estables. E a maiores temos que falar dese incremento de 125 prazas de persoal residente en formación.

Ademais da carreira profesional. Neste mes de maio pasado, aboouse na nómina de 13.480 profesionais o importe correspondente —si, señor Torrado— á carreira profesional. Coa segunda convocatoria formalizada no ano de pandemia, 10 millóns de euros neste ano e outros 10 millóns para o ano 2022. ¡Isto é precariedade!

Señorías, estes son feitos e realidades, non son promesas falsas, nin son anuncios que non se executen, tal e como vostedes veñen dicindo, tratando sempre de confundir e terxiversar, e faltar á verdade señor Torrado, hoxe superouse.

Non poden seguir contando contos, ninguén lles vai comprar este discurso. A realidade é a que é, e os galegos cada vez os cren menos. Temos que falar dun investimento de 11,9 millóns de euros no ano 2021 en gasto estrutural.



E, señor Torrado, hai que contar certezas e verdades: cada ano o Sergas realiza un número moi elevado de actos administrativos e de contratación, polo que é normal que se dea algún tipo de incidencia. Estamos a falar dunha empresa que ten entre 40.000 e 44.000 empregados. E escoitámoslle ao conselleiro, e recórdollo hoxe, o que dixo respecto da xurisprudencia en materia de estabilidade. A recente sentenza do TSX indica que o prolongado período de prestación de servizos non indica necesariamente fraude. Vostede sabe que as limitacións orzamentarias impostas por leis a nivel estatal desde o ano 2009 imposibilitaron durante anos cubrir postos con persoal estatutario fixo, e cobertura de vacantes pola drástica redución da taxa de reposición de efectivos, e que xustifica a necesidade de acudir á vía do emprego temporal coa finalidade de ter garantido o correcto funcionamento do servizo público, polo que non cabe considerar o uso abusivo da contratación temporal, e xustifica esa taxa de temporalidade.

E, señor Torrado, nós seguimos esperando a que o Goberno central, o seu Goberno, o Goberno socialista, elimine a taxa de reposición que nos permita convocar as taxas pendentes, e que permitirían, sen dúbida, mellorar as cifras de eventualidade. E nese sentido, concordamos coa emenda de adición do Bloque Nacionalista Galego. A vostedes, señores da oposición, gústalles falar a propósito dun caso. As sentenzas que vostedes traen aquí son casuísticas concretas, situacións puntuais que, por suposto, hai que solventar, pero que en ningún caso representan a xestión global dos recursos humanos do Sergas. O propio Tribunal Europeo entende que é consubstancial ao funcionamento das institucións sanitarias recorrer ao emprego temporal por mor da necesidade de afrontar a carga de traballo do persoal de cadro que estea, entre outros supostos, desfrutando, por exemplo, de permisos, de vacacións, ou mesmo situacións de baixa por enfermidade. A eventualidade na sanidade é un mal necesario.

Na súa moción falaba de plans de reforzo. Vostede olvidouse de mencionar o fondo de continxencia covid, dotado con 115 millóns de euros, que, grazas ao pacto acadado coas organizacións sindicais, o Sergas puxo en marcha o plan de continxencia covid-19 en materia de recursos humanos con esas 17 medidas de persoal, e grazas ao cal se puido contratar persoal suficiente durante a pandemia. E no mes de febreiro, en plena terceira ola, contratáronse máis de 3.000 profesionais con funcións vinculadas á covid e á vacinación. Creouse a nova modalidade de contrato, ese nomeamento eventual por emerxencia sanitaria, que permitiu ofrecer unha maior estabilidade no emprego ao persoal contratado para reforzar o sistema durante a pandemia, e cunha duración inicial de 6 meses, e que o 65 % foron prorrogados ata 1 ano para poder atender a maior demanda. E que o 1 de abril do presente ano realizáronse 199 novos vínculos de facultativos especialistas aos MIR que remataron a especialidade en maio do 2020, e que estiveron vinculados durante todo ese ano.

O plan de continxencia permitiu estabilizar un gran número de profesionais, mellorando as súas condicións de traballo e garantindo a dispoñibilidade no tempo de recursos humanos, para dar resposta asistencial ante as novas ondas, e ademais permitiu a posibilidade de despregar recursos adicionais operativos nun breve espazo de tempo.

E xa antes da covid, a principios do ano 2019, acordouse cos sindicatos o nomeamento eventual de continuidade nas categorías de medicina de familia e persoal de enfermería, para



outorgar maior estabilidade laboral aos profesionais e fidelizar os recursos humanos dispoñibles.

E, señor Torrado, vostede falta á verdade, falta á verdade e, ademais, dío aquí cunha seriedade e pensando que os galegos o van a crer. Vostede mente e sabe que é mentira, ou descoñece a realidade. A vostedes non lles gusta que falemos de nóminas, non lles gusta e vailles mellor falar de precariedade, e de falta de estabilidade. Pero hai que dicir a verdade, e ese nomeamento de continuidade con contratos de 3 anos está aí, e esa remuneración que reciben tanto os médicos de familia, de máis de 60.000 euros, e as enfermeiras, de máis de 30.000 euros, cunha xornada de 7 horas e dúas gardas, está aí e, ao contrario do que sempre vostedes din, este persoal conta con calendarios anticipados.

Eu teño que dicirlle que hoxe, realmente, me asombrou. Ten que contarlles vostede a eses 252 contratos de continuidade que hai, e 115 deles xa con vocación de praza de cadro ao remate da súa vixencia, que todo isto é mentira. Ten que dicírllelo a eles.

Esa estabilización que hai de persoal, con eses vínculos que evitan contratacións sucesivas e que garanten que á finalidade dos nomeamentos, unha vez pasados os 3 anos, o Sergas avaliará esa creación de prazas estruturais, está aí, señor Torrado. Non pode vir aquí contar cousas que non son certas.

E, ademais, eses contratos contan con estabilidade, porque quedan á marxe da OPE e dos concursos de traslados durante a duración dese contrato. Pero, desde logo, a mellor fórmula posible para acadar unha maior estabilidade de persoal é a convocatoria de OPE, e para iso nesta lexislatura houbo xa dúas ofertas, a do 2020 con 985 prazas de licenciados, técnicos sanitarios e outras categorías, e 1.215 prazas na oferta do 2021, a metade das cales son para estabilizar praza fixa a persoal de enfermería. E, desde logo, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) claro que se poderían convocar máis prazas, sen dúbida, pero ese é o único xeito que temos de estabilizar o persoal, e por iso levamos moito tempo reclamando ao Goberno central que elimine esa taxa de reposición. ¡É a única maneira! Pero, lonxe diso, o Goberno di que nos van sancionar a temporalidade, parece pouco coherente. Por un lado, non che deixo convocar máis prazas e, por outro lado, tampouco podes facer contratos temporais.

Coherencia, señor Torrado. Nós o que pedimos é coherencia,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ... —remato, xa— algo do que o Goberno central adocece. Sigue co mesmo, *Lo del perro del hortelano, ni come nin deja comer.*

Eu espero, señor Torrado, que nos diga o que quere o seu partido, nós non o sabemos. A día de hoxe sabe que, aínda que o Sergas queira ofertar todas as prazas que requiren as necesidades asistenciais, e non soamente as vacantes xeradas polas xubilacións, non sería posible.

E mire, remato xa para dicirlle o que dixó no Pleno pasado o señor conselleiro: se a Administración do Estado eliminara definitivamente a taxa de reposición, no Servizo Galego de



Saúde poderíanse ofertar preto de 3.000 prazas para a estabilización dos profesionais da sanidade pública galega. Isto, sumado ás 2.000 convocadas xa nesta lexislatura, sumarían esas 5.000 prazas. Vostede, que parece tan convincente e tan vehemente con estas cuestións, señor Torrado, interceda cos seus compañeiros de partido do Goberno central para eliminar esa taxa de reposición.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da moción, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente —síntome ben controlado, non se preocupe—.

Di a señora Prado que o PP mira pero non ve, non sei se é que o conselleiro é de Vigo e xa sabe vostede que alí en Vigo e no Morrazo miran... *(Risos.)* Pero, ultimamente anda moito o conselleiro por Vigo, eu creo que, se é en política en Vigo, non as está vendo, pero, en fin, iso é para outro debate, non lle deixo.

Empezo por aquilo do que vostedes falan moito, que está ben, e sobre as emendas, que creo que o PP ultimamente coincide moito coas emendas do BNG. Non compartimos substituír o terceiro punto, basicamente porque cremos que a formación que facemos no terceiro é razoable, non é que a que propón o BNG non o fora, pero parécenos razoable o noso.

E sobre a taxa de reposición, hai dúas cousas que se plantexan aquí:

Unha, pedirlle ao Estado que se suprima esa reposición. Vostedes presenten esa iniciativa cando queiran, nós imos facer o que fixemos sempre, estar a favor e reivindicala.

E segunda cousa que imos a facer coa taxa de reposición: seguir pedindo que nos ensinen cando a pediron, porque o PP falou aquí moitas veces de que a pediu, eu preguntei onde, aquí, supostamente, leuse unha carta pero eu estou esperando esa carta, e dende o 2017, jeh!, pero aquí ninguén a ensinou. É un papel, tampouco ten tanto problema.

Terceiro: é que isto xa se debateu no Congreso dos Deputados, a proposta de eliminar a taxa de reposición, ¿saben?, na comisión de reconstrución. E dos tres partidos que estamos aquí votou a favor o Partido Socialista. *(Aplausos.)*

Pero é que é máis. É que se me propón aquí... A señora Amigo propón aquí, e tería moito sentido, eu creo que ese é un acordo no que nós imos estar, se vostedes de verdade o queren, que é que insistamos con toda a vehemencia ao Estado a que retire a taxa de reposición. E a partir de aí, ademais, asociado a iso, o compromiso da Xunta de Galicia de que, en canto se retire, convoca, non necesariamente nun ano, en dous, todas as prazas vacantes que quedaron dende o 2010.



¿Sabe que pasa? Que iso xa o propuxemos aquí nós, e vostedes votaron en contra. Vén aquí dicir agora: é que poderíamos facer isto. ¡Pero si é que xa o propuxemos, e votaron en contra! ¿Por que? Porque vostedes queren facer a guerra coa taxa de reposición contra o Goberno do Estado, que é unha das razóns polas que non imos a aceptar a emenda, porque non queremos desfocalizar o asunto. Se ese é o debate outro día, non temos problema, pero non imos lavarlle a cara ao PP.

Pero se vostedes queren falar diso está ben, pero logo ten que vir o compromiso da Xunta de Galicia de contratar, porque despois vostedes o que non queren é contratar. A vostedes imórtalles a guerra, pero non lles importa contratar.

Sobre as cuestións que vostede di, señora Amigo, que son casuísticas particulares. Di que eu minto, e que son casuísticas, pero non foi capaz de desmentir ningunha delas. Imos rematar con este problema. Fágolles unha proposta. Eu íalles dicir que vaíamos ao centro de saúde de Baiona e escoitamos as casuísticas dos profesionais. Pero, miren, por se acaso o queren facer, fagamos un sorteo, e sorteamos dez centros de saúde Galicia, e imos á Comisión de Sanidade do Parlamento, sentámonos e escoitamos. Dez, a sorteo, os que toquen, e escoitamos. ¿Están dispostos a facelo?

É unha proposta así, verbalizada aquí, non é moi formal pero, se de verdade teñen intención de plantexalo, facémolo: dez, sete, once... se non lles gusta o número, déixolles elixir o número. Non me fagan un e pedíndoo vostedes, ¡eh!, non vaia ser que vaíamos a un consultorio en que haxa un militante do Partido Popular, que igual non lles digo que non, están bastante en contra de como está facendo o Sergas as cousas, pero son bastante disciplinados, cousa que está ben.

Por tanto, a realidade ¿cal é? A realidade é que vostede di: «Non, son casuísticas, dous casos administrativos», «contratación torticera e fraudulenta», iso non é unha casuística, iso é gravísimo. ¿Ou por unha casuística anecdótica, dunha cousa que non ten moita relevancia, vaise facer categoría? Non, pero se os xulgados din sistematicamente que hai unha contratación errónea, se o Consello de Contas di que non se presentan as contas, iso si que é unha xestión administrativa caciquil, errónea e problemática para o sistema. E ese é o problema. Pero é que vostede vén aquí presumir de orzamento. Si, sobre todo co orzamento que pon o Estado este ano, ¡claro! E está ben, está ben, utilíceno ben, pero púxollo o Estado, ¡claro!

E vostede fai aquí unha comparativa dos contratos que hai hoxe, nun día aleatorio, no Sergas, dámos un clic e sacamos os contratos, comparados cos estables que había hai 12 anos. Iso si que é trampa, señora Amigo, vostede está contabilizando contratos de 1 día como se foran iguais que os estables de hai 12 anos, e iso é trampa. Fíxense, pódelle inventar unha trampa mellor: fagan nun só día —un calquera— 20.000 contratos dunha hora, despois déanlle ao clic e digan: contratamos 20.000 persoas máis que o Goberno bipartito; poden facelo. ¿Tería sentido? Bueno, para vostedes empezo a pensar que si, pero sería absurdo. Pois iso é o que están facendo vostedes comparando o persoal. Porque ¿di o orzamento que contabiliza prazas estables que teñen vostedes 44.000 persoas no Sergas? ¿Di iso o orzamento? Non, non me comparen persoal eventual con persoal estable nos orzamentos, porque iso, ademais de trapalleiro, é unha denigración deste Parlamento; e pode valer para facer un chascarrillo



para saír do debate, se vostede quere, nunha cousa tan palleira con alguén, nun momento que se ve apertada porque lle fan unha... Pero non aquí, non pode facer esa trampa porque entón están vostedes mentindo.

Entón, a partir diso, o que nós plantexamos son cousas que nós cremos sensatas, que poden ser discutidas pero que van ao eixo do sistema. Hai unha inestabilidade no sistema do Sergas. Dínllelo os profesionais constantemente, dínllelo os profesionais que veñen aquí ao Parlamento. Dínllelo os colectivos profesionais. Dínllelo os sindicatos. Temos un nivel de eventualidade que xa é inaguantable e inasumible, temos un problema nos centros de saúde de que non se repoñen profesionais habéndoos. Se vostede me traslada a min que hai 252 contratos —que iso significa que está moi ben— fagamos unha cousa: saquen vostedes os 252 contratos, un por un —obviamente, sen datos particulares—, e dígame cantos deles foron contratados a 3 anos. ¿Case todos? Non. ¿O 75 %? Non. ¿O 50 %? Non. ¿O 30 %? Tampouco. ¿Cantos contrataron a 3 anos?, ¿o 10 %? ¿E vostedes si que queren facer a categoría diso? É que practicamente a totalidade dos contratos que se anunciaron como de 1 a 3 anos son de 1, e ao principio vostedes querían destinalos ao día seguinte cada día sen dicirlles onde, e tivérono que cambiar. Como a carreira profesional da que presumen, que foi denunciada e vostedes tivérona que cambiar porque hai unha sentenza xudicial que dicía que era inxusta, e que era ilexítima, e que era ilegal.

¡Que vostedes están presumindo de cousas que quixeron facer distinto cando a legalidade os obriga e presumen delas! ¡Se vostedes están moi habituados a ir aos xulgados, pero é que nós cremos que a política ten que saír dos xulgados! Con vostedes iso está bastante complicado, pero en todo caso nós cremos que hai que facer política por vontade e non por obriga-ción. E vostedes presumen das cousas que lles obrigan a facer pero é que, ademais, queren negar a realidade. Iso si, saen aquí e din: vostedes están mentindo moito. Díganme en que, díganme en que cuestión das que eu trasladei ao principio mentín, porque, se é posible, sáqueme vostede a oferta de contrato laboral de 60.000 euros por 3 anos de 8 a 3...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...no centro de saúde da Guarda. Porque vostede sabe, e eu non lle vou dicir que é por ignorancia, como vostede me di a min, non. Eu digo que vostede o sabe, que hoxe na atención primaria de Galicia é imposible que alguén, tal e como está o sistema, traballe de 8 a 3 e marche para a súa casa como se non pasara nada. Non fan iso, fan horas de máis, cóbrense, fan unhas intersubstitucións enormes, cobren labores doutros, fan máis horas, van pola tarde, botan unha man, visitan fóra dos horarios. Fan todo iso fóra de todo o que vostedes, cunha folla de Excel e un Google maps, fan nun despacho.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: E iso é ao que vostede lle chama casuísticas e nós lle chama-mos realidades.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Se vostede mente, diga en que, pero non me diga que minto...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...porque sabe que é mentira o que vostede di.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos Servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector eólico

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular esta moción ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Eu quixera comezar a miña intervención lamentando que o Partido Popular —a dirección galega e a dirección ourensá— non aproveitara o Pleno de hoxe para desculpase publicamente nesta tribuna e reprobar a conduta mafiosa do Partido Popular de Viana do Bolo que onte ameazou, calumniou, (*Aplausos.*) e difamou o exalcalde Secundino Fernández. (*Aplausos.*) Vese que non lles parece suficiente comprar alcaldías con tráfugas que teñen que recorrer a este tipo de cuestións. Pero teño unha mala noticia: a xente en Viana do Bolo e o Bloque Nacionalista Galego non ten medo e non lles vai servir de nada.

Dito isto e para centrar a cuestión nesta moción que traemos hoxe a debate por parte do Bloque Nacionalista Galego, quixera comezar facendo unha reflexión. E é que a Galiza de hoxe vive un auténtico sismo en materia enerxética, con dúas grandes patas, dous grandes polos. Por unha banda, ese incremento constante do prezo da enerxía. E, por outra banda, unha transición enerxética que se está a facer de forma desorganizada e ao servizo do oligopolio, que ten no boom eólico un dos seus expoñentes, pero non o único. E este é o caldo de cultivo de importantes problemas sociais, ambientais e económicos, e sobran os exemplos. Neste contexto social e económico no que nos movemos estamos vendo, por exemplo, que todos os grandes conflitos industriais teñen a súa raíz no prezo da enerxía ou na privatización do sector enerxético: de Alcoa San Cibrao a Alu Ibérica; de Ferroatlántica a As Pontes; e tantos outros exemplos.

Vemos tamén como ese peche acelerado das centrais térmicas se está facendo sen corrixir os agravios históricos que había respecto da marxinación dos plans carbón, e tamén sen unha adecuada planificación. E estamos vendo tamén ese incremento constante do prezo da enerxía, agudizado por unha reforma tarifaria que —nós insistimos— é inadecuada, e despois desa rectificación de que si se pode baixar o IVE pois convidamos tamén a que desde o Goberno central esa baixada sexa maior, sexa permanente e vaia acompañada por outras medidas. En todo caso, estas son moitas patas dun gran terremoto, e nese centro do terre-



moto enerxético, evidentemente, está tamén este boom eólico que tantas preocupacións está levantando ao longo do noso país, porque está sendo parte do problema no lugar de ser parte da solución.

E hoxe desde o BNG queremos insistir nunha reflexión de fondo, e é que temos a oportunidade de darlle a volta e de facer que Galiza aposte por un modelo enerxético deseñado desde nós, para nós, que sexa xusto, que sexa galego e que sexa sostible. Porén, pola contra, estamos asistindo a esa transición desorganizada —ou máis ben organizada directamente polo oligopolio enerxético—, que unicamente busca substituír unhas fontes de enerxía fósiles por outras fontes de enerxía renovables, pero medindo exclusivamente a súa vara de medir dos beneficios propios. Polo tanto, nós entendemos que ese camiño é errado e que hai que darlle a volta. E iso é un clamor social no noso país, de norte a sur, de leste a oeste, pero é tamén un clamor nas comunidades de montes, en concellos de todas as cores, en asociacións ecoloxistas, en asociacións de todo tipo: agrarias, sindicais, ambientais, etc. Porque o certo é que o modelo que se está implantando é un modelo depredador, é un modelo antisocial e é un modelo tamén colonial; e hai que dicilo con todas as letras. (*Aplausos.*)

É un modelo depredador polos numerosos problemas ambientais e de custodia do territorio que vemos ao longo do noso país, con planificacións en zonas que deberan estar xa protexidas e excluídas. Estamos vendo que é un modelo antisocial porque vai contra os dereitos da veciñanza tanto en termos de transparencia e acceso á información como de aplicación, colidindo con usos sociais e económicos dos territorios.

E hoxe queremos facer fincapé nesta cuestión: un modelo que é colonial e espoliador, porque supón isto un problema económico de primeira orde. E queremos insistir porque é un modelo que está no *top ten* do neoliberalismo, é colonial porque está orquestrado directamente polas grandes empresas e tamén por unha política por parte do Goberno central e por parte do Goberno da Xunta que nos adxudica novamente ese papel que historicamente tivo o noso país de potencia produtora sen que a cambio sexamos indemnizados e indemnizadas en medida suficiente por ese papel. Nós asumimos os custos medioambientais, sociais e económicos dese papel a cambio dunhas migallas.

E isto xa o vivimos, a historia estase repetindo, estamos repetindo con este boom eólico descontrolado o que xa viviu este país coa enerxía hidráulica. E estanse repetindo os mesmos erros dun modelo alleo, dun modelo que vén do franquismo, que non é novo e que xa sabemos como remata. É aquilo que Otero Pedrayo definiu acertadamente, ao fío do acontecemento de Castrelo de Miño, como feudalismo enerxético. E hoxe desde o BNG traemos aquí propostas claras e concretas para combater ese modelo de feudalismo enerxético que continúa avalando o Partido Popular.

Porque agora mesmo, efectivamente, repetimos a historia e agrávase no caso da enerxía eólica por dous factores fundamentais. Por unha banda, non hai unha adecuada planificación. A Xunta fixo saltar un plan eólico sectorial que xa estaba obsoleto pero que, por riba, despois desa Lei de simplificación administrativa, converte todo o territorio nunha alfombra eólica; e, por outra banda, estamos vendo tamén como a implantación que se prevé é desmesurada. Nós queremos deixar aquí unha reflexión, teremos que ver que necesidades imos ter como



país e como temos que cubrila. E cos últimos datos de Red Eléctrica de 2020 confirmamos que somos líderes en eólica, segunda comunidade do Estado, récord histórico en termos galegos, e tamén que continuamos sendo excedentarios. E con isto non queremos dicir que non haxa que planificar máis desenvolvemento enerxético, o que queremos dicir é que non hai que facelo desta maneira, ás présas, pasando por riba dos dereitos sociais colectivos e ambientais, e sen ningún tipo de control. O que dicimos é que temos marxe para facer unha planificación propia e que obedeza aos nosos intereses, temos marxe e temos dereito tamén a facelo. E o Goberno galego actualmente intenta autoexculparse e escudarse en que non todos os proxectos solicitados van ser unha realidade. Iso é así, efectivamente, pero tamén é unha realidade que a planificación que hai por riba da mesa é que nos próximos anos cuadruplicamos a potencia eólica que temos instalada no noso país, de case 4.000 megavatios a máis de 13.000. E, polo tanto, isto require que nos paremos e fagamos preguntas: primeiro, ¿quen decide como e canto necesita producir este país? ¿Deciden as grandes empresas eléctricas ou decidimos nós? ¿Decide a Administración do Estado ou decidimos nós? Desde logo, entendemos que quen está decidindo son os consellos de administración a que despois van os excargos políticos de Partido Popular e Partido Socialista. (*Aplausos.*) Podíamos citar, non sei, a Bea Mato, a Felipe González, a Acebes... pero agora que acabamos de saber que ese señor que se abraza a Feijóo pide agora mesmo a Anticorrupción que se lle impute tamén polos casos de Villarejo pois creo que vén bastante a conto falar de Iberdrola unha vez máis desde esta tribuna.

E hai que preguntar tamén para que, para que queremos este desenvolvemento tan acelerado e nestes termos; se precisamos no inmediato toda esa potencia ou se isto está orquestrado para intereses alleos; e a resposta é clara se vemos cal é o resultado monetario e económico no noso país. Os concellos galegos reciben menos dun 5 %, os propietarios e propietarias menos dun 3 %, e a Xunta recada un imposto irrisorio e que nalgún ano xa se ten repercutido na nosa factura; polo tanto, entendemos que a resposta está clara. Tamén hai que preguntarse como, como se fai este desenvolvemento. Desde logo, nós entendemos que non se pode facer así de calquera maneira e sen atender a criterios racionais de localización, porque o dano podería ser irreparable.

Polo tanto, con estas preguntas hoxe o que queremos facer é un chamamento a darlle a volta, a que deixe de ser un modelo inxusto, antigalego e insostible, e que sexa un modelo totalmente diferente. E propoñemos tres principios reitores para iso: en primeiro lugar, ordenación; en segundo lugar, planificación e participación pública; e, por último, defensa do autogoberno e dos intereses do noso país. Defendemos que haxa unha ordenación —e volvemos insistir—, necesitamos un plan sectorial eólico que estea actualizado, que habilite novas zonas de exclusión atendendo a parámetros que xa deberan estar protexidos, e tamén atendendo ás novas dimensións desta tecnoloxía.

E, insistimos, participación pública, temos que darlle a volta absolutamente ao modelo privatizador da enerxía, da súa xestión e da súa instalación. Porque imaxinemos por un momento que todos os beneficios multimillonarios que xera o noso vento puideran vir nunha parte directamente para apostar, por exemplo, pola xeración do valor engadido no sector primario; ben diferente sería o presente e o futuro deste país.



Polo tanto, propoñemos tres cuestións moi claras: participación pública, tanto da Xunta como dos concellos como de comunidades de montes. Porque non é de recibo que neste país haxa capital público noruegués, italiano, portugués, de todas as partes do mundo menos o propio da Xunta e o propio deste país. *(Aplausos.)* Propoñemos tamén vincular as novas instalacións a plans de desenvolvemento industrial, porque teñen que ir asociados a iniciativas que no territorio deixen tamén un impacto e un retorno económico. E teñen que ir tamén asociados a, por exemplo, que parte das compoñentes sexan feitas neste país para evitar que haxa un Siemens Gamesa tras outro. E, por último, tamén insistimos na defensa do autogoberno e dos intereses galegos.

Ultimamente asistimos a ese boom propagandístico da Xunta de Galiza, que de repente puxo a camiseta ecoloxista e que di que o Goberno central é moi malo e quere facer uns parques eólicos moi malos neste país. Nós concordamos nunha parte do fondo da cuestión, pois hai proxectos de ámbito estatal que serían lesivos para este país e que hai que frear, pero hai que ir tamén ao fondo da cuestión e é o que propoñemos hoxe aquí: que a Xunta deixe de usar ese autogoberno para parapetarse e que o reivindique como unha solución. A planificación eólica defendemos que ten que ser integramente galega. Así iríamos ao centro da cuestión, pois o único que está facendo o Partido Popular é unha manobra de distracción para intentar desmobilizar, para intentar aparentar que está defendendo os intereses galegos cando, en realidade, sabemos que nin sequera ten capacidade normativa para facelo. Ás probas me remito, pois un dos proxectos que dixo o señor Conde aquí...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que informara negativamente, o de Barxas, continúa coa súa tramitación.

Polo tanto, —conclúo xa, presidente— estas tres liñas de actuación: planificación, defensa dos intereses e do autogoberno galego, e tamén participación e planificación pública.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Quero iniciar agradecendo ao resto dos grupos o cambio na orde do día, e á Mesa tamén, para poder ir vacinarme e aproveitar para darlles as grazas e a noraboa a todos os profesionais do Sergas, que fan un gran traballo e que fan que todos poidamos vacinarnos rápido e con toda seguridade. *(Aplausos.)*

Outro pleno máis debatemos sobre o sector eólico e, señores do Partido Popular, coa súa inacción e falta de transparencia están a conseguir que o que antes era algo desexado pola



ciudadanía agora teña contestación en calquera parte de Galicia onde se desexe construír un parque eólico.

Resulta incomprensible que a única reacción do Goberno galego e o Partido Popular ante os problemas xerados polo actual modelo sexa tomar a frase de Sun Tzu n' *A Arte da guerra* que dicía que a mellor defensa é un bo ataque, e activen o único recurso que ten o Goberno galego para intentar xustificar a súa inutilidade, volver culpabilizar o Goberno do Estado en España de todo o que son incapaces de xestionar dende aquí. Unha vez máis para o Partido Popular, o malévolo Sánchez como culpable de todo. Resulta que a falta de planificación do noso territorio, a falta de protección do noso medio ambiente, a falla de ampliación da Rede Natura, a falla de protección dos nosos humidais, a falla dun retorno económico xusto para a poboación e concellos é culpa de Pedro Sánchez, e iso que a día de hoxe non existe ningún proxecto de máis de 50 megavatios autorizado en Galicia.

O único que se lle ocorre ao Partido Popular para defender a súa falla de xestión e planificación é culpabilizar o Goberno do Estado por cumprir a lei e tramitar os proxectos que teñen que avaliar, por ser da súa competencia ao ter máis de 50 megavatios, sexa ese trámite afirmativo ou negativo.

Nese concurso que ten o Partido Popular por ser máis nacionalista que o propio nacionalismo non é que lle pidan ao Estado que se informen negativamente os proxectos de máis de 50 megavatios que non cumpran urbanisticamente ou que non cumpran a nosa lexislación medioambiental, ou que rachen co noso territorio; piden que non os tramiten porque lles interesa poñer o foco noutro ámbito ante a súa incapacidade para facer algo.

Evidentemente, o nacionalismo gáñalles no seu terreo, e non só pide que se paralice calquera proxecto eólico que analiza o Estado senón que pide que non sexa o Estado o que autorice eses proxectos, piden que cambie a lei para que o faga a Xunta de Galicia.

É curioso que hai pouco tempo pedían que non se fraccionasen os proxectos de máis de 50 megavatios en varios proxectos para ter unha mellor análise do impacto ambiental, e que agora se pida que a Xunta de Galicia avalíe todos os proxectos. Unha vez máis o nacionalismo intentando dirixir os problemas dunha mala planificación cara ao soberanismo como forma de solución a todos os problemas, cando o que importa é que se analicen os proxectos para que non danen o noso territorio, non quen o faga, posto que, ao ser analizados polo Estado, teñen que ter os informes anteriores da Administración autonómica e tamén terán os do Estado, o que debera supoñer unha maior garantía. Excepto que se busque levar este tema ao ámbito ideolóxico facéndonos crer que por xestionarse dende o ámbito autonómico se fará mellor e sen ter en conta a planificación enerxética como algo global e de equilibrio entre a cidadanía de todo o país.

Ao Grupo Socialista preocúpalle o debate das problemáticas que existen no territorio, preocúpanos que acabe en cuestión ideolóxicas, preocúpanos que non se avance para modernizar o plan sectorial, cunha planificación que data do ano 1997 e que o Goberno galego nin tan sequera someteu á avaliación ambiental estratéxica.



Preocúpanos que non abran a posibilidade de que se aumenten as distancias ás que se poden instalar muíños eólicos das vivendas, e non creo que fose o Goberno de Sánchez o que fixese que aquí teñamos un mínimo de 500 metros de distancia a núcleo rural e en Asturias e en Valencia teñan 1.000 metros de distancia mínima. Preocúpanos que non se busque como protexer as actividades do noso sector primario, preocúpanos que non se protexan zonas que dez anos despois de que se anunciara a ampliación da Rede Natura sigan hoxe sen protexer. Preocúpanos que non se tiveran aproveitado instrumentos como o Inventario de humidais para protexer as turbeiras e brañas do noso territorio, e que agora non consten estas zonas nos estudos de impacto ambiental nin lle transmitamos esta información ao Ministerio de Medio Ambiente. Preocúpanos que non se protexa o noso patrimonio cultural e que teñamos que ver o pasou co Castro Lupario, no que a Xunta de Galicia foi incapaz de informar sobre a importancia cultural da zona e deu autorizacións a unha liña de alta tensión sen os informes negativos do departamento de patrimonio. (*Aplausos.*) Iso é o que nos preocupa, que, despois de máis de 10 anos de declaración dos Penedos de Traba e Pasarela como unha paisaxe protexida, a Xunta de Galicia, que tiña a obriga legal de elaborar un plan de xestión, sigamos esperando por el e que apareza un proxecto de desenrolo eólico nese espazo. É dicir, preocúpanos o que non facemos coas nosas competencias, non as que teñen outras administracións.

Dende o grupo socialista volvemos aproveitar esta moción que hoxe volve presentar a cara máis populista do nacionalismo, falando de soberanismo... (*Murmurios.*) —non se rían, señores do BNG— ...falando de soberanismo enerxético ou de intervir o libre mercado como medicinas a todos os problemas, para pedirlle ao Goberno que abra o debate sobre modificar os problemas reais da implantación da enerxía eólica en Galicia. Que fagan algo por demostrar á cidadanía que o Goberno está ao seu carón e que non traballan para beneficiar os intereses das compañías enerxéticas, esas que colocaron a súa compañeira Bea Mato no consello de dirección e que, xunto con algunha outra empresa (*Aplausos.*) do sector, están a crear unha burbulla de proxectos eólicos sen outro fin que o especulativo, xerando problemas no territorio e tamén no propio sector eólico, que está moi preocupado pola situación que estamos a vivir actualmente, e que eles mesmos definen como a selva.

Desde o noso grupo sabemos que o sector eólico é importante para Galicia, que no 2019 representaba unha contribución total ao PIB galego... —non se ría, non se ría, señor do BNG, porque é certo iso—, que representaba case 600 millóns de euros ao PIB galego. Equivale ao 0,9 % nese 2019, e que ademais tiña asociados uns postos de traballo de forma directa e indirecta de case 60.000 traballadores, un dato que lle pode parecer pouco importante ao BNG, incluso darlle a risa; que pide vincular os proxectos industriais ás autorizacións de parques, cando esta vinculación xa está incluída nos actuais sistemas de poxas do Estado e que non lle atopamos o seu acomodo legal para vincular as propias autorizacións. Pero o que é realmente importante para o emprego é que esta implantación, sempre que se faga de xeito ordenado, non se paralice completamente, porque unha paralización pode significar a perda de moitos postos de traballo neste sector en Galicia. E o que non pode ser é que por esa burbulla ficticia de proxectos eólicos durante o 2020 o Goberno galego só deu 6 autorizacións e durante todo o 2021 só se autorizou un proxecto, porque o sector necesita garantir un mínimo de carga de traballo. E, señores do BNG, non se pode soprar e sorber ao mesmo tempo, non se pode pedir a paralización total do sector e ao mesmo tempo pedir a creación da ac-



tividad industrial e postos de traballo. (*Aplausos.*) Non é coherente que os mesmos que en catro anos permitiron a implantación de máis do dobre da enerxía eólica que nos doce anos de Feijóo pidan paralizalo todo.

Deben protexer o territorio pero axudar a fomentar a actividade onde sexa desexable. Seguro que o agradecen os traballadores de empresas como GRI Towers, de fabricación de torres no Carballiño, a de xeradores para turbinas de Vestas en Viveiro, na de reparación de Gamesa en Oroso ou a de Norvento en Vilalba, entre outras.

Señores do Partido Popular, non se neguen a cambiar a regulación. Se o fixeron no ano 2017 e tamén neste 2021 para acurtar os prazos de xestión da implantación da enerxía eólica, eses mesmos que piden ampliar a nivel estatal, poderían tamén abrir os cambios para protexer máis a nosa cidadanía e o noso patrimonio. Vostedes, que hai ben pouco estableceron que se poida implantar enerxía eólica fóra das áreas de desenrolo eólico e tamén permitiron que o servizo de inspección ambiental o poidan desenrolar empresas privadas.

Poden aumentar a distancia mínima á que se teñen que situar os muíños das vivendas. Deberan estudar o que está a suceder coa aparición desas desorbitadas superficies poligonais que aparecen implantadas nos proxectos de parques eólicos, que cambian as condicións nas que se atopan as propiedades de moitos veciños que non reciben ningún beneficio económico pola implantación deses eólicos, pero ven limitadas as posibilidades da súa propiedade e diminuído o valor destas, que en moitos casos custou moi tempo e traballo conseguir.

Amplíen sen demora a Rede Natura, que teñen bloqueada dende hai 10 anos, protexan as valiosas zonas húmidas de Galicia. Deberan incluír as turbeiras existentes no inventario de zonas húmidas previsto pola propia normativa autonómica que dende hai máis dunha década aínda non desenrolaron.

Señores do Partido Popular, poñan medios para mellorar as rendas que chegan aos propietarios equilibrando as negociacións entre propietarios e promotores coa publicación dese contrato tipo para que a cidadanía teña como base para poder negociar coas promotoras, e creen unha base pública de información de prezos alcanzados nas negociacións para poder informar á poboación.

Muden o marco regulador para volver conseguir que, para chegar á declaración de utilidade pública dun terreo e que un promotor consiga unha expropiación, sexa necesario xustificar a existencia dunha negociación e posibilidade de chegar a acordos. Unha condición que vos tedes modificaron e que deba volver exixirse.

Aumenten a repercusión económica nos concellos e comunidades do rural modificando a regulación actual para que o canon eólico sexa establecido pola potencia instalada nos parques e non por muíño, neste momento en que sabemos todos que se instalan menos muíños pero de maior tamaño e potencia.

E deben mudar tamén a repartición do Fondo de compensación ambiental, que agora é moi opaca, e que deberan de repartilo con criterios obxectivos, actuando directamente nas comunidades afectadas pola instalación de parques eólicos.



Por último, no caso de parques eólicos situados nas comunidades de montes veciñais, volveremos propoñerlles que, igual que fai o Principado de Asturias, troquen a lei para que a renda que reciben os propietarios non sexa inferior ao 3 % do valor dos beneficios obtidos pola promotora.

Esas son as nosas propostas e seguimos pedíndolle ao Partido Popular que faga modificacións e que actúe nun sector que debера de ser atractivo para a cidadanía e non lesivo como é actualmente.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas, señorías.

Eu, señor Seco, —non o vexo agora mesmo, pero voulle falar igual— eu creo que o que tería que facer, tan pronto empezou a súa intervención, despois de felicitar o persoal sanitario, que está moi ben, é pedir desculpas aquí por, a semana pasada, votar en contra de harmonizar e baixar o IVE como se pedía aquí. É ridículo, extremo ridículo que fixeron aquí, deixen dunha vez de facer seguidismo do señor Sánchez, póñanse do lado dos galegos porque os deixan co cu ao aire, señor Seco. *(Aplausos.)* Vergonza, pedir desculpas é o que tiña que facer.

Mire, a verdade é que, señora Presas, fala de autogoberno. Vén aquí falar, pedir algo ao señor Sánchez, jé que me parece dunha hipocrisía tal!. Mire, vostedes auparon o señor Sánchez ao Goberno en Madrid e sostéñeno alá, e en todas as alcaldías aquí en Galicia, onde poden, onde perden as eleccións cogobernan co PSOE. Por tanto, é tal hipocrisía que, ¡mire!, está chegando a un punto que eu creo que deberían cambiar o de BNG por BHG. *(Risos.)* Que é Bloque Hipocristista Galego, señoría, esa é a realidade, e creo que deberían cambiar o N polo H.

E miren, a realidade é que en Galicia *(Murmurios.)* temos un plan sectorial eólico *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que define onde se poden e onde non se poden instalar aeroxeradores, e unha Lei de reactivación —que lle doe que a aprobamos aquí co seu voto negativo— que impide, que reforza a idea de que non se poden colocar aeroxeradores fóra desas áreas, só en momentos e en proxectos de clara incidencia territorial *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —escoiten, a ver se aprenden un pouco— *(Risos.)* de clara entidade territorial, señorías.

E por iso e grazas a esa lei, este Goberno informou negativamente 36 proxectos, porque incumpren, señor Seco, a ordenación, o plan eólico galego. Por iso, por iso se informaron ne-



gativamente. O noso modelo é facer compatible a actividade económica e o emprego coa protección do patrimonio natural e tamén do medio ambiente.

E estamos de acordo cun desenvolvemento ordenado da enerxía eólica en Galicia, e é o que se leva facendo ata o de agora. É o que se leva facendo ata o de agora, e todos estes proxectos —que o repetimos ata a saciedade— se someten a unha avaliación ambiental ordinaria, unha que segue unha normativa estatal, que é igual para todas as comunidades, e que está reforzada dende o ano 2009 coa denegación de instalar proxectos eólicos en Rede Natura. E todo isto complementouse no ano 2019 coa Lei de patrimonio natural, que no seu artigo 2 outorga prioridade de protección ambiental sobre a ordenación territorial ou urbanística, e tamén establece a precaución nas intervencións que poidan afectar o patrimonio natural ou a biodiversidade. E somos conscientes dos valores naturais a protexer na nosa comunidade dende hai moitos anos, e por suposto que temos un gran respecto pola súa conservación. E con todo isto, señorías, o 77,5 % do territorio galego está blindado, en contra da instalación de eólicos. Esa é a realidade.

E vostedes falan aquí de autorizacións de proxectos que aínda están empezando a súa tramitación, e falan de propaganda. Propaganda quizais foi a de onte na Casa Xanceda, quizais foi darlle o biberón a unha vaca, quizás iso non é propaganda (*Risos.*) Miren, a realidade é que o proxecto de Casa Xanceda leva dende 2018 en trámite, e está tramitándose, non está autorizado. Nin ese nin outros moitos aos que vostedes lles dan autorización (*Murmurios.*), porque vostedes cren que dende o Bloque Nacionalista Galego e dende a oposición lles dan autorización aos parques eólicos. Non, autorizacións aos parques eólicos danse despois dunha longa tramitación, e estrita: trece informes de órganos sectoriais, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*). escoite, señora Rodil, que lle vou nomear os órganos sectoriais, que son trece, trece, para que entendan os informes que teñen que darse antes de aprobarse un plan sectorial: a Dirección Xeral de Ordenación Territorial e Urbanismo; a Dirección Xeral de Calidade Ambiental; a Dirección Xeral de Patrimonio Natural; a de Patrimonio Cultural; o Instituto de Estudos do Territorio; Augas de Galicia; a Dirección Xeral de Saúde Pública; a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior; a de Turismo de Galicia; a de Infraestruturas; a de Planificación e Ordenación Forestal; a de Defensa do Monte, e a de Desenvolvemento Rural. ¡Trece informes de órganos sectoriais son os que se teñen que dar con sentido favorable (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) para que sallan os proxectos! Iso, o que vostedes están a facer, é infundir falsidades, non están os proxectos aprobados, señorías, e o que están intentando é transmitir medo. (*Aplausos.*)

Miren, tramitar non significa autorizar, señorías, e cando falan de falta de retorno económico ou de emprego xa o comentamos en numerosas ocasións aquí: 7.000 postos de traballo, que para vostedes, entre directos e indirectos, son unha insignificancia; 581 millóns de euros, case o 1 % do PIB, que tampouco contan; novas empresas que se foron creando, unha rede de industria auxiliar, de fabricación de equipos e de compoñentes, de montaxes eléctricos, de operacións de mantemento, que é unha das operacións claves na rendibilidade do sector eólico.

Eu entendo que vostedes iso non o comprendan, pero, bueno, non me chegaría o tempo para explicárllelo. (*Murmurios.*)



Miren, créanse empresas como GRI, como Gestán, como Vestas, como CT Ingenieros, e outras de capital social galego. Vostedes..., é que a vostedes lles dan alerxia esas empresas, danlles alerxia, e sáelles sarpullido, pero a nós non. Mire, dende o ano 2019 estas empresas levan pagado moito en impostos: 130 millóns de euros en impostos, 28 millóns de euros polo imposto de sociedades, 29 (*Murmurios.*) —señor presidente, é moi complicado intervir así—; (*Murmurios.*) 29,6 millóns polo impostos de produción da enerxía eléctrica, 37 millóns de euros de impostos municipais, e os 11 millóns de euros en conceptos de rendas polo uso do solo; e ao redor de 23 millóns polo canon eólico creado por este Goberno, e tan criticado por vostedes.

O outro día a señora Presas lía aquí unha entrevista ao alcalde de Muras, pero lía ou que lle conviña, ela non deu os datos que dicía en toda a entrevista. E mire, o Concello de Muras, o concello, como vostede ben dixo, con máis aeroxeradores de España practicamente, pois leva recibido do Fondo de Compensación Ambiental, dende o ano 2010, a tan insignificante cantidade de 6,4 millóns de euros; unha media de 577.000 euros ao ano, que, fronte ao presuposto de Muras (*A señora Nóvoa amosa unha folla cun gráfico.*) —¿ven? este é o *quesito*, estes que lles gustan tanto a vostedes, tamén se fai con leite, pero non, este é de papel—. Mire, orzamento de Muras: 1.900.000 euros, ¿E saben? 30 %, 577.000 euros, do canon eólico. ¿Canto daban vostedes? ¿E saben canto utiliza para pagarlles a luz aos veciños? 65.000, é o amarelo; o roxo é o resto: o 30 % (*Aplausos.*)

Entón, ¿canto daban vostedes aos concellos cando gobernaban? Cando a Consellería de Industria estaba no seu poder, ¿canto lles daban, señorías? Cero, cero euros, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Esta é a realidade, e isto é o que non conta a señora Presas.

A señora Presas leu a intervención do alcalde de Muras, un trociño, pero non a leu completa. Miren, claro que nós temos un modelo totalmente diferente, pero é que iso é evidente. Pero está claro o que elixe a maioría da poboación galega, porque hai que ver as dúas bancadas, ¿non? E nós estamos a favor da empresa, claro que si, e calquera empresa do tamaño que sexa pode crear un proxecto eólico, señora Presas. E vostede sábeo. E nós estamos a favor do autoconsumo. Si, ¿e estamos a favor das comunidades enerxéticas? Tamén. Pero non deostamos a enerxía renovable eólica, señora Presas.

Vostedes, a fin de semana, puxéronse coa pancarta diante dos embalses tamén. ¿Cal é a enerxía renovable que lles vale? A eólica non, a hidráulica non, ¿cal? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Cal, a que non espolie? ¡Pero con que me veñen, señora! Ecoloxistas de pancarta, ecoloxistas de mentira (*Aplausos.*) ¡De mentira!

Lea, mire, lea os artigos de Greempeace, que poñen de portada os eólicos. É que, señoría, non se pode deostar así a enerxía eólica, como están facendo vostedes. Mire, o que fan vostedes é hipocrísia política, hipocrísia política, señora Presas. Iso é o que fan vostedes. Non se pode vir dicir aquí eólica si pero non así. Non, é mentira, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) a vostedes non lles vale ningún, non lles vale ningún parque eólico. Porque eu teño as iniciativas, e están en contra de todos. E o peor, danos todos por aprobados e deostan a función pública. Non é así, os funcionarios galegos teñen a mesma responsabilidade que os funcionarios estatais, e cumpren a lexislación igual, señora Presas, e o que queren... fraco favor lle fan á nosa función pública, esa que defenden cando queren, cando queren.



O seu modelo é unha empresa pública de enerxía, unha tarifa galega. ¡Oia!, pero é que teñen un deputado no Congreso e un pacto entre *Ana y Adriana*, tíñano escrito. ¿Queren que lles traia o que poñía? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*): «Estudaremos a tarifa galega». Pois aínda non a estudaron, ¡oia!, reclámenlle a eles, non veñan reclamarlle ao señor Feijóo a tarifa galega, ou unha empresa pública de enerxía. Señora Presas, non son competencias galegas, reclámenlle ao señor Sánchez, e non o aupen, non o aupen en Madrid e non o sosteñan en todos os concellos galegos, porque se quixeran facer presión poderían facela, poderían facer presión. ¿Si ou non? Porque están gobernando en moitos sitios, nas cidades, nas deputacións. ¿Por que non utilizan iso? ¡Ah, non!, porque o cargo, señorías, é moi importante, esa é a realidade. (*Aplausos.*)

Mire, señora Presas, a semana pasada tivemos que ver como foron a Valdeorras falar da minería, en contra da minería. ¡Catro anos falando en contra da minería e van falar alí cos mineiros das pizarras! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por favor, un pouco de pudor, un pouco de pudor, señorías. A verdade é que o que están facendo é un pouco o ridículo.

Nada máis pola miña parte. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Si, ¿para que quere a palabra, señor Martín Seco? (*O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.*) Non lle escoito

O señor SECO GARCÍA: Digo que pedía a voz polo artigo 76.3 do Regulamento.

(*O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grupo autor da moción, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Señor Seco, o soberanismo non o soluciona todo, pero, desde logo, soluciona bastante máis problemas que o ramplante españolismo ao que parece que vostedes están adheridos ultimamente. (*Aplausos.*)

¡Vaia sorpresa!, o BNG reclama —unha organización nacionalista— que a planificación enerxética se poida facer desde este país e para este país. ¡Sorpresa! Nunca ninguén esperou algo así do Bloque Nacionalista Galego, menos mal que están aí na hemeroteca da historia as emendas á tramitación da Lei do sector eléctrico, etc.

Pero, claro, se o di o BNG é ideoloxía, o de que o Estado queira arroxarse competencias en materia de planificación enerxética xa por riba das que ten, e invada a planificación sectorial galega, iso é *buen rollito*, non é ideoloxía, é outra cousa. (*Aplausos.*) En fin...

Mire, eu só lles digo que volven confundirse de inimigo. Hai un Pleno eramos oportunistas por pedir a rebaixa do IVE (*Murmurios.*) e agora vostedes están comezando a rebaixa do IVE,



parece, por fin. (*Aplausos.*) Eu, de verdade... Agora somos populistas, en fin... Rir por non chorar. Por certo, señora Nóvoa, vostede tamén votou en contra de rebaixar o IVE no anterior Pleno, non faga amnesia selectiva (*Aplausos.*)

En todo caso, eu o que pido é que se elaboren un pouco os argumentos, porque, claro, vir aquí dicir que con esta proposta que traemos desde o BNG estamos pedindo que se fragmenten os proxectos... Eu non sei se os socialistas tiveron tempo de analizar os proxectos estatais que están en tramitación. É que, miren, os tres de StartGroup, dos que dous son integramente na zona de Ourense, están fragmentados, comparten infraestruturas de evacuación. Podemos ir a Cerdedo-Cotobade, ver o de Siroco e Tramontana, comparten infraestruturas de evacuación, son unha fragmentación.

Polo tanto, aplíquense un pouco o conto, e pídalle ao Goberno do Estado o mesmo que lle piden á Xunta. Dende logo, xa que veñan aquí mentir, dicir que as poxas están vinculadas a plans de desenvolvemento industrial, cando nin sequera atenderon ás demandas das comarcas como as das Pontes, que están loitando por unha transición enerxética xusta, e que pedían poxas específicas para os seus territorios, (*Aplausos.*) e que, por exemplo, Endesa non poida baixar a persiana e logo obter megavatios eólicos, é faltar á verdade.

E tamén pediría que, para dar os debates cun pouco de honestidade, que PP e PSOE lean un pouco o que se propón nas iniciativas. Aquí non se propón unha paralización global, propónse que se paralicen eses proxectos de máis de 50 megavatios, que afectan zonas da Rede Natura ou de ampliación de Rede Natura, que é algo que vostedes na teoría tamén lle piden ao Goberno da Xunta, e que colidan coa planificación sectorial eólica deste país. ¿Que pasa, que se o fai o señor Feijóo é malo malísimo, se o fai Pedro Sánchez está ben? Pois, mire, dende o BNG temos moi claro que a nosa vara de medir e as nosas exixencias están marcadas polos intereses deste país, e que nos dá igual que teña que ser contra o señor Feijóo ou contra o señor Sánchez, porque será a favor deste país. (*Aplausos.*) Quizais iso é o que explica que se lles vexa tan unidos no antinacionalismo.

En todo caso, no Pleno pasado o señor Conde acusábanos de que boicoteabamos a eólica e a industria galega por pura ideoloxía, e a señora Nóvoa seguiu na mesma liña. E nós o que lles dicimos é que quen o boicotea son vostedes, coa súa praxe. Eu alégrome de que a señora Nóvoa siga tanto a axenda do BNG. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Alégrome diso, e voulle dicir: á Casa Grande de Xanceda espero que non lle poñan agora unha X porque foi a señora Pontón, porque antes xa ten ido o señor Feijóo (*Aplausos.*) (*Risos.*) Non vou entrar a discutir quen ten máis xeito en darlles de comer ás vacas, que as fotos están para que o comprobén.

En todo caso, ¿sabe que dixeron alí? (*Risos.*) (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ¿Sabe que dixeron alí as propietarias desta granxa? Que levaban 100.000 euros gastados, 100.000 euros en facer informes para defenderse dese boom eólico. Imaxine vostede se eses 100.000 euros puideran revertelos no seu valor engadido, (*Aplausos.*) e se a maiores houberse participación pública do sector enerxético que garantise que unha porcentaxe puidera reverter en proxectos estratéxicos como este. Imaxine vostede que país teríamos.

E, mire, como xa non me queda demasiado tempo, ademais de recordarlle que o que lin do alcalde de Muras non era unha entrevista, era un artigo en *Luzes de Galicia*, pásolle unha



copia cando queira para que o lea enteiro. Como non teño tempo, simplemente dúas últimas cuestións. (*Murmurios.*)

O que pedimos basicamente é as proposta claras, que evitarían os problemas que está habendo cos parques eólicos do Estado, porque o que nos importa é que se solucionen, non ter unha excusa para que vostedes poidan seguir facendo o que lles dá a gana, unha planificación, unha ordenación, participación pública de beneficios do sector, e defender os intereses galegos.

Pero, mire, remato cunha última reflexión, xa que lle gustou a vostede a nosa visita á cámara mineira en Valdeorras. ¿Sabe vostede o que nos dixo alí un dos propietarios dunha pequena empresa da zona de Valdeorras? Díxonos: cando chegou o BNG ao bipartito nós pensamos acaba o mundo, e despois non pasou nada. ¿E sabe que pasou nesa reunión? (*Risos.*) (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Non, non, non, déixeme que acabe. E outro que estaba dixo: si que pasou, que estiveron á altura das circunstancias, que traballaron moito por nós, (*Murmurios.*), que desenvolveron a primeira Lei de minería de Galiza, (*Murmurios.*) e que Anxo Calvo e Fernando Blanco fixeron un magnífico traballo e que apostaron por esta parte do país. (*Aplausos.*)

Entón, vostedes poden seguir instalados, uns e outros, nesta caricatura...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...de que aquí o BNG vén con cornos e rabos comer a xente, porque xa non enganan a ninguén, porque temos unha alternativa para este país e tamén no sector eólico enerxético. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E iso é o que lles preocupa a uns e a outros. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*O señor Seco García pide o uso da palabra.*)

¿Si, señor Seco? ¿Para que quere a palabra, por favor? (*Murmurios.*)

Silencio, por favor.

O señor SECO GARCÍA: En base ao artigo 76.3 do Regulamento, por alusións que afecten ao decoro ou dignidade dos grupos parlamentarios. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Por favor.

O señor SECO GARCÍA: Quería pedirlle á señora Nóvoa que retirara...

O señor PRESIDENTE: Non, non, pero espere, perdón. Perdón. Voulle dicir eu.



Vamos ver, vostede estivo no debate, estaba participando no debate. Estas alusións valóraas a Presidencia. Eu non observei nada que faltara á dignidade do grupo. *(Murmurios.) (O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, perdón, estiven bastante atento, polo tanto... *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, bueno, eu comprendo que vostede diga o que lle interesa pero eu estiven atento, polo tanto... *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, pero non procede... *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* non observei ningunha falta de dignidade hacia o grupo. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, ningunha. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, ningunha. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Polo tanto, observei unha confrontación... *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdón, señor Seco, non ten vostede a palabra. Observei unha confrontación normal dentro do que é un Parlamento. Polo tanto, non procede a palabra. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, non procede. Non procede. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non procede. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Señor Seco, non procede! ¡Non procede! *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Por favor. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non, é que xa está. Non está vostede no uso da palabra. ¡Xa está!

Votamos... *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Vamos votar... *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, xa o estou escoitando e estou razoando con vostede. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor. ¡Terminou! *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Vamos votar. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Vamos votar. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non, Señor Seco, non ten vostede a palabra. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non lla vou dar porque non a ten. Non procede. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non procede. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non procede. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, xa mo dixo vostede, por unha alusión que atenta á dignidade do grupo, a Presidencia non a valorou e esa é unha competencia da Presidencia, e eu estiven atento no debate. Nada máis. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Terminou. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Terminou. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Esa é unha expresión propia da confrontación política, por favor. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Tiren un pouco da ironía. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)*



Pero imos votar, señores e señoras deputadas. Imos votar.

Votación das mocións

Comezamos votando esta última moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego —porque saben que houbo unha alteración—, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector eólico

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 37; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de don Julio Torrado Quintela.

Eu entendín que non aceptaba as emendas.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da xestión dos recursos humanos no Servizo Galego de Saúde

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector da automoción

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 37; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións das mocións.



Alteración da orde do día

E continuamos con outra alteración da orde do día. Neste caso, agora imos coas interpelacións.

Interpelación G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da incompatibilidade da renda de inclusión social de Galicia coa percepción do ingreso mínimo vital

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Rodil.

Cando queira.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día, conselleira.

Hoxe traemos esta interpelación e fixémoslle unha pregunta ao redor do mesmo tema hai escasamente unhas semanas. Pero volvemos traela hoxe a debate, primeiro, porque non tivemos tempo suficiente nunha pregunta para abordar en profundidade a cuestión da que estamos a falar, sobre todo, por centralo, desas reclamacións que a Xunta está a facer a persoas que son beneficiarias da Risga unha vez que se lles concede con efecto retroactivo o ingreso mínimo vital; non tivemos tempo suficiente para abordar en profundidade a cuestión.

Pero despois tamén porque desde o BNG non queremos que isto pase sen pena nin gloria, como se non estivese acontecendo nada, ou como se puidésemos ventilalo nos 3-6 minutos en que se resolve unha pregunta neste Pleno, toda vez —insisto— que hai reclamacións que ascenden a máis de 5.000 euros nalgúns casos, que lles están sendo pedidas ou reclamadas —valla a redundancia— a persoas que teñen como único ingreso unha prestación económica —neste caso a Risga— ou cando esta se substitúe polo ingreso mínimo vital.

Afondaremos moito nas responsabilidades porque as hai, e compartidas, pero todo isto por non querer, unha, adoptar unha decisión excepcional, dada a situación excepcional na que nos atopamos, o que lle propuñamos hai escasamente unhas semanas, que é adoptar un acordo semellante polo Goberno da Xunta de Galiza, como teñen feito outros —o caso canario, sen ir máis lonxe—, e por non acelerar un proceso de reforma dunha lei que está en vigor neste país desde o ano 2013 e que non pode sorprender a ninguén que nos atopemos na situación na que nos atopamos agora.

E neste sentido quero centrar un pouco a nosa intervención, a do noso grupo, ao redor de dúas ideas: unha, as consecuencias sociais, as consecuencias humanas desta situación, porque moitas veces podemos levarnos a crer que estamos falando de números ou que estamos falando de estatísticas; e do que estamos falando é de persoas, de persoas, ademais, extremadamente vulnerables, que se atopan nunha situación económica moi moi precaria, se non non serían beneficiarias deste tipo de prestacións.



E, en segundo lugar, unha segunda idea, que é cara a onde ir, pois non queremos quedar única e exclusivamente —nunca o facemos desde o BNG— na crítica senón en tamén traer alternativas para poñerlle solución a este problema. E é un problema onde se lle están a reclamar «cobros indebidos» —e abro aspas, cito literalmente— aos escritos, aos documentos que lles chegan a estas persoas beneficiarias da Risga coma se fosen defraudadoras, coma se estivesen cometendo unha irregularidade administrativa. Formalmente éo, legalmente a lei di que é así, que é unha incompatibilidade ao cobro, á percepción desas dúas axudas, pero case tratándoas como se fosen —enténdanme— delincuentes, como se estivesen cometendo unha fraude a vontade, cando non é así. Realmente, son vítimas dun problema que foi xerado pola propia Administración, dun problema que está xerado, entre outras cousas, pola incapacidade de dous gobernos, un, para escoitarse; dous, para poñerse de acordo; e, tres, para buscar unha solución a un problema. Vamos ir agora repartir as responsabilidades —conselleira, non sobre—.

Nós, en todo caso —insisto—, non aceptamos que aquí, porque haxa responsabilidades no Goberno de España, a posición que teña a Xunta de Galiza sexa a de escurrir o vulto ou parchealo —logo falamos das medidas que adoptaron—, parchear para determinados casos, aprazando os pagamentos a 30 meses ou condonando o 50 % do Iprem cando haxa menores e informe previo dos servizos sociais. E esperar a que... non sabemos moi ben a que, porque levamos falando desta incompatibilidade... eu buscaba hoxe os acordos e os debates que houbo sobre as incompatibilidades entre a Risga e o ingreso mínimo vital, e os acordos aos que fomos capaces de chegar nesta Cámara desde decembro. O 9 de decembro foi o primeiro acordo deste Pleno e a instancias do BNG xa se pedía naquela altura que a Xunta de Galiza impulsase no prazo máis breve posible as modificacións normativas necesarias para garantir a complementariedade da Risga e o ingreso mínimo vital de cara a facilitar a transición a unha renda única; o 9 de decembro —¡6 meses!— e na última conversa que vostede e eu tivemos a respecto desta cuestión, hai escasamente unhas semanas, dínos: hai que seguir esperando; e no seguinte semestre.

Pero, claro, é que aquí volvemos situar isto, é que hai persoas que non teñen máis ingreso que unha prestación social, que son ás que lles están reclamando cobros de 3.000, 4.000 e 5.000 euros, como agora veremos. E esa é a primeira parte, porque non son estatísticas nin son números, son persoas de carne e óso, son seres humanos. E eu hoxe quixen traer precisamente quen está padecendo esta situación, quen son, e agradecémoslles inmensamente aos servizos sociais comunitarios deste país que, con toda a privacidade e a salvagarda da intimidade das persoas, nos permitisen traer tres casos concretos, concretos e reais, que están hoxe sendo vítimas desta situación.

O primeiro, un matrimonio de emigrantes retornados maiores de 60 anos. Percibían algo máis de 550 euros da Risga ao mes, ¡550 euros, único ingreso! Viven nunha vivenda alugada por 290 euros mensuais, deben devolver á Administración —á Xunta de Galiza— 5.341,80 euros.

Caso dous: muller maior de 50 anos, con escaso nivel formativo, un perfil básico da Risga, que reside en infravivenda —así consta en informe de Servizos Sociais—, percibía 423,38 euros ao mes, debe devolver 4.115 euros.



Caso tres: muller vítima de violencia machista —e así consta na Administración— con crianza a cargo, reside nun piso alugado polo que paga 350 euros ao mes, debe devolver 3.229,80 euros. Percibía de Risga pouco máis de 300 euros, o básico para pagar o alugueiro todos os meses; de aí paga o cole, paga a comida, paga que esa nena ou ese neno teña unha situación e unhas condicións de vida dignas.

Insisto, persoas extremadamente vulnerables que non teñen máis ingresos que esta prestación e que se converteron en debedoras da Administración sen ter responsabilidade ningunha de toda a situación que se xerou. Porque non teñen culpa de absolutamente nada do que está pasando pero que lles vai ao lombo a eles porque son os que teñen que pagarlle agora á Administración —insisto— cantidades que van máis alá dos 3.000, dos 4.000 e dos 5.000 euros. Están tirándolles á cabeza, de verdade, unha situación que non foi xerada por elas nin por eles. E o que corresponde ás administración, e a esta Cámara tamén e ao resto de forzas políticas que a integramos, é buscar solucións a esta situación. ¿E quen é o responsable? Vamos ás responsabilidades, que hai para todos, efectivamente. Responsable é o Goberno galego, pero tamén o é o Goberno español.

A Xunta de Galiza —dixémosllo hai escasamente unhas semanas neste Pleno— é unha responsable primaria porque —moitas veces temos insistido nesta Cámara— a Lei de inclusión social de 2013 é a que é, está así, leva moitos anos en vigor e aí, nela, xa se especifica que a Risga é incompatible con outras prestacións de idéntica natureza, como é o caso do ingreso mínimo vital desde que se creou. E todos o sabemos, os primeiros vostedes: o ingreso mínimo, xa no Real decreto 20/2020 —e non é que nós vaiamos darlle aquí xabón ao Goberno de España—, é compatible con outras prestacións. Iso é así, está introducido e é compatible, polo tanto, coas rendas autonómicas. Iso non mudou en todas as sucesivas modificacións desa normativa que o Goberno do Estado fixo. Pero, efectivamente, vostedes non son os únicos responsables do que está pasando, eu aí non llo vou negar, e tamén o temos dito moitísimas veces desde o BNG.

O que está a pasar coa xestión do ingreso mínimo vital non ten nome, non o ten. Iso está, ademais, xerando unha frustración enorme. (*Aplausos.*) Enorme porque a vara estaba moi arriba, moi arriba e o resultado, ademais... ou este problema é o resultado, entre outras cousas, de dúas cuestións fundamentais. Unha, a negativa a crear as pasarelas automáticas para as persoas beneficiarias das prestacións autonómicas. É dicir, que unha persoa que é beneficiaria da Risga e que, como cumpre unhas condicións máis duras que as que establece o ingreso mínimo vital, cumpriría coas condicións para poder ser beneficiaria do ingreso mínimo vital, poida facelo de maneira automática. Non, aquí o que hai é que presentar outra solicitude e agardar, como estamos vendo, 6 meses aí empantanada ata que, se se che recoñece ese dereito, páganche, efectivamente, o que che corresponde por dereito con carácter retroactivo, e logo vén a Xunta a reclamarche 5.000 euros, así, *a tocateja*.

Efectivamente, non se crearon esas pasarelas, que nós xa vimos reclamando que se creen —traio tamén o acordo parlamentario— desde o 8 de abril de 2021, por un acordo da Comisión 5ª, ademais, entre o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego. Esas pasarelas non se crearon e, logo, tamén ese fanatismo centralista, acabamos de ser agora testemuñas tamén un pouco del outra vez —se é así, que está ben, que vaian caendo as caretas tamén



está estupendo—. E ese fanatismo centralista que prefire, (*Aplausos.*) acaparar competencias, mesmo se iso supón a negación de dereitos sociais da poboación máis vulnerable do conxunto do Estado. E este é un bo exemplo diso, precisamente, de querer seguir acaparando e centralizando a xestión do ingreso mínimo vital, aínda que iso supoña que haxa persoas que durante meses están agardando por unha prestación á que teñen dereito ou que moitas veces nin sequera cheguen a recibila.

Nós o que queremos hoxe é preguntarlles cando se vai modificar, cando se van poñer as medidas necesarias con carácter de urxencia para que estas reclamacións non sigan producíndose.

E, en segundo lugar —e con isto remato—, logo falarei un pouco máis das propostas de cara a onde ir na reforma da Lei de inclusión social e da Risga, cara a cando, cando, pero concreto, cando e cara a onde, é dicir, en que aspecto se vai modificar a Lei de inclusión social e a Risga para non só garantir a complementariedade ou a non incompatibilidade das dúas prestacións, senón tamén para camiñar cara a unha renda de garantía de ingresos que permita ás persoas deste país vivir con dignidade, teñan ou non un posto de traballo.

De momento, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Resposta da conselleira de Política Social, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Deputadas e deputados.

Sñora Rodil, aínda que o revolucionario concepto do eterno retorno foi acuñado por Nietzsche, seguramente ningún literato a reproduciu con tanta beleza como Milan Kundera na súa *Insoportable levidade do ser*: pensar que algunha vez haxa que repetirse todo tal e como vivimos xa, e mesmo que esa repetición teña que repetirse ata o infinito.

Eu non sei se vostede hoxe pretende emular ou incluso superar o filósofo alemán ou o novelista checo, pero o que si me sorprende é que volvamos vernos neste mesmo hemiciclo e co mesmo tema que debatemos aquí neste Parlamento hai menos dun mes.

Igual que daquela eu valorei sinceramente o seu intento, que, ademais, entendía que era sincero, de reflexionar sobre un asunto tan preocupante e tan delicado, hoxe dáme a sensación de que, con esta interpelación, o que vostedes pretenden é obter réditos políticos dun asunto que pola súa seriedade se presta a poucas frivolidades.

Intentarei explicarlle a posición da Xunta de Galicia coa mesma seriedade que lla trasladei daquela. Créame que ao Goberno galego non lle é para nada de bo gusto comunicarlle a nin-



gún cidadán galego que presenta indebidos coa Administración, e menos aínda cando se trata de persoas que están en situación de necesidade. Pero, por riba das nosa preferencias políticas, está en todo momento o cumprimento da lei. E neste caso é a Lei de inclusión social do ano 2013, que igual que a maioría das normativas semellantes das demais comunidades autónomas, establece a incompatibilidade da Risga con calquera outra prestación de importe igual ou superior ao dunha pensión non contributiva. E é razoable posto que estamos a falar dunha prestación, como vostede dicía, de último recurso.

En xuño do ano 2020, como recordará, estabamos a saír do primeiro estado de alarma. A Xunta de Galicia estaba en funcións e o Parlamento de Galicia tiña suspendida a súa actividade ordinaria. E neste contexto púxose en marcha o ingreso mínimo vital. Ninguén dubida para nada de que o ingreso mínimo vital sexa unha prestación necesaria, pero tamén dende o comezo, dende que se comezou a falar desta axuda, fomos moitos os gobernos autonómicos que advertimos de que o seu deseño e de que a súa aprobación non eran os axeitados. Advertimos de que a Seguridade Social non tiña a capacidade suficiente para xestionar este ingreso e que habería grandes demoras. Advertimos de que existirían desaxustes entre a prestación estatal e as rendas autonómicas, que levan existindo varias décadas. E advertimos de que habería solapamentos e duplicidades.

Eu, señora Rodil, non lle falo de oídas, porque eu mesma mantiven varias xuntanzas co ministro Escrivá e co exvicepresidente Pablo Iglesias, e sei tamén que o presidente Feijóo e moitos máis dirixentes autonómicos lle trasladaron a súa preocupación na Conferencia de Presidentes ao presidente Sánchez. Solicitamos que o Goberno central tomase todas as medidas necesarias para facilitar a coexistencia do ingreso mínimo vital e as rendas autonómicas, ou polo menos que o permitisen mentres non se puidesen modificar as leis das diferentes comunidades autónomas.

Nada me gustaría máis que poder dicir que as nosas preocupacións eran infundadas, pero, desgraciadamente, todos os nosos augurios se cumpriron. O tempo deunos a razón, pero nunha cuestión tan delicada, tan sensible e tan preocupante coma esta, quen teña ou non teña a razón pouco importa, porque o que si nos preocupa é resolver esta situación provocada polas présas e provocada pola improvisación, unha vez máis, do Goberno central.

E tiñamos tres plans: o plan A, o plan B e o plan C.

O plan A era unha reforma rápida da Lei de inclusión social para adaptala ao novo panorama. Pero para isto habería que saber como se regula exactamente o ingreso mínimo vital, porque o real decreto lei estaba tan ben feito que xa tivo que ser parcheado media ducia de veces. A primeira, no Real decreto lei de medidas urxentes de reactivación económica. Segundo parche, no Real decreto lei de traballo a distancia. Terceiro parche, unha semana despois, no Real decreto lei de medidas sociais en defensa do emprego. Cuarto parche, nunha resolución da Intervención Xeral do Estado do 19 de decembro. Quinto parche, catro días despois volve modificarse nun real decreto lei de medidas urxentes. Sexto parche, nun real decreto lei para a redución da fenda de xénero. E con todo isto, despois de 30 prórrogas, aínda se está negociando agora a lei que aprobará definitivamente o ingreso mínimo vital.



Señora Rodil, ¿como imos emprender cun mínimo de rigor unha reforma da normativa autonómica sen ter exactamente definida cal vai ser a normativa estatal que regule o ingreso mínimo vital?

Mire, constatada a imposibilidade de aplicar o plan A, que era a reforma da Lei de inclusión, pasamos ao plan B. Galicia e moitas outras comunidades solicitámoslle ao Goberno central que habilitase un mecanismo para compensar os indebidos entre as dúas administracións. E deste xeito lograríamos cumprir a lei e á vez non molestar a uns cidadáns que non teñen culpa para nada —e compártoo con vostede— do follón no que nos meteu o Goberno central. A resposta que nos chegou de Madrid, unha vez máis, vostede sabe cal é: non.

Pasamos entón ao plan C. Mantivemos a Risga todos e cada un dos meses e das persoas que o necesitaban mentres o ingreso mínimo vital se estaba a tramitar e o Goberno central aínda non oo resolvía. Cando, sete ou oito meses despois, as persoas cobraron de golpe —que vostede iso non o dixo— (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) todos os atrasos do ingreso mínimo vital, habilitamos unha maneira para regularizar a súa situación.

Vostede xa sabe moi ben que todas as persoas que están nesta casuística dispoñen de dous anos e medio para arranxar eses indebidos. E tamén sabe que a todas as familias que se atopan nunha situación de especial vulnerabilidade e que teñen menores a cargo se lles poderán condonar ata 3.400 euros dese indebido.

Señora Rodil, eu penso que sabemos moi ben as dúas que ningunha desta familias é culpable nin da improvisación nin da cerrazón do Goberno central, e por iso a Xunta de Galicia poderá condonar total ou parcialmente a débeda de todas esas persoas que se atopan nesa desafortunada situación, aquelas, por suposto, que teñen fillos a cargo e moitas cousas que pagar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Faloume de Nietzsche e de repetirse e eu lamento moito que lle dea... pois non sei, que lle moleste ter que vir aquí repetirse ata o infinito, ter que vir dúas veces falar da mesma cuestión. O primeiro, nós non traemos aquí iniciativas para que vostedes se sintan cómodas, e para iso teñen aí 42 deputados e deputadas que están estupendos. (*Aplausos.*) E nin tan mal, ¡joia! Non vimos a iso. Aquí repetimos debates... a ninguén lle molesta repetir un debate sobre a AP-9, ¿verdade?, sobre a transferencia, sobre quen paga as peaxes, se se soben, se se baixan. Non sei por que traer os problemas de miles de persoas neste país, de moitísimas persoas neste país que se atopan nunha situación moi delicada en termos económicos e ás que se lles reclaman agora 3.000, 4.000 e 5.000 euros, porque cobraron supostamente de ma-



neira irregular dúas prestacións económicas,... ¡como se temos que facer un pleno monográfico!, ¡eu creo que como se temos que facer un pleno monográfico! (*Aplausos.*) ¿Sabe o que me molesta a min? Tamén llo digo, ¡eh! A min o que me molesta é traer aquí ou ter que vir aquí falar, non sei, sete, oito, quince veces, de que hai unha muller que ten unha crianza ao cargo, que paga 350 euros de alquiler, que cobra pouco máis de 300 euros por unha Risga e que se lle piden agora 3.229,80 euros. Ou que hai un matrimonio de migrantes retornados neste país... Dígoo para non perder o foco e a perspectiva do que estamos falando. Un matrimonio de persoas emigradas, retornadas, maiores de 60 anos, que cobran menos que unha pensión non contributiva, 550 euros ao mes, que viven nunha vivenda alugada pola que pagan 290 euros e que deben devolverlles a vostedes —porque llelos están reclamando, e eses non entran en ningún dos parches que vostedes previron para ir tirando— 5.341,80 euros. ¡É que é moi *heavy*, eh! A persoas que non teñen máis ingresos que unha prestación económica, para quen non ten nada, e que están quedando como debedoras da Administración. E ese é un problema gordo que vai moito máis alá de que ti teñas patrimonio ou non —que non o teñen—, que ti teñas aforros ou non —que non os teñen porque se non non cobraban a Risga—, senón que é que ti quedas debéndolle a unha administración e intenta ti pedir unha beca para que vaia a túa filla á universidade o próximo curso. Porque che van dicir que non, porque tes débedas coa Administración pública. Quero dicir, é un problema moi gordo, moi gordo, que vai lastrar persoas, familias, fogares que teñen unha situación económica moi delicada, que se atopan nunha situación de precariedade moi grande, que en moitos casos tamén van ter moi difícil no contexto económico e social no que nos atopamos hoxe, inmersos nunha crise que aínda están por ver as consecuencias e a magnitude e profundidade real desas consecuencias, que van ter unha situación como esta. E que non teñen culpa absolutamente ou responsabilidade ningunha desa situación xerada.

Entón, ¿nós que lle pedimos? Vostede falaba do plan A, plan B, plan C. Eu voulle poñer outro enriba da mesa: plan D, que é igual que o que fixo Canarias. E insisto moito nisto, e non porque eu teña un fanatismo por Canarias, senón porque demostra que xa se fixo antes, é dicir, que non se vai facer algo que non fixera ninguén, senón que xa se fixo, porque a Administración autonómica, é dicir, a Xunta de Galiza, o diñeiro que percibiron ben, correctamente e adecuadamente, esas persoas ata que se lles aproba e se lles paga con carácter retroactivo, de golpe ese dereito, porque a todo isto é que teñen dereito non é que ninguén estea regalando nada, é que teñen dereito.

¿Que é o que fixo Canarias? Ese diñeiro xa o teñen esas persoas, que é onde tiña que estar. A maior parte está pagando as facturas da luz, as do alugueiro, as facturas do gas, o material e a comida para poder manter a túa casa e a túa vida, poder comer tres veces ao día, que é un dereito fundamental. Ese diñeiro a administración non o necesita para nada. Dígoo con absoluta franqueza. É dicir, estamos cargándolles unha débeda a persoas que non teñen ningún tipo de responsabilidade e que a administración pode perfectamente —entendédeme o que estou dicindo— prescindir del, que foi o que fixo Canarias.

Polo cal, como ti non tes responsabilidade e ese cobro indebido ou irregular, esa incompatibilidade, non é responsabilidade da persoa que é beneficiaria, a administración pode aprobar nun Consello de Goberno que non se lle van reclamar esas cantidades adebedadas. (*Aplausos.*) Poden facelo, porque o fixeron outros, e logo, de maneira inmediata e en paralelo,



ir a unha reforma da Lei de inclusión social, para que esta situación, primeiro, non poida volver producirse.

Efectivamente, hai que garantir esa compatibilidade das dúas prestacións cun obxectivo, que non é tampouco que estas persoas acaben gañando máis que un salario mínimo interprofesional, senón que teñan garantidos uns ingresos mínimos básicos para poder manter a túa vida con dignidade, que é o que se lle presupón, e ao que ten dereito calquera persoa polo simple feito de ser un ser humano, jeh! Non perdamos nunca de perspectiva iso.

E eu quero darlle —porque nós traeremos unha moción que deriva desta interpelación— tamén esa idea, cara a onde temos que camiñar na reforma da Lei de inclusión e do decreto que desenvolve a Renda de inclusión social de Galiza. Nós cremos, ademais desa condonación, deses supostos cobros indebidos, nós cremos que hai que ir a unha reforma da Lei de inclusión que permita, en primeiro lugar, ampliar o rango de persoas beneficiarias. Hoxe estamos nos 25, o ingreso mínimo vital fíxoo aos 23, e cremos desde o BNG que, polo menos, habrá que equiparar as dúas prestacións. Que garanta e, polo tanto, conte, cun ingreso mínimo que permita contar cuns ingresos que che permitan vivir con dignidade, e que reforce ou complemente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...—e con isto remato— dúas cuestións que para nós son esenciais, e que están coxas no ingreso mínimo vital e que pode servir de complemento á Risga. Unha é a vivenda, o complemento de vivenda para garantir o dereito a unha vivenda digna a todas as persoas no noso país. E o segundo, o tramo de inserción social e laboral para garantir o dereito ao traballo, que, en definitiva —e sempre o dicimos—, é ao que temos dereito todas as persoas, un dereito a traballar e a recibir un salario digno polo noso traballo.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta da conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodil, como ben saben, dende o principio Galicia solicitoulle ao Goberno central o traspaso do ingreso mínimo vital nas mesmas condicións que lles concederon este traspaso a Navarra ou ao País Vasco. E fixémoslo primeiro en solitario e despois —grazas, señora Rodil— co seu apoio parlamentario, cousa que de verdade lle agradezo e recoñezo que me fixo especial ilusión. Pero dende Madrid, unha vez máis, dixéronnos que non, e explíqueille como lle advertín ao Goberno central que esta situación se ía a dar aquí en Galicia igual que se está dando noutras comunidades autónomas. Fixémoslle a advertencia e dixéronos que



non, e expliqueille xa como en Galicia, e en todas as outras comunidades autónomas, estamos a habilitar un mecanismo entre administracións para compensar os indebidos. Trasládámoslle esta posibilidade ao Goberno central e dixéronnos que non.

Insisto no que xa dixen, ademais, na primeira intervención. Preferiría, de verdade, que Galicia non tivese nunca que verse nunha situación semellante. E, sobre todo, porque non somos os únicos, non somos a única comunidade que temos que afrontar esta situación, senón porque hai españois de todas as partes que están a pasar polo mesmo.

Eu supoño tamén, señora Rodil, que cando vostede, hai unha semana, se reuniu con Gabriel Rufián, se non recordo mal, aproveitaría a ocasión para preguntarlle que está pasando en Cataluña. Pois en Cataluña está pasando unha situación semellante, e o Goberno catalán decidiu condonar tamén —unha situación parecida á nosa— parte dos atrasos ou unha cantidade. Nesa mesma casuística estamos os galegos, pero tamén están os cataláns, os asturianos, os cántabros ou os extremeños, entre outros.

Señora Rodil, e vostede vén aquí —xa foi na pregunta pasada e agora nesta interpelación— dálle e veña, veña e dálle con Canarias. Canarias é unha comunidade autónoma que dispón dunha figura, que é o decreto lei, do que Galicia non dispón. Polo tanto, non podemos utilizar a mesma figura de Canarias, porque en Galicia non existe esa figura.

Houbo gobernos autonómicos que extinguiron a súa renda autonómica, a súa renda mínima, ou que obrigaron os seus perceptores a pasarse obrigatoriamente cara ao ingreso mínimo vital, pero aquí en Galicia non o fixemos, porque aquí se mantivo en todo momento a Risga. Todas as persoas continuaron atendidas e recibindo a prestación en todo momento. Unha prestación que, ademais, leva 30 anos funcionando en Galicia, e 30 anos demostrando que é unha prestación útil. E creo, sinceramente, que fixemos o correcto.

E cando nos vemos ante unha situación tan complexa coma esta, nun ámbito —insisto— tan delicado como é o da inclusión social, por causas alleas a este Goberno autonómico, hai dúas formas de proceder: a forma do Bloque Nacionalista Galego, que consiste en traer ao Pleno dúas veces en menos dun mes esta mesma triste situación —dáme a sensación que para sacar rédito político—, ou o plan dun Goberno que considero que é responsable, que é darlles facilidades a todas estas familias e a todas estas persoas. Facilidades de ata 30 meses para que esas persoas afectadas —insisto, pola improvisación, unha vez máis, do Goberno central— poidan regularizar a súa situación, unha situación da que —insisto— eles non son culpables, e así que poidan abrir a posibilidade de que o 80 % destes afectados poidan condonar total ou parcialmente estes indebidos.

Esta é a situación ou a solución a curto prazo. A solución a longo prazo, como saben, pasa por reformar, como vostede dicía, a Lei de inclusión social de Galicia, e que comezaremos a tramitar no vindeiro trimestre. Espero que daquela xa teña unha normativa estatal, definitiva, para regular o ingreso mínimo vital.

Neste momento tamén, señora Rodil, cando modifiquemos esta Lei de inclusión social, espero contar unha vez máis co seu apoio, ou co apoio do Bloque Nacionalista Galego, que apa-



reza ese Bloque Nacionalista Galego que nos apoiou cando reclamamos e demandamos a xestión autonómica do ingreso mínimo vital, e non apareza nese momento o Bloque Nacionalista Galego que rexeitou, por puro partidismo, a Lei de impulso demográfico, que foi a primeira a nivel nacional.

Señora Rodil, boa parte das eivas deste ingreso mínimo vital débense a cálculos políticos, aos dun Goberno central que quixo aprobar este ingreso mínimo vital antes das eleccións galegas e vascas, e así pasou o que pasou: moito atrasos, moita xente que non a percibiu, e que tivo que estar, unha vez máis, aí Galicia dándolles a todas estas persoas e a todas estas familias que estaban nunha situación de necesidade, e que lles mantivemos esta renda autonómica para que puideran seguir adiante.

En definitiva, eu confío en que aprendan dos erros do Goberno que vostedes apoian en Madrid, e que cando falemos aquí en Galicia de inclusión social e de familias que o están a pasar a mal saquen do seu caixón ese sentido de país.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Interpelación de D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Consellería de Política Social respecto dos recursos destinados á dependencia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Antes de comezar quería amosar, a petición das fillas de Isaura, un debuxo que fixo un neno, en concreto este *(A señora Ortega amosa unha folia.)*, da compañeira Isaura, e que di o seguinte: «Isaura, soy Andrés da Silva, estoy estudiando en el CEP Menela, de la Fundación Menela de Vigo, y sentí pena porque me acaban de contar que usted perdió la vida. Recuerdo que vino a mi cole con el alcalde de Vigo, y le doy las gracias por todo lo que ha hecho por nosotros, las personas con autismo y otras discapacidades. Estoy seguro de que a pesar de que se haya ido al cielo su legado seguirá viviendo entre nosotros.» *(Aplausos.)*

Antes de empezar co tema en cuestión, debo dicir que, por imprecisión, no anterior debate, antes da interpelación anterior, a deputada Nóvoa, do Partido Popular, é grave que falte á verdade nesta Cámara, e en algo que se pode comprobar cando o Grupo Socialista non votou en contra de baixar o IVE da electricidade, pero o Partido Popular si *(Aplausos.)*. Que conste a verdade.

Entrando en materia, o ano 2006 non foi un ano calquera, pois foi este ano cando o Goberno Socialista daba luz á Ley de promoción de la autonomía personal y atención a las personas en situación de dependencia, ou, como a coñecemos a maioría das persoas, a lei de depen-



dencia. A lei de dependencia significou sacar da escuridade as persoas con dependencia, e moitas con discapacidade. A lei de dependencia significou unha solución para eses pais ou nais con fillos e fillas dependentes, como, por exemplo, con parálise cerebral e enfermidades neurodexenerativas, etc., etc. Menores e maiores que dependen dos seus pais e nais para realizar as actividades básicas da vida diaria, como comer, asearse, erguerse etc.

A lei da dependencia significou visibilizar esas persoas, a maioría mulleres, que adicaron e adican a súa vida a coidar os demais, moitas das mesmas adicadas ao coidado de familiares con dependencia: nais, pais, sogros, fillos, fillas etc. A lei da dependencia significou garantir a retribución económica para estas persoas que renunciaban á súa vida laboral por aportar os coidados que as persoas con dependencia no seu fogar tanto necesitan. Significou recoñecer o dereito a unha retribución económica, e á cotización especial como coidadoras, e é aquí onde máis recortou o Partido Popular.

A lei de dependencia supuxo a tan ansiada visibilización das persoas cunha dependencia ou enfermidade. A lei da dependencia rompeu, rachou, ese tabú que ao longo da historia fixo que as persoas que tiñan un fillo ou filla cunha discapacidade ou dependencia se mantiveran na sombra, agochados, á marxe dos dereitos e da vida social.

A lei de dependencia supuxo unha revolución nos dereitos dunha sociedade á altura do século XXI, tal e como outras leis socialistas que revolucionaron a liberdade e dereitos, como, por exemplo, a primeira lei contra a violencia machista, a lei de matrimonio igualitario, a lei de igualdade e o dereito ao aborto, ou a equiparación dos permisos de paternidade e maternidade, a lei da eutanasia, ou a lei de protección da infancia ante a violencia, por exemplo. Dereitos que saíron adiante a pesar do voto en contra do Partido Popular en moitas das leis, que logo eles mesmos, efectivamente, usaron.

Pero para falar da dependencia hai que contar a verdade da súa historia: a primeira ameaza que sofre a lei da dependencia faise a través de Rajoy, no ano 2009, nunhas declaracións públicas nas que aseguraba que «la dependencia no es viable». Anos máis tarde, o Goberno do Partido Popular cumpriría a súa ameaza, masacrando a lei que quitou da sombra as persoas con dependencia das súas familias, mediante o real decreto de 2012, recortando alí onde máis doe, rompendo o compromiso de financiación da dependencia coas comunidades autónomas, do que tanto se queixa agora o Goberno do Partido Popular, cando vostedes foron os artífices.

¿E saben que se ofreceu por parte do Partido Popular a cambio de recortar esta aportación estatal ás comunidades autónomas? Pois a cambio ofreceuse recortar as pagas e suprimir a cotización de nais, pais, fillos e fillas que coidaban dos seus familiares para rebaixar as cargas presupostarias das comunidades autónomas. ¿Quen saíu perdendo nesta negociación? Como sempre, as persoas dependentes e as súas familias, señorías.

O PP díxolles literalmente ás nais e pais que coidaban os seus fillos dependentes, ou fillos e fillas que coidaban dos seus pais, que, se querían seguir cotizando, o pagaran do seu bolsillo. E, ademais, recortaron de xeito fulminante non só a paga que recibían por coidar os seus familiares senón o acceso a esta libranza por parte de novas altas ao sistema de dependencia, nas que a maioría se transformaban de oficio nun SAF.



Este é o pasado, señorías, e o presente é un Goberno de España que o primeiro que fixo foi traballar para retomar a cotización destas coidadoras e non deixalas á marxe do sistema sen dereitos, como fixo o Partido Popular durante sete anos de Goberno de España. *(Aplausos.)*

O vixésimo primeiro ditame do Observatorio da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais afirma, en canto á aportación estatal en dependencia, o seguinte —e cito textual—: «Las cuantías de la Administración general del Estado se redujeron en 2012...» —en xullo de 2012, máis concretamente— «...mediante el Real decreto de 2012, y se mantuvieron congeladas hasta la finalización del ejercicio 2017». Repito, «se redujeron en julio de 2012 y se mantuvieron congeladas hasta la finalización del ejercicio 2017». Repítoo porque isto sei que lle interesa á señora conselleira, porque dende que goberna Pedro Sánchez o repite sempre, e por iso eu lle pregunto: ¿Quen gobernaba en España entre o 2012 e o 2017? *(Aplausos.)*

O propio Observatorio reconece que o plan de choque do Goberno de España —o plan de choque actual— reverte os recortes en dependencia; en concreto, así mesmo, vaticina que con estes recursos que o Goberno de Pedro Sánchez aumenta se pode conseguir eliminar a lista de espera en 11 comunidades autónomas, e reducila considerablemente no resto. Polo que é lóxico —é unha obriga, por certo— que o Goberno galego anuncie un plan para cumprir cos obxectivos que se marcan e tamén para dar saída aos fondos que chegaron por parte do Estado, entre eles, o específico para destinar á dependencia do Plan de choque para a dependencia do Goberno de España. O que non sería lóxico é que eses fondos non contemplen un aumento de persoal para axilizar as listas de espera, e gustaríanos saber se aumentarán significativamente o persoal dos equipos de dependencia, señora conselleira; pero, jollo!, o número de técnicos, non de equipo, non fagamos trampas.

Existen datos preocupantes para Galicia en relación ás persoas dependentes e ás súas familias, e este é un tema que interesa ao conxunto da cidadanía, ao conxunto total da cidadanía, e por dous motivos: primeiro, por empatía; e, segundo, porque todos e todas podemos chegar a ser dependentes ou ter un familiar a cargo dependente ao longo da nosa vida, só o tempo determina a quen lle tocará.

Hai uns días o Goberno galego anunciou un plan de choque en Galicia para mellorar os datos en dependencia, e é chamativo —como dicía— que neste plan non se especifique concretamente un aumento significativo de persoal para os equipos de valoración da dependencia; e técnicos que resolven o PIA, o programa individual de atención; ou o PAR, o programa de asignación de recursos nos expedientes. Porque é clave, isto é clave, por moito que traslademos técnicos dos departamentos territoriais, as comarcas seguen a ter só dúas mans para facer o traballo co mesmo número de expedientes a resolver, e máis cando os propios expedientes a resolver, as propias persoas deses expedientes a resolver, os propios dependentes xa acudían por si mesmos aos equipos territoriais a valorarse presencialmente, excepto nos casos nos que non podían acudir polo seu alto grao de dependencia. E os técnicos dos equipos de valoración da dependencia acudían a valorar os mesmos ás súas casas. Isto segue a suceder, non cambia, polo que esta novidade é falaz, non arranxa o problema en si se non se aumenta o número de persoal, en concreto, significativamente.



A situación dos servizos sociais en Galicia en dependencia é complexa, señora conselleira. É o presidente galego o que ten que acender a bombilla da empatía para conectar a xente máis vulnerable cos seus dereitos. Pero primeiro temos que contextualizar o panorama social en Galicia, froito de máis dunha década de Goberno galego do Partido Popular, e o feito é que é preocupante, moi preocupante, a situación dos servizos sociais en Galicia, dos que vostede é a máxima competente, señora conselleira.

Os servizos sociais chegaron fracos a esta crise para poder afrontar esta pandemia. En concreto, como sabe, Galicia está situada na posición número 13 no *ranking* que fixeron de toda España, de todas as comunidades autónomas de España. Galicia está das últimas en servizos sociais polo seguinte:

Dotación de profesionais nas súas estruturas básicas de servizos sociais: Galicia, 1 profesional por cada 2.458; ¿a media estatal?, 1 profesional por cada 1.875.

¿Na cobertura de atención por dependencia?: Galicia, o 8 % da poboación potencialmente dependente, ¿na media estatal?, o 9,7 %.

¿Nas rendas mínimas de inserción?: Galicia, o 6,9 % da poboación baixo o umbral da pobreza benefíciase das súas rendas, 1 punto menos que na media estatal, que é un 7,9. A contía, ademais, da prestación é inferior que a media estatal.

¿Nas prazas residenciais de financiación pública para persoas maiores?: Outra máis, en Galicia, 1,2 prazas por cada 100 persoas maiores, ¿na media estatal?, 2,7.

¿Na cobertura do servizo de axuda a domicilio?: En Galicia, 3,3 por cada 100 persoas maiores, e na media estatal, 4,9.

¿Na teleasistencia, servizo tan importante para as persoas maiores que viven soas?: En Galicia, 2,3 sobre o total de persoas maiores de 65 anos, na media estatal, o 10,2 %. Hai que ter en conta que estamos a falar de Galicia, que é unha das comunidades autónomas máis envellecidas de toda España.

¿Nas prazas residenciais para persoas con discapacidade e nas prazas diúrnas e ocupacional?: Pasa o mesmo, en primeiro lugar, Galicia, 1,2 prazas por cada 100 persoas, ¿na media estatal?, 1,6. ¿Nas diúrnas e ocupacionais? 1,6 en Galicia, e 2,7 na media estatal.

¿Nas prazas de acollidas para mulleres e os seus fillos vítimas de violencia machista?: 6,3 prazas por cada 100 mulleres con orde de protección; na media estatal, 9,5.

Ademais, a xestión de goberno do Partido Popular en Galicia posiciona a nosa comunidade autónoma como unha das comunidades autónomas que menos inviste por persoa potencialmente dependente de toda España. En concreto, 829 euros ao ano por persoa dependente en Galicia, e na media estatal, 1.158 euros ao ano. Segundo, o impacto acumulado para o gasto público estatal, medidas de recorte do real decreto de Rajoy, do Partido Popular, supuxo un recorte —atención—...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ...de 6.322 millóns de euros, nada máis e nada menos, unha puñalada á lei de dependencia.

O número de persoas beneficiarias sobre o total da poboación dependente tamén é un dos máis baixos de toda as comunidades autónomas de España. E é chamativo, ademais, que Galicia sexa a última comunidade de toda España en número de solicitudes por dependencia. ¿Por que os galegos e galegas desisten en solicitar axudas para a dependencia, señora conselleira? Non entendemos. Teremos que analizar isto.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: Dende o Partido Socialista —un minuto, señor presidente—...

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ...consideramos fundamental apostar polo incremento do persoal dos equipos de valoración. Porque, ademais, tendo en conta que os fondos que chegaron a Galicia foron moitos: 735 millóns do fondo covid, 235 millóns para autónomos e empresas, 17 millóns de axuda extraordinaria, máis os 45 de dependencia, etc.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Se queren apostar para...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois. Grazas.

A señora ORTEGA OTERO: ...dereitos destas persoas, é o momento. Señora conselleira, agora ou nunca. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta da conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Deputadas e deputados.

Señora Ortega.

O psicólogo Abraham Maslow pasou á historia pola súa famosa pirámide na que xerarquizaba as necesidades do ser humano. Unha vez que as necesidades máis básicas estiveran satisfeitas, como poden entender, xorden novas demandas que debemos de ir facendo realidade.



En todos os países occidentais o estado do benestar desenvolveuse dun xeito parecido, por capas. Unha vez acadada a sanidade e a educación universal, a pirámide vaise elevando para ofrecerlles a todas estas persoas novos servizos, a unha sociedade, ademais, cada vez máis exixente.

Unha das mostras do nivel de desenvolvemento que acadou o noso pobo é a expansión do sistema de atención ás persoas maiores, para que sexa accesible e de primeiro nivel. Vivimos máis anos que nunca antes e por primeira vez na historia temos ao noso alcance servizos profesionais para vivilos cada vez mellor. O gran avance que rexistrou Galicia nos últimos 12 anos pódese medir na intensidade do despregamento das axudas e dos servizos de atención á dependencia. Dende o ano 2009 Galicia multiplicou por 4 o número de dependentes atendidos, pasando de 15.000 a 63.000 dependentes atendidos. E a lei de dependencia no ano 2006 aprobouse grazas a un amplo consenso entre o seu partido, señora Ortega, e o meu partido. É algo do que nos podemos sentir moi orgullosas.

Alégrame, ademais, que vostede hoxe teña interese por falar da historia de España, falar tamén do Goberno central, algo que sempre me pide que non faga eu. Pero é moi importante ás veces poñer en contexto cal é a situación da lei de dependencia e tamén da dependencia en xeral en toda España.

A lei de dependencia foi un acerto, eu teño que recoñecelo e debo recoñecelo, non como o seu veciño do Carballiño, Pachi Vázquez, que me acordo cando dixera nun foro que «quizás se nos fue la mano». Pois non, en Galicia estamos a traballar sen descanso por continuar dándolles cada vez e cada día máis prestacións e máis servizos ás persoas maiores. (*Aplausos.*)

Pero ¿que pasou coa lei de dependencia dende o ano 2006? O Goberno central, no ano 2006, despois de elaborar esta lei, esqueceuse de que, para poder trasladarlles todas estas prestacións e todos estes servizos aos cidadáns, facían falta fondos. E fóronse consolidando ano tras ano desequilibrios, e 15 anos despois estes desequilibrios tradúcense en cifras realmente embarazosas. Dos 400 millóns de euros que sosteñen en Galicia o sistema de atención á dependencia, aos nosos maiores, ás persoas con discapacidade, 300 millóns de euros proceden das arcas autonómicas, e menos de 100 millóns de euros proceden do Goberno central. Nese espírito da lei de dependencia —e xa llo dixen aquí en multitude de ocasións— estaba claramente fixado un equilibrio nas aportacións: o 50 % o Estado, o 50 % a comunidade autónoma.

¿Pero vostedes saben canto nos deixou a deber o Goberno central en todos estes anos? ¿Vostedes saben canto nos tería que ter achegado o Goberno central e non llelo achegou aos petos das persoas dependentes? 1.900 millóns de euros. Un importe máis que suficiente para atender cinco veces a todas as persoas dependentes que hai na nosa comunidade. Pero así e todo, e grazas ao compromiso férreo deste Goberno galego, hoxe en día temos máis persoas atendidas a través da lei de dependencia. Somos unha das comunidades con mellor ratio de atención ás persoas dependentes a nivel nacional. Isto é, un 94 % de persoas con dependencia xa reciben aquí en Galicia algunha prestación ou algún servizo, 11 puntos por riba da media nacional.



Pero así e todo, señorías, sabemos que o sistema non é perfecto, porque o tempo para ver recoñecida unha prestación é unha das eivas máis importantes dos servizos de dependencia, aquí en Galicia e no resto de España. Tamén sabemos que estas demoras teñen a súa orixe na burocracia e no papelame que a rodea, e tamén sabemos que moitas situacións requiren dunha actuación rápida das distintas administracións. Ese é precisamente o obxectivo do novo plan de choque en dependencia polo que vostede me formula hoxe a súa interpelación. Un plan de choque que reducirá á metade o número de páxinas do formulario da dependencia, reducirá á metade os tempos de espera, fusionará as solicitudes de grao e de PIA, revisará o concepto do PIA, creará novos centros de valoración, poñerá en marcha novas vías preferentes, simplificará a xustificación das distintas axudas; e tamén, por suposto, levar a cabo unha campaña didáctica sobre as particularidades da dependencia.

Podería estar eu hoxe horas falando con vostede do sistema de dependencia, que, ademais, é algo que me apaixona e no que levo moitos anos traballando. E que ademais ten un impacto directo na calidade de vida das persoas maiores en Galicia.

Pero para non eternizarnos eu voulle responder ás catro preguntas que vostede me traslada.

Primeira pregunta: ¿Vaise reforzar o persoal nos equipos de valoración da dependencia? Si, facer este reforzo está dentro do plan de choque en dependencia que acabamos de aprobar.

Segunda pregunta: ¿Que resultados se obtiveron no estudo piloto da provincia de Ourense? Valore vostede mesma: entre xaneiro e maio deste ano incrementamos as valoracións un 70 % con respecto ao mesmo período dos anos anteriores. Polo tanto, hoxe gustaríame darlle as grazas a todo o persoal da Consellería de Política Social na provincia de Ourense polo seu traballo, polo seu esforzo e polo éxito deste programa. *(Aplausos.)*

Terceira pregunta: ¿En que se investiron os recursos adicionais do Goberno de España? Levamos desde o mes de xaneiro esperando polos 20 millóns de euros que nos ían mandar do nivel acordado. Case medio ano despois Galicia non recibiu nin o primeiro euro, co cal vostede non me preguntará onde os investín porque non chegou nada, absolutamente nada, do nivel acordado que nos corresponde a Galicia.

Cuarta pregunta: ¿Que recursos van investir para mellorar a calidade dos servizos da lei de dependencia? Señora Ortega, eu creo que xa lle respondín a isto con todos os datos que lle dei ao comezo desta intervención. O compromiso financeiro da Xunta de Galicia coas persoas maiores e coas persoas con discapacidade está fóra de dúbida. Dos 400 millóns de euros que custa a factura da dependencia cada ano, 300 millóns de euros son financiados polo Goberno galego e menos de 100 millóns de euros son financiados polo Goberno central.

Debería tamén vostede aproveitar a ocasión e preguntarlles aos seus compañeiros de partido do Goberno central se eles tamén van estar á altura. O Goberno galego sempre estivo, está e o estará, espero que eles tamén.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Pausa) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Señora conselleira, vana botar do Partido Popular. ¡Porque menuda crítica, menudo sermón a Rajoy lle acaba de botar pola falta de financiamento grazas ao Real decreto 2012, que firmou o Partido Popular a nivel Estado! *(Aplausos.)* ¡Prepárese! *(Murmurios.)*

Ben, señora conselleira, pode enganar a calquera persoa que estea aquí presente que descoñeza esta área, é lóxico, ou mesmo á cidadanía que a escoite, pero a quen nunca poderá enganar é ás persoas en situación de dependencia. Analice o informe da Valedora do Pobo e observe as queixas non só polos tempos de espera, senón polo desacordo no grao ou porcentaxe de discapacidade e dependencia que se lles outorga e, por certo, moitos deles por valoracións telefónicas, señora conselleira. Porque aquí presume de que axilizaron as valoracións, ¿non sería por que as fixeron por teléfono, señora conselleira? ¿Como se pode valorar por teléfono a unha persoa que ten unha xordocegueira? ¿Cre que se pode valorar por teléfono a unha persoa que ten xordocegueira de xeito correcto e con rigor? ¿Cre que iso é posible? *(Aplausos.)*

«La mortalidad por el covid alivia la lista de espera de la dependencia en Galicia». 462 persoas que agardaban a súa prestación faleceron entre marzo e decembro. Son 1 de cada 5 das 2.087 baixas no rexistro. Aquí hai que contar tamén persoas que se deron de baixa porque non querían acceder ás residencias ou mesmo do servizo de axuda ao domicilio cando se disparou a covid por medo.

O Observatorio estatal de dependencia tamén indica: «Esto ha contribuido notablemente a la reducción de la lista de espera. Tanto es así que, de las 2.087 personas que han abandonado la lista de espera de resolución de prestación, el 21,85 % lo han hecho como consecuencia del fallecimiento de la persona y no por la gestión de la comunidad». Señora conselleira, esperemos que este plan que realmente si que vai aparelado cun incremento significativo no persoal dos equipos de valoración de dependencia, eu quero crela, o que pasa é que o outro día na comisión o director xeral non o dixo e por iso dubidamos, espero que non sexa para atribuírse por medio dun plan baleiro de contido estes resultados, tristes resultados, a causa dunha pandemia. Espero que así non sexa.

O Partido Popular en Galicia caracterízase por amosar unha cara amable cara aos medios e outra cando non gravan, cando non executa, cando non fai os deberes. E, lamentablemente, pensamos que, tal e como dixo Rajoy que a dependencia non era viable, vostedes tamén pensan o mesmo. E a realidade é que non apostan polos dereitos, non apostaron polos dereitos das persoas dependentes e as súas familias. Rectifiquen canto antes, señora conselleira, porque é vital hoxe máis que nunca.



E do que comentaba da financiación, realmente, pregúntelle a Rajoy, porque foi o que asinou ese Real decreto do 2012. Fíxese, señora conselleira, 2006: o PSOE crea a lei de dependencia e o PP chega ao goberno e masácras recortando por medio de Rajoy. Iso é o que vostede critica, ben criticado.

A verdadeira cara do Partido Popular é esa, a que recortou as pensións e libranzas das nais que coidaban dos seus fillos e fillas e que coidaban tamén dos seus pais. A verdadeira cara do Partido Popular é esa que lles dixo a esas coidadoras non profesionais, a maioría mulleres, por certo, que se querían seguir cotizando que o pagaran do seu bolsillo, e tivo que chegar o Goberno de Pedro Sánchez para retomar ese dereito a cotizar tan xusto para estas persoas. A verdadeira cara do Partido Popular é a total descoordinación entre consellerías, que impide o avance nos dereitos dos galegos e galegas, como os mozos e mozas con discapacidade que interrompen a escolarización aos 21 anos e o Goberno galego non lles dá máis opcións. Reúnase, señora conselleira, de xeito inmediato co conselleiro de Educación, coordinen solucións para estas 70 familias.

A verdadeira cara do Partido Popular é a que axiliza as listas de agarda mediante valoracións e revisións telefónicas, incluso a custa de reducir a calidade da mesma. ¿Como se pode valorar, señora conselleira, unha persoa como, por exemplo, cunha xordocegueira como lle comentaba antes? Isto pasou e está a pasar en Galicia.

A verdadeira cara do Partido Popular é a que anuncia titulares dicindo que farán un plan para mellorar os datos, pero que non especifican exactamente se van a incrementar significativamente o número de traballadores.

A verdadeira cara do Partido Popular é esa que non asinou o Pacto pola dependencia no ano 2016, señora conselleira, cando gobernaba no Estado. Pero que despois, cando deixaron de gobernar, pediron sumarse a dito pacto. É a cara do cinismo en política, señora conselleira. Xestos que, xunto coa corrupción, contribuíron ano tras ano a unha desafección da xente na rúa cos políticos, por falta de confianza, que a pagamos todos e todas.

As políticas sociais falan de persoas, é unha área para a cal se precisa sensibilidade e coñecemento. Non é xusto xogar con titulares baleiros porque significa xogar coa vida das persoas. E, por iso, rectifiquen no Goberno para deixar de suspender na cobertura das atencións por dependencia, nas rendas mínimas de inserción, tamén suspenso nas prazas residenciais de financiamento público, na cobertura do servizo de axuda a domicilio, teleasistencia, prazas residenciais para persoas con discapacidade, na investimento por habitante potencialmente dependente, no número de persoas beneficiarias...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ...por dependencia, etc. A peor comunidade en canto ao número de solicitudes por dependencia. Señora conselleira, non van ben os servizos sociais, a súa competencia, a que a máxima responsable é vostede nas políticas sociais. Din que o número 13 dá mala sorte, eu non o creo, pero neste contexto non é por mala sorte, senón por mala xestión, señora conselleira. A nosa comunidade autónoma ocupa o número 13 no ranking como a peor comunidade autónoma...



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: ...do Goberno de España.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ORTEGA OTERO: Nin incrementando investimento en servizos sociais saímos ben parados neste *ranking*.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

A señora ORTEGA OTERO: Incrementemos notablemente o número...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega. *(A señora Ortega Otero pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas, mire o reloxo, por favor. Mire o reloxo, terminou o seu tempo. *(Aplausos.)*

Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da interpelación, conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Ortega, sorpréndeme saber que as medidas que lle presentei hoxe na miña primeira intervención lle pareceran escasas, porque o realmente escaso son as achegas que fai o seu goberno, o Goberno do Partido Socialista, ás persoas dependentes en Galicia.

Eu recórdollo novamente, como fago sempre, porque vexo que é algo do que normalmente vostede se esquece: un 24 % de aportación do Goberno central fronte a un 76 % de aportación da Xunta de Galicia para darlles cada vez máis prestacións, máis servizos, aos nosos dependentes.

Se vostede di que tanto mira por Galicia, pola nosa terra, sería bo que de vez en cando lle comentara aos seus compañeiros do Partido Socialista do Goberno central que tamén miren por Galicia, que tamén miren polas persoas maiores con dependencia na nosa comunidade.

Con todas estas medidas que lle acabo de expoñer e que recolle o Plan de dependencia imos recortar á metade os tempos de espera. ¡Imaxine vostede que fariamos con todos os fondos que nos debe o Goberno central! Un plan de choque que foi traballado, que foi moi meditado e que dá resposta a moitos problemas que hai nestes momentos á hora de solicitar a dependencia en Galicia.



Polas súas palabras, eu non sei se lle molesta o Plan de choque en dependencia ou ¿que é o que ocorre? A nós o que nos importa é continuar mellorando as prestacións, os servizos e axilizando os trámites a todas as persoas dependentes e ás súas familias. E así levamos traballando moitos meses, moitos anos, 12 anos nos que incrementamos o número de persoas dependentes atendidas ata cuadruplicar o seu número.

Recórdolle novamente que no ano 2009 había 15.000 dependentes atendidos, e que estamos en xuño do ano 2021, con 63.000 dependentes atendidos. Somos unha das comunidades con mellor ratio de atención ás persoas maiores con dependencia.

E estes avances, nos que levamos traballado todos estes anos, aválannos de cara a todo o que queremos lograr. Porque este plan de choque en Galicia representa unha aposta moi ambiciosa e moi seria de cara á reforma do sistema de atención á dependencia dende a súa creación. E con este plan conseguiremos simplificar os trámites, levar as axudas e os servizos de carácter profesional cada vez a máis persoas maiores e con discapacidade. E tamén conseguiremos reducir algo que é moi importante, que son os tempos, que vostede ben sabe que son unha das unidades de medición que máis determinan a nosa calidade de vida do noso sistema do benestar.

Mellorar a atención á dependencia non é un dos grandes obxectivos de todo o goberno senón que debe de seguir sendo sempre unha prioridade de cara ao futuro de Galicia.

Por iso imos seguir incrementando os fondos, imos seguir axilizando o sistema e imos seguir marcándonos novos obxectivos. Porque todo isto e moito máis é o que merecen as persoas maiores, as persoas con discapacidade e todas as familias de persoas con dependencia en Galicia.

Mire, señora Ortega, estea ben tranquila, eu penso que o Partido Popular non me vai botar por defender os intereses das persoas maiores galegas.

Pero eu dicíalle ao principio da miña intervención que o psicólogo Abraham Maslow pasou á historia por esa pirámide. Eu espero, de verdade, que vostede non pase á historia por ser a deputada autonómica que non defendeu os intereses de Galicia e si os do presidente Sánchez.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Suspendemos a sesión ata as 16.30.

Suspéndese a sesión ás tres e oito minutos e retómase ás catro e media da tarde.

Comparecencia do señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, por petición propia, para informar sobre a situación do sector turístico galego e o apoio da Xunta no bienio Xacobeo

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, don Alfonso Rueda Valenzuela.



O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señorías, boas tardes.

Comparezo a petición propia, como saben, para dar conta da situación do sector turístico en Galicia e, sobre todo, das medidas de apoio que dende a Xunta se están a habilitar xa dende hai tempo, e as que quedan de aquí en adiante, ás que tamén me referirei, especialmente pensando no Xacobeo 2021-2022, no que estamos plenamente inmersos xa.

Señorías, nos seis meses que levamos deste 2021 vivimos a parte máis dura da pandemia, dende logo, unha das máis duras, pero tamén os indicios de que poderíamos xa estar abandonando esta situación tan complicada.

Polo tanto, a loita contra o coronavirus, dende logo, continúa, continúa presente nos hospitais, nos contaxios que aínda se están a producir a diario, e na loita de todos e todas. Hoxe son 50 as persoas ingresadas, e dende o comezo da pandemia faleceron en Galicia pola covid-19 un total de 2.434 persoas. Polo tanto, creo que, como é obrigado facer en todas as comparecencias, o primeiro un recordo para todas as súas familias, e para todos os falecidos. (*Aplausos.*)

Pero continuamos, señorías, como dicía, avanzando nos días, e empezamos a ver cifras que nos moven á esperanza. Hoxe hai 1.518.167 persoas vacinadas con primeira dose, e máis de 1 millón, 1.008.500 concretamente, coa pauta completa. Polo tanto, creo que, grazas aos esforzos de toda Galicia, dos galegos e das galegas, e ao comportamento da pandemia, as cifras, cando menos, foron sempre mellores que na media de España. E, polo tanto, un dos seus sectores máis afectados, o sector do turismo, tivo que ir adaptándose a unha situación que, sendo mellor que a media de España, tamén foi moi difícil. E, polo tanto, a obsesión case —no bo sentido— que temos por posicionarnos como un destino seguro segue por suposto, agora que por fin as cousas parece que empezan a mellorar.

Señorías, a cifra de viaxeiros aloxados en España neste primeiro cuatrimestre do ano descendeu un 56,5 % en comparación co ano anterior, isto en España. En Galicia, a caída foi menor, do 3 %, e, polo tanto, é un 23,5 %, case unha cuarta parte menos que na media estatal. Son datos, evidentemente, moi malos, datos que hai que enmarcar nun contexto de pandemia que atacou o sector turístico dun xeito absolutamente brutal, pero que nos move nunha certa esperanza, sobre todo se imos a cifras e empezamos a segmentar cifras turísticas concretas.

Se imos ao segmento extrahoteleiro, mesmo consegue superar os niveis de demanda do mesmo período 2020: un 4 % máis de establecementos de turismo rural, un 22 % máis nos apartamentos turísticos e máis de dez veces o nivel estatal se falamos de cámpings. Polo tanto, con este incremento do 22 % interanual, Galicia é o destino que presenta mellor comportamento, por exemplo, no ámbito dos apartamentos turístico, e en xeral un comportamento mellor en todos os sectores turísticos se falamos de aloxamentos.



Neste primeiro cuadrimestre, como era de prever, o 90 % de demanda turística regrada corresponde ao turismo de ámbito nacional. E, sen ningunha dúbida, durante estes meses que teremos a partir de agora por diante este ten que ser o noso obxectivo principal, pensando que no 2022, cando se recupere e cando se normalice a mobilidade a nivel internacional, ese será o noso segundo obxectivo.

Polo tanto, hai que dirixirse na promoción turística ás persoas que proveñen das restantes comunidades autónomas, e tamén ao turismo estranxeiro de máis proximidade. Estou falando do sur de Francia ou, polo menos, da metade que está máis en contacto con España, e tamén, por suposto, de Portugal no seu conxunto e, especialmente, por moitas razón, do norte de Portugal.

Por darlles máis cifras, se falamos de pernoctas, o comportamento volve ser máis positivo en Galicia, pois hai un descenso, evidentemente, do 33 %, pero é que a media estatal de descenso en pernoctas é dun 64,5 %. A estadía media, tamén sendo, por suposto, moi mellorable e comparado cun contexto normal, sitúase en 2,2 noites, cifra que supera en máis dun 10 %, un 12,3 %, o dato do mesmo período do pasado ano, e de feito é a mellor cifra en cinco anos.

E, por suposto, as cifras do Camiño de Santiago. Obsérvase despois de moitos meses moi complicados, meses onde practicamente non había peregrinos, porque tampouco había mobilidade, pois recordemos que non se podía, durante moito tempo, nin sequera cruzar de concello. Vemos que a situación empeza a mellorar moi rapidamente, ademais, a medida que mellora a mobilidade e tamén avanza a vacinación. Chegaron a Compostela 14.593 peregrinos dende comezos do ano, dos cales 9.000 chegaron neste mes de xuño, polo tanto, unha parte moi importante; e o que queda a partir de agora de verán, destes dous meses que veñen por diante, estanse concentrando nestes últimos días. E, por exemplo, vou darlles outra cifra: máis de 2.000 nesta última fin de semana, só nesta última fin de semana; 2.000 dos case 15.000 que chegaron durante todo o ano.

Polo tanto, son cifras que estamos vendo incrementarse, e que se van incrementar, ou iso esperamos todos, de xeito exponencial, e creo que son boas noticias. E por iso hai que insistir moito en que Galicia está preparada, que Galicia é un destino seguro, e neste novo espazo que se abre, nestas novas seguridades que van buscar moitísimos viaxeiros, é moi importante posicionarse neste senso.

Polo tanto, señorías, os datos melloran. Pero estes non deixan de ser —e iso sabémolo todos e todas— moi inferiores a un ano normal, e, por suposto, se os comparamos co último ano, coa pre pandemia do último ano completo, onde non había todas as restricións que viñeron despois por motivos da covid-19.

O sector turístico estivo moi afectado, e segue sendo a día de hoxe un dos sectores máis afectados. Trátase dun sector fundamental para Galicia, pois non hai que recordar aquí —xa o falamos moitas veces—, que representa o 11 % do noso PIB, máis do 10 % da taxa total de empregabilidade, e, polo tanto, é un sector en cuxa recuperación nos xogamos todos moitísimo.

Polo tanto, todas as administracións temos unha obriga á hora de traballar nesta recuperación, á hora de dar unha resposta contundente, unha resposta de apoio. Dende logo, a Xunta



de Galicia viuno claro dende o primeiro momento, e creo que traballamos nese senso, tamén dende o primeiro momento. Fomos a primeira comunidade autónoma en dotarse dun plan de rescate para o sector cultural e para o sector turístico, en habilitar medidas pioneiras — bono turístico, seguro coronavirus...—, fomos a primeira administración en Galicia en habilitar axudas directas para autónomos e pemes no sector turístico. Xa naquel primeiro momento había administracións locais, algunha deputación e algún concello —afortunadamente, isto despois foise corrixindo e moitas déronse conta de que esta era unha tarefa de todas as administración—, algunha administración que segue dicindo que isto non é competencia de certas administracións, e polo tanto terá que ser a Xunta —ou quen sexa, dende logo non eles— quen se ocupe de axudar un sector en cuxa recuperación creo que todos estamos absolutamente implicados, todas as administracións.

Polo tanto, por parte da Xunta de Galicia insistimos moito en que o apoio, para ser verdadeiramente efectivo, debe vir de todas as administracións, pois todas temos competencias á hora de apostar pola recuperación dun sector tan danado e tan fundamental para Galicia. Eu creo que aí se foron conseguindo cousas, insisto en que administracións que ao principio se poñían de perfil agora si que se están implicando xunto coa Xunta de Galicia. Pero cremos que hai demandas que seguen sendo fundamentais e que non están atendidas. E poño unha moi importante: a rebaixa do IVE turístico, aínda que sexa, polo menos, transitoriamente. Unha cuestión ausente, por exemplo, nas propostas dos grupos da oposición no Ditame da comisión de reactivación, e isto é algo que pide unanimemente o sector, e que, dende logo, a Xunta de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular estamos dispostos a apoiar sen ningunha dúbida, porque é necesario, porque o pide o sector, e porque tería un efecto directo.

Teño que dicir tamén que, nos seis meses que levamos do 2021, dende a Xunta de Galicia continuamos a realizar un esforzo moi importante, con medidas concretas, froito do diálogo, e isto hai que dicilo tamén. Falamos moitas veces, e non foron en moitos casos xuntanzas doadas, nin xuntanzas agradables, no sentido de que cada un poñía enriba da mesa as súas posicións e os seus argumentos, pero falamos co sector continuamente, e creo que isto sempre é positivo e se demostrou agora cando as cousas empezan a mellorar, que este diálogo constante, ás duras e ás maduras, sempre é beneficioso, e nunca hai que renunciar ao mesmo. Dende logo, a Xunta de Galicia non o fixo.

Dicir tamén, por falar da actualidade, agora mesmo, das axudas, que hai máis dunha semana que están abertas para a solicitude no terceiro plan de rescate da Xunta de Galicia xa, para as persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da covid-19, que así se chama e así se publicou este terceiro plan de rescate. Xa digo, é o terceiro plan, con el levamos xa, en seis meses, tres plans de rescate publicados, e para os sectores máis prexudicados pola pandemia, e en total suman 416 millóns de euros.

Facendo un pequeno balance dos dous primeiros plans de rescate, 176,7 millóns de euros xa están pagados entre o primeiro e o segundo rescate, e case 90 —89,4— foron a empresas directamente vinculadas co sector turístico. É tanto como dicir o 50 % destes fondos.

A maior parte do orzamento concentrouse en restaurantes, bares, establecementos de comidas e bebidas..., loxicamente, os máis afectados, pois estiveron pechados durante moito



tempo, non podían traballar, pero tamén chegaron 8,2 millóns de euros a establecementos de aloxamento, 2,4 millóns a axencias de viaxes e operadores turísticos, e máis de 500.000 euros a outros servizos turísticos, por exemplo, os guías turísticos profesionais.

É moi importante tamén, e repetímolo moitas veces e creo que o demostramos cos feitos, e aí están os destinatarios para atestigualo. O que se pretendía con estas axudas —eran axudas directas para a xente que non estaba tendo ningún outro ingreso— é que tiñan que chegar canto antes, e creo que fixemos gala dunha axilidade sen precedentes.

Polo tanto, tamén queremos facelo de cara ao deseño do terceiro plan, queremos manter este mesmo esquema. É certo que hai dificultades, e seguro que se falará disto nas réplicas. Son cartos que nos transfire o Estado, e falaremos agora da cantidade que cremos que Galicia tiña que recibir e que non recibiu. Pero, ao ser cartos transferidos dende un fondo estatal, sométense a unha serie de condicións que, señorías, sinceramente non entendemos demasiado algunha das trabas, algúns dos requisitos que se poñen, e que cremos sinceramente que se podían obviar, sobre todo pensando en que xa levamos dous plans de rescate anteriores e eses requisitos e eses obstáculos burocráticos que vai ter este terceiro plan —e iso que intentamos minimizalos— non existían nos dous primeiros. A diferenza era que nos dous primeiros as regras as marcaba a Xunta de Galicia e neste terceiro as vai marcar o Estado, que transfire os cartos. Polo tanto, son obrigas que temos que asumir pero que intentamos minimizar na medida do posible, e que os destinatarios finais, que seguen necesitando que canto antes cheguen estas axudas directas, nos trasladan tamén que estas trabas non deberían existir, igual que non existiron nos dous primeiros plans.

E o primeiro que hai que dicirles é que isto non se consensuou coas comunidades autónomas. Díxosenos primeiro a cantidade, coa que non estabamos conformes, e despois os mecanismos para transferir estes cartos aos destinatarios finais, respecto dos cales, como digo, en moitos casos tampouco estabamos de acordo. Igual que non estamos de acordo na porcentaxe final que lle corresponde a Galicia, un 3,3 %, cando, se isto se fixera de acordo cos criterios de financiamento autonómico, tería que chegar exactamente ao dobre, aproximadamente un 6 %, que ao final non é para a Xunta de Galicia, é para transferir directamente a aqueles que máis o necesitan.

Polo tanto, imos repartir este terceiro plan de rescate —xa está publicado—, facendo sempre a interpretación máis favorable aos beneficiarios, ás veces non contradicindo, porque iso non se pode facer, pero si intentando matizar e suavizar, e facilitarlles as cousas aos destinatarios, e adaptando, polo tanto, unha normativa estatal moi rixida, que non se quixo cambiar. E non se quixo cambiar, entre outras cousas, porque non houbo negociación previa entre as comunidades autónomas encargadas de distribuír os fondos e a propia Administración estatal. E non sería porque non o reclamáramos dende as administracións autonómicas, non só a Xunta de Galicia, senón outras moitas comunidades autónomas, tamén, por suposto, as doutras cores políticas.

Outro aspecto fundamental na repartición das axudas é o que ten que ver coa implicación, como dicía antes, doutras administracións, que pasaron de poñerse, algunhas directamente —hai que dicilo, para entendernos— de perfil, dicindo que non era competencia súa, a unha



fase diferente na que moitos concellos, sobre todo, entenderon que si que se tiñan que implicar directamente en axudar o sector turístico dos seus propios municipios. Saben que a Xunta de Galicia lles ofreceu ás deputacións e aos concellos chegar a un acordo para centralizar, unha vez acreditado, e dicíano os propios destinatarios, que era o mellor sistema, o máis rápido —xa están cobrados o cen por cen dos dous primeiros plans de rescate—, pois ofrecer o sistema da Xunta para repartir as achegas que decidiran as administracións locais.

Bueno, é certo que hai administracións locais, concellos especialmente, que decidiron facer unha repartición directa. Isto non é nin máis nin menos criticable, o que pedimos é que lles cheguen canto antes aos destinatarios. Hai outras deputacións e concellos que decidiron non facer ningunha repartición de axudas, pensando que non vai con eles, e hai outros —de todas as cores políticas, hai que dicilo— que decidiron utilizar o sistema de repartición da Xunta de Galicia, 63 concellos, concretamente —e insisto, de todas as cores políticas—, que van distribuír, e empezará de xeito inmediato esa distribución, entre o segundo e o terceiro plan de rescate de 2,5 millóns de euros, cartos dos municipios que se distribuirán a través da canle de repartición, rápida e áxil, da Xunta de Galicia. Ademais doutras axudas —non me quero parar moito máis nelas—, podíamos citar os 11 millóns de euros repartidos dende o Igape para o acondicionamento de terrazas, servizo a domicilio e, en definitiva, a adaptación dos locais á nova situación de pandemia e sobre todo de pospandemia.

Faleilles tamén na presentación dos orzamentos do actual exercicio no que estamos, 2021, dun plan de choque específico para o sector turístico. Creo que este plan se está cumprindo, estamos a metade de ano e moitas das medidas xa están en marcha e algunhas completamente executadas. Falo de axudas directas específicas para distintos colectivos máis afectados no sector turístico, consensuadas —hai que dicilo— coa representación dos diferentes subsectores que hai no turismo en Galicia e que, ademais, son compatibles coas axudas directas dos plans de rescate, son a maiores deses cartos aos que antes me referín. E, por poñer exemplos, as axencias de viaxes —que son un dos sectores máis afectados e se dirixen directamente a promover a mobilidade, a mobilidade non foi posible durante estes meses— son un motor importante, e temos magníficas axencias de viaxes maioristas e minoristas en Galicia, e necesitaban unha axuda fundamental sobre todo neste momento no que o Xacobeo se presentaba como unha oportunidade e de repente todo aquilo quedou parado. Polo tanto, temos mobilizados 5,3 millóns de euros para as axencias de viaxes en Galicia dentro deste plan de choque. Algún exemplo máis recente: subvención para gastos de seguros de caución, axuda á dixitalización, comercialización de novos produtos, 2,4 millóns, e para cubrir gastos de alugueiros ou de hipotecas destes establecementos, 1,2 millóns de euros.

Outro sector especialmente afectado, e que ademais son a faciana principal que moita xente se atopa cando chega a Galicia, os guías profesionais de turismo, que en Galicia, á parte de estar moi ben organizados en asociacións, teñen unha altísima profesionalización. Concretamente, no pasado mes de febreiro establecemos un convenio de colaboración, xa desembolsado, case 200.000 euros, para crear novos produtos turísticos que se adapten a esta nova situación e pensando no Xacobeo. Melloras de establecementos turísticos para adaptalos a esta nova situación de rexurdimento do turismo: 3,5 millóns de euros, case o dobre que no ano anterior. Unha aposta por renovar, por modernizar as instalacións e para adaptalas —como dicía— ás novas circunstancias.



¿Balnearios?, tamén; aquí fixemos un especial esforzo. Os balnearios dependían nunha gran medida dos programas que a nivel estatal se promovían dende o Imserso; o Imserso suspendeunos o ano pasado, pode ser máis ou menos entendible, pero a día de hoxe tampouco saben os balnearios —eu acabo de manter unha reunión coa asociación que os agrupa a todos— as perspectivas, os programas e, polo tanto, as esperanzas que poden ter na revitalización dos programas do Imserso neste ano 2021. O lóxico é que xa o souberan, non saben nada; polo tanto, a Xunta de Galicia acode na súa axuda cun convenio xa inmediato para empezar a promocionar outra vez a estancia en balnearios de 100.000 euros.

Tamén axudamos os operadores e as operadoras de turismo MICE. O turismo de congresos é fundamental en Galicia, necesitaban adaptarse e fixérono durante este ano e medio de pandemia. E moitos congresos virtuais que posibilitaron que non se perdera o ritmo e sobre todo a perspectiva de celebrar moitos congresos presenciais en canto se poida en Galicia aproveitando o ano Xacobeo. E para a dixitalización, aquí as novas tecnoloxías tiveron moito que ver, a Xunta de Galicia aportou 770.000 euros e despois outra achega nova de 123.000 euros sobre todo en investimento en novas tecnoloxías.

E, por último, señorías, déixenme que me deteña nas axudas ao ocio nocturno, pechados dende o 15 de agosto de 2020 e que empezarán a funcionar —se todo marcha como está programado ata o de agora, e todo indica que vai ser así— o vindeiro 1 de xullo. E habilitamos unha primeira liña de axudas ao alugueiro a finais do ano pasado, e acabamos —está publicado xa no *Diario Oficial de Galicia*— de publicar unha nova axuda directa ao ocio nocturno, que se engade ademais a todas as que se puideron acoller nos dous plans de rescate xa desembolsados e no que acabamos de publicar, pero 4 millóns específicos para o sector que probablemente resultara máis damnificado, polo menos de xeito directo, xa que leva un montón de tempo —como dicía antes— sen poder traballar, que é o sector que engloba os pubs, cafés espectáculos, salas de festas e salas de concertos. Saben vostedes que fixemos unha proba piloto, a proba piloto tivo uns resultados moi satisfactorios. A intención é —estámolo avaliando durante estes días— manter unha xuntanza esta mesma semana, pechar as condicións definitivas, e que todo o mundo no ocio nocturno, os profesionais saiban a que aterse, cales serán as condicións nas que poderán volver funcionar e que o poidan facer —segundo está previsto— a partir do 1 de xullo. Esta é a previsión, todo indica —e espere-mos que sexa así, que non haxa ningún imprevisto— que empezarán a funcionar nesa data, o 1 de xullo, e ademais poderanse acoller —á parte das axudas que xa tiveron— a eses 4 millóns que van directamente para eles.

E o plan de choque recollía outras medidas, iniciativas de estímulo ao consumo turístico. O bono turístico —que creo que foi un éxito colectivo, dicímolo sempre—; primeiro, unha iniciativa dende as administracións, ás que se sumaron ademais —e teño que agradecerllo— tanto a Deputación de Ourense como a Deputación da Coruña, que entenderon que sumando esforzos por enriba de cores políticas é como hai que facer as cousas neste momento e que permitiron mobilizar unha cantidade moi importante de cartos a favor do sector turístico no momento en que máis falta facía. Creo que este é o primeiro triunfo dun bono turístico que tivo moitos máis. O segundo, e probablemente o fundamental, é a actitude da xente que vivimos en Galicia, que entendemos, primeiro, que temos moitas cousas por descubrir, o bono turístico é para consumir produtos turísticos en Galicia; e, segundo, que era un xeito



de axudar a un sector tan importante, especialmente damnificado, porque recordo que é un bono que pide cofinanciamento, e hai que dicir que case o 90 %, entre as posibilidades que había, do bono turístico foi para a parte que exixía unha maior aportación por parte dos solicitantes. Creo que esta actitude de intentar, primeiro, facer turismo na nosa propia terra, na nosa propia comunidade autónoma e, despois, de axudar a un sector tan prexudicado creo que fala moi ben ás claras mesmo da solidariedade, das ganas que temos, por suposto, de viaxar e de axudar ao noso propio sector turístico. E creo que o éxito, á parte das cifras que xa son coñecidas —non me vou parar nelas— de solicitantes, de persoas que accederon nunha primeira quenda, nunha segunda, ou das que están aínda en lista de espera, falar de que hai case 1.000 establecementos turísticos en Galicia adheridos ao bono quere dicir que esta foi unha moi boa iniciativa que creo que chega no momento xusto para revitalizar o noso sector turístico.

Falar tamén, dentro do plan de choque, do Programa Elixé Galicia; por certo, elixido como o mellor programa de fomento de turismo interno na recente feira de Fitur. Son 10.000 prazas turísticas para distribuír ademais a través de axencias de viaxes, outra vez axuda a un sector especialmente damnificado; 3 millóns de euros que van vir moi ben nesta idea de reactivación e revitalización.

Falar tamén, dentro do plan de choque, do seguro coronavirus. Medida pioneira que, por certo, agora se está xeneralizando; hoxe viña nos xornais que a Comunidade Autónoma de Murcia se suma tamén a outras comunidades autónomas que xa o puxeron en marcha, pero hai que dicir que a primeira idea, a pioneira, xurdiu na Comunidade Autónoma de Galicia nun esforzo ou nun plantexamento colectivo non só da Xunta —que tamén—, senón do propio sector turístico a través do *cluster* que arbitrou esta medida e que se está demostrando que dentro dese lema e dese slogan —que ten que ser moito máis que un slogan, hai que demostralo con feitos— de «Galicia, destino seguro» é unha peza fundamental. Xa está en vigor e permite no día de hoxe, non tivo que ser activado, pero estaríamos perfectamente preparados para se calquera persoa —eles ou os seus acompañantes— que resultaran contaxiados por mor do coronavirus, sendo non só peregrinos, senón simplemente turistas en Galicia —e iso hai unha serie de requisitos moi sinxelos—, que saiban que teñen esa tranquilidade e que, polo tanto, poden viaxar a Galicia con esa seguridade.

Xa digo que se trata de plasmar en feitos algo que é un obxectivo que todas as administracións e todas as comunidades autónomas con competencias en materia de turismo e mesmo o Goberno central vai perseguir como posicionamento de turismo seguro, de turismo aberto, de turismo buscando unhas condicións que polo menos non se buscaban con esa intensidade ata o de agora. E, polo tanto, temos que estar moi ben posicionados e demostrar que temos argumentos para respaldar estes posicionamentos.

Dentro do plan de choque —por rematar xa—, a formación, fundamental. Todos, non só os albergueiros nos albergues públicos, senón moitísimas persoas que van atender tamén os peregrinos na excelente rede de albergues privados que existe en Galicia, nos establecementos hostaleiros en xeral, profesionais de turismo, moitos establecementos que non son hostaleiros pero que atenden o público, recibiron unha formación moi importante durante estes meses aproveitando o parón por mor do coronavirus en materia de seguridade sanitaria.



Creo que isto é fundamental, demostrable, e creo que tamén é unha tranquilidade engadida a todas aquelas persoas que agora nos van empezar a visitar.

Igual que a innovación, fundamental para adaptarse ás novas propostas que veñen despois do coronavirus. E creouse unha aceleradora de empresas turísticas, Turislab, que se está titorizando; no día de hoxe, houbo máis de 80 candidaturas, seleccionáronse 10 e no día de hoxe están xa sendo titorizadas para converterse en realidades empresariais en moi pouco tempo. E remataremos con ese plan de sustentabilidade turística que estamos facendo co *cluster* de turismo e que vai marcar a evolución do turismo durante estes dous, tres, seguintes anos, adaptándonos tamén a este novo escenario que todos temos por diante.

E por último, señorías, loxicamente —como non podía ser menos— falando da perspectiva que temos por diante, todo o que ten que ver co Xacobeo 2021-2022. Que é certo que tivo un arranque moi complicado, tivemos a enorme sorte de ter por diante un bienio Xacobeo, o cal nos vai permitir compensar sen ningunha dúbida os difíciles meses iniciais, onde o Xacobeo, directamente relacionado coa mobilidade e coa mobilidade ademais en moitos casos de grupos e de moitas persoas á vez, loxicamente, os primeiros meses tiña a súa viabilidade moi comprometida, e este é o momento de arrancar e arrancar con forza para aproveitar o ano e medio que temos por diante. Saben vostedes que lanzamos hai apenas un mes unha gran campaña promocional, 7,9 millóns de euros, creo que feita con intelixencia; primeiro, porque se presentou no momento en que procedía, non tiña ningún sentido presentar unha campaña de promoción do Xacobeo cando a xente non se podía desprazar; pedirlle á xente que camiñe a Galicia cando non se podía camiñar nin sequera de concello a concello. Agora é o momento e ademais é o momento de orientala cara aos destinatarios potenciais que teñen máis posibilidades de vir a Galicia cando menos durante estes seis meses. Polo tanto, a campaña promocional «Camiña a Galicia», que pretendemos que se achegue a 35 millóns de persoas, dirixirase ao mercado nacional, no que todas as comunidades autónomas estamos competindo agora mesmo, e tamén —como dicía antes— ao mercado estranxeiro máis de proximidade, Portugal, especialmente o norte, pero non só, e tamén Francia, sobre todo a parte máis cercana a España, e ampliando progresivamente en función de como vexamos que vai evolucionando a mobilidade internacional.

E vemos agora mesmo os peregrinos que están chegando, por datos da Oficina de Atención ao Peregrino, case o 20 % —creo que é unha cifra nada desdeñable— xa son peregrinos estranxeiros, e dende logo isto ten que medrar moitísimo máis ata chegar a máis do 50 % que acadamos no ano 2019 e ademais desestacionalizando o noso fluxo turístico. Estou falando de que nos primeiros meses do ano 2022 nos dirixiremos especialmente ao mercado asiático, que é o que tradicionalmente máis se achega a Galicia nos meses de inverno, para ir ampliando progresivamente o foco e ter creo que un pleno de afluencia de moitísimos países durante o ano 2022.

E, para facer todo isto, hai que estar preparados para recibir toda a xente á que lle estamos pedindo que veña a Galicia como peregrino ou como turista.

¿Que fixemos? Moitas cousas, tamén dentro deste plan de choque. Primeiro, concluír a renovación das instalacións do Monte do Gozo. Non podía ser que a porta de chegada a San-



tiago —o lugar onde durante moitísimos anos moitísima xente facía a súa última noite antes de achegarse ao destino final— non fora a carta de presentación coa que moitísima xente queda na cabeza despois de concluír o seu periplo. Polo tanto, facía falta unha renovación importante e fixémosla, case 8 millóns de euros que están nun renovable e creo que está sendo eloxiado por todo o mundo que a coñece nunha renovación. É moito máis que un lavado de faciana, e creo que é un novo Monte do Gozo que se pode desfrutar dende hai un mes e que se vai poder desfrutar sobre todo no momento máis necesario neste ano e medio que nos queda de Xacobeo.

Recuperamos a zona residencial, máis de 1.000 prazas de aloxamentos, mellorouse a iluminación, a xardinería, os servizos de restauración, locais de tendas, zonas de ocio. En colaboración con Aspanae reformamos o centro asistencial e turístico. Aportamos, e non hai máis que ver o antigo cámping como está agora mesmo destinado a Aspanae. Rehabilitamos o auditorio, 45.000 persoas para actos ao aire libre. En canto se poida, aproveitarase todo o potencial dun dos recintos máis grandes ao aire libre, polo menos, non falando de estadios ou recintos pechados; eu creo que agora mesmo en España e probablemente en Europa sexa dos recintos máis acondicionados ao aire libre sen ser absolutamente pechados que existen para este tipo de actividades. Aproveitarémolo, dende logo, en toda a súa intensidade, agardemos que así sexa no ano 2022.

E o albergue do Monte do Gozo con estas prazas que lles dicía antes, máis de 1.000 prazas, vai reabrir a partir do 1 de xullo. Saben que nese plan que temos de reapertura dos albergues acompañado ao fluxo de peregrinos decidimos —creo que con bo criterio e da man da Asociación de Albergues Privados— ir acompañando a oferta á demanda. E, polo tanto, o lóxico era que, se un sector que o pasou tan mal cando non había peregrinos, como o sector dos albergues, que tanto creceu e sobre todo con xente nova nestes últimos anos, o lóxico era deixar que primeiro se foran enchendo os albergues privados e despois ir coa oferta pública. Abríronse máis de 30 o 15 de xuño e a intención é que o 1 de xullo abran os restantes para ter a plena potencia toda a oferta de albergues da rede pública, xunto coa privada, a partir desa data.

Imos abrir o albergue de Vigo, 93 persoas, un dos albergues máis grandes da rede pública, a finais deste mes, 1,6 millóns de euros de investimento. E, por dar algunha cifra máis nos últimos anos, no marco Plan de albergues destinamos 10,2 millóns de euros á creación de 14 novos albergues. Agora mesmo a rede pública terá, cando estean rematados estes que agora se están construíndo, 78 albergues públicos en todos os camiños oficiais.

É certo que no día de hoxe por indicacións do Comité Clínico a capacidade dos albergues se mantén ao 30%; é certo tamén que falando co sector, como dicía antes, falando co sector directamente e chegando a acordos se determinou que, se son grupos e hai unha declaración responsable identificada de todos, poden ocupar o 100%; e tamén somos conscientes de que, conforme vaia mellorando a situación sanitaria, haberá tamén que adaptar esta capacidade dos albergues á demanda real que, sen ningunha dúbida, vai haber durante estes dous meses de peregrinos.

Falaba antes da formación do persoal que atende todos os que veñan a Galicia. Fixemos unha especial incidencia na formación dos hospitaleiros da rede pública; habilitamos tamén unha



plataforma *online* para reservar prazas nos albergues de peregrinos; publicamos guías e axudas. En definitiva, neste eido creo que estamos preparados para a afluencia que xa se está vendo nestes últimos días. Insisto, máis de 2.000 peregrinos só nesta última fin de semana, venres, sábado e domingo, tendo en conta ademais que houbo unha mala climatoloxía e iso tamén é tido en conta por peregrinos á hora de planificar a súa viaxe.

Imos seguir traballando tamén na conservación, sinalización e embelecemento dos camiños, creo que isto é moi importante e calquera que faga habitualmente os camiños de Santiago, que percorra esas zonas, verá que había unha serie de recunchos, ás veces pequenos e necesitados só de pequenas actuacións, pero que cambian completamente a faciana e a identificación e a vista coa que quedan moitísimos peregrinos de lugares que estaban degradados ou polo menos non adaptados ao contorno no que se a topaban e que agora, con estas pequenas actuacións, se foron conseguindo. Estamos falando de 33,9 millóns de euros para facer estas pequenas actuacións e tamén para algo moi importante e fundamental, que é adaptar os camiños e que estean perfectamente preparados. O último camiño que se adaptou, están practicamente rematadas as obras, é tamén o último camiño en ser recoñecido oficialmente, estou falando do Camiño do Inverno, un investimento de case un millón e medio de euros que permite telo tamén en condicións de transitabilidade, condicións axeitadas, condicións tamén de limpeza, atención de calquera incidencia, que é o que reclaman os peregrinos que os usan habitualmente.

Tamén moi importante, o ámbito da sinalización. Nos últimos dous anos investimos seis millóns de euros en sinalar as distintas rutas xacobeas. Esperemos que unha sinalización homoxénea, recoñecible en todas as partes, identificable por calquera peregrino e por calquera persoa, creo que é fundamental para esa imaxe de marca do Camiño que tanto nos interesa, non só en Galicia, senón tamén nas restantes comunidades autónomas que atravesan os camiños e tamén en moitos países estranxeiros que teñen itinerarios xacobeos. Aquí, permítanme que me deteña un momento na situación incomprensible no día de hoxe e por moitas veces, e agora ademais que imos inaugurar o albergue de Vigo, a situación incomprensible de que sexa a única cidade en España e probablemente en Europa que se segue negando a ter unha sinalización homoxénea do Camiño, é máis, a ter ningunha sinalización, o que está provocando que moitísimos peregrinos, cando cheguen e utilicen o GPS e perdan o que realmente é o trazado e o sinal do Camiño e vaian por lugares onde normalmente non deberían nin terían que ir. Eu agradezo ese esforzo e esa colaboración dos propios hostaleiros de Vigo que non entenden tampouco esta situación e que se uniron á Xunta de Galicia para poder cando menos sinalar con sinais homologados, non os que se poñerían se a Xunta de Galicia puidera marcar, como fixemos en todas as partes o Camiño, pero polo menos vai permitir algo tan sinxelo e tan absurdo se un o pensa como é permitir porque si e polo capricho dalgún que os peregrinos se perdan coa intención de borrar a pegada do Camiño nun lugar no que todo o mundo debería beneficiarse. Polo tanto, quero agradecer aquí publicamente ese esforzo dos hostaleiros, dos comerciantes de Vigo que entenderon que é unha situación que non ten ningunha explicación.

Podía, señor presidente, por ir rematando xa, facer alusión a outras moitas actuacións que están no plan de choque e que se dirixen especialmente, e como é lóxico, a revitalizar o turismo pensando no Camiño Xacobeo, nos camiños xacobeos neste ano e medio que temos



por diante, pero, por non estenderme máis e pensando aínda en que quedan outras intervencións, agradecer, porque aquí isto é fundamental, o labor e o apoio insubstituíble que fan as asociacións, as moitas asociacións, non só en Galicia, especialmente en Galicia, pero tamén outras moitas comunidades autónomas, que fan asociacións de Amigos do Camiño asesorando, avisándonos dos fallos que poida haber, promovendo o Camiño, difundíndoo. Isto é un labor impagable que permite, ademais, que esa vertente tan importante do Xacobeo que é a programación cultural, á parte do que é a propia peregrinación, o propio Camiño, sexa unha realidade que nos interesa moitísimo seguir desenvolvendo, para iso o Programa «O teu Xacobeo» (que leva investido entre as dúas edicións case 6 millóns de euros, case 4 nesta segunda edición) está permitindo achegar o espírito Xacobeo e o que é o Xacobeo a moitísimos lugares, non só a aqueles que atravesamos un camiño, que son máis de 100 concellos en Galicia, senón aos 313 concellos galegos nun labor de dinamización sociocultural que é importantísimo e que temos que aproveitar este ano e medio para poder facelo.

E falar tamén dos concertos, que son as pegadas, un dos sinais de identidade de calquera Xacobeo e que van pouco a pouco collendo o seu pulo. Esperamos que o ano que vén, falaba antes do recinto do Xacobeo, con esas case 50.000 prazas, poida ser o gran ano tamén para facer eses concertos que todo o mundo identifica e que todo o mundo acepta como un dos grandes sinais, xa digo, de identidade do Xacobeo, pero este ano empezamos cunha capacidade moito máis reducida e agardamos o ano que vén poder facelo con moita máis intensidade. Igual que presentaremos en canto se determinen as condicións supoño, porque isto sairá nas réplicas, nas intervencións dalgúns grupos, a programación do Xacobeo. E eu aquí quero facer unha reflexión. Se tiveramos presentado unha programación do Xacobeo hai 6 meses, hai 8, hai un ano, como se nos reclamaba, estaríamos agora mesmo rectificándonos sobre a marcha continuamente porque hai moitísimas actividades que requiren unha planificación de interiores, de aforos, de movementos de grupos, que non é posible facelas ata que saibamos as condicións nas que se van poder desenvolver. Polo tanto, eu aquí adquiero o compromiso de que en canto isto estea determinado, á parte de todo o que estamos facendo agora, concertos adaptados ás normas sanitarias que temos agora mesmo, programación de «O teu Xacobeo» tamén adaptado a todo isto, a facer unha programación e, por suposto, unha difusión e por suposto aquí no Parlamento da programación do Xacobeo no ano e medio. Non no ano e medio porque será despois do verán, pero no tempo que nos quede, adaptado ao que queremos que sexa un Xacobeo con grandes eventos, con planificacións moi importantes, pero que necesita unha certeza sanitaria que agora mesmo, por fin, estamos empezando a concretar.

Dicir que todo isto vai estar tamén moi coordinado co que é o Plan nacional Xacobeo 2021-2022. Señorías, saben vostedes que este plan se presentou o venres pasado na cidade de Oviedo incomprendiblemente. Aquí adoptouse por unanimidade un acordo neste Parlamento para pedirlle ao Goberno de España algo tan lóxico como que o Plan nacional Xacobeo, acontecemento turístico nacional en palabras da propia ministra, se presentara onde todo o mundo tería aceptado, incluídas todas as comunidades autónomas, que fora esa presentación, onde todo o mundo o identifica e máis nun ano Xacobeo, que ten razón de ser explicar calquera cousa relacionada cos camiños de Santiago, que é a Comunidade Autónoma de Galicia e entendo que a cidade de Santiago.



Houbo unha invitación formal non respondida, nin sequera respondida nunha evidente falta de cortesía polo ministerio, e o que soubemos por medio dunha convocatoria é que, sen saber se as alegacións que propoñía Galicia, que as fixemos e creo que moi razoadamente, ían ser estimadas ou non, despois vimos que a maioría non o foron nesa presentación en Oviedo. O plan presentábase na Comunidade Autónoma de Asturias, que, con todos os respectos e, por suposto, agradecendo o seu interese polo Xacobeo, creo que non admite comparación nun Ano Santo coa necesidade de ser presentado este plan en Galicia.

Este plan foi presentado, fixemos unha serie de reclamacións, agradecemos e dixémolo en canto coñecemos que había unha parte importante, a terceira parte dos fondos destinados á rehabilitación do patrimonio artístico, destinado a rehabilitar patrimonio en Galicia, iso creo que está moi ben e, polo tanto, saudamos, pediremos máis cantidade, pero entendemos que estamos falando de moitas comunidades autónomas. Esta é a parte positiva que poida ter o plan, por dicir algunha parte positiva. Despois todas as propostas que se fixeron respecto á seguridade viaria, coordinación de voluntariado, acondicionamento de camiños, difusión e promoción conxunta, todo isto foi absolutamente ignorado. Só se nos remite a unha serie de convocatorias con cartos europeos que xa se nos venderan noutros programas do ministerio, polo tanto aquí hai unha duplicidade evidente, podíamos discutir as cifras: 120 millóns; só a Xunta de Galicia vai poñer 85 este ano, 120 millóns en dous anos, é dicir 60 cada ano, e destinadas ao conxunto das comunidades autónomas. Non sabemos canto lle vai tocar a Galicia. Non entendemos por que non hai actuacións planificadas, se falamos dun Plan nacional Xacobeo hai cousas que, indo xa medio ano dun bienio Xacobeo, deberían estar preparadas, non podemos esperar á hora a presentar proxectos, que estes proxectos se valoren, se seleccionen e ao mellor estar —se é que se seleccionan as nosas propostas— executándose moi entrado o ano 2022.

Se queremos facer as cousas en serio, o lóxico é planificar en serio; e, se queremos falar —xa digo— de acondicionamento de camiños, homoxeneización dos albergues, sinalización, seguridade viaria tan importante, o lóxico é que todo isto aparecera reflectido nun plan que ten moitísimas inconcrecións. E gustaríanos dicir outra cousa porque Galicia xogaba moitísimo en que este plan tivera o contido que a todos e a todas nos interesa. Non é lóxico que para un hipotético evento turístico, se se vai celebrar en Barcelona o ano que vén, haxa 20 millóns consignados nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2021 e non haxa absolutamente nada para o Plan nacional Xacobeo destinado a Galicia.

Polo tanto, haberá que seguir, eu agardo o apoio desta Cámara, para seguir reclamando o que a Galicia lle interesa e ao que Galicia sobre todo ten dereito, e que o Goberno central entenda que este é un acontecemento, interésanos moitísimo que sexa un acontecemento a nivel nacional, pero dende logo ten que ser un acontecemento que teña unha referencia fundamental en Galicia.

Polo tanto, señorías —e remato xa, señor presidente—, faláballes ao principio da miña intervención de que, despois dunha situación tan dura como esta, empezamos a albiscar xa, a outear no horizonte datos que nos moven á esperanza en todo, en recuperar a nosa vida normal, porque ao final o tema do turismo, o tema da mobilidade vai tamén de ter unha vida normal e, polo tanto, de poder desfrutar de moitas cousas que durante este ano e medio nos estaban absolutamente vetadas.



Polo tanto, queremos que as disfruten ou queremos disfrutalas en primeiro lugar os galegos e galegas, que demostramos que queremos facer turismo co bono turístico na nosa propia terra e despois queremos que moitísima xente, coa intelixencia de entender que isto irá ampliándose pouco a pouco o abano territorial, pero en principio hai que ir ao turismo de proximidade, queremos que moitísima xente veña a Galicia este ano e o que vén.

Estamos falando do 10 % do noso PIB e o 11 % do noso emprego e, polo tanto, interéсанos moitísimo e probablemente é un dos motores da reactivación ou da recuperación de Galicia probablemente non, seguro veña polo lado do turismo. Temos natureza, temos a calma que agora vai buscar moitísima xente, temos paisaxes, temos espazos abertos, 863 praias, unha oferta termal insuperable, 6 parques naturais, gastronomía, cultura, temos en definitiva, señorías, moitísimas cousas que antes xa buscaba moitísima xente pero que agora vai buscar moitísimo máis.

Polo tanto, hai que invitar todo o mundo a que goce da nosa terra, hai que entender que o sector turístico necesita a axuda de todas as administracións e, dende logo, da Xunta de Galicia vaina ter. Hai que entender que o Xacobeo, con independencia das opinións que poida ter cada un, é un acontecemento turístico, é unha oportunidade que non debemos desaproveitar. Xa o digo, porque ademais é algo que lle gusta moito dicir ao BNG: o turismo é moito máis que o Xacobeo. Por suposto, Galicia ten moitísimas cousas á parte do Xacobeo, pero sen ningunha dúbida neste ano e medio canta xente vai buscar e vai mirar cara aos valores que o Xacobeo encarna perfectamente, estamos no momento xusto e, sobre todo, no lugar xusto para aproveitar todo iso, e o Xacobeo pode ser un perfecto engancho para que moitísima xente se achegue por primeira vez a Galicia e teña moitas ganas de volver, teña moitas ganas de prolongar a súa estada e teña moitísimas ganas de coñecer un pouco mellor esta terra.

Polo tanto, eu convido toda a Cámara a que se sume a este reto, a que fagamos deste Xacobeo 2021-2022 a plasmación da enorme oportunidade que temos por diante e a que recuperemos o terreo perdido que a pandemia nos fixo perder e que se pode recuperar con sentidío, pero creo que a pasos axigantados tendo en conta as cifras das que viñamos antes da pandemia e as cifras que deberíamos recuperar.

Polo tanto, camiñemos xuntas, señorías, tamén nesta ruta para a recuperación económica e, se mo permiten, tamén moi importante, anímica do noso país.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Rolda dos grupos parlamentarios, grupo Parlamentario Socialista, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Boa tarde, deputados e deputadas.



Boa tarde, vicepresidente primeiro.

¡E eu que pensaba, vicepresidente, que por fin ía saber a programación do Xacobeo e, se se me permite a expresión, *mi gozo en un pozo!* Eu pensei que, despois de medio ano que levamos de Xacobeo, a Xunta de Galicia nos ía contar as accións previstas nas programacións do Xacobeo 2021-2022, pero xa vexo que non.

O Grupo Parlamentario Socialista reclamamos ata en tres ocasións neste Parlamento ter información actualizada e continua sobre en que ía consistir a programación, a reformulación esa da que tanto falou vostede e o señor Feijóo do Xacobeo. ¿E cal foi a resposta? Pois a resposta foi a mesma que nos acaba de dar vostede agora aquí: cousas xenéricas, que se ían facer cousas nos 313 concellos de Galicia, pero nada concreto, nada concreto.

E, señor Rueda, eu non lle estou dicindo que se fagan macroconcertos nin macroactos, pero pódense facer actos pequenos, e vostedes non están facendo nada. Pódense facer actos pequenos, xa sabemos que estamos nunha pandemia, pero pódense facer actos pequenos.

O turismo, sen lugar a dúbidas, é un dos sectores máis afectados da crise sanitaria e, despois dun ano moi complicado, coa actualidade nula nalgúns períodos, empresarios e profesionais confían en que o Xacobeo 2021-2022 axude a reactivalo, iso é innegable.

O sector turístico, o sector da hostalería, o sector do comercio, o sector cultural, os concellos e a cidadanía en xeral queren saber a programación do Xacobeo 2021-2022. Estiveron agardando ata agora a ver se saía algo, pero vemos que seguen sen saberse que vai facer a Xunta de Galicia. Pensamos que estes sectores non merecen que aínda hoxe non se saiba en que van consistir eses actos do Xacobeo. Xa lle digo, non teñen por que ser macroconcertos, pero si se poden facer, penso eu, actos máis pequenos.

O turismo en Galicia ten que ir máis aló do Xacobeo. É unha boa marca, sen lugar a dúbidas, unha moi boa oportunidade para o turismo, pero o Executivo autonómico ten que investir máis en turismo; a partida orzamentaria que máis se incrementou é a do Xacobeo, non hai un incremento substancial en ningunha outra partida orzamentaria despois deste ano tan crítico para o sector do turismo.

E as axudas para o sector turístico son meros parches, e aquí voume parar un intre, porque vostede fixo alusión ás axencias de viaxe. A verdade é que me chama bastante a atención que fale das axencias de viaxes; cando as axencias de viaxe quixeron reunirse con vostede, vostede non quixo. É máis, aquí este grupo parlamentario trouxemos varias iniciativas sobre as axencias de viaxes porque esas axencias non estaban nas axudas da primeira parte que sacaron vostedes. Non estaban as axencias de viaxes. E despois de que trouxemos aquí varias iniciativas e que se manifestaron aí fóra neste Parlamento, é cando a Xunta de Galicia meteu axudas para as axencias de viaxes; cousa que, está ben rectificar, estivo ben rectificar, pero estou abraida de que vostede fale das axencias de viaxes. Por certo, axencias de viaxes que teñen un problema, non sei se o sabe, pero dígollo eu, co bono turístico, están tendo un gran problema porque resulta que a TPV son TPV non dixitais, son presenciais. Entón, as axencias de viaxe por exemplo que son *online* non poden facer as transaccións bancarias, entón teñen aí un pequeno gran problema.



Por certo, si, si, onte mesmo chamáronme varias axencias de viaxe que están tendo este problema, que o bono turístico non é dixital, ten que ser presencial. Si, si, é así. Xusto onte chamáronme varias axencias. Pero dígollo para ver se se pode facer algo, en plan construtivo, que teñen este gran problema.

Sen lugar a dúbidas, temos moitas opcións de turismo na nosa comunidade, que a Xunta de Galicia debería fomentar e levar nos orzamentos, como é o caso do turismo termal.

Fagan plans estratéxicos de turismo termal para cada provincia, non só para a de Ourense, hai máis provincias con turismo termal.

Tamén estaría ben que o Goberno do señor Feijóo fixera unha programación autonómica de termalismo, non vale só falar do Imsero, fagan vostedes unha propia programación do termalismo en Galicia, dependente da Xunta de Galicia. Déanlle pulo, o pulo que necesita, ao turismo rural. As restricións de viaxar en todo o mundo debido á pandemia levaron a gran maioría da cidadanía do noso país a renunciar ás súas viaxes ao estranxeiro e moitos optaron polo turismo rural.

É necesario que o Goberno autonómico aborde o turismo no rural como eixo esencial na estratéxica turística de Galicia. A Xunta de Galicia ten que atender as peticións deste sector e, para iso, ten que empregar o turismo como vector de riqueza que permita poñer en valor o rural e loitar fronte ao despoboamento, aproveitando o efecto chamada e a nova sensibilidade cara ao rural xerada pola pandemia, para que a poboación volva a traballar nas zonas rurais e ao tempo permitir que a xente vaia como turista e coñeza a nosa riqueza.

Por iso, o noso grupo parlamentario solicitou a elaboración dun novo plan de turismo rural por un período de 5 anos que conteña obxectivos medibles e contías económicas para poder desenvolvelo.

Arranxen, señor Rueda, o problema dos xeodestinos; o Goberno autonómico tería que proceder ao desenvolvemento do marco normativo para definir con claridade o proceso de creación dos xeodestinos, así como a definición dos seus órganos xestores, funcións, competencias e os mecanismos de modificación do mapa. Dialoguen cos alcaldes e alcaldesas, pero non só nos temas dos xeodestinos, senón tamén nas vilas termais, tamén dialoguen cos alcaldes e alcaldesas, e de todas as cores políticas por certo, dialoguen con eles.

E a maiores, por suposto, non podemos esquecernos das praias e da gastronomía, que son o produto estrela do noso turismo, iso sen lugar a dúbidas. Temos moitas opcións de turismo na nosa terra, pero non están sendo apoiadas todas como se debería desde a Administración autonómica. Unha mágoa deixar escapar esta oportunidade de relanzar o turismo galego.

Por outra parte, gustaríame facer unha pequena mención aos 134 millóns que veñen do Goberno de España, porque primeiro a súa maior problemática era que o Goberno non daba cartos a Galicia. Ben, houbo 134 millóns, agora son insuficientes, pero tamén son insuficientes pero a maiores resulta que o que requiren non está ben, veremos se gastan os 134 millóns, pero tamén recibiron 441 millóns dos fondos de axuda á recuperación para a cohe-



sión e os territorios de España do Goberno de España, co cal co mesmo obxectivo. Esperemos que a Xunta de Galicia utilice eses fondos para o turismo.

E dicirlle que, para o Goberno de España, a celebración do ano Xacobeo é un evento moi importante para promover e aumentar o coñecemento e a notoriedade do Camiño de Santiago nos mercados internacionais, polo que colaborará coa Xunta de Galicia na súa celebración.

O Plan nacional de turismo Xacobeo 2021-2022, presentado a semana pasada, é un proxecto de promoción dos camiños de Santiago como produto cultural e patrimonial en todo o territorio nacional cun investimento que supera os 121 millóns de euros, que será financiado cos fondos Next Generation, e farase unha presentación oficial en Galicia do Plan nacional de turismo Xacobeo 2021-2022. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Farase, farase.

Segundo a ministra Maroto, o Plan Xacobeo incorpora medidas para conservar e aproveitar mellor os camiños de Santiago e promover a actividade turística e económica, e é un gran proxecto de país que nos une arredor dunha oferta cultural, patrimonial e vivencial única.

O plan estrutúrase arredor de cinco eixos principais de investimento: o Plan nacional de sostiabilidade turística no destino Xacobeo 2021-2022, dotado de 45 millóns; Programa de desenvolvemento de produto turístico, con 5 millóns; proxectos sustentables para o mantemento e rehabilitación do patrimonio histórico de uso turístico dos camiños de Santiago, dotado de máis de 65 millóns; Programa Destinos Turísticos Intelixentes, ao que se destinarán 5 millóns; e o Programa de promoción internacional.

Aquí o Goberno de España actualmente ten programadas 103 accións asociadas á promoción do Camiño de Santiago e do Xacobeo 2021-2022. Destacan, por exemplo, algunhas como a exposición fotográfica en Oslo, a presentación á prensa do Xacobeo 2021-2022 en Chicago, en Roma, en París, en Lisboa. Campañas locais en Italia, Irlanda e Brasil; formación de axentes en México, en Rusia; 36 viaxes internacionais de prensa; 21 viaxes de axentes, 2 delas especificamente orientadas ao turismo accesible en Dublín e Toquio.

Como pode ver, o Goberno de España está implicado co Xacobeo. A implicación do Goberno do Estado é total. Están co Camiño de Santiago e están co Xacobeo. Eu non me cansarei de repetir que a implicación do Goberno central co Xacobeo é total. Xa sei, e vostedes repetirán unha e outra vez que o Goberno de España non fai nada, pero eu repetirei que si, e aquí estoulle dicindo todo o que está facendo o Goberno de España.

Si, pois está facendo bastantes cousas, o que pasa é que despois lle lerei algunha máis porque agora non me dá tempo, pero a implicación do Goberno central co Xacobeo é total. Xa llo dixen o outro día tamén aquí mesmo no Pleno e volvereillo dicir cada vez que vostedes digan que o Goberno non fai nada. Pero si, aí están todas as cuestións que fai o Goberno do Estado.

Tamén o Ministerio de Transportes, por exemplo, a semana pasada inaugurou o señor Ábalos a cripta do Obradoiro e a escaleira, con 1,4 millóns. É un exemplo *(Murmurios.)* Ah, que non é do Goberno do España o señor Ábalos, ah, pensei. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, está ben.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...bueno, falamos todos, bueno, non pasa nada.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Remate, por favor.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...hai unhas *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...hai unhas 150 actuacións en proxecto e en execución coas que o Estado chega a máis de 60 concellos de toda Galicia. O Ministerio de Transportes acomete un plan de acción sobre seguridade viaria no Camiño de Santiago cun investimento global de 12,5 millóns.

Un dos ministerios máis implicados é, sen dúbida, o de Cultura. O Programa Xacobeo para a conservación e mellora de bens culturais supón un investimento entre 2019 e 2022 de 30 millóns de euros, que está composto por máis de 30 proxectos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Mire o reloxo, por favor. Está cumprido, está cumprido. Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Boas tardes a todas e a todos.

Boas tardes, señor Rueda, e encantado de telo por aquí.

Xa sei que para o PP este non é o país de nunca máis, pero o que temos claro dende o BNG é que este tampouco é *el País de nunca jamás*, e desde logo vostede non é Peter Pan. Escoitando a súa intervención de hoxe dá a sensación de que na Galiza a pandemia non golpeou excesivamente, sobre todo en comparación co resto do Estado español, que o sector turístico está encantado coas medidas adoptadas ata o de agora pola Xunta e que as expectativas son boas; e iso non é así, iso non se corresponde coa realidade.

O sector turístico e hostaleiro galego foi sen dúbida un dos máis castigados pola pandemia. Só no ano 2020 pecharon 3.400 hostaleiros neste país, unha media de 10 cada día, segundo datos da Federación Galega de Empresas Inmobiliarias. Os mal chamados plans de rescate articulados pola Xunta de Galiza a partir de novembro supuxeron un certo alivio para os graves problemas de liquidez do sector, iso é innegable, pero o problema é que durante nove meses, de marzo a novembro, ficaron totalmente esquecidos tanto polo Goberno autonómico



como polo Goberno estatal. E ademais eses plans non foron suficientes, xa hai dous que xa foron articulados e están á espera de cobrar ese terceiro plan.

Dende o BNG, dende o inicio do curso político, estivemos presentando iniciativas nas que solicitabamos da Xunta de Galiza a posta en marcha dun auténtico plan de rescate para o sector que, partindo dun diálogo real cunha representación ampla e plural do sector ao redor dunha mesa técnica de traballo, contivese axudas directas en contía suficiente, pero, o que é máis importante, outras medidas de corte tributario que freasen a hemorraxia de peche de bares, cafeterías, hoteis e restaurantes ao longo de todo o noso país. Deste xeito, a Xunta podería ter exercido o liderado que se viña esixindo polo sector para reclamar do Estado español a adopción desas medidas tributarias que, dende logo, son de competencia estatal.

Por certo, o BNG e o PP transaccionaron en Comisión unha iniciativa na que solicitaban a rebaixa do IVE turístico e do IVE cultural. Polo tanto, iso non sei se lle constaba, pero, desde logo, quero deixalo bastante claro. Iniciativas que en todo caso foron rexeitadas pola vía do rodillo polo Grupo Parlamentario do PP, as iniciativas do BNG.

Ante a nova situación creada pola pandemia, tamén instamos unha e outra vez do Goberno galego a necesaria redefinición do modelo turístico e unha reorientación do Xacobeo. A situación pandémica a nivel galego, a nivel do Estado español e internacional aconsellaban — aínda que só fose por prudencia e por responsabilidade— dar un xiro a esa concepción tradicional que o Goberno galego ten do Xacobeo. Pero durante meses a Xunta non variou nin un ápice a súa folla de ruta respecto ao Xacobeo. Así, durante os meses máis duros do ano 2020 para o sector turístico —nos que debido á pandemia non foi posible desenvolver practicamente actividade ou evento ningún— a Xunta de Galiza empregou un orzamento de 82 millóns de euros destinados ao Xacobeo no ano 2020 a preparar e a acondicionar as vías do Camiño de Santiago, os albergues ou o Monte do Gozo para a chegada de futuros peregrinos. E vostede manifestouno na última comparecencia que tivo aquí, creo que alá polo mes de novembro ou de decembro. Mentres, 10 negocios relacionados co turismo pechaban cada día, algo que debía ser inasumible, dende logo, para un Goberno responsable e empático.

Deixaron esmorecer unha parte moi importante do tecido empresarial asociado ao turismo, e sobre todo —o que é máis grave— tratábase de negocios pequenos na súa maior parte, familiares, que baixaron o enreixado definitivamente durante eses meses de abandono por parte da Xunta e por parte do Estado.

Nun exercicio de irresponsabilidade e de falta de cintura, o Goberno do señor Feijóo seguiu postergando decisións que poderían ter evitado esa desfeita, obsesionados por seguir apostando por un Xacobeo tradicional que precisaba dun cambio de rumbo hai moitos meses. Neses meses que van de marzo ata a actualidade todo o orzamento do Xacobeo destinouse a mellorar a sinalización dos camiños e a prender as luces de «Acende o Xacobeo». Precisamente esas luces foi as que lle faltaron ao Goberno galego e sobre todo amplitude de miras. Esa obcecación por un modelo de Xacobeo fastoso, de grandes eventos e territorialmente centralizado o que supuxo para o sector turístico galego foi perder moitos meses e, o que é peor, supuxo moitísimos peches. E, pasados 10 meses, é cando os peregrinos empezan agora a chegar ao noso país.



A mellora da situación epidemiolóxica en forma de descenso lento dos contaxios e o avance da campaña de vacinación permitiron unha relaxación, desde logo, das medidas sanitarias e restritivas de movemento; e a chegada dos primeiros turistas pero na súa inmensa maioría nacionais e do veciño Portugal —como vostede ben apuntaba—. E a extensión do Xacobeo ao ano 2022 estou seguro de que lles permitiu respirar aliviados, señor Rueda —a todo o mundo, loxicamente, pero a vostedes máis—, porque se non o papelón ía ser de traca. Porque neste ano 2021 o sector turístico galego vai ter que pivotar sobre o turismo interior, como vostede ben dixo, pero, polo anunciado até o de agora, reinciden no mesmo erro, os concertos do Camiño Perseidas volven circunscribirse a unha localización xeográfica concreta — neste caso, ao Monte do Gozo—, polo que o retorno económico se vai limitar como moito á cidade de Santiago de Compostela.

Na proposta da Comisión de reactivación fala o Grupo do PP de descentralización territorial do evento, referíndose ao Xacobeo, pero é que os feitos din o contrario, seguen sen cambiar a marcha.

O Xacobeo é unha gran marca, pero non vai ser o cáliz de salvación do sector turístico galego nun ano tan complicado e inestábel como está sendo o ano 2021. Vai axudar, pero non vai ser o eixo fundamental para reactivar o sector, como manifestou vostede ante o ministro de Turismo surcoreano hai ben pouco. E fago esta referencia máis que nada para referirme aos fluxos turísticos internacionais; efectivamente, tardarán máis tempo en restablecerse. Polo que ata o ano 2022 a afluencia de turistas estranxeiros non acadará en Galiza nin sequera os datos do ano 2019; e todos sabemos da importancia que ten o turismo internacional para o Xacobeo, é unha pata fundamental do tallo.

Quizais por iso anunciou esa campaña promocional dotada de 8 millóns de euros para atraer turistas a Galiza. E o problema non está en gastar eses 8 millóns de euros en promoción, senón que ese investimento se enmarca na concepción mesma que ten o PP do Xacobeo, unha inmensa campaña de autobombo, un instrumento de propaganda ao servizo do Goberno galego e do PP, pero non desde logo dos galegos e das galegas. Porque non ten sentido falar de promoción exterior se non fala vostede de cuestións que hoxe na súa primeira intervención nin nomeou, como pode ser explicar que xestións ou negociacións se levaron a cabo pola Xunta de Galiza co Goberno español, en paralelo a ese investimento promocional, para acadar que Galiza sexa un destino turístico consolidado a nivel internacional.

Porque para ser un destino turístico consolidado a nivel internacional isto esixe mellorar as conexións aéreas, é dicir, que haxa voos regulares cando menos coas principais capitais europeas, algo do que neste momento adocece Galiza. ¿Sabe vostede cal é na actualidade o primeiro aeroporto galego na recepción de visitantes con destino a Galiza? O Francisco Sá Carneiro, do Porto, basicamente. (Aplausos.) Mentres succédense as noticias de perdas de voos directos con orixe e con destino aos aeroportos galegos. Sería imprescindíbel que o Goberno galego investise e apostase de xeito claro para acadar esa mellora da conectividade aérea. ¿De que vale promocionar Galiza no exterior se non lles facilitamos aos potenciais turistas a posibilidade de ter voos directos, é dicir, de viaxar de forma cómoda e directa ao noso país?



Tamén é necesario mellorar as conexións ferroviarias. Por un lado, a alta velocidade, que nos conectaría co resto do Estado. En teoría, neste ano deberían darse pasos neste sentido, segundo se anunciou na prensa, pero cos atrasos acumulados durante anos terán que entender que sexamos escépticos cos prazos e sobre todo coas xestións realizadas. E sería importantísimo tamén que se potenciase o que sería o tren de proximidade, é dicir, o tren de cercanías, máxime se imos ter un ano marcado sobre todo polo turismo interior.

Tamén sería moi importante consolidarse nos circuítos internacionais de grandes cruceiros, pero dun xeito planificado e sostíbel, ou potenciar e pelexar polo afianzamento do eixo atlántico, a nosa situación dentro do que sería o eixo atlántico. Por iso tamén estaría ben que vostede nos indicase que xestións ou reunións se tiveron nese sentido dende o Goberno galego; ou, por exemplo, que alianzas busca o PP europeo para consolidar este eixo atlántico.

Se o Goberno galego tivese traballado nestes aspectos, se me di que está habendo avances nalgún deles, as campañas masivas de promoción no exterior —como as de 8 millóns de euros para a promoción do Xacobeo— serían coherentes. Pero, se non se avanzou nestes temas, esa promoción é o de sempre, fume e propaganda, pero neste caso propaganda da cara. Porque para tratar estes temas, que si son fundamentais para o sector e para que Galiza se converta nun destino turístico consolidado, precísase algo do que vostedes carecen: peso político. Ou, o que é o mesmo, ter capacidade para acceder a aqueles foros nos que se toman decisións que son vitais, neste caso, para o sector turístico galego. E sobre todo acadar respecto político e institucional a todos os niveis, tanto no Estado español como en Europa.

Pero isto só se pode conseguir dunha maneira, señor Rueda: afondando no autogoberno, asumindo todas e cada unha das competencias que lexitimamente lle corresponden ao noso país. Xusto aquilo do que escapa o Goberno do señor Feijóo coma do lume —como ben apuntaba pola mañá o meu compañeiro Luís Bará—. Só así é posible manter unha posición de país forte e respectada, avanzando no autogoberno, e vostedes sábeno.

Durante a pandemia o Goberno galego, en lugar de buscar espazos de entendemento e diálogo co Estado español que permitisen consensuar medidas que favorecesen a reactivación neste caso do sector turístico galego, adicouse a buscar a confrontación política, avivando unha loita partidista, estéril, coa única intención de desgastar o Goberno central e fomentar descaradamente a imaxe do gran líder, do señor Feijóo. E non eximo de responsabilidades neste xogo estéril o Goberno do señor Pedro Sánchez, porque dous non pelexan se un non quere.

O que se percibe no Xacobeo, o que aflorou dun xeito máis claro coa pandemi, foi esa imaxe de buraco negro dende o punto de vista orzamentario. Pero isto non é sen querer, é buscado de xeito premeditado, porque é moi cómodo para vostedes: focalizan o investimento no Xacobeo e dende aí venden que a Xunta inviste en cultura, en promoción do turismo ou en mellora de infraestruturas, pero todo dunha forma moi opaca e confusa.

Se queremos un modelo turístico sustentábel e xerador de riqueza para o país, precisamos unha planificación do retorno económico. Calquera modelo turístico o esixe, saber de forma concreta canto se vai recadar por cada euro investido en turismo. O Xacobeo non pode en-



tenderse simplemente como un gasto. Dígame, pois, se existen eses estudos de retorno económico do investido; se é así, por favor, explíquemolo, dígame onde podemos acceder a eles. Porque, de non existir, ao mellor ata temos razón en que o Xacobeo ten moito máis de pura propaganda para o Goberno galego e para o PP.

Xa acabo agora mesmo, señor presidente.

Do que non hai dúbida é de que o Xacobeo absorbe investimentos que deberían ir destinados a outras cuestións vitais para Galiza dende o punto de vista turístico. Xa o dixemos máis veces, pero non por iso imos deixar de repetilo: o turismo termal, pero espallado por toda Galiza; o turismo urbano; o turismo cultural ou o náutico. Que complementen o Xacobeo porque —volvemos dicilo— é unha boa ferramenta. E ao mesmo tempo permitan a diversificación da oferta turística e acadar un modelo máis distributivo e xusto co conxunto do territorio.

Non hai motivos —entendemos— para a auto compracencia, pero si para a autocrítica, e pouca escoitamos hoxe aquí na súa primeira intervención. Aprender dos erros para mellorar, algo que dende o PP, á vista do seu discurso, dende logo non existe.

Nada máis pola miña parte. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez López.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Vereia Fraiz.

O señor VEREA FRAIZ: Grazas, presidente.

Vicepresidente.

Ata marzo do ano 2020 Galicia viña completando cifras récord, mellorando a cantidade, mellorando a calidade dos seus produtos turísticos, mellorando a competitividade, mellorando o valor engadido e sendo un dos sectores máis importantes non só en porcentaxe de emprego e de PIB, senón sobre todo coa súa capacidade de arrastre do resto de sectores produtivos, e tamén sendo unha peza clave nas diferentes cadeas de valor. Isto soubémolo dende o primeiro momento, Galicia foi a primeira comunidade autónoma en aprobar un plan de choque ou de axuda ao turismo, fíxoo o 30 de abril do ano 2020, e penso que é unha data que, pasando os meses, ten especial valor. Na metade do comezo da pandemia a Xunta de Galicia foi quen de elaborar e de aprobar o primeiro plan de choque.

A pandemia cambiouno todo, cambiounos persoalmente, cambiounos profesionalmente, está cambiando tamén os sectores produtivos. E, polo tanto, xorde unha pregunta: ¿como vai ser o turismo do futuro? ¿Como vai ser o turismo pospandemia? E, sendo sinceros, pois non hai unha resposta clara, hai tendencias, hai indicadores, pero non hai unha resposta clara. Será un turismo sustentable, sen dúbida, aquel que aproveita os recursos pero permite que estes



non se esgoten e pasen ás xeracións vindeiras; reparte a riqueza entre as comunidades máis locais. Un turismo que porá en valor os destinos secundarios que ata agora estaban fóra do circuíto turístico ou directamente non eran destinos turísticos e a partir de agora pois si o van ser. As novas tecnoloxías para buscar esas viaxes máis personalizadas, máis singulares. Por suposto, a natureza, os espazos abertos, iso está en todo o noso contorno privado, ese reencontro de toda a sociedade co medio natural.

E todo isto dentro desa Galicia como destino seguro, porque é fundamental o valor seguridade, a variable seguridade. O futuro consumidor turístico pois vai ter como variable fundamental a seguridade, aquel sitio que non sexa seguro sanitariamente quedará fóra do destino dos futuros visitantes.

Penso que é importante destacar —hai que dicilo— que a industria turística galega en todo este contexto non tivo o apoio do Goberno central, non tivo o apoio do Goberno do presidente Sánchez. Cada vez que mirabamos a Madrid recibimos decepción tras decepción, decepción coas axudas directas. Non hai un plan nacional de rescate turístico, non o houbo. Os euros, o diñeiro, os cartos que recibiron ata o de agora os empresarios e os autónomos son ou da Xunta de Galicia ou das administracións locais. Decepción co IVE turístico, que fixo unha petición formal este Parlamento da man do BNG e do Partido Popular pedindo a rebaixa do IVE turístico e cultural, e non foi atendido; era unha medida de alto impacto, unha medida importante, nun momento ademais de colapso de todo o sector. E, por suposto, decepción co compromiso co Xacobeo, nin compromiso institucional, nin compromiso político, nin compromiso económico. E temos o exemplo de hai uns días, a semana pasada, este Pleno hai 15 días por unanimidade pide un xesto político, un xesto sinxelo, que era facer a presentación do Plan nacional do Xacobeo en Galicia, e ás poucas horas ese plan anúnciase en Oviedo. Non teño datos de se o Parlamento do Principado de Asturias solicitou formalmente esa presentación, pero o que si é certo é que todos aquí nesta Cámara pedimos ese xesto político e o que tivemos foi un novo menosprezo ao Xacobeo e un novo menosprezo a unha petición formal feita por esta Cámara.

Este grupo parlamentario entendo que sempre pediu e criticou as deficiencias ou a non realización de determinadas actuacións por parte do Goberno de Pedro Sánchez en tempo e en forma. E atopámonos habitualmente co silencio como resposta e noutras ocasións simplemente decisións contrarias, como acabamos de ver.

Importante destacar esa falta dun plan nacional de rescate turístico, un plan nacional que ademais foi solicitado e reprende, as institucións europeas reprenderon o Goberno de España por non ter activado ese plan de rescate turístico para o sector. A propia vicepresidenta da Comisión, como digo, reprende directamente o Goberno de España por non ter solicitado ese paquete de axudas. E polo tanto, nin atenden ás institucións europeas, nin atenden ao sector e moito menos ao Parlamento de Galicia. E, como dicía antes, o sector leva tempo sen contar co apoio do Goberno central.

Pasa no eido sanitario, no eido económico, no eido político e, polo tanto, a Xunta de Galicia e este grupo parlamentario teñen que artellar solucións autonómicas ou autóctonas como foron ou están sendo eses plans de rescate, os máis eficientes, os máis intensivos orzamen-



tariamente de todo o Estado. E tamén, por suposto, intentamos baixo ese principio de unidade de acción poñer en marcha ese gran plan conxunto de rescate que non puido saír adiante. Tería sido un exemplo para toda a sociedade onde participaban —esa era a nosa proposta— todos os concellos independentemente das cores políticas, as deputacións, a Fegamp, a Xunta de Galicia; un plan que tería sido eficiente, que tería sido eficaz e, sobre todo, tería sido xusto, porque chegaría a todos os autónomos e a todos os empresarios independentemente do lugar onde se atoparan en Galicia. E chegaría ademais ao mesmo tempo, e como digo, en cantidades e de xeito xusto e equilibrado.

Non saíu adiante por unha decisión política do PSdeG, unha decisión política que no seu momento foi xustificada, díxose que era mellor ter 300 plans nos municipios, 4 nas deputacións e 1 na Xunta de Galicia. Bueno, era unha xustificación política que xa nos chirriou, pero os efectos están aí. A maioría dos concellos non activaron eses plans, a maioría das deputacións non activaron eses plans e, polo tanto, o que pedimos agora é polo menos unha asunción de responsabilidades por esa decisión política que ten estas consecuencias. Eses diñeiros están bloqueados nos concellos do PSdeG e nas deputacións do PSdeG e non están nos bolsillos dos autónomos e dos empresarios galegos.

Polo tanto, como digo, como mínimo un recoñecemento dese erro, un recoñecemento ou unha asunción de responsabilidades porque as consecuencias, como digo, están aí.

Este grupo parlamentario vai seguir apoiando a Xunta de Galicia mentres a Xunta de Galicia manteña o compromiso político, o compromiso institucional e o compromiso económico co sector. E este grupo parlamentario seguirá tamén exixindo ao Goberno central que active medidas e solucións áxiles, solucións reais, solucións eficaces e que se sume ao esforzo colectivo que estamos facendo todos os galegos por saír da pandemia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vereia Fraiz.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente, señorías.

Vou intentar responder ás cousas que se dixeron dende esta tribuna, especialmente por parte dos intervenientes en nome do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Empezo polo Partido Socialista.

Señora Gallego, é que é moi difícil se me mestura, se non falamos coas cifras poñendo un pouco de rigor, é que eu me perdo sinceramente. Faloume de 134 millóns, entón non sei se son os 121 que veñen para o Plan Xacobeo, entón o que lle digo é que son 121 en dous anos, 60, 85 nada máis da Xunta de Galicia para este ano e, por suposto, o plan preséntase en



Oviedo. Ou son os 234, que xa son 100 máis... ¡Ah!, son os 234. Entón dígolle que é o 40 % menos do que lle tiña que corresponder non a Galicia, senón aos hostaleiros galegos e que o Goberno central, o Goberno do señor Sánchez, sen ningunha explicación nos sentou e nos dixo ou isto ou nada, ídelos repartir cunha serie de trabas burocráticas que son imposibles de aplicar na práctica —esperemos que non, porque melloramos bastantes cousas desas regras que nos deron—, pero, ao final, se son 234, ¿onde está o 40 % que lle correspondía ao sector turístico de Galicia e que nos veu furtado directamente desta asignación inicial?

Polo tanto, primeiro, rigor coas cifras e, segundo, que saibamos as cifras o que representan e, sobre todo, o que podían representar se de verdade houbera un compromiso da Administración estatal co sector turístico en Galicia e co acontecemento fundamental que supón o Xacobeo.

Porque, se me fala tamén, señora Gallego, do Plan de sustentabilidade turística extraordinaria, o que lle direi é que, igual que por fin un socialista fala en Galicia do que supón o Plan nacional Xacobeo, aínda que teña que ser unha parlamentaria... Ou sexa, como non veñen os do seu Goberno, o Goberno que vostede defende, polo menos veu aquí a dicirnos: primeiro, entereime por vostede que van presentar o Plan nacional Xacobeo en Galicia. ¿A vostede non lle parecería normal, primeiro, que xa o tiveran presentado e, segundo, se vai ser así, que nolo digan, que non me teña que enterar por vostede? ¿A vostede parécelle unha cortesía institucional e un xeito normal de relacionarse un Goberno que di, segundo vostede, que valora o Xacobeo coa Administración que representa o final de todos os camiños? Bueno, pois vou tomar por bo, xa lle direi ao ministerio se algún día se digna en dicírnolo, non xa o sabemos, xa nolo dixo unha deputada do seu grupo, señora ministra, xa que vostede non nos dixo nada. Que van estar aquí presentando o Plan nacional Xacobeo. Bueno, pois benvidos sexan, a ver que nos explican. A ver se nos explican tamén de paso o Plan de sustentabilidade turística extraordinaria, ao que vostede se refería como un maná de cartos que vai chegar para o turismo en Galicia. Oia, pois benvidos sexan, jeh!

Pero xa teño que dicirlle que fixemos alegacións que, por suposto, igual que as do plan nacional non nos foron respondidas, non sabemos se lles gustan, se non lles gustan, se van ser tidas en conta; non sabemos nada nese xeito de funcionar que ten ese ministerio e os ministerios en xeral, teño que dicilo. E, bueno, a ver se por fin nos din algo, porque xa se aprazou dous veces, que eu o podo entender, pero xa van dúas veces aprazadas e, polo tanto, xa se incumpriu o compromiso do mes de xuño e imos entrar no mes de xullo e non temos nin idea de que pautas vai marcar o Ministerio de Turismo para o emprego polas comunidades autónomas dos cartos que veñen do Plan de sustentabilidade extraordinaria. Se son tan importantes, o lóxico é que a estas alturas algo xa había que saber. Polo tanto, xa que vostede fai de recadeira, enténdame no bo sentido, porque aquí o fixo anunciándonos a visita da ministra, pois dígalles tamén que estamos desexando, supoño que todas as comunidades autónomas, que nos digan, por fin, cando se vai explicar algo tan importante para Galicia como son os fondos europeos en materia de turismo.

Iso para empezar. E dinos que como que non se compromete o Goberno central co Xacobeo se estivo aquí o señor Ábalos inaugurando unha cripta —por certo, que vén dentro dun plan xeral disposto e consignado polo señor Rajoy—; home, a outra alternativa era que parara as



obras na catedral. Menos mal que non o fixo, está ben que veña por unha pequena obra anunciarnos iso. (*Aplausos.*) Agora, se iso vai ser todo o compromiso que teñen vostedes, acabar as obras que iniciou o Goberno do señor Rajoy, non paralas, e dicir que ese é o seu compromiso, xa sabemos o que podemos esperar. E eu síntoo, de verdade, porque de verdade que este é un tema que a Galicia lle importa moitísimo.

Di vostede, e eu xa o imaxinaba, porque xa o dixen en anteriores... Vostede é moi libre de falar do Xacobeo, por suposto, desde o punto de vista como queira, pero de verdade que se cre que todo o problema do Xacobeo é que non anunciamos cal é a programación... Eu xa lle intentei explicar nesta comparecencia e nas anteriores que tiven. Eu, se queren, dígolles o que temos preparado para recibir os países que máis peregrinos emiten cara a Santiago cando se poidan mover. Pero o primeiro será saber cando se poida mover para saber cando podemos programar os actos, saber cantos van poder vir.

Se quere dígolle tamén como imos dimensionar os concertos, que vostede fala moito dos concertos. Non, está ben, é algo que lle interesa e nos interesa a todos, pero hai máis cousas que os concertos e para falar ben dos concertos teremos que saber canta xente imos poder meter nos concertos. ¿Quere que lle diga como van ser os concertos dentro de 3 meses, dentro de 4 se están cambiando os aforos? Quere que veña aquí e que lle diga: non isto que lle dixen non valeu de nada porque agora cambiou afortunadamente a maiores, a peores. ¿Non se dá conta de que todo isto require unha planificación? ¿Non se dá conta de que, mentres, estamos facendo cousas?

Preocúpame moitísimo, señora Gallego, que os máis de 500 entre as dúas edicións de actos que ten «O teu Xacobeo», algúns con moito reflexo nos medios de comunicación, algún con moito impacto porque van asociacións culturais que antes non recibiran un só carto de ningunha Administración e agora grazas ao Xacobeo poden programar actuacións de certa entidade. Que en máis de 500 a vostede non lle soe nin o primeiro, cando se fixeron en practicamente todos os concellos. Que vostede, que supoño que coma min está obrigada polo seu cargo a facer un pouco un seguimento das cousas que se van facer, non saiba que hai unha cousa que se chama «Xacobeo Cidades», anunciámolo o outro día no Consello da Xunta, que vai programar actuacións tamén nas cidades, vai non descentralizar, seguir coa descentralización do Xacobeo que se está facendo dende a Xunta de Galicia con todas esas actividades.

Home, que me diga que non hai nada e que aquí o importante e, sobre todo, o que lle importa ao sector turístico é saber a planificación dunha serie de actividades que non podemos saber aínda con certeza porque non podemos dimensionalas. Anunciei aquí que as imos..., no mes de setembro cando teñamos unha certa certeza —valla a redundancia— do que se vai poder facer e que países van vir e todo iso, haberá unha programación, será unha programación aprazada e tantas veces refundida ata o momento que poidamos presentala e cumprila. Porque vostedes son moi afeccionados... Mire, para facer inconcrecións e xeneralidades, para iso xa están os plans do seu Goberno central, refírome; o Plan nacional Xacobeo, 17 folios cheos de inconcrecións, cheos de cousas que hai que aínda presentar solicitudes, proxectos, miralo, discutilo, reunirnos... Non, non, nós non queremos que o Plan Xacobeo da Xunta de Galicia de promoción sexa iso. Para inconcrecións e para quedar ben sen facer nada xa están



vostedes, señora Gallego. Polo tanto, cando se presente o plan, nós farémolo sabendo que se pode facer, quen pode vir e como se poden dimensionar os actos e como se pode facer todo iso. Farano tamén cos patrocinadores, que nos piden tamén que apracemos as cousas ata que saibamos realmente aquelas cousas que se poden patrocinar. Se quere, para darlle gusto ao seu grupo e que non diga vostede que aquí o importante non son as axudas directas que lles demos aos hostaleiros cando estaban afogados e cando ninguén máis lles axudaba, non, non. Aos hostaleiros o que lles importa saber é quen vai vir actuar nun concerto o ano que vén. O que lles importa saber é que microacto imos facer dentro de 8 meses. Non, señora Gallego, o que lle importa á xente é que lle axudemos e que esteamos centrados no que estivemos durante todo este tempo, que é rescatar un sector turístico que, se non, morría; darlle esperanzas e, efectivamente, facer as cousas en sintonía con ese sector.

Faime graza, de verdade, que me diga que non nos reunimos coas axencias de viaxes. Oia, ¿como que non? É que, se quere, ensínolle as veces que nos reunimos. Non nos reuniremos coas que se reúnen con vostede ao mellor, non o sei. Desde logo coas que nos sentamos nós son o 95 % do sector.

Vostede dime aquí que o bono turístico no vale para nada: 20.000 persoas en lista de espera, 140.000 solicitudes ao mesmo tempo. Non vale para nada, non lle gusta a ninguén porque as axencias *online*, que son o 10 % de todo o sector, teñen dificultades para programalo e que non fixemos nada por elas. Oia, e o programa Elixé Galicia, eu supoño que o coñecerá e saberá que o programa Elixé Galicia, que son 3 millóns de euros, se vehiculiza todo a través das axencias de viaxes. Ao mellor coas que se reúne vostede non, pero co sector maioritario, e falo maioritario o 90 %, si, que o deseñaron eles. Eles foron os que nos dixeron como había que axudarlles, eles foron os que dixeron: comprometédevos, non queremos programacións de cousas que aínda non sabemos se van poder ser ou non, queremos que nos axudemos agora. Iso fixemos. Claro, eu recomendaríalle que falara con todo o mundo, non só cun sector concreto, que pode ser moi crítico coa Xunta de Galicia lexitimamente pero que dende logo non representa nin moito menos todo o sector. Porque así un entende o conxunto e entende o que está pasando e, se non, é francamente difícil.

E dime do termalismo que non... Eu xa sei que o termalismo é moito máis que Ourense. Home, estará de acordo en que o termalismo naceu en Ourense; polo tanto, se nos presentan plans, haberá que apoialos.

¿E que temos que falar con todo o mundo? Home, pódolle poñer un exemplo, porque tiveron unha reunión. O alcalde de Cuntis, que eu saiba, ata agora está no PSOE, está representando —xunto co alcalde de Arnoia— os concellos termais de Galicia. Se vostede... aí as súas liortas internas, se consideran que ese alcalde non está no seu partido, pois alá el; se non, infórmese de con quen se reúne a Xunta de Galicia, señora Gallego, antes de dicir estas cousas e facer certas acusacións e dicir que non falamos con ninguén por motivos políticos.

E, señor Pérez López, é que vostedes teñen un problema: ao Bloque non lle gusta o Xacobeo. É como ao alcalde de Vigo. Aquí hai dúas persoas ás que non lles gusta o Xacobeo; dúas persoas non, unha persoa e un partido político. O que pasa é que se dan conta de que é un ano e medio onde todo o mundo está pendente do Xacobeo e é complicado dicilo. Entón dino,



enseguida recuperan o discurso e din que, bueno, non toda Galicia é Xacobeo; por suposto, home, pero estaremos de acordo, e xa llo dixen moitas veces, en que este ano e medio é especialmente Xacobeo.

Porque, miren, nós podemos estar equivocados, eu admitoo, intentamos facelo o mellor posible, pero desde logo non temos a verdade absoluta nin moitísimo menos. Pero o que facemos é, e xa llo dixen na miña primeira intervención, intentar escoitar os que saben, e os que xogan os seus cartos, e os que están no día a día e aos que lles importa moitísimo porque lles vai moito no conto que as cousas saian ben ou mal, e o que nos din é que temos que apostar este ano polo Xacobeo. Evidentemente, porque é un motivo de enganche, porque moitísima xente coñece Galicia e despois repite a través de vir ao Xacobeo, porque fai que esteamos en todos os medios de comunicación, porque nos coloca neste momento especialmente cuns conceptos que vai buscar todo o mundo á hora de viaxar. E, polo tanto, a min se me dixera o sector turístico que nos esquezamos do Xacobeo, como pretende o Bloque que fagamos, pois ao mellor había que facelo, pero é que nos din todo o contrario.

E eu non digo que vostede non teña amplos coñecementos, eu non os teño e por iso prefiro escoitar os que saben e que nos din que, sen ningunha dúbida, por moito que digan vostedes, e coméntannolo moitas veces, que non lle fagamos caso ao Bloque, e son de todas as cores políticas. ¡Pero que disparate é ese de pensar que o Xacobeo neste momento non é algo absolutamente fundamental! (*Aplausos.*) E, polo tanto, imos ir por aí, sen ningunha dúbida, sen ningunha dúbida.

A vostedes non lles parece ben que, bueno, dicíame que o terceiro plan de rescate, que aínda están esperando a cobralo. Home, señor Pérez López, hai unha semana que se convocou, nós somos rápidos, eu entendo que vostedes, vendo concellos que vostedes gobernan, sobre todo o que goberna o Partido Socialista onde levan nove meses dende a convocatoria sen saber nada das axudas, pensen quen hai que ter moita présa. Pero hai unha semana que se convocou, e en seis meses pagamos case 200 millóns de euros de dous plans.

Por tanto, teña vostede que a pesar, como lle dixen, de ser un plan no que temos que seguir regras ás veces absurdas do Goberno socialista de Madrid, imos intentar correr todo o que poidamos, polo interese que ten que a xente cobre, pero non veña dicindo que están esperando e que hai unha semana, cando hai unha semana que foi convocado este plan.

Non lles parece ben a vostedes, non lles parece nada ben do Xacobeo, xa lle dixen non lle parece ben que acondicionemos os camiños, non lle parece ben que deamos axudas aos establecementos hostaleiros para que estean preparados os que están en municipios que atravesen o Camiño, non lles parece ben que arranxemos o Monte do Gozo. Xa lle digo, pero é que isto lles parece ben aos que realmente se benefician directamente de que o turismo funcione, que non son só os hostaleiros, pero eles son os primeiros.

E di que nos veu moi ben a prórroga do Xacobeo. Evidentemente; pero vamos, se lle digo que non, que estamos moi prexudicados, pois evidentemente... Pero vostede debería pensar que isto non só beneficia a Xunta de Galicia, que ten a responsabilidade de que o Xacobeo saia ben; por suposto, beneficia todo o mundo. Di: é que se non prorrogan o Xacobeo ían co-



ller, non sei como dixo exactamente, *ían coller nas patacas*. Bueno, esa foi a idea. Home, é que se o Xacobeo dura 12 meses e os 6 primeiros meses a xente non se pode desprazar do seu propio concello, loxicamente o Xacobeo ía ser moi complicado que saíra ben.

Por iso tivemos a enorme sorte de ter un ano máis de Xacobeo, pero é sorte para toda Galicia, que vai poder desfrutar dunha oportunidade que, se non, iamos estar esperando, despois de 11 anos esperando, moitos anos máis esperando. Polo tanto, home, escoitándoo falar a vostede parece que lle fastidiou a prórroga, que cando se enteraron —e probablemente iso pasaría con moita xente do BNG— dixo, puff, ¡vaia, home, que sorte tivo a Xunta de Galicia! E se alguén lles dixo, é que isto vaille vir ben a moita xente. Bueno, non, pero isto tamén lle vén ben á Xunta de Galicia e, polo tanto, a nós non nos interesaba. Estou seguro de que moitos de vostedes pensaron iso. E iso é un erro, porque é unha oportunidade que merecíamos despois de todo o que sufriu o sector hostaleiro e que, polo tanto, tiñamos que tela, e por suposto que estamos moi contentos de que esta prórroga se producira.

Dime: é que só están chegando turistas nacionais. ¡Pois vaia descubrimento!, por suposto, xa llo dixen. Oia, é que os turistas internacionais xa sabe vostede o que está pasando, se veñen de Inglaterra teñen que gardar corentena, hai moitísimos sitios onde aínda non saben se se poden mover. Pois vaia descubrimento. Se vostede cre que que haxa máis ou menos mobilidade internacional é culpa da Xunta de Galicia ou responsabilidade nosa, pois estase equivocando sinceramente, nós facemos todo o que podemos, eh, e voulle dar un exemplo: 140.000 certificados de vacinación expedidos. ¿Sabe cantos certificados verdes —xa están en vigor— se expediron e que iso suporía a recíproca de que a xente se puidera mover de país a país, expedidos polo Goberno central de España? 25.000, e polo tanto non me diga vostede que agora mesmo, se só veñen turistas nacionais, non estamos facendo todo o posible, por iso nos centramos nese mercado, e por iso nos centramos no turismo portugués, e no turismo do sur de Francia, porque é o que agora mesmo é obxectivo de todo o mundo, polo que está competindo todo o mundo e polo tanto Galicia ten que estar ben posicionada, aproveitando precisamente ese acontecemento que a vostedes tanto lles fastidia, como é o Xacobeo.

Fálame tamén da conectividade aérea. Oia, póñanse de acordo, eh, a Xunta de Galicia é coñecida a súa postura, nós estamos dicindo que o que teñen que facer os aeroportos é coordinarse en vez de estar subvencionando voos. E iso resulta que o BNG o di e nós aplaudimos, e moitos concellos nos que vostedes están na oposición, ou polo menos non participan directamente no Goberno, e vostede agora vén dicir aquí que, claro, que tiña que haber un plan para conseguir, supoño, enténdinlle —se non é así, estaría ben aclaralo para ver se seguimos de acordo en cousas fundamentais—, no que o que hai que facer é subvencionar voos.

Pois vostedes en moitos concellos están dicindo exactamente o contrario; polo tanto, póñanse de acordo. Nós estamos dicindo o mesmo nos concellos, no Parlamento e na Xunta de Galicia, nun tema tan importante deberían ter un criterio propio, porque así é moito máis fácil.

Igual que no Eixo Atlántico, pregunta vostede que estamos facendo no Eixo Atlántico. Oia, pregúntelle ao señor Ábalos, tan interesado, e estaría ben, están moi cerca dos escanos so-



cialistas, a ver esa conversión de que o Eixo Atlántico tamén era importante. Home, xa sabemos que non tanto como o Corredor Mediterráneo, pero polo menos antes disimulaban e agora non disimulan nada. Abandonado absolutamente, dá igual que fagamos alianzas as comunidades autónomas de todas as cores políticas, ao final o ministerio o que ten que ser coordinado fronte a Europea, xa sacou a careta. O Eixo Atlántico dálles exactamente igual, o importante é ir a polo Corredor Mediterráneo.

Polo tanto, vostedes, que son aliados do Partido Socialista en Madrid, que tantas cousas conseguiron nese documento que asinaron, olvidáronse de poñer nada diso. E, se o puxeron, desde logo, non lles están facendo ningún caso, pero desde logo todo o que poida facer vos-
tede nós ímolo apoiar fronte a ese esquecemento como de tantas cousas.

Falaba tamén da influencia internacional. Oia, mire, doulle algúns exemplos. Non é unha casualidade, supoño que estará de acordo en que por enriba de crenzas políticas ou relixiosas, que non é o caso aquí, que o papa estivera no ano 2022 en Santiago é unha boa nova para Galicia, dende o punto de vista do turismo e da afluencia e do posicionamento. Oia, pois alí estivo o presidente da Xunta hai pouco tempo como presidente autonómico. Acabamos de estar, vostede facía alusión, invitados polo Goberno de Corea a falar porque tiña moito interese do Camiño de Santiago, porque son un mercado emisor con moitísima capacidade económica que nos interesa moitísimo potenciar. E fomos alí, tanto a Madrid como a Barcelona, porque o Goberno de Corea tiña interese especial de que estivera a Xunta de Galicia, en que o Xacobeo fose explicado polo Goberno de Galicia, non polo Goberno español que gasta tanto en promoción, 1,7 millóns de euros en promoción internacional do Xacobeo. ¡Pero a onde imos! Se só a Xunta de Galicia gasta case sete veces máis en campañas de difusión.

O Goberno de Rusia invitounos tamén a falar do Xacobeo na Federación Rusa; en Estados Unidos, a Federación, que son moi potentes alí, de Asociacións de Amigos do Camiño queren que se explique alí o que estamos facendo para ter un camiño seguro porque lles interesa moitísimo para empezar a vir aquí como viñan antes; ou mesmo en Alemaña, queren que vaíamos alí a explicar en que consiste o Plan Camiño Seguro.

Oia, ímonos posicionando como comunidade autónoma, facemos o que podemos nun produto e nun posicionamento, e en algo que a Galicia lle interesa moitísimo a pesar de que a vostedes lles interesa pouco.

Preguntábame polos estudos. Mire, un que está na páxina web, está claro que vostede non a consultou, na propia Axencia de Turismo “Estudo da USC sobre o retorno dos peregrinos”, dous terzos máis que un turista normal é o que supón en proporción o retorno en rendibilidade dun peregrino. Eu invíto, se quere pásollo; se non, xa lle digo, a Axencia de Turismo de Galicia con consultalo vostede ao mellor tería aforrado interpelarme a min dicindo que non coñece onde están. Home, eu creo que están bastante fácil, hai máis pero dígolle ese porque ese está directamente ao seu dispor.

E polo tanto, señorías, nós imos seguir facendo o que nos pide o sector turístico, e imos seguir aproveitando o bo que temos, e potenciado aquilo que xa lle gustaría neste momento de turismo pospandemia a todas as comunidades autónomas ter, que é ser o final de todos



os camiños e dun produto turístico nacional declarado como produto turístico nacional máis importante polo propio ministerio, que aí si que acertou, o que pasa é que despois falla no desenvolvemento e está moito máis pendente de quedar ben coas súas cores políticas que quedar ben obxectivamente co que supón o Camiño.

Pero imos seguir traballando, pasamos un momento moi complicado, intentamos axudar o sector hostaleiro cando máis o necesitaba, e eu felicito os concellos socialistas e do Bloque que se uniron ao plan da Xunta para distribuír axudas, demostran que a necesidade de axudar aos seus hostaleiros está por enriba de crenzas políticas. E, bueno, imos aproveitar este ano e medio, por moito que lle fastidie ao Bloque e por moito descoñecemento e por moito lavado de cara que o Partido Socialista lle teña que facer ao seu Goberno central, que o Xacobeo non lle interese nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda especial de aclaracións; Grupo Parlamentario do Socialista, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Señor Rueda, non son recadeira de ninguén, non son recadeira de ninguén. As miñas intervencións fágoas con rigor, e, se dixen 134 millóns, eran 234 millóns os que se aprobaron no Consello de Ministros do pasado 12 de marzo; dentro dos 5.000 millóns que eran para as comunidades autónomas, 234 millóns eran para a comunidade galega, para que os utilicen en rescatar o pequeno e o mediano comercio, a hostalería e o turismo de Galicia. Referíame a eses 234 millóns, pero que a vostedes lles parecen insuficientes e parece ser que non lles serve tal e como está plantexado.

Bueno, é a confrontación na que queren estar, dá igual o tema, estaría ben que cooperasen para saír desta gran crise económica co Goberno central e así reforzar por exemplo do que estamos a falar, o turismo; pero non, para vostedes parece ser que é mellor na confrontación constante. Pois bueno, pois é unha forma de facer política. Eu penso que é mellor outra forma de facer política.

E despois, eu ao que me refiro cos concertos, que parece que só se quedou con concertos, digo concertos era un exemplo, pero actuacións en xeral, actos en xeral. ¿Vostede pensa que non teñen repercusión un acto que se faga, unha actuación que se faga dá igual, nun concello, nun sitio, que despois a xente non repercute na hostalería ou no comercio? ¿De verdade que non pensa que se fagan cousas, accións que teñan repercusión na hostalería e no comercio? Pois eu penso que si, pero son dúas formas de ver as cousas.

O que ten que falar con todo o mundo ao mellor é vostede, porque eu si falo con todo o mundo, eu si me reúno con todo o mundo, con hostaleiros, con todos os hostaleiros, con



todos, con todos, co comercio, coas axencias de viaxe, si, tamén, coas atracción de feira tamén, co *cluster* do turismo, coas asociacións de festas, coas orquestras, etc., etc. Eu reunime con todas esas persoas, si, con todas esas asociacións. Eu si, vostede ao mellor non con todos.

A maiores, tamén me gustaría saber en que vai investir o Goberno do señor Feijóo os 85,6 millóns de orzamento que ten para o Xacobeo, se non existe a dita programación. É increíble que soliciten 100 millóns ao Goberno de España, cando aínda non sabemos para que queren vostedes 85,6 millóns. (*Aplausos.*) Díganlle, díganlle ao Goberno central para que queren 100 millóns; presenten un proxecto serio e que diga que se vai facer con eses cartos, con 100 millóns que vostede en varias ocasións lle reclamou ao Goberno central. Diga en que se van gastar eses 100 millóns.

O único que sabemos dos 85,6 millóns da Xunta de Galicia é que hai 8 millóns para unha gigantesca campaña promocional, e despois si están anunciando concertos. Do resto non se sabe que se está facendo coas partidas orzamentarias deste ano que estaban destinadas para o Xacobeo. Se mo pode dicir detalladamente, ou se me pode dar unha documentación, eu agradeceríallo.

Todo o que ten que ver co Xacobeo parece que é, non sei, como un segredo, segredo de Estado parece. De verdade, a min paréceme que é increíble que non sexan capaces de facer unha programación despois de medio ano do Xacobeo. E xa sabemos, xa sabemos que hai unha pandemia, pero non é escusa. Hai máis dun ano que había que replantexar a programación do Xacobeo. Están vostedes na improvisación constante, están vostedes na improvisación constante, na improvisación e na confrontación, porque agora que xa hai un Plan nacional turístico de Xacobeo 2021-2022, co orzamento de 121 millóns, iso que reclamou vostede durante todo un mes, agora é insuficiente. Vale, pois así, aínda que foran 1.000 millóns, vostede tamén diría que era insuficiente, ¿por que?, porque están nesa confrontación constante en vez de estar na cooperación. Esa cooperación e unidade que piden vostedes para o resto das administracións non a levan a cabo vostedes co Goberno de España. Prediquen co exemplo, señor Rueda, esa cooperación que tanto piden, prediquen vostedes co exemplo co Goberno de España.

Mire, o sector turístico ten unha oportunidade co Xacobeo, si, ten unha oportunidade para intentar saír desta crise actual, é unha axuda para saír desta crise actual. Pero a Xunta de Galicia a nivel turístico tería que facer máis polo turismo. Colaboren co Goberno central, rememos todos na mesma dirección para salvar o turismo galego, deixen a confrontación. Primeiro reclamaban un plan turístico do Xacobeo, xa o teñen; logo, o orzamento para o Xacobeo dende o Goberno central, xa o teñen; e agora, ¿que?, e agora, ¿que máis queren? Non lles serve nada, nada de nada.

E eu xa remato dicindo que espero que deixen a confrontación. E remato dicindo que o Goberno de España seguirá apoiando o Xacobeo con todas as actuacións que se están executando, que se van executar ao longo deste ano. E os deputados e deputadas que estamos aquí temos que traballar para que Galicia se converta nun gran destino turístico do noso país. Despois deste ano de pandemia, penso que é unha grande oportunidade que rememos todos na mesma dirección.



Moitas grazas pola vosa atención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Señor Rueda, pode repetilo ata sete veces, coma hoxe, pero para o BNG o Xacobeo é unha boa marca turística. Sete veces o dixo, sete veces. (*O señor Rueda Valenzuela palabras que non se perciben.*) Si, bueno, vostede dirá unha cousa e eu digo a realidade tamén; pero, bueno, cada un... (*Aplausos.*) E, á parte diso, o que non compartimos do Xacobeo ¿sabe que é?, a instrumentalización política que fai concretamente o Goberno galego e o PP desa boa marca turística. E tamén o volveremos dicir e seguirémolo dicindo mentres sigan facendo ese uso do Xacobeo.

Despois tamén falaba de que non o apoiamos. Home, pois eu creo que debería preguntar na bancada que ten detrás, do partido que sustenta o Goberno galego, cantas medidas relativas ao Xacobeo foron apoiadas polo BNG, todas aquelas que supuñan algo positivo para Galiza, iso pódollos asegurar.

E despois, polo resto, teño que dicir que vostede é un pouco como Judini, é dicir, é... ou como Peter La Anguila —nun termo un pouco máis moderno—, menéase moi ben porque en canto á conectividade aeroportuaria, á ferroviaria e ao Eixo Atlántico pasou vostede de puntillas. Insisto, ¿que xestións fixo o Goberno galego nestes tres eidos para mellorar o posicionamento de Galiza a nivel internacional dende o punto de vista turístico, como un destino turístico consolidado? Eu creo que é bastante simple a pregunta pero, bueno, contésteme se vostede quere.

Tamén di que non falamos co sector. Si que falamos co sector. Eu non sei o que lle di a vostede o sector, eu sei o que nos dicían a nós durante aqueles primeiros meses dende que se iniciou o curso político ata que articularon o primeiro plan de rescate 8 meses despois do inicio da pandemia, o que nos dicían é que a Xunta os deixara tirados —e dicíano literalmente—; e son moitos dos que se seguen reunindo con vostede. Seguramente xa o sabe vostede pero, bueno, entendo que entra dentro do xogo político; pero eu, desde logo, ao que non vou faltar é a verdade.

É que son moitas cousas, a ver se me dá tempo. En canto ao bono turístico, claro que ten bos resultados e é normal que estean contentos. Pero tamén debe preguntar tamén por esta bancada —aínda que ao mellor agora non lle poden contestar porque non están— de onde se puido sacar esa idea, porque seguramente pode ser que a Xunta a copiara dun concello do BNG que foi o primeiro en articular un sistema de bonos para incentivar o consumo interno, o Concello de Carballo. Pódeo mirar tamén na páxina web do concello, aí tamén ten toda a información. (*Aplausos.*)



E xa non vamos entrar... É dicir, vostede tamén fixo referencia á elección de Oviedo por parte do Goberno español para presentar o ano Xacobeo. A verdade é que foi un pouco ridículo, eu aí compárto; é dicir, desde logo entendo que a presentación debería ser aquí, pero é que isto hai que enmarcalo nesa loita infantil e irresponsable na que están instalados o Goberno central e a Xunta de Galiza, e no escaso peso político do Goberno galego a nivel de Estado e incluso europeo. E iso explícase nunha política totalmente acomplexada do Goberno do señor Feijóo, que lle ten máis medo a avanzar no autogoberno que un gato a mollarse, basicamente é iso. (*Aplausos.*) Esa sonora bofetada que se oíu dende Asturias e escoitouse en San Caetano supuxo precisamente..., era unha intención de diluír —e iso si que non o comparto, loxicamente, e seguro que estou de acordo con vostede— a indiscutible importancia que ten para Galiza o Camiño de Santiago desde un punto de vista turístico. Pero é que isto garda paralelismos co intento da Xunta de diluír un produto tan específico e de tanto potencial, como poden ser os camiños dos faros, nunha ruta dos faros mastodóntica que percorrería toda a costa galega e que, dende logo, restará importancia a un produto tan importante para a reactivación económica da comarca, e neste caso da Costa da Morte, durante anos esquecida polo Goberno da Xunta de Galiza. Iso é o que ten o karma, chámanlle o karma. (*Risos.*)

Outro exemplo desa falta de peso político é a suspensión do ferry que une a costa portuguesa coa galega, creo que vostede seguramente xa coñece tamén o tema —coa Guarda, concretamente—, que provoca que os camiñantes estean optando desde onde vai e de forma maioritaria por desviarse por Valença e pasarse ao Camiño Portugués, co prexuízo que isto supón tamén para toda esa zona. Volvemos outra vez ao mesmo: escaso peso político do Goberno galego.

E o da declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade, bueno, é que isto xa... Vamos ver, partimos de que esa declaración ten a causa nun enfoque errado da candidatura por parte da Xunta de Galiza. Foi un erro absoluto por descoñecemento de quen elaborou esa proposta e porque non foi socializada coa xente do lugar, e por non atender as alegacións múltiples que fixeron diferentes colectivos especializados a quen o ICOMOS lles dá agora a razón. O ICOMOS, o Consello Internacional de Monumentos e Sitios, asociado á UNESCO, dá conta da ausencia clamorosa dun plan de xestión patrimonial, integral e comprometido, e de capacidade de interlocución da Xunta de Galiza coa sociedade. E o problema radica precisamente en entender o patrimonio como un simple escaparate turístico. A protección do patrimonio esixe un trato diferenciado que complementa e enriqueza a política turística do Goberno galego, que se leva a cabo precisamente dende a Xunta. Bueno, o Informe de Santo Estevo de Ribas de Sil, a outrora importante abadía beneditina converteuse nun parador de turismo; o antigo priorado de Pantón está a converterse nunha adega; ou o mosteiro de San Paio de Abelenda nun hotel. É demoledor, pero vostede espero que mo comente tamén despois.

Por non falar do seguro coronavirus, a cobertura sanitaria da estadia para os turistas que veñan a Galiza por mor do ano Xacobeo. Esta é unha póliza que lles custa aos galegos —e corríxame se non é así— sobre 1 millón de euros. Iso non o dixi antes, pero gustárame que mo confirmase. ¿E que será o próximo? ¿Pagarlles aos turistas a ración do polbo neste caso no 46, no Franco? (*Aplausos.*) ¿Ou unha habitación no Hostal dos Reis Católicos? (*Aplausos.*) ¿Sabe o que están facendo? Están fomentando un turismo *low cost* con escaso retorno para



o sector, o que supón que van ao revés do mundo. Vostede estou seguro de que viaxou a Italia, a Roma ou a Milán, estou segurísimo, e alí sabe que hai que pagar por visitar monumentos cuxas visitas ademais xestionan os propios negocios hostaleiros. Cousas como estas daquela..., é dicir, ¿están equivocados en Italia? ¿Está Italia fóra...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PÉREZ LÓPEZ: ...dos circuítos turísticos internacionais absolutamente consolidados? ¿Verdade que non? Ben.

Xa acabo agora, presidente.

Cousas como estas amosan a falta de coherencia da Xunta de Galiza en política turística. Para vostedes é moito máis fácil xuntar todo no Xacobeo por pura comodidade, pero tamén —como dixen antes— por interese político. E aquí o fundamental é... e, insisto, vostede fala dunha páxina da Xunta, de Turismo, efectivamente, que fala do retorno económico; pero eu fállolle do retorno económico dos investimentos, ¡dos investimentos! Van dicir que non é posible facer un estudo sobre iso, ¿verdade? Pois eu espero que ese estudo se faga porque tamén aí se saberá realmente en que redunda iso para os galegos e para as galegas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez López.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Verea.

O señor VEEA FRAIZ: Grazas, presidente.

Con pouco que o comparemos, xa saen sos os datos. ¿Que fixo a Administración autonómica? ¿Que fixo a Xunta de Galicia? ¿Que fixo o presidente Feijóo? ¿Que fixo a Administración xeral do Estado, o Goberno central, o presidente Sánchez polo sector turístico ao longo destes meses? Temos o exemplo da Xunta de Galicia, xa explicado en numerosas ocasións, tanto en Comisión como en Pleno, eses dous plans de rescate 100 % da Administración autonómica, tanto en investimento como en xestión. Un exemplo de xestión, nunca antes unha tramitación dunhas axudas foi tan rápida, tan eficiente e tan masiva —se me permiten— chegando a tantos autónomos e a tantos empresarios en tan pouco tempo. Temos xa un terceiro plan en marcha, certo que financiado cos recursos do Estado pero —como xa adiantou o vicepresidente— esperemos que aínda non nos metan nun lío cos requisitos que están esixindo. *(Murmurios.)*

¿Que fixo o Goberno central? Pois, falámolo antes, nin unha soa axuda directa ao longo dos peores meses da pandemia. Pedírona o sector, reprenderon as institucións europeas para



que activaran ese réxime de axudas, para que activaran esas axudas europeas, non se atendeu; e, por suposto, non se atendeu tampouco a este Parlamento. E, polo tanto —insisto—, hai moi pouca xustificación para explicar esa falta de axudas directas ao longo destes meses. Tamén unha decisión do PSdG, deixouse en plan conxunto todos os galegos, todos os autónomos e todos os empresarios galegos. Unha decisión política que xa explicamos en numerosas ocasións, entenderon que era máis eficiente que houbera 300 plans por cada un dos concellos, por cada unha das deputacións e pola Xunta de Galicia, e quedou en nada ese plan que tería sido un exemplo de eficiencia, un exemplo para toda a sociedade galega. E, como expliquei antes, tamén un exemplo de xustiza material porque chegarían as mesmas axudas no mesmo tempo a todos os autónomos e a todos os empresarios de Galicia.

E comparemos tamén no Xacobeo. Acaba de anunciarse en Oviedo este plan nacional, 60 millóns de euros ao ano para toda España, cando en Galicia temos orzados para o ano 2021 exclusivamente para Galicia 85 millóns de euros. Non falemos xa das formas do Goberno do presidente Sánchez, sen avisar de se se aceptan ou non se aceptan as alegacións, sen ter unha reunión previa para analizar o plan. E penso que aquí, eu polo menos entereime de que se anunciaba en Oviedo por un teletipo, estou convencido de que moitos dos deputados do PSdG que votaron hai 15 días que a presentación fose en Galicia pois como mínimo tiveron un pouco de dor ou de autocritica ao ver que, nin tan sequera coa unanimidade do Parlamento de Galicia, por parte do Goberno de Pedro Sánchez se atende un xesto político tan sinxelo como tería sido anunciar o Xacobeo en Galicia, anunciar o Xacobeo en Santiago, que é ademais de sentido común.

E pouco máis. Remato xa co que dicía na anterior intervención. Este grupo parlamentario vai seguir insistindo nas reclamacións ao Goberno central. Estamos facendo esas reclamacións en tempo e en forma, e mantendo todo o respecto institucional. Por parte do Goberno central na maioría das ocasións ou non hai resposta ou as respostas son de conflito case de patio de escola, como é a presentación fóra da comunidade autónoma do Plan Xacobeo. Seguiremos insistindo porque necesitamos e queremos que o Goberno central se sume ao apoio á industria turística e se sume ao Xacobeo, porque o Xacobeo será mellor Xacobeo se participamos todos e se colaboramos todos. É un dos exemplos da pandemia e unha das leccións, evidentemente, é a importancia de traballar xuntos para superar estes retos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vereia.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da comparecencia, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Gallego, di que non é recadeira de ninguén. Entón, a ministra non vai vir. Vostede dixo aquí que a ministra viña, agora resulta que non trae unha información de ninguén;



entón, seguimos igual, ¿non? Presentado en Oviedo e nada máis sabemos do tema. Pois é moi significativo o trato do que falaba agora o señor Vereza e do que vostede por moito que intente xustificar non vai ser capaz.

Agora dinos que o problema... non nos deron cartos —xa o recoñeceu— no Plan nacional Xacobeo porque non sabemos que facer con eles. E pediamos 100 millóns e resulta que non sabemos o que facer con eles.

Mire, está claro que non tiña por que coñecer, pero ao mellor podíanllo contar do ministerio para esta intervención, o contido das nosas alegacións. Pois mire: 60 millóns para a recuperación do patrimonio, 12 para seguridade viaria, 15 para arranxo de albergues, 10 para arranxo de camiños, 14 para unha campaña de promoción, 116, non 100, señora Gallego. Polo tanto, sabemos de sobra que facer con eles, o problema é que non nolos quixeron dar e que os mandaron, como sempre, esas inconcrecións que a vostede tanto lle gusta. Non, o que pasa é que non presentan programas. Non, o que non presentamos son paxaradas de cousas que despois non se van poder facer. Cando dicimos que imos facer unha cousa, facémola porque poñemos consignación.

Preocúpame moitísimo que diga vostede que non coñece a programación do Xacobeo. Oia, está no orzamento, nos anexos, jeh! Iso é especialmente preocupante. Vostede os 85 millóns... Mire que non, non é plan de... sobre todo porque sinceramente pensei que vostede coñecía todo iso. Pero na programación só Vicepresidencia, Cultura e outras consellerías 44 millóns de euros, por dicirlle o máis importante. Plan de sinalización dos camiños, plan de embelecemento do Camiño, plan de mellora de establecementos... Todo isto con consignacións de establecementos turísticos, de todo iso falei na primeira intervención. O programa «O teu Xacobeo», a segunda parte, xa que vostede non coñece nin un só dos 500 actos que se están programando, 3,3 millóns. «Xacobeo Cidades», 3 millóns. Programación cultural vencellada ao Xacobeo, 3 millóns. Círculo de concertos nos concellos de Galicia, 1 millón. Ciclo Perseidas, do que se falou aquí, concerto no Monte do Gozo, 600.000. Apoio a eventos, a designar polos patrocinadores que son os que nos piden tamén que esperemos a que haxa máis concreción para ver que cousas se poden facer, case 9 millóns de euros. Ata chegar a eses 85 este ano, señora Gallego.

Polo tanto, non me diga, unha cousa é que vostede non o coñeza e outra cousa é que non se estean facendo cousas.

Polo tanto, de verdade, se se quere unir ao que ten que ser un éxito colectivo de Galicia, benvida sexa vostede e o seu grupo. Os antecedentes non son moi bos, de verdade. Porque, mire, teño aquí un pequeno relatorio e eu agradezo. Aquí son coherentes —hai que dicilo— o BNG, porque aquí houbo varias propostas, iniciativas parlamentarias sobre o Xacobeo estes últimos meses; nós pedimos xa non eses 116 aos que antes me refería que lle mandamos ao ministerio, 30 millóns de euros para a promoción do Ano do Xacobeo cando criamos que era só un ano e vostedes abstivéronse, o BNG votou a favor. Pedimos a rebaixa do IVE turístico, volvéronse abster, non lle gustaba que houbera un IVE turístico reducido en Galicia. Iso que cando se trouxo iso estabamos no peor da pandemia.



Desgravacións fiscais ata o 31 de decembro de 2023. ¿Pero que problema hai, se llos están dando a todo o mundo que o está pedindo? Se é o que piden os patrocinadores para implicarse directamente. E vostedes tampouco foron capaces de votar a favor diso. Iso si, votaron a favor de que o Plan turístico xacobeo se presentara en Galicia. Fixéronlle moito caso, como vimos, niso estaban vostedes a favor, ¡eh! Despois falan de influencia e non influencia. É moi difícil intentar que vostedes nos axuden cando só esa foi a única votación a favor de vostedes respecto á programación do Xacobeo que se presentara, como era lóxico e normal, era moi difícil votar iso en contra. Todo o mundo o entende e xa sabemos o resultado: presentado en Oviedo sen facer caso ás alegacións de Galicia.

Presentamos un plan de seguridade viaria. Tampouco. Aquí votaron directamente en contra. Moléstalles que haxa seguridade viaria no Xacobeo. Debe de ser que lles gusta que os peregrinos anden á aventura cruzando estradas nacionais, que era o que pediamos, arranxo de estradas nacionais; as autonómicas son responsabilidade nosa e acabamos de levar un proxecto, un acordo ao Consello da Xunta, pero as nacionais vostedes votaron en contra de que se arranxaran.

E, por suposto, e xa é o último, o tema de termalismo tamén se falou; oia, que se implicaran en algo substitutivo do Imserso, xa que nin está nin se lle espera, nin no ano pasado nin neste, e tamén non foron capaces de votar a favor.

Polo tanto, eu espero que corrixan todo isto. Agora imos facer unha nova iniciativa, imos dobrar o presuposto para este ano do mantemento dos camiños para que todo o peinado que hai que facer diariamente para que estean en perfecto estado de revista, para calquera antelación na súa conservación, no seu mantemento, poida ser inmediatamente solventada, 400.000 euros máis para meter de aquí a final de ano nos equipos de conservación dos camiños de Santiago. Espero que nisto estean a favor, espero que lles guste este plus que imos engadir ao coidado do Camiño para que todo estea en perfecto estado. Para que a xente que esperamos que está vindo xa —2.000 só nesta fin de semana— poidan encontrar isto no estado que todo o mundo espera e no que lle gustaría a todos os galegos sinceramente.

Señor Pérez López, vostede di que por moito que eu insista vostede non se vai autoconvencer de que non lle gusta o Xacobeo. Ao mellor a vostede gústalle; ao seu grupo, dígolle sinceramente, non sei se a palabra é que non lle guste, pero non lle parece interesante, non lle parece algo polo que haxa que apostar minimamente. Non quere dicir que todos no BNG sexan así. Eu teño que recoñecerllo, cada vez que facemos algo do Xacobeo, por exemplo en Pontevedra, sabe vostede que eu son de Pontevedra, pois o alcalde do BNG está aí porque entende que é un beneficio para Pontevedra. Pero isto non é o normal no seu partido e, polo tanto, a min gustaríame que todos fixeran o mesmo, porque este é un proxecto de país. A vostede que tanto lle gusta falar dos proxectos de país, isto é un auténtico proxecto de país, é o que temos por diante.

A min gustaríame que saíramos de aquí —e remato xa, señor presidente— cunha mensaxe de esperanza. Pasamos momentos moi duros, pasamos momentos complicadísimos, pasamos momentos en que as únicas axudas que tiña o sector hostaleiro, salvo algún concello concreto do PP e doutras cores políticas, eran as axudas que tiñan da Xunta de Galicia. As axudas do Estado chegaron... tardaron en chegar e chegan cun montón de trabas burocráticas case un ano e medio despois.



Eu non dubido que vostedes se reuniran cos representantes das hostalaría. ¡Home, é que só faltaría! E seguro que escoitaron moitas cousas, e eu asumo todo aquilo que lles puideran dicir xente que estaba nun momento moi complicado, nun momento de desesperación perfectamente comprensible, necesitaban a axuda de todo o mundo; por iso a min, eu preguntáballes cando todo iso que lle gusta tanto dicir ao señor Caballero de que a Xunta fixo caixa coa pandemia. Pero vamos ver, pero se nos debe... ¿Como se pode dicir isto? Débenos o Estado 600 millóns de euros respecto ao que tivo que gastar a Xunta durante todo este tempo. Cambiaron o sistema de financiamento para furtarnos unha cantidade importante que iría directamente dirixida a quen máis os necesitaba, señora Gallego. Se o que nos di sempre... ¿Sabe o que me dicían a min que lle dicían nos encontros con vostede? Cando lle dicían: si, si todo está moi ben, pero o Concello de Vigo por que non dá axudas directas, por exemplo, como exemplo de todos os concellos. A calada por resposta, non foi capaz de dicir nin a día de hoxe. Estas cousas hai que contalas tamén xa que tanto se presume.

E, polo tanto, digamos o que se di nas reunións e nas reunións dinlles todos os hostaleiros en xeral que claro que as axudas da Xunta de Galicia podían ser máis, claro que aínda se podían..., e iso que nisto teño dúbidas, repartir aínda con máis celeridade, que creo que foi moita celeridade. Pero chegaron en moitos casos sendo as únicas axudas que tiña á disposición, chegaron no momento en que máis se necesitaban e, polo tanto, ímolo seguir facendo. E agora que xa non son tan necesarias as axudas, porque se pode traballar, eu pídolles a todos vostedes que intentemos dar unha mensaxe de esperanza estes meses centrais do verán, que son fundamentais para Galicia, onde se pode recuperar moito do terreo perdido, onde se pode facer moito do traballo que non se puido facer por mor da pandemia, que intentemos facelo todos xuntos. E que, se non lles gusta o que está facendo a Xunta de Galicia, polo menos que non intenten destruílo, que non intenten alá onde se pode influír dar a calada por resposta ou incluso dicir que non se mollen como se teñen que mollar as outras administracións. Pensemos que isto é bo para todo o mundo e agora tócanos esta responsabilidade a nós. Se algún día os galegos deciden que lle tocara a vostede, pois é un traballo feito que queda para todo o mundo. Isto é o que entende Galicia, e isto é o que vai facer a Xunta de Galicia e, de verdade, unha vez máis, aínda que non levo moitas esperanzas, sobre todo por parte do Partido Socialista, espero que entendan que todos temos que estar á altura do país e á altura do que Galicia necesita.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia relativas á creación dunha unidade de muller e saúde dependente da Consellería de Sanidade

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.



(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de adición

Débense engadir os seguintes puntos na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedarán redactados cos seguintes contidos:

<<3 bis.- Recuperar, actualizar e poñer en marcha o Plan integral de atención á saúde da muller elaborado e iniciado no ano 2007.

3 ter.- Garantir o cumprimento en Galicia, de maneira íntegra e absolutamente garantista para as mulleres, da Lei 2/2010 de interrupción voluntaria do embarazo, protexendo que todas as mulleres que desexen interromper o seu embarazo poidan facelo en Galicia, cunha atención integral e de calidade, con axuste aos protocolos internacionais e coa maior e mellor atención sanitaria, psicolóxica e emocional posible.>>

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

O BNG trae hoxe aquí a esta Cámara un debate sobre unha iniciativa que demanda a creación dunha unidade de muller e saúde. Unha unidade desde a que impulsar, coordinar unha estratexia para a atención integral da saúde das mulleres. Unha unidade como ferramenta de intervención, de planificación, con actuacións a desenvolver no conxunto do sistema sanitario, no que se contemplan todos os elementos que actúan na saúde das mulleres.

E traémola porque estamos realmente convencidas de que é preciso poñer lentes lilás para ter unha visión de xénero e cambiar o modelo de saúde desigual coas mulleres, cambiar a óptica coa que se observa a atención sanitaria das mulleres para ver a realidade e actuar para cambiala.

Unha evidencia é que a diferenza de saúde das mulleres con respecto aos homes non se reduce á saúde reprodutiva ou enfermidades xinecolóxicas, senón que tamén a doenzas con moitísima máis prevalencia nas mulleres ou doenzas que, sendo comúns, se manifestan con signos e síntomas totalmente diferentes.

E queremos poñer o acento precisamente nesas cuestións, nos nesgos que condicionan o mapa de patoloxías, a investigación, a ollada clínica e a atención sanitaria das mulleres. Nesgos que son causa de erros, de ineficiencias, de inequidade e que, dende logo, consideramos que é preciso coñecer para posteriormente corrixir. E reivindicamos, como dicía, a mirada de xénero na enfermidade das mulleres e a necesidade de diagnósticos diferenciados.



Eu quería preguntarlles se algunha vez nos preguntamos se un paracetamol e un ibuprofeno ten o mesmo efecto nunha muller ou nun home. Supoño que a resposta é que normalmente non, non nos facemos esa pregunta, tomámolo e sen máis. Mais a realidade é que o corpo dun home e dunha muller son diferentes, non metabolizan igual os fármacos e tamén son diferentes o xeito de enfermarse, de manifestar síntomas ou de sentir dor. E tamén sufrimos patoloxías diferentes. E, a pesar desta realidade, somos tratadas con protocolos médicos homoxéneos, consecuencia dun sistema de saúde baseado nun modelo totalmente masculinizado e o nesgo de xénero a miúdo fai crer que as enfermidades son universais e comúns, e todos as padecemos do mesmo xeito.

Hai nesgo de xénero no ámbito da investigación, no ámbito da formación, na diagnose que culmina nunha abordaxe terapéutica deficitaria en moitos casos. E iso evidentemente ten consecuencias na saúde das mulleres e, polo tanto, na nosa calidade de vida.

O xénero inflúe nas diferentes necesidades de saúde e nos diferentes tratamentos e resultados.

Nesgos e xénero na investigación. Historicamente os homes participaron primeiro exclusivamente e logo maioritariamente nos ensaios clínicos. De feito, nos anos setenta determinouse que as mulleres estaba prohibido que participaran nos ensaios clínicos. Polo tanto, o prototipo nas investigación é un home, adulto, en idade reprodutiva e, polo tanto, a escolla das patoloxías que máis se investigan e ás que se destina máis financiamento adoitan ser as que máis padecen eses varóns en idade laboral, e as conclusións desde logo son extrapolables con toda normalidade tamén ás mulleres coas consecuencias que iso ten.

Hai, polo tanto, unha escasa ou nula investigación en enfermidades que afectan ou de maior prevalencia en mulleres, como pode ser a fibromialxia, como pode ser a endometriose, como pode ser a osteoporose, e vou falar precisamente de dous exemplos moi claros como a endometriose ou a fibromialxia. Feminina unha e a outra predominantemente feminina. A fibromialxia afecta, arredor do 90 % das persoas diagnosticadas son mulleres. En ambas as dúas patoloxías o tempo medio para chegar a un diagnóstico son entre 8 e 10 anos. Neste tempo as mulleres teñen que facer unha auténtica peregrinación por diferentes especialistas ata que ao final no mellor dos casos son diagnosticadas e en moitos dos casos non chegan a ter un diagnóstico. E a fibromialxia afecta entre o 3 % e o 6 % da poboación e a endometriose afecta arredor de 60.000 mulleres.

Eu xa o dixen varias veces neste Parlamento pero hoxe quero repetilo: estou convencida de que calquera doenza co nivel de afectación que ten a endometriose ou a fibromialxia en homes tería sido obxecto de moita maior preocupación e ocupación, e non estar nos niveis de non haber farmacoloxía específica, ou uns niveis de investigación realmente raquíuticos. E non é que o diga eu. Por exemplo o xinecólogo especialista en endometriose, o doutor Francisco Carmona, nunha entrevista publicada o mes pasado, dicía que o mundo pararía se os homes tiveramos dor testicular só unha hora ao mes. E eu estou convencida de que sería así, de que o mundo pararía se os homes tiveran o dor semellante ao da endometriose unha hora ao mes (*Aplausos.*)



Hai nesgo de xénero nas pautas farmacolóxicas, en función dese patrón masculino co que se investiga, o que orixina que con frecuencia os efectos secundarios sexan maiores nas mulleres, ou que a efectividade non sexa a mesma nos homes que as mulleres, porque esa investigación se realiza, ou se realizou maioritariamente, en patróns masculinos. Polo tanto, moita maior prescrición de analxesia para a dor nas mulleres, sen investigar a causa desa dor, simplemente se lles dá analxesia. Hai tamén unha evidencia demostrada de que moitas enfermidades se presentan con maior frecuencia entre as mulleres, como son as enfermidades reumatolóxicas ou as autoinmunes, pero iso non significa unha maior investigación nin unha maior atención.

Hai outras enfermidades que se manifestan de forma diferente, unha mesma patoloxía pode presentar signos distintos, e, polo tanto, responder de xeito diferente aos tratamentos; e un claro exemplo dos máis estudados son as enfermidades cardiovasculares. Son a principal causa de morte nas mulleres nos países desenvolvidos e, a pesar diso, só o 25% dos transplantes se lles realizan a mulleres, fronte ao 75% dos homes, transplantes de cuestións relacionadas con doenzas do corazón; 25 a mulleres, a pesar de que é a causa de mortalidade máis importante nas mulleres, e o 75% deses transplantes en homes. Ou diagnóstícanse menos anticoagulantes nas mulleres que nos homes, a pesar, insisto, de padecer máis esta enfermidade.

Os síntomas máis coñecidos nun infarto agudo de miocardio, isto que sempre nos ensinaron, dunha dor aguda no peito e que irradia cara aos brazos, nas mulleres nunha parte importantísima non se presenta dese xeito, son dores totalmente diferentes. Pode haber malestar dixestivo, que irradia a mandíbula, mais moitos deses síntomas non son coñecidos, o que fai que se atrase o diagnóstico e por tanto o risco e a vida das mulleres.

Non ter en conta estes diferentes síntomas significa que non sexan recoñecidos polas mulleres que a padecen e tampouco por moitos profesionais que non coñecen esas diferenzas, e dá lugar a infradiagnósticos, a diagnósticos tardíos ou inexactos e incluso á morte de moitas mulleres. Hai estudos que conclúen que as mulleres que toman medicamentos cardiovasculares teñen entre un 2 e un 2,5% máis de probabilidades de padecer efectos secundarios.

Poño este exemplo, porque é un dos máis estudados e dos que é unha evidencia esa necesidade de adaptar o sistema sanitario. E hai estudos, como por exemplo a monografía *Perspectiva de xénero e medicina*, coordinado pola catedrática María Teresa Ruíz Cantero, que establece que o atraso ao diagnóstico maior nas mulleres que nos homes se ten identificado en 700 enfermidades; 700 enfermidades onde se ten diagnosticado un atraso diagnóstico nas mulleres con respecto aos homes.

E o caso contrario tamén se produce, un sobrediagnóstico en determinadas patoloxías, especialmente nas enfermidades mentais.

Ante síntomas físicos pouco específicos, como poden ser dores musculares, cansazo, cefaleas, con máis frecuencia solicítaselle consulta de saúde mental a unha muller e probas diagnósticas a un home. Con moita máis frecuencia unha muller que entra na consulta sae con



prescripción de analxesia ou psicofármacos, o 85 % dos psicofármacos adminístranselles ás mulleres e os homes saen da consulta con peticións de probas diagnósticas para identificar de onde provén ese malestar xeneralizado.

Creo que só puxen algúns exemplos, pero hai desgraciadamente moitísimos máis que poñen en evidencia que estamos diante dunha situación sobre a que é preciso actuar; e é preciso actuar nestas cuestións que acabo de dicir; é preciso actuar na formación, nos plans de estudos non se contemplan as diferentes formas de enfermarse de mulleres e homes, como as cuestións que acabo de relatar, nin a diferenza de comportamentos dos fármacos, as diferenzas de atención en saúde, investigación, utilización de fármacos que non poden desligarse das diferenzas de desigualdade de xénero existentes, e nas facultades de medicina non se abordan estas cuestións.

Polo tanto, hai diferenzas nas enfermidades comúns, pero que teñen síntomas distintos; hai diferenzas na investigación e na abordaxe das enfermidades con prevalencia nas mulleres; e a atención á saúde sexual e reprodutiva das mulleres, que é o que se entende maioritariamente por atención á saúde das mulleres, moitas veces teñen dificultades.

Por exemplo, para empezar por Galiza, hai insuficiencia de matronas, que coloca Galiza como a comunidade con menor taxa de todo o Estado español, que obriga moitas mulleres a desprazarse para acceder a este servizo, situación que todo indica que vai empeorar; como xa teño dito, os datos que manexan as matronas é que nos vindeiros 5 anos van xubilarse máis do 70 % das matronas en exercicio, e non hai plan que coñezamos para esa renovación destas profesionais. E unha atención á saúde sexual reprodutiva que deixa sistematicamente desatendidas as necesidades das mozas ou das menores despois da idade fértil; céntrase case exclusivamente na idade fértil e reprodutiva das mulleres.

Polo tanto, diante destes datos que acabo de dicir, o lóxico sería que a asistencia sanitaria actuara tendo en conta estas diferenzas e actuara para cambialas.

É preciso facelo, non foi ata os anos sesenta onde o movemento feminista empezou a poñer sobre a mesa esta cuestión, mais 50 anos despois segue sendo moi deficitario pasar do papel á realidade modificacións que vaian nesa dirección de modificar o modelo sanitario, revisar as políticas sanitarias para dotalas de equidade de xénero, poñer en marcha unha estratexia para a atención integral da saúde das mulleres, facer visibles as diferenzas en saúde e eliminar as desigualdades nas prestacións, como ferramentas, como dicía antes, de intervención, planificación e actuación para desenvolver no conxunto do sistema sanitario. E diso vai a iniciativa que presenta hoxe o BNG, ampla pero o que pretende é crear esa unidade onde como mínimo se aborden estas cuestións

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...que acabo de sinalar, na investigación, no enfoque de xénero, na formación, e na abordaxe e na modificación da atención en atención primaria fundamental para esa atención integral das mulleres.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

A sanidade é un mundo androcéntrico, isto é unha evidencia. Dende o noso grupo vimos dende hai uns anos advertindo algunhas situacións que trasladamos a este Parlamento, a través ademais doutros foros nos que participamos; hai unha iniciativa do noso grupo de 2017 na que xa se debateu isto neste Pleno e que parte deste principio, certo é que modificado e mellorado lixeiramente co tempo, pero aínda dende logo non igualizado, se serve o termo.

Algúns datos que expuxo aquí a señora Prado evidencian esta realidade, pero ademais hai algúns outros que son relevantes. O tempo de espera medio en calquera das variantes en tempo de espera para a primeira consulta por cirurxía, por proba diagnóstica que hai en Galicia é maior en mulleres que en homes, incluso para o mesmo tipo de probas. Un caso é anecdótico, dous é sorpresa, tres é tendencia, todos é unha evidencia. E isto non é en definitiva unha culpa de ninguén en directo, pero dende logo non exime ninguén dalgunha parte de culpa.

Permítanme algunha outra reflexión, por intentar complementar, que ten que ver co concepto de que o conxunto do sistema sanitario en si tende a ser certamente androcéntrico. Na actualidade, e por facer números redondos máis fácil, arredor de dous terzos dos estudantes de Medicina son mulleres. Non chega, normalmente se facemos a avaliación dos últimos anos, non chega a que o 30 % das notas top dos exames MIR sexan mulleres, e isto non é realmente explicable, porque en Enfermería, onde hai moitísima máis presenza de mulleres, o número de notas top de resultados mellores supera aínda así a porcentaxe de mulleres estudantes. ¿Quere dicir que están as mulleres e os homes predeterminados para formarse nunha ou outra especialidade? Non, quere dicir que evidentemente segue existindo o máis importante que o condiciona, que é o nesgo social, que condiciona mulleres e homes para algún tipo de funcións. Corrixíndose durante o tempo, si, pero segue existindo un nesgo social cara a distintos tipos de profesións ou de orientacións, incluso se facilita en determinada maneira, probablemente ás veces inconsciente, pero en moitas outras de maneira consciente e avalando, facilítase o labor de homes ou de mulleres no eido sanitario para posicionarse ou para conseguir algúns resultados.

Miren, se non, a dirección, e non é neste caso un ataque, non o entendan como un ataque porque é anecdótico pero estamos en Galicia e falemos de Galicia, seguro que noutras comunidades se repite. Pero miren, os equipos de dirección, miren o equipo de dirección da



consellería, miren as áreas sanitarias, miren os espazos de xestión, miren as xefaturas de servizo dos hospitais e avaliaremos a presenza enormemente prevalente de homes con respecto a mulleres. A dirección do modelo sanitario segue sendo fundamentalmente de homes, e por tanto é máis difícil ter en conta non só unha perspectiva de equidade en xénero, que sería evidente e que non temos porque aínda inconscientemente, aínda existen tendencias para máis se é consciente, senón que demostra que o sistema segue sendo profundamente androcéntrico.

Nós, cremos que esta iniciativa, como outras, xa digo, que nós temos presentado, a lexislatura pasada eu teño a lembranza de que o Grupo En Marea tamén presentou na mesma liña, cremos en realidade que isto debe ir por este camiño para defender ou para focalizar este problema. Tamén contribuír a poñer este foco de atención contribúe a que este debate non se perda. Nese sentido, nós imos apoiar a iniciativa do BNG, independentemente de que se acepten as emendas ou non, que cremos que suman nalgunha parte, pero en todo caso independentemente de que se acepten ou non, e agora falarei das emendas.

En realidade ten que ver tamén, ademais do que ten que ver coa xestión, co sistema, co conxunto de como enfocamos e con ese rol social, ese nesgo social contribúe tamén á presenza ou á interpretación en termos femininos, permítame dicilo así, sei que non é exacta a expresión, das afeccións e das enfermidades neste plano.

Falaba tamén a señora Prado dalgúns casos, a endometriose é un caso clarísimo de como non existe en termos xerais no debate, incluso atando moito, e grazas a iso polas asociacións de colectivos que o defenden, no plano dos debates políticos existían en moita menor medida outras enfermidades con prevalencia clara en mulleres, o caso da fibromialxia que se expresou, ou da tendencia do sistema a receitar analxésicos a mulleres e a diagnosticar probas para avaliar máis profundamente os casos en caso de homes. Que existe, e que é unha realidade, e que non podemos negar porque existe. E é un nesgo que fundamentalmente ten a súa orixe o plano social, probablemente ademais porque antropoloxicamente vimos herdando o concepto de que a muller se ten que ocupar dos coidados e por tanto é asumible que pasen por etapas onde deben sufrir máis, porque teñen que estar máis preparadas e porque ese é o rol que lles toca. E esa milonga que temos construída durante centenaes de anos leva a seguir interpretando innegablemente que esta realidade ten que ser así cando é un erro profundo. E, por tanto, debemos concienciarnos todos, e benvidas sexan todas as iniciativas que vaian neste senso.

Ademais, dende o noso grupo presentamos unha emenda que é dupla, ten dous puntos para engadir, se o BNG os considera, que teñen que ver con algunhas accións políticas que cremos que contribúen tamén neste sentido e que van a dúas cuestións esenciais.

En primeiro lugar, ao concepto xeral de como afrontar a sanidade entendendo esta perspectiva de xénero. Existía un Goberno que tivo esta perspectiva en Galicia, un Goberno que alá en 2007 elaborou o coñecido como Plan integral de saúde da muller, e que ese plan contiña as posibilidades ademais de avaliarse, de renovarse, de incorporar novas aportacións, que evidentemente tiña unha perspectiva a longo prazo. Isto foi en 2007 e en 2009 *llegó el comandante y mandó a parar*, e dende aquela olvidouse.



¿Que plantexamos? Recuperar aquela idea. Non se trata de utilizalo como unha arma, como unha elevación de crítica profunda, senón que se trata basicamente de plantexar que esta realidade existe, creo que os datos son evidentes, e todos somos conscientes de que existe e de que debemos intentar todos contribuír a melloralala; e por tanto ese plan tiña a súa focalización no plano asistencial, pero tamén nunha perspectiva de como enfocamos o sistema. Cremos que hai que recuperar ese plan, avalialo, actualízalo —como dicimos na nosa emenda— e traelo á nosa realidade actual para que saibamos que aquel plan tiña eivas que naquel momento non se detectaban e que agora si e podemos mellorar.

En segundo lugar —e ten que ver cunha situación de casos máis preocupantes—, existe para nós un elemento simbólico —tampouco é exacta a apreciación— do que ten que ver coa saúde dende un punto de vista das mulleres, que é o cumprimento de cuestións asistenciais que en Galicia non se fan. E que nós poñemos o foco, ademais de todas as que propuxo a proponente da iniciativa, na Lei de interrupción voluntaria do embarazo. A Lei de interrupción voluntaria do embarazo en Galicia non se cumpre, non está garantido o dereito. E a Xunta está cercenando, limitando, dificultando e torpedeando o dereito que moitas mulleres ou que algunhas mulleres deciden exercer e que teñen recoñecido nunha lei. E a Xunta non o fai porque non lle gusta basicamente, non existe ningunha outra explicación. A Lei de interrupción voluntaria do embarazo é unha lei que, evidentemente —aínda que supoña parece que volver a Barrio Sésamo e hai que repetilo—, non obriga a nada a ninguén, pero permite habilitar o dereito para aquelas persoas que si que polas circunstancias que queiran —que ninguén ten que meterse niso— teñen ese dereito e queren exercelo. En Galicia non se lles permite. E as mulleres en Galicia seguen tendo dificultades para poder exercer este dereito porque o Sergas, a través dos seus elementos de dirección, a través dunhas políticas cirurxicamente dirixidas a torpedear esa cuestión, teñen plantexado todas as trabas necesarias para que non se cumpra. E teñen ocorrido casos graves, moi graves, de mulleres que foron retrasadas nas necesidades asistenciais que precisaban do Sergas, que teñen sido demoradas nun ámbito no que precisamente o tempo non axuda a resolver a situación, que teñen sido dinamitadas nos seus dereitos.

E isto non é posible e nós cremos que esta emenda, indo a un elemento que suma sobre a iniciativa, podía contribuír tamén a poñer o foco nesta cuestión; que nós, dende logo, temos ademais plantexado en moitas ocasións como unha cuestión central. Un dereito clave que representa, dende o noso punto de vista, de maneira moi simbólica o que as mulleres necesitan nun sistema sanitario. E é non só que se teñan en conta dunha maneira xenérica sen máis que entendamos que a muller e o home, sendo iguais nalgúns aspectos, son diferentes noutros e temos que traballar en equidade. A interrupción voluntaria do embarazo é un dereito que lles corresponde ás mulleres e que en Galicia non se cumpre, e é moi grave dicilo pero en Galicia non están garantidos os dereitos de todas as persoas. E isto, ademais, está poñendo en risco a saúde de moitas mulleres, como xa ten ocorrido aquí en Galicia en moitas ocasións, casos que foron coñecidos, e outros que por desexo das persoas non foron coñecidos pero que os que estamos no debate do sistema e coñecemos algunhas informacións sabemos e que foron claramente graves.

Por tanto, nós intentamos contribuír sumando a este debate, celebramos a súa presentación e estamos a favor da iniciativa. Dende o noso punto de vista ten algunha inexactitude —



permítame dicilo— e hai moito tempo que os ensaios clínicos cun mínimo de calidade — seguro que non os hai, pero cun mínimo de calidade— equiparan o número de mulleres e de homes, como o fan equiparando as cuestións de idade para poder validar, porque hoxe en día a ciencia ten eses avances. Pero, en todo caso, todo o que aquí se propón benvido sexa para seguir focalizando e moitas desas cousas necesitan ser revisadas porque non se comprenden...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...e, por tanto, cremos que é positivo.

Leva o noso apoio, independentemente —como dicimos— de que se acepte a emenda. E cremos que é importantísimo ter en conta que isto, aínda que pareza que non, está ocorrendo; e nós queremos ser parte da solución e por iso apoiamos a iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que despois de escoitar algunhas cousas unha queda un pouco abraiado, non se sabe de que sanidade están falando vostedes. Dicar que os profesionais sanitarios fan discriminación negativa ás mulleres e que lles receitan probas e lles dan fármacos en función de se son mulleres ou homes; ou que digan vostedes que o tempo de espera medio é maior nas mulleres, como se se tivera esa animadversión contra nós. Eu, francamente, que vivín nesta comunidade autónoma e fun atendida na sanidade pública ao longo da miña vida nunca tiven ningunha experiencia dese tipo. E creo que ás mulleres que aquí estamos tam pouco nos ocorreron nunca as cousas que vostedes describen. (*Aplausos.*) ¡É sorprendente! (*Aplausos.*)

Bueno, a iniciativa que solicita a creación dunha unidade de muller e saúde, pois nós pensamos que esta unidade non está xustificada porque moitas das actuacións que vostedes contemplan nela pois xa se están desenvolvendo nos centros de saúde e nos servizos dos hospitais da comunidade autónoma.

E a nós parécenos que si que se pode mellorar cara á saúde das mulleres, fai falta avanzar moito en moitas enfermidades, pero a forma que nos parece máis positiva é mellorando os coñecementos e a asistencia sanitaria para este tipo de enfermidades que afectan sobre todo ás mulleres. Cremos que debemos incluír a perspectiva de xénero en xeral, e —como dicía a señora Prado— poñer as lentes lilas; pero poñer as lentes lilas en todo o ámbito sanitario, nas especialidades que teñen unha prevalencia maior nas mulleres que —por suposto, es-



tamos de acordo con vostedes— non son unicamente as vencelladas aos órganos do aparato reprodutor, senón que hai moitas outras, como, por exemplo, o propio infarto de miocardio que ten unha incidencia maior no noso xénero, e tamén moitas enfermidades comúns que poden afectarnos dunha maneira diferente.

Por iso consideramos que o avance do coñecemento debe basearse na especialización e que son os propios especialistas en cada unha das patoloxías os que deben ter en conta ese enfoque de xénero e realizar unha atención específica. E, dende logo, non nos esquecemos de que é imprescindible introducir tamén a perspectiva de xénero tanto na atención como nos coidados.

Alegrámonos, sen embargo, desta iniciativa na que recoñecen nela que o Partido Popular propuxo na Comisión de Sanidade de febreiro deste ano regular o funcionamento das unidades de mama para que sirvan de referencia á creación de novas unidades multidisciplina-rias doutras patoloxías; comezando, por exemplo, coas relacionadas co solo pélvico. E así, precisamente desta forma, na atención dos problemas específicos de saúde das mulleres é onde temos que poñer o acento e traballar nesa liña.

Enfermidades de mulleres como, por exemplo, a endometriose —da que falamos moitas veces na Comisión de Sanidade—, hai pouco neste Parlamento aprobouse por unanimidade a creación das consultas específicas en todas as áreas sanitarias e a ampliación dos tempos de atención desas consultas. As áreas sanitarias de Vigo, Ourense, Ferrol, Santiago e A Coruña, que teñen consulta específica; por certo, eu como ourensá, a de Ourense funciona moi ben. Aprobouse tamén levar a cabo campañas de formación e actualización do persoal sanitario que está en contacto cos doentes: matronas, médicos de familia, enfermería, xinecología, anestesiología.

E como dicía na defensa da iniciativa a miña compañeira, a señora Amigo, seguindo as liñas definidas na Estratexia Sergas, estase traballando para dar unha atención integral de calidade á saúde das mulleres, que inclúe actuacións e medidas encamiñadas ao coñecemento, detección e seguimento da endometriose.

Pois nós, dende o Grupo Popular, pensamos que ese é o camiño a seguir en todas as enfermidades e procesos que afecten dunha maneira especial ás mulleres. Consideramos que é moi importante a realización de actividades de formación continuada do persoal sanitario que atende as mulleres ao longo da súa vida, porque estas actividades formativas serven tanto para sensibilizar os profesionais sobre a existencia destes problemas de saúde das mulleres como para favorecer o coñecemento dos factores de risco que poden determinar a súa aparición. Así como tamén as manifestacións clínicas máis frecuentes para o seu diagnóstico e tratamento precoz.

Dende a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria da consellería inclúense cursos e obradoiros, xornadas que abordan distintos problemas de saúde e que afectan de maneira diferente ou máis frecuentemente as mulleres. Este ano, por exemplo, realizáronse actividades sobre endometriose, sobre obradoiros de abordaxe de disfuncións do solo pelviano feminino no ámbito da atención primaria; e xornadas de saúde mental e xénero; xornadas sobre violencia cara ás mu-



lles, como detectala e pautas de atención; xornadas sobre lexislación e procedemento na interrupción voluntaria do embarazo. Señor Torrado, en Galicia si se cumpre a Lei de interrupción voluntaria do embarazo. Non lle vou negar que por desgraza houbo algún erro, pero somos humanos e todos nos podemos equivocar na nosa profesión. Pero o que non se pode dicir é que, porque houbo un erro, en Galicia non se cumpre a lexislación sobre o IVE, o Goberno galego cumpre a lei; non sei outros gobernos, o Goberno galego cumpre coas leis. *(Aplausos.)*

E tamén se realizan actividades de promoción e atención á saúde sexual e reprodutiva, desenvolvidas —como dicíamos— por equipos multidisciplinares: matronas, médicos especialistas en familia, especialistas en xinecoloxía. Pero tamén coa intervención doutras especialidades —radioloxía, anestesia, endócrino, hematoloxía ou traballo social— co fin precisamente de proporcionar unha atención global e integral á saúde sexual e reprodutiva das mulleres. E actividades de atención á anticoncepción, é un tema que se abordou en varias ocasións; atención, elaboración e implementación do proceso asistencial da consulta pre-concepcional; os cursos que se dan precisamente de atención sanitaria durante o puerperio a través das consultas moi importantes de matronas en atención primaria, con educación maternal posnatal e recuperación de solo pelviano. E estes cursos polo tema da covid tiveronse que realizar dun xeito telemático, pero en canto a situación se normalice, evidentemente, a actividade presencial será cada vez maior.

E non quero deixar de destacar o Programa Conecta 72, un programa que facilita o contacto entre a matrona de atención primaria coa muller tras a alta hospitalaria. E este programa é moi importante no caso de mulleres que sofren risco ou exclusión social, porque se senten máis acompañadas unha vez que lles dan a alta hospitalaria. E a atención á saúde xinecolóxica séguese producindo na atención primaria. O cribado do cancro de cérvix, cancro de mama e atención á patoloxía xinecolóxica en xeral.

E no Plan galego de atención primaria 2019-2021, en relación coa atención sanitaria á muller, recóllense outras accións como son, por exemplo, a designación de profesionais consultores de referencia en atención hospitalaria, as melloras no Ianus. E no ámbito da obstetricia, por exemplo, deseñáronse módulos específicos na historia clínica electrónica necesarios para desenvolver a actividade asistencial. E, dende logo, dende o Goberno galego apóstase tamén por potenciar o desenvolvemento das funcións das matronas, que consideramos que son moi importantes.

E no Plan de atención primaria unha representante destas participa no Consello Técnico de Atención Primaria e abórdase precisamente a creación da carteira de servizos, o mapa de competencias, e tamén —que dicía a señora Prado que non se teñen en conta— se está estudando a situación a curto prazo derivada das múltiples xubilacións. E a consellería, por suposto, ten o compromiso de incrementar estas prazas; incrementáronse 7 prazas de matronas no 2020 e 13 vanse incrementar no ano 2021.

E tamén dicir que se está traballando —como dicía— desde o ano 2021 co procedemento de cribado e prevención en saúde respecto da violencia de xénero. Parécenos tremendamente importante este programa porque o que fai é establecer unhas pautas normalizadas que guíen a busca activa precisamente desas mulleres que acoden aos centros de saúde e pode



ser que sufran maltrato e violencia machista; e parécenos que é unha forma de coidar a saúde tamén das mulleres.

Polo tanto, nós pensamos que se está a traballar, que se ten que seguir traballando, que se ten que seguir mellorando, que temos que seguir implantando máis consultas interdisciplinarias e dar o coñecemento maior e buscar esa especialización nos facultativos. E que a reforma da atención primaria redundará tamén nunha mellora na atención sanitaria e na vontade de creación desas unidades en patoloxías que afecten fundamentalmente ás mulleres e que supón unha importante mellora no seu tratamento, tanto en relación co tempo investido na atención como no plano asistencial e, por suposto, na mellora deses diagnósticos que ás veces é certo que son tardíos.

Esa é a liña na que nós pensamos que debemos seguir avanzando e por iso non podemos apoiar a súa iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez-Vispo.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Eu de verdade que lamento a posición que vén de defender aquí, señora Rodríguez-Vispo. Sei que son horas tardías e iso pode facer que esteamos así un pouquiño trastornadas, ¿non? (*Murmurios.*) E teño que dicirlle... (*Aplausos.*) Inclúome, inclúome, inclúome... Trastornadas dixen. (*Murmurios.*) Si, porque desgraciadamente á loita e ao avance dos dereitos das mulleres sempre tivo que se propoñer a negación constante de que non había ningún problema, e vostedes persisten en que as mulleres non temos ningún problema.

Mire unha cousa, señora Rodríguez-Vispo, eu por iso llo achaco á hora tardía. Porque que vostede non tivera (*Murmurios.*) ningún problema de violencia de xénero non significa que non exista a violencia de xénero. Que vostede non tivera... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), non, que vostede non tivera ningún problema na asistencia sanitaria, non significa que miles de mulleres si teñan ese problema na asistencia sanitaria. (*Aplausos.*)

Como vostede non padece de endometriose, non dá por bo que as mulleres que a padecen teñan que agardar 8 ou 10 anos a ter un diagnóstico, porque como vostede non a padece non existe o problema. Pois si, existe o problema aínda que vostede non o padeza; existe, e aféctalle arredor de 60.000 mulleres, existe e aféctalle arredor de 60.000 mulleres. Co cal non se pode dicir: como a min non me pasou, non existe.

Porque ademais o que eu acabo de dicir aquí podía traer informes, moitos informes; é dicir, dende administracións ata unidades científicas e de todo tipo que avalan o que hoxe aquí



trae o Bloque Nacionalista Galego, non o estamos inventando. É unha realidade e negar a realidade o único que fai é que non se actúe sobre ela e non se cambie esa realidade. E parece que vostedes están cómodos en que as mulleres teñamos unha abordaxe deficitaria incluso na asistencia sanitaria.

Mire, vostede puxo aquí os exemplos de cousas fantásticas que están pasando. Hai a atención ao puerperio; dime a miña compañeira María Albert que lle dixera que ela leva 9 meses agardando por esa consulta de puerperio e aínda hoxe non a chamaron, 9 meses, temos aquí un exemplo. Pero temos moitas mulleres fóra que poden corroborar esa situación. E as matronas son moi importantes. Temos os rateos máis baixos de todo o Estado. As propias matronas din que en 5 anos se van xubilar o 70 %; vostede di que para o ano se van incorporar 13. Fantástico, creo que a solución está totalmente garantida.

Eu dende logo lamento, por iso lamento tremendamente porque os prexuízos machistas atinxen a todas as áreas da vida e desgraciadamente á medicina e á saúde tamén, tamén, e negalo dende logo non vai solucionar o problema.

Por iso non temos que ter medo, no BNG non temos medo a dicir con contundencia que hai esas actuacións machistas, igual que as hai na sociedade, non temos medo a nomealas e dicalas con contundencia porque non nomear, non abordar ou negar os problemas non fai que desaparezan. Poden podrecerse, pero non desaparecen, por iso hai que ter a valentía de poñer encima da mesa os problemas que existen para actuar neles e cambialos. E por iso nós demandamos esa unidade para que fixera un traballo transversal, unha coordinación, que planifique, que coordine, que impulse unha estratexia integral na saúde das mulleres.

Imos aceptar a emenda do Partido Socialista porque nós na nosa iniciativa poñemos que como mínimo estas cuestións que son moi extensas e non podo abordalas todas, pero estas son as mínimas, son as mínimas. Porque realmente a situación, e podíamos desglosala durante moito tempo, é realmente preocupante. E estes nesgos de xénero na sanidade son recoñecidos por informes, estudos, organismos, pola Organización Mundial da Saúde, que determina que durante decenios a investigación e os ensaios clínicos foron case exclusivamente masculinos, e iso ten consecuencias na atención sanitaria porque non se investiga, as investigacións teñen como resultado un modelo masculino determinado e iso ten como consecuencia unha atención sanitaria determinada. E iso é o que queremos cambiar. E aínda que hai tempo, hai algún tempo que se están realizando proxectos sobre xénero e saúde, tense lexislado e podemos falar de Lei de investigación, Lei de saúde, leis de igualdade, leis da ciencia, pero esas leis non dan pasado do papel á realidade. Eses teóricos dereitos que están na lei non dan pasado á realidade.

E na formación, señora Rodríguez-Vispo. ¿Por que non vai á facultade? É capaz de negar que nos plans de estudo da facultade non hai enfoque de xénero, que non se analizan, non se estudan as diferentes consecuencias dos fármacos nos homes e nas mulleres, os diferentes xeitos de enfermarse dos homes e das mulleres. Non está no plan de estudos.

Negar esa realidade é agochar a cabeza debaixo da ala como unha avestruz e non lles están facendo ningún favor ás mulleres. E por iso lle pido que rectifiquen, igual que non asuman



a totalidade da iniciativa que traemos, pero non a neguen. Diga que van votar en contra porque non queren aceptalo, pero non neguen unha realidade que —insisto— o que fai é que moitas mulleres, moitas galegas non estean recibindo a atención sanitaria que precisan en igualdade de condicións. E esa realidade, por moito que vostedes se opoñan, non a poden negar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Pasamos á seguinte iniciativa, á seguinte proposición non de lei neste caso.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa contratación de servizos aéreos para a defensa contra os incendios forestais

A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Carmen Rodríguez Dacosta, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:*

Emenda de modificación

Débase substituír o punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

<<2. Que se dean os pasos necesarios para que todas as brigadas helitransportadas que operen dentro do SPIF sexan propias do operativo para garantir a maior calidade do servizo, senón tamén as condicións laborais das persoas traballadoras.>>

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa da deputada María González Albert, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:*

Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Proceder á contratación por una única campaña (2021) dun servizo integral de helicóptero lixeiro e brigada helitransportada equivalente ao que ficou deserto mediante o procedemento de contratación (Expte. 6/2021) con número de indentificación S1511001H.



2. *Deixar de realizar contratacións regulares polo procedemento de urxencia.*

3. *Proceder á progresiva extinción dos contratos externos de servizos aéreos para o servizo de Prevención e Defensa contra Os Lumes substituíndoos por medios aéreos públicos e brigadas helitransportadas da Xunta de Galiza para garantir non só a maior axilidade do servizo, senón tamén as condicións laborais dxs traballadorxs.>>*

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Obrigada, señor presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Eu quérolles facer algunhas preguntas.

¿Que entenden vostedes por ser un bo profesional? Eu creo que en termos xerais podemos concordar en que un bo profesional é aquel que ten as virtudes, as competencias que o impulsan á excelencia no seu traballo.

¿E que calidades nos veñen á cabeza cando pensamos nunha persoa que é válida no seu traballo? Pois pensamos en calidades como ser responsábel, ter iniciativa, ter curiosidade, estar comprometido co traballo, ter valores, ser creativo, executivo, ter capacidade de antelación, estas e outras virtudes.

E aínda lles hei facer unha terceira pregunta. ¿Que opinión como profesional lles merecería por exemplo —non sei— un mecánico que van vostedes ao seu taller e non sabe que periodicamente cada x quilómetros, cada número determinado de quilómetros hai que mudar o aceite do seu vehículo e por culpa diso lle estropea o motor? ¿Ou dun construtor que lle encargan que lle faga a súa vivenda e non sabe que antes de lucir as paredes ten que facer as instalacións dos servizos básicos: da luz, do gas, da auga e que, polo tanto, deixa a súa casa sen servizo para sempre? ¿Ou —ninguén o queira— dunha consellería ou dun conselleiro do Medio Rural que ano tras ano esquece que para a loita contra os incendios forestais fan falta helicópteros e, polo tanto, deixa sen cubrir esa parte básica do servizo, ou básica polo menos para a Xunta de Galiza? Pois probablemente pensarían que son uns incompetentes e buscarían un bo profesional para facer ese traballo. E nesas estamos. *(Aplausos.)*

A Consellería do Medio Rural define como urxente e medio necesario para o normal desenvolvemento das funcións propias o servizo das brigadas helitransportadas dentro da estrutura organizativa deste sistema tan complexo, que é o Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais. Mais, a pesar de consideralo un medio necesario, insisten en manter esta parte do servizo fóra da estrutura orgánica da propia Xunta de Galiza. Así que deste modo técnicos, axentes, vixilantes, emisoristas, brigadas de terra, xefes de brigada, condutores de vehículos son persoal laboral ou funcionario da propia Consellería do Medio Rural, mentres que o persoal e os medios materiais precisos para as brigadas helitransportadas se conforman de xeito externalizado.



E eu quero facer unha mención a este persoal que forma parte das brigadas helitransportadas. ¿Son traballadores de segunda para a Consellería do Medio Rural? ¿Por que o feito de traballar nunha helitransportada e non nunha brigada de terra ten que levar aparelladas peores condicións laborais e aínda máis precariedade laboral que as outras patas do servizo? ¿Ou por que, dito doutro xeito, esta parte do servizo está privatizada? E esta é a nova pregunta, ¿por que? ¿Por que esta privatización? E eu creo que ten unha resposta ben clara. Porque aquí nesta parte do servizo hai negocio, hai negocio e, polo tanto, está moi ben privatizala.

Pero é que na xestión de helicópteros por parte da Xunta do PP chove sobre mollado. A Xunta ten malvendido helicópteros propios, que declarou obsoletos, a empresas privadas para despois realugarlles. A Xunta contrata como neste caso por vía de urxencia medios básicos dos servizos, non só incendios, podemos falar de salvamento marítimo por exemplo, sen ir máis lonxe; e atrasan sistematicamente como neste caso as contratacións ata o principio das temporadas de alto risco — agora mesmo xa estamos en alto risco —, para poder nalgúns casos prorrogar contratos sen facer novas licitacións.

E no caso máis sangrante, no máis grave, en 2012, ata prorrogaron un contrato coa empresa que daquela era Inaer sen ter relación contractual, o que levou ao xulgado ao daquela director xeral de Planificación Forestal por prevaricación, e non só a el senón a toda a cúpula da consellería.

Mais, volvendo ao caso que nos ocupa hoxe, convocaron o pasado 17 de maio, o Día das Letras, feriado neste país un concurso para o contrato de servizos polo procedemento de urxencia dun —vou citar— «servizo integral de helicóptero lixeiro e brigada helitransportada destinados á defensa contra os incendios forestais durante os anos 2021, 2022 e 2023». Esta contratación reducía pola vía de urxencia a 15 os días de prazo que tiñan as empresas para presentar ofertas. E vamos baixando porque vai dous anos nun contrato de similares características o prazo era de 22 días; en anos anteriores contratos tamén similares executábanse en 30 días; e eu pregúntome con que marxe nos van vir a partir de agora. Se veremos licitacións de 48 horas, de 24 horas, teremos que estar atentas a isto.

E, como sinaléi antes, temos experiencias previas nas que o Consello de Contas censura ademais esta limitación da posibilidade de competencia entre empresas. Mais en todo caso, considerando que é bastante probábel que o que lles ten que dicir o Consello de Contas lles interese entre pouco e nada, pois igual si que lles tiña que importar a ineptitude dunha consellería que agardou a mediados de maio para licitar un contrato duns medios que son parte dos —reitero— necesarios, necesarios recollidos como tales no Pladiga, para o normal desenvolvemento da campaña antiincendios deste ano.

E, indo máis aló aínda, ¿pode ser unha trianualidade unha urxencia? Ou é máis ben un servizo estrutural que hai que tratar como tal e que, polo tanto, debe ser previsto polas máximas autoridades da loita antiincendios neste país. Eu creo que esta é a base do problema, ¿non?

E quérome deter un pouco no informe este do que falo de 2014 do Consello de Contas, do que ademais se ten falado moitas veces neste hemiciclo en lexislaturas anteriores, que é un



documento tremendamente crítico, feito público, como digo, a finais de 2014, no que Contas analizou o proceso de xestión dos principais contratos de helicópteros da Xunta. Naquel momento estudaron 9 contratos, o importe total dos 9 era de 63,8 millóns, dos que 7 por un total de 62 millóns foran a parar a Inaer, á actual Babcock. En todos eles, nestes 9 contratos, o ente fiscalizador atopou irregularidades de diverso tipo. E foi ese informe de Contas, como dixen antes, o que permitiu impulsar a investigación por prevaricación contra a Consellería do Medio Rural, que aínda que non rematou considerando a existencia dun delito penal, si que deixou claro tamén diante da xustiza que había unha ilegalidade na contratación.

Con todos estes antecedentes e sabendo xa por auto de 2018 que este sistema de contratación é ilegal, e agora aquí non se pode alegar descoñecemento, facendo ouvidos xordos tamén a todas as cautelas do Consello de Contas, e tendo mudado o principal responsábel da política contra incendios que ata o de agora era o que cargara con toda a culpa, preguntámonos de quen é hoxe a responsabilidade entón. ¿Do novo director xeral? Porque non serve de nada mudar as caras se non mudan as políticas. E eu dígolles máis, só había que mirar os procesos de contratación anteriores de anos similares, de servizos similares, para saber que este contrato ía ficar deserto; só había que ver os orzamentos que se manexaban naquelas licitacións e ver a dotación orzamentaria desta para ter claro, case case sen medo a trabucarse, que a cuestións vai acabar rematando nunha adxudicación directa aludindo á necesidade.

E eu preguntolle unha cousa máis, ¿vai ser así? ¿Imos ver nos próximos días unha adxudicación directa? Ou nestas cuestións, como en moitas outras, o Pladiga é un documento que serve para a galería, unha nota de prensa aos medios de comunicación, pero que, despois, non ten unha plasmación efectiva no servizo contra incendios deste país.

Porque aquí só hai dúas respostas posibles ás preguntas que realizaba ao comezo da miña intervención. Ou ben a defensa dos lumes está dirixida por malos profesionais que non saben anticipar que no verán fan falta helicópteros, ou ben son bos profesionais que exercen o seu traballo correctamente e, polo tanto, ao facer esta chapuza están a facer o que se agarda deles, e están a defender outros intereses que desde logo non son os xerais. ¿Cal é a resposta acaída? ¿Son bos, son malos profesionais? ¿Son malos servidores públicos ou son bos axentes da empresa privada? Eu, temo que isto último.

No BNG entendemos que este servizo, o Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, ten que ser un mando único, témolo dito moitas veces; que a dispersión do programa de prevención e extinción entre Xunta, brigadas municipais, medios estatais, exército, por unha banda, e entre os medios públicos e privados, pola outra, iso entorpece o bo funcionamento e a boa coordinación do servizo, témolo debatido moitas veces.

Creemos que non é de recibo que as brigadas helitransportadas sexan o parruliño feo dentro do sistema, dentro dos medios dispostos pola Xunta de Galiza, e que o persoal destas brigadas ten que ter os dereitos dos mesmos traballadores dos servizos, as mesmas condicións laborais, que tampouco é que sexan para botar foguetes, e temos falado moitas veces tamén da precariedade do persoal do servizo, pero, desde logo, os das helitransportadas levan a palma nesta cuestión.



E pensamos ademais tamén que o Pladiga é o documento que ten que guiar a planificación das campañas de prevención e defensa contra os lumes. Este Pladiga que existe non é o que faría o BNG. Agora ben, se a Xunta di, por exemplo neste caso, que hai que ter 19 medios aéreos entre helicópteros lixeiros, medios e de coordinación e avións de carga fronte aos 17 do Pladiga anterior, do ano anterior, será que fai falta telos, será que hai que telos, ¿non? E igual nisto que nos puntos de auga, que nas casetas, que nas brigadas de investigación, que noutros moitos aspectos do Pladiga que aparecen no papel reflectidos e que logo non existen na realidade.

De aí as propostas de resolución que hoxe traemos. Queremos garantir a integridade do servizo neste como noutros aspectos, pero non á custa desde logo de facer un mal uso do público. E as tres propostas que traemos son: que se contraten os medios precisos para cubrir esta campaña, esta na que estamos; que se abandone este sistema de urxencia como forma habitual de contratación dos medios aéreos en xeral e doutros servizos estruturais en particular...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...—e remato— e que progresivamente se asuma como propia a xestión desta parte fundamental do Servizo de Prevención e Extinción contra os Incendios Forestais.

Por agora máis nada. Obrigada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e todas.

Ben, falar de helicópteros é falar de incendios, de incendios forestais, e esta é unha das principais preocupacións para a sociedade galega no respecto á seguridade pública. Todos temos na nosa memoria imaxes de miles de hectáreas queimadas de forma continuada que se repiten ano a ano, sendo cada vez máis frecuente o maior risco para as persoas e os seus bens. E todos recordamos os lumes que se produciron en outubro do ano 2017, cando unha combinación meteorolóxica moi adversa e con moita calor e vento en intervalos curtos de tempo provocaron unha das maiores ondados de incendios que se recordan.

Por iso, os galegos convivimos coa preocupante certeza de que o noso territorio pode ser periodicamente pasto dos lumes. O problema dos lumes en Galicia é o abandono absoluto do mundo rural que seguen a esquecer o Partido Popular e o Goberno galego despois de gobernar a Xunta a maior parte da súa existencia.



Os datos falan por si mesmos. Temos en Galicia en tan só un 6 % do territorio español, preto do 30 % de todos os incendios e grandes incendios que se producen en España. E por iso a cuarta parte da superficie que ardeu o ano pasado en España ardeu na provincia de Ourense, que representa o 1,4 % da superficie total do Estado.

É común que se produzan incluso incendios recorrentes nos ecosistemas de maior valor de Galicia, e coma sempre a Xunta sen facer as tarefas, cos deberes sen facer, principio básico do sistema de prevención de incendios forestais, principio que a Xunta sempre esquece, a prevención.

¿Onde están hoxe feitas as actuacións preventivas, e por que á hora da extinción xa en pleno período de gardas nos encontramos coas bases de medios aéreos e casetas de vixilancia baleiras? Recorden a proposta, a PNC aprobada en Comisión 7.^a ante unha proposta deste grupo parlamentario, da apertura da base antiincendios do Xurés que hoxe en plena campaña segue pechada.

Tal como consta no Pladiga, os parques nacionais son os espazos máis afectados polos incendios, arderon máis de 14.000 hectáreas, e o parque máis afectado é o do Xurés. Olvídanse, señores do Partido Popular e do Goberno galego, da previsión.

Non dispoñemos de información tan básica como cantas hectáreas se rozaron, cantos puntos de auga se fixeron, cantos para medios aéreos e cantos para medios terrestres. A transparencia non vai con vostedes. A prevención é necesaria, é máis que vital ter as pistas forestais arranxadas para que os extraordinarios traballadores e traballadoras do servizo se enfronten a elas. E hai que ter algo tan básico e menos rimbombante que a palabra helicóptero, puntos de carga de motobombas en bo estado. Por non falar, hoxe por falta de tempo, das condicións salariais que mencionaba a portavoz do Bloque Nacionalista Galego, salariais dignas tanto nas brigadas dos concellos como dos traballadores das brigadas helitransportadas.

Preguntábase en comisión que calendario de medidas preventivas puxo en marcha a Consellería de Medio Rural no día de hoxe e o director xeral non contestaba.

E falando da falta de previsión encontrámonos con esta PNL do Bloque Nacionalista sobre a contratación dun helicóptero de loita contra incendios, contratación cualificada como urxente e publicada como tal no *Diario Oficial da Unión Europea*, tal como consta na exposición de motivos da iniciativa. A 15 días da época que se prevía de alto risco, que xa empezaron as gardas de incendios o 26 de xuño, falar de contratación de helicópteros pola Xunta de Galicia é falar dun tema moi escabroso, e contan con titulares como estes.

25 de xaneiro de 2018: «O xuíz ve ilegal a xestión dos helicópteros contra incendios, pero arquiva o caso porque non houbo capricho»; 7 de xuño do 2019: «A Xunta ampárase en que os incendios son imprevisibles para acelerar a contratación de helicópteros co verán enriba»; 29 de maio do 2021: «A Xunta considera urxente outro ano máis contratar helicópteros ás portas do verán»; e o último hai uns días: «A Xunta non recibe ofertas para operar o helicóptero contra incendios que lle falta e que considera urxente ás portas do verán». Iso xa o sabían, que ía quedar deserto, obviamente xa o sabían.



O Consello de Contas criticou hai anos o proceder habitual da Xunta de demorar a convocatoria de concursos para renovar contratos de helicópteros, o que acaba facendo que, para garantir a prestación dos servizos, se prorroguen os anteriores, se reduzan os prazos de ofertas para os novos contratos, restrinxindo así a competencia, ou se recorra a procedementos negociados a dedo, tras quedar desertos os concursos precipitados previamente, o que ataca aínda máis a libre concorrència entre empresas.

Este organismo chegou a pedir á Xunta de Galicia un maior esforzo na procura dunha maior competencia entre empresas. Pero a Consellería de Medio Rural, e o novo director xeral de defensa do monte en particular, volve a facer caso omiso da advertencia do Consello de Contas, algo habitual no proceder dos gobernos do Partido Popular, se non xiren a vista á Deputación de Ourense, convocando o concurso a mediados de maio para o helicóptero que lles falta, o que reduce, como dicía a portavoz do BNG, a 15 días o prazo para a presentación de ofertas a un contrato que durará ata 2023, por nada máis e nada menos que 1 millón de euros, e que pode ser ampliado a 1,7 millóns. Ben merecía esta cuantiosa oferta un pouquiño máis de previsión, ¿non si?

Incrible que consideren urxente o que á súa vez se cualifica pola propia consellería como medio necesario para o normal desenvolvemento de funcións propias. Esa forma de actuar levou o entón director xeral de Defensa do Monte, Tomás Fernández Couto, ao xulgado, imputado por prevaricación, que finalmente considerou a súa actuación ilegal, aínda que non constitutiva de delito.

A improvisación á hora de contratar helicópteros, tanto na Consellería de Medio Rural como na de Salvamento Marítimo ou sanitarios, levou a que os principais contratos os seguise prestando a mesma empresa con prórrogas e algunha vez sen contrato, como no ano 2012.

Falar destes contratos é falar tamén das brigadas de traballadores e traballadoras que acompañan os mesmos, as chamadas brigadas helitransportadas de operativo de incendios, que son contratadas á marxe do servizo público, como veñen tamén de denunciar os sindicatos, concretamente UGT, entendendo que estas brigadas son un recurso fundamental pola rapidez de despregue a calquera parte do territorio, a súa efectividade na extinción, grazas á actuación do binomio brigada-helicóptero, e o seu persoal altamente especializado, e por iso deberían formar parte dos medios propios da Consellería de Medio Rural.

Este persoal externo parte dunhas condicións de traballo moi precarias, tanto no material como na formación, como no salarial. Non teñen ningún tipo de estabilidade laboral, nin dereito de subrogación cando mudan as empresas, e é unha experiencia que non se lles computa para acceder ás listas de contratación da Xunta de Galicia.

A experiencia nos labores de extinción é fundamental, e polo que se vén demostrando ano tras ano, para que este persoal non poida xerar dereitos, renóvase constantemente, o que vai en contra do propio operativo e das recomendacións dos expertos.

O mesmo acontece cos EPI de traballo, de calidade moi inferior das que poidan atopar no operativo do Servizo de Prevención de Incendios Forestais, como xa dixemos.



Asemade, a formación e a experiencia constitúen os piares básicos dun persoal case sempre que se vai atopar cunhas situacións moi complicadas, e cada vez máis complicadas, porque a Xunta non é capaz de tramitar os contratos de forma que esta situación sexa compatible.

Por outra banda, indicar que, de acordo coa Lei de montes, o MITECO ten previsto para esta campaña de verán de 2021 os seguintes medios: 1 brigada de reforzo na BRIF de Laza, do 17 de xuño ao 31 de outubro, que conta con 2 helicópteros cunha capacidade de carga de 1.200 litros; 2 avións de carga en terra con capacidade de carga de 2.400 litros, ubicado en Xinzo de Limia, do 21 de xuño ao 30 de setembro; e 3 avións anfibios de entre 5.500 e 6.000 litros de capacidade de carga, propiedade do MITECO ubicados na Lavacolla, A Coruña. E un avión dende o 1 de xullo ao 31 de outubro, outro do 16 de agosto ao 31 de outubro, e outro do 1 de setembro ao 15 de outubro. Iso supón un incremento dun avión máis con respecto aos dous destinados ao ano 2020.

Son unidades que, unha vez ubicadas no incendio, serán e disporán de información importante sobre o mesmo, estando en moitas ocasións ubicadas preto do posto de mando avanzado ou ben exercendo como tal.

Presentamos unha emenda ao punto 2, que só afecta á contratación dos helicópteros, pola dificultade técnica e de compra e mantemento que teñen, pero obviamente nos outros puntos estamos totalmente de acordo coa exposición que fixo a portavoz, a voceira do BNG.

Nada máis nesta intervención. Grazas por escoitarme. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Dacosta.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Armada Pérez.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Traída esta proposición non de lei a este Pleno, respondendo aos dous primeiros puntos que plantexan vostedes na súa autoemenda, refírome evidentemente ao Bloque Nacionalista Galego, sinalar que o motivo polo cal se iniciou a tramitación da contratación dun helicóptero con brigada no mes de abril deste ano foi que durante o ano 2020 a base de helicópteros — como ben vostedes saben — do Xurés, no concello de Muíños, estivo pechada debido a que a comunidade propietaria dos terreos, unha vez finalizado o período de cesión dos terreos que fixera no ano 1997 a Consellería de Medio Rural, non permitiu o emprego desta base para o despregue do dispositivo de prevención e defensa contra os incendios forestais. Retomadas as negociacións por parte da Consellería do Medio Rural coa comunidade de propietarios dos dous terreos, acadouse un principio de acordo a finais do primeiro trimestre de 2021, co cal esta base xa se conta con ela para esta campaña de incendios, así como tamén con outra base a maiores, que é a base de Portomarín.

O 30 de abril de 2021 a Consellería de Medio Rural iniciou un expediente de contratación do servizo integral de helicóptero lixeiro e brigada helitransportada destinados á defensa contra



os incendios forestais durante os anos 2021, 2022 e 2023 mediante o procedemento aberto suxeito á regulación harmonizada e tramitación urxente, de conformidade cos artigos 156 a 58 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directrices do Parlamento Europeo do Consello 2014/23 e 2014/24 da Unión Europea, do 26 de febreiro de 2014, cun valor estimado de 1.797.151 euros. Todo moi escuro.

O 11 de maio de 2021 aprobouse o expediente de contratación e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación do contrato; o 12 de maio do ano 2021 remitiuse o anuncio de licitación para a súa publicación no *Diario Oficial da Unión Europea*; e o 14 de maio de 2021 difundíuse a resolución do anuncio de convocatoria do procedemento no perfil do contratante do órgano de contratación. Ata o momento imos ben.

O prazo de presentación de ofertas rematou o 31 de maio de 2021; logo do acceso a través do sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia á información sobre o rexistro de ofertas do procedemento de contratación, comprobouse que non se presentaron proposicións de licitadores para este contrato. O 4 de xuño de 2021 o secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural resolve declarar deserta a contratación polo procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e con carácter urxente do servizo integral do helicóptero lixeiro e brigada helitransportada destinados á defensa contra os incendios forestais durante os anos 21, 22 e 23 ao non presentarse ningunha oferta. Polo tanto..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) si, si, un procedemento totalmente escuro.

Os prezos de licitación —e voullas dar— respecto a este expediente de contratación daban que o helicóptero de tipo lixeiro, o prezo de licitación por día era de 2.900 euros; e a brigada helitransportada do tipo lixeiro era de 1.006 euros —queden con estas cifras—. O servizo que se pretendía cubrir mediante esta contratación era o da dispoñibilidade dun helicóptero de tipo lixeiro con brigada durante 276 días distribuídos en tres anualidades de 92 días cada unha delas. E os prezos de licitación neste contrato foron os mesmos que os empregados o ano pasado, e na actualidade atópase en execución. ¡Vaia, o ano anterior parece que houbo contratación!

Cómpre salientar que, como antecedente administrativo máis recente a este expediente co mesmo tipo de aeronaves e brigadas, o 3 de xullo de 2020 asinou o contrato correspondente ao servizo integral de helicópteros e brigadas destinados á defensa contra os incendios forestais durante o ano 2020, 2021 e 2022, no lote 1, que rezaba como «Helicópteros de tipo lixeiro con brigada, Proposta 20/19», se ben a tramitación deste expediente iniciouse como tramitación ordinaria e anticipado de gasto o 11 de novembro de 2019. Para esta contratación, iniciada en novembro de 2019, os prezos de adxudicación e licitación foron exactamente os mesmos, co cal esta declaración desgraciadamente deste último contrato deserto supón que en lugar de 19 medios aéreos contratados pola Xunta de Galicia durante a época de alto risco de incendios no ano 2021 será de 18: 12 helicópteros de extinción, 2 helicópteros de coordinación e 4 avións de carga en terra, polo que será 1 máis que o ano pasado.

Tamén durante a época de alto risco se contará —como ben dicía a voceira do Partido Socialista— cun hidroavión máis do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico,



que no ano 2020, porque lóxicamente esa comunicación de asignación do hidroavión que vai ao aeroporto da Lavacolla por parte do ministerio foi posterior ao inicio da tramitación do expediente de contratación que quedou deserto.

O feito de licitar novamente para esta campaña, tal como piden vostedes, este expediente de contratación suporía que o helicóptero e a brigada non iniciarían o seu servizo polo menos ata finais da época de alto risco. Si lle podemos dicir que a Consellería do Medio Rural dispón de 13 bases de helicópteros, incluída a base do Xurés, e o número de helicópteros de extinción con brigada cos que vai contar durante a época de alto risco de 2021 é de 12. Ademais, ten contratados 2 helicópteros de coordinación, polo que as 13 bases coas que conta a Consellería do Medio Rural estarán operativas e dotadas dalgunhas destas aeronaves. Polo tanto, penso que queda ben ás claras que os procesos de contratación da Xunta cumpren escrupulosamente coa lei e fomentan a libre concorrència. Polo tanto, calquera empresa pode concorrer a calquera destes contratos que fun nomeando.

Respecto ao terceiro punto que vostede estaba a sinalar, nótase realmente que vostedes son unha forza nacionalista, (*Murmurios.*) moi nacionalista, (*Murmurios.*) pero nacionalista independentista. Porque vostedes están a fomentar neste terceiro punto a forza aérea galega, é dicir, Air Galicia, ¡como ten que ser! (*Risos.*) (*Aplausos.*) E voules explicar por que, (*Aplausos.*) porque é que, miren, agora mesmo ¿pódenme explicar quen os asesorou a vostedes para que lles dixera cal é o custo das 14 aeronaves? E despois, sobre todo, gustaríame saber como sería esa creación de novas categorías de persoal específico, porque isto evidentemente leva pilotos, mecánicos especialistas, persoal de mantemento, equipos de distribución de combustible, construción de hangares... E, evidentemente, hai que levar unhas tarefas de reparación e mantemento de aeronaves. Home, se algún día chegan a gobernar e sacan a licitación, por favor, que non lles caia o Kamov; ese Kamov, ¿saben o que é?, é un helicóptero que están utilizando no Servizo de Extinción de Incendios, é ucraíno. ¿E saben unha cousa? Os únicos que poden pilotar ese avión son ou ucraínos ou rusos, co cal a RPT vana ten que ampliar a Rusia, (*Murmurios.*) así que miren ben o que van facer. (*Murmurios.*)

E, por suposto, tamén me gustaría saber... evidentemente, estas naves prestan o seu servizo durante 4 ou 5 meses, ¿que facemos o resto dos meses? ¿Utilizamos os tipo Falcon? (*Murmurios.*) Non o sei. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Miren, poden —se queren— preguntarlle, xa que se levan tan ben cos seus colegas independentistas cataláns, porque sobre este asunto sábenlle bastante, ¿saben? E probablemente lles conten cando compraron no seu momento 2 helicópteros modelo OBK Eurocopter. ¿E saben o que foi deles? Pois, miren, un caeu, xa non o reintegraron ao servizo; e o segundo sacárono directamente porque había custos, mantementos que eran inviables e, polo tanto, sacárono a concesión pública. Non estimaron que fora un moi bo negocio.

E, honestamente, creo que neste asunto creo que non imos chegar a un acordo.

Pensei que tamén que o Partido Socialista modificaría este último parágrafo que facía alusión a esta forza aérea galega, pero está claro que me equivoquei. Porque o pensaba e simplemente fágolles dúas preguntas: ¿As BRIF son públicas? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, creo que lle pertencen a Tragsa, empresa que contrata o Estado. ¿Preguntáronlle



ao Goberno central que lles parecería pasalas a públicas? Creo que xa sei a resposta: non. E nas comunidades onde gobernan vostedes, ¿teñen exemplos parecidos ou teñen a idea de crear algo semellante ao que plantexan? Paréceme que tampouco.

Polo tanto, miren, eu sobre esta iniciativa teño moi claro que nós temos que ser serios na xestión dos servizos públicos, sobre todo na defensa contra incendios forestais. E, falando de medios aéreos, proxectos como o Proxecto Interlumes —que creo que coñecen bastante ben—, pois son proxectos que van redundar moito na calidade do servizo, porque ben sabe que non soamente se trata da construción dunha base aérea internacional, senón que tamén leva aparelados outros obxectivos, como poden ser o intercambio de boas prácticas, actividades de formación, aplicacións informáticas, apoios de posto de mando avanzado, dotación de medios especializados, apertura e mellora de cortalumes, e construír e mellorar parques de motobombas, torres de vixilancia e instalación de cámaras infraroxas. Isto é unha forma de traballar. Nacionalizar paréceme que non vai cos incendios.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Armada.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Eu, señor Armada, escoitalo a vostede é virme arriba pero dunha forma de verdade que... (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O seu é o de *sostenella y no enmendalla*, que era unha cousa que a miña mai dicía moito cando eu era rapaza. Miña mai non era galega e dicía moito esta cuestión.

Vostede dixo varias barbaridades, pero o primeiro que dixo —e non quero deixalo correr— porque falou da base do Xurés, que o ano pasado non se puido abrir. Descargou toda a responsabilidade sobre a comunidade de montes de Porqueirós e tivemos debates na Comisión 7.^a en referencia a cal foi a actitude da Consellería do Medio Rural con esta comunidade de montes. E, en todo caso, no mes de xullo estaban en negociacións aínda con esta comunidade de montes; polo tanto, esta era unha base que aparecía reflectida no Pladiga de 2020. Non é que agora aumentaran dúas bases de repente porque agora poden contar coa do Xurés, senón que esta base estaba reflectida e, como moitas outras cousas do Pladiga, aparecía no papel pero despois non existía na realidade.

E ademais vostede, claro, contradise a vostede mesmo porque me fala dunha contratación ordinaria que se fixo o ano pasado e que se executou o ano pasado, que se asinou en xullo cando o proceso se iniciara en novembro do ano anterior —se non tomei mal os datos— e, sen embargo, este ano parecíanse facilísimo iniciar unha contratación en abril, un proceso de contratación en abril para chegar á campaña do verán. É evidente que non ían chegar.

E ademais non me contestou, ¿vai haber unha contratación directa deste medio que a Xunta consideraba necesario no Pladiga? Non a vai haber. ¿Entendín ben? ¿Non a vai haber? Entón,



¿non era necesaria? (Risos.) ¿Era necesario? ¿Non o era? (Aplausos.) Era necesario pero non a vai haber. (Aplausos.) De acordo, é que non tiña claro se entendera ben o que vostede me dixera.

Falou de Air Galiza. Air Galiza era un gran programa que emitía a Televisión de Galiza neste país, que hoxe sería impensábel que se puidese emitir. (Aplausos.) E, en todo caso, Air Galiza inaugurouna o presidente Fraga, que despois da catástrofe do *Prestige* comprou 2 helicópteros, que gastou moito diñeiro de todas e todos os galegos en helicópteros, que, ademais, como anunciou a Xunta naquel momento, estaban especialmente deseñados para as nosas costas, que son unhas costas cunhas características moi determinadas, e que, despois de compralos e de gastar diñeiro público, malvendeunos a esta mesma empresa da que falaba eu antes, a Babcock, para despois alugárllos por un prezo absolutamente desorbitado. Entón, se ten que falar de Air Galiza, fale co seu..., bueno, agora xa non pode falar, (Aplausos.) pero, desde logo, inaugurouna o presidente Fraga. (Aplausos.)

E aquí a cuestión é que a vostedes o Pladiga lles interesa cero. O Pladiga, un documento que se fai para os medios de comunicación, que ademais é un corta-pega de anos anteriores. Temos falado de bases que levan anos pechadas que seguen aparecendo, e que seguen aparecendo casetas que levan pechadas 7 anos e están no Pladiga 2020-2021. Aparecen puntos de recollida de auga, de toma de auga para helicópteros que non existen, que non se executaron, e así con todo. E cos helicópteros pois acontece exactamente o mesmo.

E eu voulle poñer un exemplo, porque ao final do que se trata é de que a Xunta funciona moi ben, ou a Consellería do Medio Rural funciona moi ben como grande escaparate cara aos medios de comunicación, pero logo, á hora da realidade, ao traballar concretamente no sistema de prevención e defensa contra os incendios forestais o que prevalece é a improvisación. E a semana pasada tivemos dous grandes incendios neste país, un no Courel —moi preto da miña terra— e outro en Salvaterra. O de Salvaterra, por exemplo, segundo datos da propia consellería, arderon 352 hectáreas. ¿Sabe que pasaba en Salvaterra? A caseta da zona estaba pechada mentres se desenvolvía ese incendio; e pola noite, cando estaban ardendo 352 hectáreas, só había unha motobomba en funcionamento. E entón este é o problema que afrontamos neste país ano tras ano, tras ano e tras ano, e non vexo cambio na súa actitude. Por iso lle dicía ao principio iso de *sostenella y no enmendalla*.

O que non pode ser a Xunta de Galiza nin a Consellería de Medio Rural é o instrumento para os negocios entre o Partido Popular e as distintas empresas, neste caso as de helicópteros. (Aplausos.) E o do PP con Babcock é desde logo un romance que, como os mellores romances das películas, ten tamén os seus altibaixos, neste caso é verdade que ten máis altos que baixos. Pero nos poucos baixos que ten esta relación, vimos por exemplo en 2018, cando excluiron esta empresa dun contrato para priorizar daquela a Habock, e a broma custounos aos galegos e ás galegas 33.000 euros en intereses de demora por pagos atrasados de facturas, que ata aquel momento a empresa non reclamara porque lle parecía que tiña o negocio ben montado.

Vostedes optaron no Pladiga por un modelo de defensa aéreo contra os lumes, sen embargo logo non executan ese modelo de defensa aéreo que vostedes priorizan. E existen brigadas



helitransportadas que son da Xunta, existen 3. ¿Por que ese modelo non se pode repercutir no total do servizo? Que non hai que crear novas categorías laborais, xa existen, existen 3 brigadas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: —E xa remato—.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Con respecto á emenda do Partido Socialista.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Si, con respecto á emenda do Partido Socialista, xa o falei con eles, non a imos admitir porque nós entendemos que os helicópteros tamén teñen que ser da Xunta.

E do tema Interlumes, que non quero que me quede, vamos falar prométolle que moitísimo do proxecto Interlumes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...porque hai moita tea que cortar nesa cuestión.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Obrigada. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Rematada a orde do día de hoxe, suspendemos a sesión ata mañá ás 10 da mañá.

Suspéndese a sesión ás oito e tres minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez López, Daniel	(BNG)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez López, Noelia	(P)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Porro Martínez, María Corina	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Prado del Río, Paula	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
11. Candia López, María Elena	(P)	49. Puy Fraga, Pedro	(P)
12. Carballo Páez, Ramón	(P)	50. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
13. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	51. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
14. Castro García, Daniel	(BNG)	52. Rey Varela, José Manuel	(P)
15. Castro Rey, Paloma	(S)	53. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
17. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	55. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
18. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	56. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
20. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. García Martínez, Fabiola	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Santos Costa, Manuel	(P)
27. González Albert, María	(BNG)	65. Sanz Arias, Cristina	(P)
28. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	66. Seco García, Martín	(S)
29. González Vázquez, José	(P)	67. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
30. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	68. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
31. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
32. Martínez García, Valeriano	(P)	70. Torrado Quintela, Julio	(S)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Verea Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		

